# CÁTEDRA

*Revista eumesa de estudios*

*Pontedeume* Nº 27



# Cátedra

*Revista eumesa de estudios*

**Consello de Redacción:**
Alexandre Caínzos Corbeira
Carlos de Castro Álvarez
Andrés López Calvo
Rocío Pena Pena
Sindo Vilariño Gómez

**Tradución e supervisión lingüística dos textos en galego:**
Esther Leira Penabad

**Imaxe da cuberta:**
Privilexio rodado de Don Xoán II (9-V-1434) actualmente
no Centro de Interpretación dos Andrade (Torreón).

**Deseño da cabeceira da revista:**
Noli Vilariño

**Deseño e maquetación da cuberta e do interior:**
Marga L. Lamas. flopsestudio.com

**Impresión:**
Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

**Colaboracións:**
As colaboracións deberán dirixirse a
"Cátedra. Revista eumesa de estudios"
Biblioteca Municipal de Pontedeume
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 - 15600 PONTEDEUME (A Coruña)
Telf. 981/43 25 98
Os traballos deberán ser inéditos.
O Consello de Redacción da revista non se identifica necesariamente
coas opinións vertidas nos artigos publicados.

**Páxina *web* da revista:**
catedra.pontedeume.es

**Edita**: Concello de Pontedeume
**Dep. Leg.:** C-1702/93
**ISSN:** 1133-9608

Esta revista está subvencionada
pola **Deputación Provincial da Coruña**

# PRESENTACIÓN

*"Non saber o que aconteceu antes de nós é como ser incesantemente nenos". Con esta frase definía o xurista, político, filósofo, escritor e orador romano Cicerón a importancia do estudo do noso pasado.*

*Unha ferramenta imprescindible para calquera sociedade, que como se dun neno que camiña cara á madurez se tratase, todo o vivido até ese momento influirá irremediablemente na súa formación como persoa, marcará a súa maneira de actuar, formará parte do se seu ser e será clave para definir a visión que teña do presente e futuro.*

*De aí a importancia da Revista Eumesa de Estudios "Cátedra", que ao longo dos seus 27 anos de vida logrou consolidarse a través de centos de artigos como unha ferramenta ao servizo do coñecemento, abrindo a varias xeracións de eumeses e eumesas as portas a un territorio, o da nosa historia, que resulta apaixonante.*

*Neste ano no que a nosa vila celebra o 750 aniversario da súa fundación alá polo século XIII, da man do Rei Afonso X o Sabio, con gran satisfacción o Concello de Pontedeume brinda o aval a esta nova publicación, froito do traballo colectivo de investigadores e Consello de redacción, a quen estaremos eternamente agradecidos polo seu labor en prol da cultura e do saber.*

*Dende unha perspectiva institucional correspóndeme manifestar o recoñecemento de todos os veciños e veciñas a este inconmensurable labor, co compromiso de seguir apostando pola difusión do coñecemento como un dos piares sobre os que se sustenta a nosa sociedade.*

Bernardo Fernández Piñeiro
*Alcalde de Pontedeume*

# A Revista Cátedra na conmemoración do 750 aniversario da fundación de Pontedeume

Este ano de 2020 celebramos o 750 aniversario da fundación de Pontedeume. Con tal motivo, o Concello de Pontedeume patrocina unha Exposición titulada *750 anos construíndo a historia de Pontedeume*. Esta celebración vén precedida da celebración, no 2018, do 25 aniversario da fundación de revista *Cátedra*, que dende 1994 publicou máis de 300 artigos, unhas 8.000 páxinas, cunha impresión e distribución de máis de 25.000 volumes.

O termo construíndo cadra, pois, moi ben co espírito co que xurdiu *Cátedra*, revista que ao longo destes anos non fixo máis que construír camiños e edificios para a historia, xuntando fontes, historiadores e traballos de investigación; verdadeiro leitmotiv da Exposición.

A Exposición, a través de 16 espazos temáticos, propón un percorrido que permita visualizar o devir histórico da vila, dende a súa fundación xunto á ponte á súa actividade económica, pasando pola consideración dos señores que a posuíron, os aspectos institucionais ou as súas transformacións morfolóxicas. Podemos dicir que neste percorrido *Cátedra* sempre está presente; é máis, este percorrido non sería posible sen a existencia de *Cátedra*, ou non sería posible polo menos coa mesma profundidade, rigor e amplitude coa que se fixo. Foron moitos os temas políticos, sociais, económicos, artísticos, antropolóxicos nos que progresamos nestes 27 anos grazas a *Cátedra*, até o punto de substituír a obra de Coucerio Freijomil como obra de referencia. Sería longo nestas poucas liñas facer unha análise pormenorizada deste progreso, pero si queremos deixar claro o avance experimentado no coñecemento da historia medieval, unha parte da historia tan importante e de tanta proxección no presente: nas orixes da vila, cunha estrutura morfolóxica que se mantivo até os nosos días, no coñecemento da ponte, do Románico eumés, dos mosteiros, aos que a exposición dedica un espazo temático, especialmente a Breamo, Monfero e Caaveiro; ou no coñecemento dos Andrade e o seu importante labor edilicio e de mecenado. Temas estes modulares na historia da vila, aos que habería que engadir os relacionados coa igrexa de Santiago de Pontedeume, convento de agostiños, edificios públicos en xeral ou o arcebispo Raxoy. Todo iso sen esquecer a tarefa de síntese, cubrindo os dous planos que ten que contemplar a tarefa do historiador: a investigación e a divulgación; ambas as dúas amalgamadas perfectamente na Exposición.

O último espazo da Exposición titúlase *Escribindo a Historia*. Nel faise unha homenaxe a catro historiadores que foron importantes para a nosa historia: César Vaamonde Lores, Ángel del Castillo, Andrés Avelino Comerma y Batalla e, sobre todo, a Anto-

nio Couceiro Freijomil. E, evidentemente, neste espazo non podía faltar a nosa revista a través da exhibición de números da mesma, carteis e invitacións.

Digamos, para terminar, que *Cátedra*, en efecto, foi e é unha gran construtora de Historia, pero tamén un foro de amizade, unha escola de aprendizaxe e un faro de proxección de cultura.

Foro de amizade entre os membros do equipo de redacción, entre o equipo de redacción e os investigadores, e entre os investigadores entre si. Prestixiosos historiadores presentaron a revista e puidemos departir e intercambiar opinións e aprender deles. Desgrazadamente algúns bos amigos quedaron polo camiño, como Ignacio Fernández de Viana, José Luis López Sangil, Fermín Bouza ou Santiago Daviña; mesmo persoas que non eran investigadores, pero que non deixaron de animarnos e que nunca faltaron ás presentacións, como Celestino Sardiña ou Francisco Allegue.

Escola de aprendizaxe onde moitos investigadores escribiron os seus primeiros artigos e aprenderon os métodos de investigación histórica, na que fixemos recomendacións, orientamos, axudamos e impulsamos a investigación, organizamos un congreso sobre historia local ou fundamos un premio de investigación.

En fin, *Cátedra* é hoxe un proxecto cultural de primeira magnitude, de coñecemento da nosa historia para o mellor respeto do noso patrimonio, cuxa dixitalización e acceso telemático permite unha difusión universal da cultura eumesa.

O noso agradecemento ao Concello de Pontedeume e a tantos investigadores e amigos que ao longo de todo este tempo colaboraron connosco e cuxo labor aparece ben reflectido nesta Exposición.

# PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME: ACORDOS E DESACORDOS AO REDOR DUN ESPAZO NATURAL PROTEXIDO

Hugo Fernández Franco

## Resumo

O parque natural Fragas do Eume esténdese por 9.126 ha de ladeiras e montes que acompañan o río Eume ao seu paso pola provincia da Coruña. É un espazo composto por propiedades de corte fundamentalmente privado e minifundista que conta cunha elevada potencialidade para a produción do eucalipto, polo que o establecemento das medidas de conservación ocasionou unha destacable conflitividade social entre os seus lexítimos propietarios. A esta situación súmase a potencialidade turística que representa, tanto pola proximidade ás áreas densamente poboadas, circundantes ao golfo Ártabro, como ás vías de comunicación de alta capacidade que axudan a acceder con facilidade ao lugar máis em-blemático deste espazo, o mosteiro de Caaveiro.

Este traballo pretende afondar nesta realidade, contribuíndo á conservación do espazo natural e axudando a compatibilizar os diferentes usos. Para isto apóiase na revisión de bibliografía e de hemerotecas, así como en entrevistas persoais xunto con enquisas a visitantes e a propietarios.

Entre os resultados máis salientables destaca que aos propietarios cústalles interpretar as medidas de conservación, o que produce un malestar que se incrementa de xeito directamente proporcional á súa idade; aínda así, teñen unha boa consideración do turismo. No tocante aos visitantes, o desfrute do lecer e o tempo libre son as principais motivacións para acudir a este espazo, que consideran que debe ter como obxectivo principal a conservación; aínda así descoñecen a titularidade real dos terreos.

A aprobación do plan reitor de uso e xestión resulta imprescindible para corrixir en gran parte a problemática asociada á declaración do espazo natural protexido; iso si, dentro dun proceso de participación pública fundamentado nun plan económico de carácter anual.

**Palabras clave:** parque natural, conservación, usos, propietarios, visitantes, plan reitor de uso e xestión.

## 1. Presentación

O parque natural Fragas do Eume, declarado en 1997, esténdese por 9.126 ha de ladeiras e montes que acompañan o río Eume ao seu paso pola provincia da Coruña. Son cinco os concellos que comparten o espazo natural, de leste a oeste: As Pontes, Monfero, A Capela, Cabanas e Pontedeume (Negreira, 2006). Representa o bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa.

A realidade das Fragas do Eume está moldeada por diversos factores. En primeiro lugar, a propia existencia do espazo grazas ás condicións ambientais específicas; en segundo lugar, o seu aproveitamento inmemorial polas comunidades humanas; e en terceiro lugar, pola declaración como espazo natural protexido. Esta última supuxo un cambio drástico para a área e os seus habitantes; creando un "efecto chamada" dun turismo que demanda espazos naturais  para realizar actividades de ocio e tempo libre, sendo cada vez máis esixente coa conservación da natureza.

O parque natural Fragas do Eume é un espazo composto por propiedades de corte fundamentalmente privado e minifundista, o que provoca unha certa contraposición entre os usos dos seus lexítimos propietarios e os dunha sociedade cada vez máis sensible coa conservación do patrimonio natural. A esta situación úneselle a proximidade tanto ás áreas densamente poboadas circundantes ao golfo Ártabro, como ás vías de comunicación de alta capacidade que axudan a acceder con facilidade ao lugar máis emblemático deste espazo: o mosteiro de Caaveiro xunto co impresionante bosque que o rodea. Este tipo de lugares produce unha  atracción ancestral que pode ligarse a que, na antigüidade, toda a natureza estaba impregnada de significado e valores relixiosos. Os *temenos* helénicos e os *templum* etruscos e latinos (de onde deriva o termo templo) na súa orixe foron lugares naturais sagrados, a miúdo bosques. O historiador romano Tácito escribiu no século I DC:

> *"Os xermanos non consideraban que fose coherente coa grandeza dos seres celestiais confinar os Deuses dentro de paredes, ou comparalos á forma de calquera rostro humano, consagrándolles polo tanto bosques e arboredos".*

O cristianismo loitou contra todas estas relixións precedentes, pero en moitos casos acabou por integrar os antigos lugares sagrados construíndo cruceiros, igrexas, capelas, mosteiros... (EUROPARC-España, 2012).

Este traballo trátase dun resumo do estudo de investigación de título análogo que elaborou o autor, titorado pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela (USC) Ana Cabana Iglesia, coa finalidade de superar o Traballo de Fin de Máster (TFM) da titulación de Enxeñaría de Montes. Ademais existiron outro tipo de motivacións de índole intimamente persoal: o autor durante a xuventude estivo vencellado a diversas organizacións de conservación da natureza, en particular na defensa dos bosques autóc-

tonos. Posteriormente desempeñou gran parte da súa principal actividade profesional como vixilante fixo de defensa contra incendios forestais, no Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia no posto fixo de vixilancia de Penafesa, concello de Monfero, no interior do espazo natural protexido (ENP). Todo o anterior axudoulle a comprender mellor a realidade socioambiental que rodea o ámbito do estudo.

O TFM pretendeu afondar nesta realidade, contribuíndo á conservación do espazo natural e compatibilizando os diferentes usos. Para isto, apoiouse no desenvolvemento de catro traballos diferenciados:

– Revisión da bibliografía e das hemerotecas correspondentes aos xornais con maior implantación na zona de estudo.
– Entrevistas persoais a líderes de opinión e axentes clave.
– Enquisas a visitantes.
– Enquisas a propietarios.

## 2. Obxectivos

O obxectivo do traballo era identificar a conflitividade social xurdida a raíz da declaración do parque natural Fragas do Eume. Tamén se pretendeu identificar aos actores máis relevantes do proceso, así como as súas diferentes inquedanzas e reivindicacións. Finalmente tamén se tentou valorar o nivel de coñecemento e empatía recíproca entre os visitantes e os propietarios da área protexida**;** realizando unha proposta de intervención que optimice o investimento económico e contribúa á conservación do espazo natural.

## 3. Material e métodos

O traballo iniciouse coa identificación da bibliografía existente sobre o parque natural Fragas do Eume e a conflitividade ligada ás áreas protexidas, para isto contouse coa colaboración do Centro de Documentación Ambiental  Domingo Quiroga pertencente ao Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). Finalmente revisouse a hemeroteca *on line* dos seguintes xornais: *La Voz de Galicia*, *El País*, *La Opinión de A Coruña* e *Diario de Ferrol;* as novas da prensa de maior antigüidade non dispoñibles na rede foron facilitadas xentilmente, en forma de recortes físicos, por María de los Ángeles Pita Balsa da *Asociación parque natural del Eume, Naturaleza y Desarrollo.*

Grazas a este traballo previo identificáronse os perfís dos principais axentes involucrados no parque natural Fragas do Eume. A continuación defínense os perfís seleccionados segundo o criterio do autor:

– **Propietario/a:** persoa que posúe bens inmobles no interior do parque e que participa activamente nalgunha organización para a defensa dos seus dereitos.
– **Naturalista:** investigador que realiza estudos sobre a fauna, flora e/ou hábitats na área.
– **Emprendedor/a do turismo activo:** individuo da comunidade que identifica oportunidades de negocio innovadoras no sector do turismo activo e procura os recursos precisos para desenvolvelas.
– **Administración:** empregado público de perfil técnico, cunha longa traxectoria vinculada ao ENP en contacto directo coa poboación local.
– **Dinamizador/a cultural:** persoa vinculada directamente á comunidade que impulsa a posta en valor da cultura, da etnografía e do folclore favorecendo as sinerxías e o traballo en rede.
– **Ecoloxista:** individuo que defende activamente a natureza a través dalgunha organización legalmente constituída.

Durante este proceso elaborouse unha batería de preguntas, composta por 27 cuestións dirixidas aos líderes de opinión e axentes clave. Estas preguntas estaban divididas en 4 apartados temáticos diferenciados: xeral, político, social e conservacionista.

Cando se identificaron os persoeiros que se axustaran aos perfís predeterminados, o autor do traballo contactou con eles directamente, sen o emprego de ningún tipo de intermediario. Para o primeiro contacto optouse preferiblemente polo teléfono e noutros casos empregouse o correo electrónico ou as redes sociais. Aos posibles entrevistados facilitábaselles completa dispoñibilidade para fixar lugar, día e hora da entrevista. Na selección dos líderes de opinión e axentes clave intentouse manter unha proporción entre sexos; aínda así, finalmente foi imposible cumprir este criterio de paridade de xénero. A continuación identifícanse os persoeiros entrevistados, realizando unha breve recensión curricular e especificando o lugar e data da entrevista correspondente:

**Nome:** Javier Espiñeira Salido.
**Perfil:** Emprendedor do turismo activo.
**Residencia actual:** Vilafaíl – Monfero.
**Currículum Vítae:** (Vilafaíl, 1980) Tubeiro industrial, profesión coa que traballou en diversos puntos do estado e do estranxeiro. Fundador en 2013 da empresa Eumenatura Aventura adicada óao ocio e tempo libre, así como á organización de diversos eventos no contorno do parque natural Fragas do Eume.
**Lugar e data da entrevista:** Vilafaíl, 21 de novembro de 2017.

**Nome:** Roberto X. Hermida Lorenzo.
**Perfil:** Naturalista.
**Residencia actual:** As Pontes.

**Currículum Vítae:** (As Pontes, 1976) Doutor en Bioloxía. Dedicou a tese doutoral ó lobo. Participa no programa Morcegos de Galicia, tamén pertence á Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT). Ten publicados diversos artigos sendo tamén autor do libro *El Dilema de Spallanzani***,** así como coautor do libro *Morcegos das Pontes*.
**Lugar e data da entrevista:** As Pontes, 24 de novembro de 2017.

**Nome:** Manuel Díaz Rodríguez.
**Perfil:** Propietario.
**Residencia actual:** San Bartolomeu – Monfero.
**Currículum Vítae:** (San Bartolomeu, 1939) Xubilado. Desempeñou diversos oficios: labrego, gandeiro, albanel, carboeiro, madeireiro... Durante máis de dúas décadas ocupou a presidencia da asociación *Unión de Propietarios para la Defensa de la Fraga del Eume*.
**Lugar e data da entrevista:** San Bartolomeu, 27 de novembro de 2017.

**Nome:** Secundino García Mera.
**Perfil:** Dinamizador cultural.
**Residencia actual:** As Neves – A Capela.
**Currículum Vítae:** (Ferrol, 1951) Xubilado. Mestre de primaria, foi Director do CEIP Mosteiro de Caaveiro (A Capela). Fundador do Museo Etnográfico da Capela, é autor de libros en lingua galega para a ensinanza e numerosas publicacións relacionadas coa cultura popular, entre as que destacan *O Refranero do Ano* e *Lerias e Parañeira*.
**Lugar e data da entrevista:** O Pazo, 12 de decembro de 2017.

**Nome:** Martín Negreira Souto.
**Perfil:** Administración.
**Residencia actual:** Sada.
**Currículum Vítae:** (A Coruña, 1972) Capataz forestal. Vinculado ao parque natural Fragas do Eume dende a súa declaración, onde desempeñou diversas facetas no eido da educación e interpretación ambiental. Actualmente é vixilante de recursos naturais nesta área protexida.
**Lugar e data da entrevista:** Ombre, 20 de decembro de 2017.

**Nome:** María de los Ángeles Pita Balsa.
**Perfil:** Propietaria.
**Residencia actual:** Ferrol.
**Currículum Vítae:** (A Ribeira – A Capela, 1952) Licenciada en Filosofía e Letras rama Pedagoxía e licenciada en Psicoloxía. Xubilada, desempeñou a súa vida

laboral como mestra en Barcelona e en Madrid regresando a Galicia no ano 2012. Actualmente preside a agrupación de propietarios: *Asociación parque natural del Eume, Naturaleza y Desarrollo.*
**Lugar e data da entrevista:** Ferrol, 7 de febreiro de 2018.

**Nome:** Mónica Arto Blanco.
**Perfil:** Ecoloxista.
**Residencia actual:** Ferrol.
**Currículum Vítae:** (Ferrol, 1981) Licenciada en Humanidades. Traballa na Universidade de Santiago de Compostela como investigadora centrada no cambio climático e a educación ambiental. Participou en diversas asociacións ambientalistas galegas, actualmente é a representante ecoloxista na Xunta Consultiva do parque natural Fragas do Eume.
**Lugar e data da entrevista:** Neda, 10 de febreiro de 2018.

Antes do inicio da entrevista, a persoa entrevistada e mais o autor asinaban por duplicado un acordo para a gravación da voz, polo cal a gravación realizábase para facilitar a análise da información obtida, garantindo que non se reproduciría publicamente, nin se realizaría copia, nin se incluiría no documento definitivo e evidentemente eliminaríase unha vez superada satisfactoriamente a fase de avaliación do TFM. Con este arquivo de voz redactábase un documento preliminar que incluía as principais achegas da entrevista. Este facilitábaselle á persoa entrevistada para a súa revisión, podendo modificalo, corrixilo ou melloralo; xurdindo así o documento definitivo acordado da entrevista que se incluíu no TFM.

Polo xeral, o proceso da entrevista desenvolvíase do seguinte xeito: no lugar, día e hora concertados realizábase a entrevista empregando o teléfono móbil como gravador de voz.

A batería de preguntas empregábase como guión, pero non se realizaban todas as preguntas a cada persoa entrevistada. Previamente a cada entrevista identificábanse as preguntas que máis se axustaran ao perfil da persoa entrevistada, en moitos casos ao longo da mesma xurdiron novas cuestións adaptándose así ás circunstancias propias da persoa entrevistada. Polo tanto tratouse dunha entrevista semiestruturada con final aberto.

En gabinete realizábase a transcrición da entrevista sufrindo algúns axustes, correccións e/ou adaptacións. Tamén se aproveitaba a ocasión para eliminar calquera referencia aos posibles nomes propios citados. Esta transcrición orixinal achegábaselle á persoa entrevistada para a súa revisión; normalmente por correo electrónico, podendo esta modificala. De aí xurdía o documento definitivo acordado que se incluíu no TFM.

Este longo proceso de contacto entre a persoa entrevistada e o autor resultaba moi interesante xa que, en innumerables ocasións, a persoa entrevistada facilitaba novos datos de elevado interese para a investigación.

Tras a revisión bibliográfica e da hemeroteca deseñáronse as enquisas dos visitantes, nas que se procurou unha redacción axeitada das cuestións para facilitar a comprensión. O cuestionario definitivo contiña 23 preguntas de resposta simple, unicamente permitían unha resposta entre todas as posibles polo tanto eran excluíntes. Dentro destas preguntas algunhas tiñan resposta mixta, nas que a unha das posibles respostas reservábase un espazo de caracteres para completalo explicando así a resposta, e outras de resposta numérica, nas que nun rango de 1 ao 10 a persoa entrevistada realizaba unha valoración.



O autor durante o traballo de campo. Fonte: Fotografía do autor, 2017

Finalmente, todos os cuestionarios ían acompañados dun apartado final denominado "achega espontánea" que estaba simplemente destinado para que a persoa entrevistada puidera plasmar o que lle apetecera con completa liberdade. Basicamente, tratábase dun xeito de agradecerlle a realización da enquisa, malia que tamén servía para recompilar outras cuestións que non se trataron no cuestionario. A temática das cuestións das enquisas dos visitantes foi a seguinte: datos control (xénero, idade, estudos, profesión, procedencia), coñecemento do espazo natural e coñecemento da propiedade.

Para o traballo de campo procurouse buscar datas con maior afluencia de visitantes, así como aproveitar días cunha meteoroloxía favorable. Empregouse o método da enquisa persoal en campo coas modalidades de transeptos e estática.

Os transeptos realizábanse en bicicleta, cando se localizaba un grupo de visitantes informábaselles do traballo invitándoos a participar. Para mellorar a eficiencia, normalmente repartíanselles os cuestionarios para que os completaran eles mesmos, facéndolles fincapé no procedemento: unha pregunta, unha resposta. A medida que ían rematando, o autor procedía á revisión para que non quedase ningunha pregunta sen responder, así como se lles invitaba a corrixir aquelas que responderan erroneamente, por exemplo de

xeito múltiple. Nalgunhas ocasións, cando llo solicitaban, o autor axudaba a completar as enquisas, normalmente tratábase de: visitantes individuais, persoas con dificultades co galego e persoas con limitacións visuais. Dun xeito semellante desenvolvéronse as enquisas estáticas, coa peculiaridade de que se realizaron en lugares predeterminados nos arredores do mosteiro de Caaveiro.

**Táboa 1: Resumo do traballo de campo das enquisas dos visitantes**

| Modalidade | Data | Descrición | Número enquisas | Tempo (horas) |
|---|---|---|---|---|
| Transepto 1 | 15 de agosto de 2017 | 26 km percorridos | 12 | 4 |
| Transepto 2 | 16 de agosto de 2017 | 25 km percorridos | 9 | 4 |
| Transepto 3 | 23 de setembro de 2017 | 39 km percorridos | 22 | 8 |
| Estática 1 | 14 de xullo de 2018 | Realizadas nos arredores do mosteiro de Caaveiro | 10 | 2 |
| Estática 2 | 22 de xullo de 2018 | Realizadas nos arredores do mosteiro de Caaveiro | 14 | 2 |
| Estática 3 | 29 de xullo de 2018 | Realizadas nos arredores do mosteiro de Caaveiro | 36 | 4 |
| TOTAL | | | 103 | 24 |

Fonte: Elaboración propia

No tocante ás enquisas dos propietarios deseñáronse tras a correspondente revisión bibliográfica e da hemeroteca, e procurouse unha redacción axeitada das cuestións para facilitar a comprensión. O cuestionario definitivo contiña 15 preguntas de resposta simple, unicamente permitían unha resposta entre todas as posibles, polo tanto eran excluíntes. Algunhas delas eran de resposta mixta (unha das posibles respostas ofrece un espazo de caracteres que permite unha maior explicación), outras de resposta numérica (nun rango de 1 ao 10 a persoa entrevistada realiza unha valoración).

A temática das cuestións das enquisas dos propietarios foi a seguinte: datos control (xénero, idade, estudos, profesión), satisfacción co espazo natural e aceptación do uso público.

Para o traballo de campo correspondente a estas enquisas, inicialmente valorouse a posibilidade do emprego do método da entrevista persoal en campo, aínda que finalmente optouse por realizar as enquisas telefonicamente. Este método resultou máis económico e eficiente, e grazas á súa aplicación practicamente se tomaron mostras de todos os núcleos de poboación do interior do espazo natural, así como dos próximos á periferia.

Para identificar os números de teléfono descargouse dixitalmente a lista telefónica 2017-2018 correspondente á provincia da Coruña (Telefónica de España, 2017). Determináronse os números de teléfono correspondentes ao interior do espazo natural, así como os próximos á periferia. Os números agrupáronse por concello, sendo este o único dato para a localización da chamada que se tivo en conta no traballo. Intentabamos así avaliar

as posibles diferenzas na percepción que teñen os propietarios segundo ámbito municipal de pertenza.

O traballo de campo para recompilar a información relativa ás enquisas dos propietarios abrangueu un amplo período temporal, aínda que as horas diarias adicadas foron reducidas. Normalmente empregábase un horario de chamadas variable, pero en xeral axustouse entre as 17h e as 20h. Como máximo realizáronse dúas chamadas por número; se a primeira chamada non era atendida repetíase outro día, por suposto non de todas as chamada realizadas se conseguía unha enquisa. Todos estes datos preséntanse de xeito resumido nas seguintes táboas:

**Táboa 2: Distribución temporal do traballo de campo das enquisas dos propietarios**

| Mostraxe | Data | Concello | Tempo (horas) |
|---|---|---|---|
| 1 | 24 de febreiro de 2018 | Cabanas | 2 |
| 2 | 25 de febreiro de 2018 | Cabanas | 2 |
| 3 | 26 de febreiro de 2018 | Cabanas | 1 |
| 4 | 1 de marzo de 2018 | A Capela | 2 |
| 5 | 3 de marzo de 2018 | A Capela | 1 |
| 6 | 29 de abril de 2018 | Pontedeume / Monfero | 3 |
| 7 | 30 de abril de 2018 | Monfero | 2 |
| 8 | 1 de maio de 2018 | As Pontes | 2 |
| TOTAL | | | 15 |

Fonte: Elaboración propia

**Táboa 3: Resumo das chamadas telefónicas realizadas durante o traballo de campo**

| Concello | Enquisas realizadas | Chamadas atendidas | Chamadas non atendidas | Total de chamadas |
|---|---|---|---|---|
| Cabanas | 11 | 17 | 9 | 26 |
| A Capela | 7 | 16 | 6 | 22 |
| Monfero | 5 | 13 | 2 | 15 |
| Pontedeume | 3 | 10 | 2 | 12 |
| As Pontes | 2 | 11 | 4 | 15 |
| TOTAL | 28 | 67 | 23 | 90 |

Fonte: Elaboración propia

## 4. Resultados e discusión

### 4.1 Antecedentes

O valor natural das Fragas do Eume é recoñecido dende hai tempo; por exemplo o tramo comprendido no curso baixo do río, a chamada Fraga de Caaveiro, figura sistematicamente en todos os inventarios e catálogos de espazos a protexer en Galicia. En 1986 re-dáctase por encargo da Deputación Provincial da Coruña o *Plan Especial del Valle Inferior del Eume*, co obxectivo de protexer unha superficie de 2.760 ha dos concellos da Capela, Cabanas, Monfero e Pontedeume (Fernández-Gago, 1986). A Administración autonómica galega comezou legalmente a recoñecer este valor coa publicación da Orde de 24 de abril de 1989, pola que se establecían normas para aplicar neses concellos, como consecuencia da iniciación do proceso de tramitación do Plan de ordenación de recursos naturais (PORN) da Fraga do Eume (Vales, 1994c).

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) organizou, en xullo de 1992, unhas xornadas internacionais de reflexión sobre a destrución dos bosques autóctonos galegos da zona do litoral pola expansión do eucalipto. Nelas, especialistas europeos en conservación solicitaron a protección deste espazo (Soto, 1994), en concreto realizouse unha proposta para a creación da reserva da biosfera das Fragas do Eume, sobre unha superficie de aproximadamente 42.000 ha, de configuración practicamente circular, que abranguía os concellos anteriormente citados incluíndo a maiores os concellos de Xermade, As Pontes e San Sadurniño. Incorporan así outros elementos naturais de elevado interese como as fragas do río Castro e toda a serra do Forgoselo (Vales, 1994c).

Este proceso pasou desapercibido para a opinión pública; moitos dos propietarios recibiron subvencións da Administración autonómica para a repoboación con eucaliptos que en demasiados casos foron empregadas para substituír masas de frondosas autóctonas. Claramente a Administración actuaba de xeito contraditorio, por unha banda recoñecía o valor das Fragas do Eume diante de foros científicos e organizacións ecoloxistas pero, pola outra, non se inmiscía nos intereses dos propietarios.

### 4.2 O proceso de constitución do parque natural

Os propietarios coñeceron a intención de declarar o parque natural Fragas do Eume a principios de 1994 tramitando uns permisos na Delegación Territorial da Consellería de Industria na Coruña, informáronos que se estaba redactando o Plan de ordenación de recursos naturais (PORN). A nova estendeuse entre a veciñanza, sen que a Administración contactara con eles; este feito queda corroborado coas enquisas realizadas aos propietarios onde o 85,71% o coñeceron polos veciños. Como resposta a esta situación, en marzo de 1994, os afectados constitúen a *Unión de Propietarios para la Defensa de la Fraga del Eume.*

A finais do verán de 1994 presentouse a exposición pública o PORN das Fragas do Eume que comprendía unha superficie de 19.118 ha distribuídas entre as provincias da

Coruña (As Pontes, Monfero, Cabanas, A Capela e Pontedeume) e de Lugo (Xermade). A partir de aí a Xunta de Galicia puxo en marcha diversas tarefas de información e difusión, como a campaña informativa desenvolvida por un equipo de 16 persoas nas casas dos concellos afectados, xunto con reunións e asembleas, coa participación de representantes da Administración, biólogos e ecoloxistas (*La Voz de Galicia*, 19/08/1994, 13/10/1994). Rematado o prazo de exposición pública do PORN, a resposta dos propietarios a este proceso centrouse na excesiva extensión territorial pasando a un segundo plano a carencia dun proxecto económico ligado á conservación (Vales, 1994b & *La Voz de Galicia*, 13/10/1994). Por aquel entón xurdían voces a favor da compensación dos propietarios, como as do sociólogo Daniel Pino que consideraba que:

> *"O maior problema é quen custea a conservación. Non se pode cargar sobre os propietarios o custo, pois estas zonas benefician a toda a comunidade"* (*La Voz de Galicia,* 23/06/1995).

Neste sentido as organizacións ecoloxistas sempre foron favorables á compensación dos lexítimos propietarios (Soto, 1994), valorábase que cun investimento inferior ao custo de construír 2 quilómetros de autoestrada se podería garantir a preservación destes bosques (Vales, 1994a). Para as entidades ecoloxistas este período resultou moi complicado, non só polo proceso de declaración do ENP, senón pola existencia de diversos proxectos que finalmente se conseguiron paralizar como un encoro no canón do Eume e unha pista no Parrote a través do bosque mellor conservado (Vales, 1994a). Anos despois, no 2003, esta firmeza mantívose na oposición ao proxecto, tamén infrutuoso, dunha mina de andalucita no concello das Pontes, a escasos 50 m do límite do parque natural (*El País,* 16/07/2007).

Neste período inicial entre os propietarios existía todo tipo de información heteroxénea que se transmitía de boca en boca, como a prohibición do emprego dos xurros, a liberación de xirafas, entre outras. En xeral todo o proceso de declaración do Parque Natural foi enturbado pola decisión de instalar dúas cámaras de vixilancia de incendios na zona (Cerqueiros e Fontardión); ademais capturouse accidentalmente unha cría de bufo real na zona polo que se puxo en marcha un programa de reintrodución que implicaba patrullar o territorio 24 horas ao día para realizar o radioseguimento. A todo isto podémoslle engadir a introdución de cervos na finca dos Cerqueiros e a iniciativa privada malograda da creación dun *safari-park* nas proximidades. En definitiva, toda unha serie de malos entendidos e despropósitos en pouco máis dun ano, que contribuíron a que os propietarios se sentiran desinformados, perdidos e illados.

Os partidos políticos da oposición do momento (BNG e PSOE) adoptaron unha postura pública de apoio aos veciños nas súas reivindicacións. Escasos equipos de goberno locais lideraron posturas innovadoras; destaca a iniciativa do daquela alcalde das Pontes, o independente Aquilino Meizoso, quen organizou e participou en diversas asem-

bleas cos propietarios nas que pretendía poñer en marcha un "ente xestor capaz de organizar e pla-nificar a área" para así conseguir un PORN que dinamizara o territorio (*La Voz de Galicia*, 19/08/1994). Aínda así os propietarios sospeitan que todo o proceso contou co beneplácito dos alcaldes de todad as condicións políticas; e tamén consideran un erro facer política co parque natural xa que por desgraza ao final resulta exactamente igual quen goberne, xa que en todos os períodos existen individuos cordiais e receptivos.

O 6 de xuño de 1996 entra en vigor o PORN das Fragas do Eume que recolleu a principal demanda dos afectados, relacionada coa excesiva superficie do ENP que pasou das 19.118 ha previstas ás 9.126 ha. Diminuía así a 55 o número de entidades de poboación no interior do parque natural, das que 9 estaban deshabitadas (*La Voz de Galicia*, 16/06/1996). Esta actuación minorou o conflito pero desligouse a poboación da área protexida, isto obsérvase claramente na irregularidade producida no perímetro do ENP para evitar o núcleo rural de Alto Xestoso en Monfero. Aínda así os propietarios continuaron coa oposición e o 28 de agosto de 1997 un grupo de afectados intentou entregar un escrito en contra da declaración do parque natural Fragas do Eume na residencia estival do entón presidente autonómico Manuel Fraga en Miño, onde se produciu unha carga policial (*La Voz de Galicia*, 25/09/1997). Tamén existiron presións para que o perímetro do parque se axustara exclusivamente á zona de fraga polo que no outono de 1999 máis dun cento de propietarios impediu a reunión da Xunta Consultiva do parque natural Fragas do Eume reclamando unha redución territorial da área protexida a 3.000 ha (*La Voz de Galicia*, 15/09/1999).

Xurdiron iniciativas que contribuíron a diminuír a oposición dos propietarios coas medidas de conservación; destaca a constitución da asociación Euroeume, entidade fundada no ano 1996, encargada de xestionar 13 millóns de euros de fondos públicos vinculados a diversos programas (LEADER, PRODER…). As actuacións axudaron a compensar a desaparición progresiva do sector primario coa potenciación do sector terciario na economía da zona. Entre elas destacan o Museo Etnográfico da Capela, as canti-




Panel interpretativo danado por actos vandálicos. Fonte: Fotografía do autor, 2008

nas do Eume, as casas de turismo rural e a rehabilitación da Escola Laica de Cabanas (*La Voz de Galicia*, 09/08/1997 & *La Opinión A Coruña*, 04/01/2009 & *La Voz de Galicia*, 15/01/2009). Este tipo de medidas dinamizadoras do medio rural non sempre foron comprendidas polos propietarios. Non entenderon, por exemplo, como concellos da área de influencia socioeconómica do Parque (Irixoa, Vilarmaior, Miño) recibían axudas cando a eles non se lles compensaba polas súas terras.

No ano 2002 produciuse unha escisión na *Unión de Propietarios para la Defensa de la Fraga del Eume* o que deu lugar á constitución dunha nova organización: *Asociación parque natural del Eume, Naturaleza y Desarrollo*. Definíndose así dúas liñas de actuación entre os propietarios, por unha banda os que intentan bloquear directamente a figura do parque natural e, pola outra, os que pretenden acordos de compensación económica.

### 4.3 No camiño dun Plan Reitor de Uso e Xestión

O Plan reitor de uso e xestión (PRUX) é un documento de redacción obrigatoria para organizar a xestión dos espazos protexidos. Por primeira vez no ano 2010 a Xunta de Galicia presentou á Xunta Consultiva do parque natural Fragas do Eume o Documento técnico de inicio do PRUX despois de numerosas modificacións e reunións mantidas cos axentes implicados, en xaneiro de 2015 iníciase o prazo de exposición pública deste borrador.

Os propietarios consideraban que o PRUX nin especificaba as compensación económicas polas limitacións de uso, nin tampouco establecía dun xeito comprensible as medidas de conservación (*La Voz de Galicia*, 08/02/2015). Os propietarios aseguraban que a Administración pública nunca tiña cartos para compensalos; neste período esgrimíase a desculpa da crise económica, pero nos 20 anos que pasaran dende a declaración do parque natural Fragas do Eume existiron épocas de bonanza económica que tampouco se aproveitaron para establecer as debidas compensacións (*La Voz de Galicia*, 24/01 /2015). Por exemplo, os propietarios desexaban que o PRUX especificara claramente os tipos de plantacións autorizados nas diferentes zonas do ENP, así como aspectos concretos sobre os accesos para o desembosque da madeira (*La Voz de Galicia*, 08/02/2015).

Durante o prazo de exposición pública do borrador do PRUX xurdiron diferenzas entre as dúas asociacións de propietarios (*Unión de Propietarios para la Defensa de la Fraga del Eume* e a *Asociación parque natural del Eume, Naturaleza y Desarrollo*) debido á elección do avogado a contratar para presentar as alegacións (*Diario de Ferrol*, 20/04/2015).

A postura da Administración galega resúmese na entrevista realizada polo xornal *Diario de Ferrol* á directora xeral de Conservación da Natureza; aseguraba que a Xunta de Galicia levaba anos buscando o acordo cos propietarios dende que no 2010 se presentase un documento técnico de inicio do PRUX á Xunta Consultiva do parque natural Fragas do Eume. No ano 2011 este documento modificouse e novamente presentouse

no mesmo órgano. Posteriormente mantivéronse numerosas reunións con todos os sectores implicados, aseguraba que a Xunta de Galicia tiña a responsabilidade de aprobar unha planificación que respondese ao interese xeral da cidadanía pero en ningún caso pretendía que fose a custa dos propietarios. Non aclaraba as compensacións económicas polas limitacións de uso, unicamente aseguraba que ao documento final se lle anexionaría un orzamento coas axudas destinadas aos propietarios dos terreos (*Diario de Ferrol*, 22/02/2015).

Os ecoloxistas consideran que o PRUX é un simple "corta e pega" doutras normativas, cuestionan que careza dun plan específico de prevención de incendios forestais e non reforza o escaso persoal do ENP composto unicamente por 16 persoas. No documento botan en falta cartografía específica para unha análise rigorosa, alertan do perfil excesivamente turístico do ENP e tamén reclaman compensacións para que os propietarios repoboen con especies arbóreas autóctonas (*El País*, 01/02/2015).

Entremedias de todo este proceso, na tarde do 31 de marzo de 2012, orixinouse un incendio forestal que afectou 520 ha do parque natural. Novamente creáronse falsas expectativas entre os propietarios; a Xunta de Galicia asegurou que colaboraría cos particulares na tala e desembosque dos piñeiros e eucaliptos queimados, así como que fomentaría a repoboación con especies autóctonas. Pero a Administración limitouse a cumprir o obxectivo de evitar que a escorrentía contaminara o río Eume e a ría de Ares. Para iso desenvolveu tarefas de urxencia como a instalación de barreiras de fibra vexetal, xunto co estendido de capas de palla acompañadas de traballos de drenaxe e estabilización do terreo (*El País*, 07/05/2012).




Medidas de control da escorrentía. Fonte: Fotografía do autor, 2012.

O último intento de aprobar o PRUX aconteceu en decembro de 2017, cando a Xunta de Galicia abriu un período de participación pública dun documento inicial. Tratábase dun sucinto texto de 11 páxinas cuxo contido parecía a introdución dunha guía informativa, sen un índice, sen paxinar, e que definitivamente non achegaba nada novo. Os colectivos de propietarios presentaron as súas respectivas alegacións. Dende a *Asociación parque natural del Eume, Naturaleza y Desarrollo* demandan as debidas compensacións económicas polas medidas de protección, que contribúan ao benestar da poboación local e á creación de emprego, evitando centrarse exclusivamente no turismo (*La Voz de Galici*a, 27/01/2018). E, pola súa banda, dende a *Unión de Propietarios para la Defensa de la Fraga del Eume* esixiron a retirada do PRUX e a elaboración dun novo texto coa participación dos afectados. Tamén lembraban que o texto perdera vixencia ao incumprir os prazos que esixen as diferentes normativas (2 anos) tras a declaración dun Parque Natural xa que neste caso pasaran 20 anos (*La Voz de Galicia*, 08/02/2018).

En relación ao resto do Estado non resulta unha excepción que este espazo natural non dispoña dun PRUX, xa que en 2016 unicamente o 52% dos parques naturais españois tiñan este documento aprobado (EUROPARC-España, 2017).

### 4.4 Os usuarios do Parque

As diversas fontes consultadas confirman un crecemento progresivo na afluencia de visitantes ao parque natural Fragas do Eume, algunhas aventúranse en estimalos en máis de 100.000 anuais. Esta cifra pódese axustar bastante á realidade, apoiándonos en datos oficiais como os 24.359 visitantes que empregaron o transporte colectivo gratuíto ao mosteiro de Caaveiro, durante a Semana Santa e os meses de verán do ano 2013 (Xunta de Galicia, 2014), ou as 29.739 persoas que atenderon no Centro de Interpretación Fragas do Eume e mis no Centro de Visitantes do Portal de Monfero durante o 2016. Este último dato podémolo dividir en relación á procedencia do seguinte xeito: o 45,16% do total eran galegos, pertencendo a maioría á provincia da Coruña. Empregando termos absolutos 12.728 destes visitantes corresponden ao Estado e 1.479 viñan dun país estranxeiro (Xunta de Galicia, 2017). Segundo as enquisas que realizamos aos visitantes, o 61,17% deles proveñen dun lugar a unha distancia inferior a 60 km do Parque, teñen unha idade comprendida entre 25 e 44 anos (49,51%), posúen estudos universitarios ou de formación profesional (72,81%) e trátase fundamentalmente de traballadores do sector privado (41,75%) e de estudantes (24,27%). Segundo os nosos datos, practicamente é idéntico o número de mulleres e homes que visitan o ENP e habitualmente fano en parellas ou pequenos grupos mixtos. En relación á motivación da visita destaca o lecer (60,19%), e sorprende que a elección da flora e o patrimonio artístico/cultural se atopan empatados (18,45%). Estes resultados non se corresponden exactamente cos datos oficiais dispoñibles, onde empregando outros parámetros de elección, no tocante á motivación da visita, destaca a etnografía (49,14%), o patrimonio (26,71%) e o sendeirismo (16,42%) (Xunta de Galicia, 2017).

O aumento de visitantes axudou a consolidar unha serie de iniciativas empresariais, como varias casas de turismo rural e o cámping Fragadeume, acompañados da oferta de diferentes servizos como Eume Kaiak, adicada ao alugueiro de embarcacións no encoro do Eume, ou Eumenatura Aventura que organiza diversas actividades de carácter ocio-deportivo, ou as rutas a cabalo desenvolvidas polo falecido Jose Castiñeiras polos lugares máis emblemáticos deste espazo. Este tipo de iniciativas non sempre son benvidas polos propietarios, xa que consideran que se benefician do parque natural e eles non reciben ningunha compensación.



Jose Castiñeiras xunto cunhas usuarias nunha das súas paradas habituais no río Eume.
Fonte: Fotografía do autor, 2011

Tamén xurdiron neste tempo novos usos para o parque natural. Un dos máis relevantes son as carreiras de montaña, tamén coñecidas como *trails*, cunha acollida excelente por parte dos veciños, os empresarios e tamén polos usuarios, que poden chegar a congregar máis de 1.000 persoas entre participantes e acompañantes. Dentro dos límites do Parque realízanse tres probas de carácter anual: o *Trail Fragas do Eume*, o *Trail Mosteiro de Caaveiro* e o *Roteiro de San Bartolomeu*. A administración do parque, polo xeral, non pon impedimentos para realizar este tipo de probas.

Nas nosas investigacións puidemos comprobar que existen certas posturas críticas ao fomento do turismo, por exemplo non parece normal que non se pague por nada, nin

polo transporte ao mosteiro de Caaveiro nin pola documentación facilitada. Deberíase rematar co "todo gratis"; como é o habitual noutros lugares, deberíase pagar polos servizos e estes ingresos repercutir na conservación do parque natural. Cren, ademais, que esta tendencia prexudica a iniciativa privada. Quen vai pagar por un servizo privado de transporte cando a Xunta o facilita gratuitamente? Nas enquisas aos visitantes detectouse que o 75,73% deles gastan menos de 20 euros na súa visita, o que resulta un gasto reducido aín-da máis se se valora que o 56,31% deles este gasto o realízan en Pontedeume, o concello que menor superficie achega (2% da superficie total do parque natural) e sen ningún núcleo de poboación no interior del. Esta reducida achega económica individual pode es-tar vinculada á xa comentada proximidade. Este dato correspóndese coas propias investigacións da Xunta de Galicia que indican que os usuarios do espazo natural proveñen das cidades da contorna e non realizan un gasto relevante.

O turismo distribúese irregularmente polo parque. Dende a propia Administración primouse o acceso por Ombre (Pontedeume) a través dunha estrada cunha capacidade limitada para asimilar o elevado tráfico do verán (Fernández, 2011) á hora de acceder ao atractivo turístico por excelencia do ENP: o mosteiro de Caaveiro, situado no concello limítrofe da Capela. Concentrar o turismo en Ombre ten un aspecto positivo, xa que co persoal existente no parque pódese controlar e atender a todos os visitantes; cousa moi complicada se estivesen diseminados por todo o parque natural. Continua pendente a aposta firme polo acceso a través do concello da Capela, que conta con outros elementos de interese practicamente desaproveitados, como o miradoiro de Teixido, pero sobre todo co canón do Eume, que dotándoo axeitadamente se transformaría nun atractivo turístico de primeira orde.

Os propietarios teñen unha consideración positiva do turismo. Nas enquisas realizadas detectouse que o 92,86% deles non teñen ningunha queixa dos visitantes do parque, e que o 53,57% consideran que non se debe pagar por visitar o espazo xa que a natureza é de todos e o seu desfrute debe ser libre. Aínda así, existe un 21,43% a favor dalgún tipo de pago polo acceso. Este resultado coincide tamén coa opción de que os visitantes deberían realizar un maior consumo nos establecementos da zona.

A postura máis radical en contra do turismo detectouse no ámbito do ecoloxismo. Critican á Xunta de Galicia pola tendencia á "turistificación" de todos os parques de Galicia, tanto naturais como nacionais, e consideran que a finalidade dun espazo natural debe ser a conservación. Esta percepción agudízase cando os orzamentos do parque van dirixidos á xestión do turismo, sen abordar as tarefas de conservación pendentes, tales como a eliminación da poboación de cabras asilvestradas do canón do Eume ou a elaboración dunha cartografía detallada dos hábitats presentes. Neste sentido os visitantes son favorables a que a función principal que debe desempeñar o parque natural sexa a conservación dos ecosistemas naturais (95%), tamén no referente ao sector produtivo que aproveite os recursos do ENP un 40,78% dos enquisados consideran que non debe existir ningún, simplemente dirixirse á conservación. Esta tendencia dos visitantes en prol da

conservación queda patente noutros resultados recollidos, como por exemplo que un 50,28% consideran que non se debería realizar ningún tipo de aproveitamento madeireiro e outro 40,78% o admitiría se fose exclusivamente con carácter tradicional (leñas, construción de utensilios...). Tamén resulta clarificador que unicamente un 25,24% dos enquisados consideran imprescindible que o parque natural estea habitado por comunidades humanas.

Finalmente empregando as valoracións dos usuarios do Google Maps para o caso concreto do parque natural Fragas do Eume, a día 20 de xullo de 2018 existían 1.479 valoracións outorgándolle unha puntuación de 4,7 sobre 5. En relación aos restantes Parques Naturais de Galicia, este espazo destaca pola maior puntuación tratándose do segundo con maior número de valoracións, unicamente superado polo parque natural complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán con 2.002. En xeral, os comentarios no Google Maps sobre o parque natural Fragas do Eume son positivos, realzando a tranquilidade, o desfrute da natureza e as características idóneas para pasar o día coa familia. Os comentarios negativos están relacionados principalmente coa existencia de eucaliptos, e con algunhas referencias á masificación en determinadas épocas e lugares concretos. Non obstante, empregando outras fontes, pode documentarse que existen queixas en relación á sinalización das rutas (Fernández, 2011) polo que en moitas ocasións prodúcense extravíos, tamén polos danos nas pistas debido á extracción de madeira (Fernández, 2011) e, en terceiro lugar, polo acceso e aparcamento de vehículos dos propietarios do ENP que desfrutan de servidumes de paso a zonas de acceso prohibido para os vehículos dos visitantes (*La Voz de Galicia*, 01/07/2015). Detéctase unha certa demanda por parte dos visitantes en relación á eliminación do eucalipto (Fernández, 2011), tamén confirmada nas achegas finais correspondentes ás entrevistas persoais realizadas aos visitantes. Con todo, o espazo natural vendese só, vaias a onde vaias esta zona é coñecida polo parque natural. Para rematar, cabe sinalar que non se detectan problemas de "feísmo" arquitectónico nos núcleos rurais da área: nas enquisas realizadas aos visitantes a valoración estética destes resultou elevada (7,56 sobre 10).

### 4.5 As características dos propietarios

O perfil dos propietarios enquisados non se pode considerar totalmente representativo do colectivo; por exemplo está desproporcionada a relación de sexos, o número de mulleres enquisadas (60,7%) resultou maior que o de homes. Aínda que casual, compensa a imposibilidade de manter o criterio de paridade noutras fases do traballo. Este feito pódese xustificar pola maior permanencia das mulleres no interior da vivenda, ao que hai que engadirlle a súa mellor disposición a participar no proceso. A maioría dos enquisados atópanse nun rango de idade de entre 45 e 64 anos (42,9%). A medida que aumenta a idade detectouse unha tendencia a evitar ser sometido a preguntas, debido á desconfianza que produce todo o que rodea o parque natural e tamén por limitacións auditivas ou de comprensión. Isto ocasionou que se alterasen outros resultados asociados; como que o 42,86%

dos enquisados fosen xubilados ou que o nivel de estudos máis frecuente resultasen os primarios (32,14%).

Os propietarios laméntanse da necesidade de solicitar autorización para todo e pola tardanza dos permisos de corta de madeira. Nas enquisas telefónicas dos propietarios detectouse unha queixa reiterativa relacionada con "que non nos deixan facer o que queremos nas nosas propiedades"; pero, quen pode facer o que quere nas súas propiedades? Todos temos limitacións sobre as nosas propiedades estando ou non nun espazo protexido. Por exemplo, non se pode construír unha nave industrial ou hotel en calquera lugar, estando este tipo de normas urbanísticas asumidas pola sociedade e a ninguén se lle ocorre pedir unha compensación, pero todo o contrario acontece coas normativas de conservación da natureza. Polo tanto, non se asume o que é normal nunha sociedade avanzada cun elevado grao de intervención da Administración no territorio, establecendo regras e limitacións. Aínda así comprobouse que as sancións son practicamente inexistentes, grazas por unha banda á cautela dos veciños que solicitan os debidos permisos e, pola outra, a que para o persoal do parque as denuncias son a última opción, xa que sempre se busca chegar a un acordo para repoñer a legalidade.

De todos os xeitos, existen algunhas denuncias que inevitablemente remataron con sanción. En xeral, os propietarios tampouco teñen tantos problemas; aos que posúen eucaliptos permitíselles aproveitalos con normalidade, o que loxicamente non se autoriza é cortar parcelas de fraga para transformalas en plantacións, pero isto nin se permite no parque natural nin en ningún outro lugar de Galicia en base á Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. Non obstante, nas entrevistas telefónicas realizadas detectáronse deficiencias serias no que os propietarios poden ou non poden facer; moitos deles consideran que nin poden cortar leña para o autoconsumo, chegando até o extremo incomprensible de que existen propietarios que descoñecen se as súas vivendas se atopan dentro ou fóra do parque natural.

En xeral, entre os propietarios existe a tendencia a culpar de todo o que lles acontece ao parque natural, trátase de desprestixialo por todos os medios. Isto é evidente no tocante á fauna salvaxe; destacan as queixas polo aumento de todo tipo de animais, facéndose referencia clara a que son liberados pola Administración, cando isto unicamente é certo no caso do cervo, que foi introducido en Monfero na década dos 90 do século pasado, oficial e publicamente, por parte da Xunta de Galicia. Para as restantes especies as variacións das poboacións son o resultado dun proceso natural, principalmente ligado aos cambios do uso do solo que produciron un aumento da caza maior en detrimento da caza menor, proceso que se pode facer extensivo a toda Galicia e, aínda máis, a todas as áreas desenvolvidas economicamente. O caso do lobo merece un trato á parte. Atópanse referencias históricas da súa presenza na zona (Madoz, 1848 & *La Voz de Galicia*, 04/09/2014), pero os veciños non dan crédito a este feito mantendo que son ceibados periodicamente. Neste sentido, a única xustificación posible extráese da entrevista persoal de Roberto Hermida:

*"O lobo é a gota que colma o vaso, trátase da rabia da poboación rural que se atopa desamparada. En definitiva, para unha persoa coa vida económica saneada, coas comodidades modernas e facilidades para acceder á escola ou* ao *centro de saúde, un ataque do lobo non ten tanta importancia en comparación a outra persoa que está desamparada".*



Cebo-trampa posiblemente destinados ó lobo na Marola-Monfero. Fonte: Fotografía do autor, 2015

Entre os propietarios asentáronse certas ideas preestablecidas. Por exemplo aseguran que as fragas están menos coidadas debido a que as abandonaron polas restricións impostas dende a declaración do parque. Algo difícil de xustificar xa que o espazo natural non limita os aproveitamentos tradicionais na maioría do seu territorio. Realmente este abandono debeuse a causas de carácter socioeconómico, relacionadas co envellecemento da poboación, á inexistencia de mercado para os produtos ou á falta da necesidade de manter certos oficios. Se na actualidade non existen cesteiros, fragueiros ou zoqueiros é porque as súas producións nas condicións de produción tradicional dispoñen dun reducido valor engadido polo que non compensa a súa comercialización. Por exemplo, o aproveitamento das varas de abeleira se non existe, non é culpa do parque natural, é porque as necesidades do mercado evolucionaron. Quen crería, hai un século, que se comercializarían os cogomelos? cando actualmente se puido comprobar que se dá unha recolección intensiva no interior do parque (Cerqueiros, Teixeiro e Fontardión), que axuda a complementar as rendas dos veciños sen que a Administración estableza ningún tipo de límite nin regulación.

Os propietarios consideran que respectaron o bosque autóctono. Este argumento forma parte dunha idea asentada entre eles, segundo a cal as Fragas do Eume conserváronse grazas a eles, cando realmente conserváronse grazas a que non se deron as circunstancias para que fosen transformadas. É preciso retrotraernos varios séculos para atopar a suposta xestión sostible destes bosques. Xa co inicio da industrialización o aproveitamento deles intensificouse, co estudo das fotografías aéreas do voo americano, correspondentes a mediados da década dos 50 do século XX, obsérvanse claramente amplas zonas sometidas a importantes cortas a feito no contorno da bacía do río Frai Bermuz




Aproveitamento tradicional das matogueiras no monte de Penafesa-Monfero.
Fonte: Fotografía do autor, 2006

e os seus tributarios. As boas características que presentan as Fragas do Eume para o cultivo do eucalipto xunto co seu elevado prezo na década dos 90 do século pasado, poñen en tea de xuízo o estado de conservación no que se atoparían actualmente estes bosques en ausencia das medidas de conservación. Para rematar, o argumento máis clarificador extraémolo literalmente da entrevista persoal de Secundino García:

> *"Os paisanos conservaron as fragas mentres fixeron un uso sostible baseado nos criterios tradicionais; limpando, podando, plantando... Daquela existía o principio de que se a natureza a mimas sempre che dará algo a cambio. A rendibilidade económica está no eucalipto polo que se non se tivese declarado o espazo natural estarían practicamente transformadas nun eucaliptal, isto grazas á maquinaria moderna poderíase facer en pouco tempo.*
> *A declaración do parque natural non só axudou, en parte, a conservar as fragas senón tamén a respectar, coidar ou alomenos favorecer a conservación do patrimonio cultural".*

O que resulta palpable dos resultados da investigación é a existencia dunha carencia de información entre os propietarios. A Administración debería realizar un esforzo

para aclarar todas as dúbidas, nun formato axeitado ás súas peculiaridades. Resulta difícil de xustificar que dende o ano 2006 os propietarios lle soliciten infrutuosamente un parcelario á Administración, no que se especifiquen claramente as limitacións e as posibilidades de usos das parcelas. Os propietarios requiren datos moi específicos das súas parcelas e tecnicamente sería factible facilitárllelos. O lugar de referencia informativa para resolver estas dúbidas serían as casas dos respectivos concellos, xa que os propietarios séntense máis identificados e cómodos na Administración local. A Xunta de Galicia non debese pretender que os propietarios se despracen ás oficinas do parque en Ombre (Pontedeume) ou á Delegación Territorial da Consellería de Medio Ambiente na Coruña. Por suposto, para realizar este labor informativo, sería preciso dotar os respectivos concellos dos medios técnicos e materiais axeitados para desenvolvelo con criterios de homoxeneidade e profesionalidade.

A Administración considerou suficientes as medidas de información adoptadas durante o proceso de declaración do parque natural, baseadas en diferentes xuntanzas informativas limitadas a un período temporal moi concreto. Isto axudou a arraigar un conflito alimentando principalmente polo interese na explotación do eucalipto. En certa medida, o erro debeuse a que inicialmente non se intentase falar cos propietarios, sobre todo a nivel individual. En definitiva, abandonouse a poboación á súa sorte, cando se debería ter realizado un labor de acompañamento no proceso aclarando todo o que se pode facer, ou non, en cada parcela. Para isto axudaría manter os interlocutores no tempo, xa que cando os propietarios coñecen os representantes da Administración (delegados, técnico...) son substituídos, quedando en dúbida de se se trata dunha simple casualidade. Aínda así, para as persoas que traballan a diario sobre o terreo non existe a sensación de conflito, empregando as palabras de Martín Negreira:


> *"Na miña vida teño traballado máis cómodo, todo o mundo che atende correctamente, en xeral non hai animadversión. A xente das Fragas do Eume é moi educada."*

Estamos en condicións de confirmar que na maioría dos diferentes contactos realizados para o desenvolvemento deste traballo esta premisa resulta completamente certa. Nas enquisas telefónicas sempre se nos tratou con educación, aínda que por desconfianza moitos veciños desistisen en participar. Durante o proceso para desenvolver as entrevistas persoais recibimos unha atención exquisita, invitándonos aos seus fogares. A maioría dos pequenos propietarios simplemente precisan unha atención paciente, que lles aclare todas as súas dubidas; outra cousa son os intereses dos propietarios de grandes extensións adicados á produción de madeira, que en certa medida son os que encabezan a oposición ao Parque.

Segundo os datos recompilados existen diferenzas xeracionais na aceptación do parque natural. Unha parte dos veciños de menor idade desvinculáronse do parque xa que

os seus ingresos proveñen doutras fontes e tampouco entenden o esforzo que realizan os seus pais por unhas propiedades que consideran insignificantes. Aínda así, a xente nova está influenciada polo que oen na casa e por iso non se van transformar nos grandes defensores do parque natural. A medida que aumenta a idade existe unha menor simpatía cara ao ENP, feito confirmado en diferentes reunións con presenza de propietarios. Para corroborar os anteriores datos dun xeito numérico, a continuación preséntase unha gráfica coa valoración realizada nas enquisas dos propietarios da área protexida, como se pode ver esta diminúe a medida que aumenta a idade.

**Gráfica 1: Valoración do Parque Nartural realizada polos seus propietarios**




Se contrastamos a información dispoñible en relación ao concello de procedencia dos propietarios extráense os seguintes resultados: a xente nova de Pontedeume e Cabanas mostra unha elevada consideración do parque natural, pero sen ter en conta a idade, o concello que peor o acepta é Monfero. Neste sentido, as enquisas realizadas aos propietarios do concello de Monfero mostran un grao de satisfacción medio co ENP de 2,2 sobre 10. Esta reducida valoración pode deberse á elevada proporción de superficie e poboación que este concello integra no parque natural, pero tamén poden existir outras razóns relacionadas coa memoria colectiva, ao considerar as medidas de conservación como unha nova usurpación das súas propiedades que a asocian á acontecida nos anos 40 do século pasado coa aplicación da Lei do patrimonio forestal do Estado que afectou a considerables superficies deste concello. Finalmente, débese ter en conta que o 78,57% dos propietarios consideran que o parque natural non lles produce ningún beneficio e, para mellorar esta percepción, o 57,14% deles apostan polas compensacións económicas.

As compensacións de carácter económico polas medidas de conservación son unha das cuestións máis demandadas en certos sectores da sociedade e, por suposto, entre os propietarios. Con base nas enquisas realizadas a estes últimos, a fórmula máis axeitada para realizar a compensación sería a través da compra, cun 46,43%, e sitúase nun segundo lugar a opción do alugueiro debido ao interese de conservar a propiedade (32,14%). Contrastando este dato coas enquisas dos visitantes, cómpre sinalar que o 43,69% deles considera que as compensacións ao s propietarios deben realizarse a través de desgravacións fiscais. Aínda así, non se debe obviar que un 35,92% deles consideran que os propietarios non deben recibir ningunha compensación económica. Non obstante, todos estes resultados débense tratar con cautela xa que unicamente un 10,68% dos visitantes coñecen que a propiedade predominante no parque natural é a privada. A razón fundamental pola que a maioría dos visitantes considera que os propietarios non deben recibir compensacións é que todos temos algún tipo de limitación sobre as nosas propiedades cun 42,86%, seguida dun 34,14% que opina que os propietarios teñen que colaborar no ben común. Por exemplo, a ninguén se lle ocorre esixir unha compensación económica cando se elabora un Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que significa unha gravosidade económica moito maior que un ENP. Aínda así, puidemos constatar outras posturas que, estando tamén en contra das compensacións económicas, consideran que certas áreas se deberían expropiar. É o caso das zonas de reserva natural e determinadas parcelas que albergan hábitats sensibles. Dende as organizacións ecoloxistas xorde outra posible alternativa de xestión para determinadas áreas concretas, como a custodia do territorio, sen por suposto rexeitar a compra, adaptándose así ás características intrínsecas de cada zona. Un sector dos propietarios considera que deberían pasar a mans públicas as zonas masificadas polo turismo.

Na nosa opinión, e sen pretender sacarlle importancia ás diferentes alternativas de compensación, existen outras medidas que poden contribuír a mellorar a aceptación do espazo natural protexido, optimizando os recursos económicos e producindo resultados salientables a medio-longo prazo. Óbviase con frecuencia os posibles efectos beneficiosos que produciría a posta en marcha de medidas de información e asesoramento destinadas ao s propietarios do ENP; en xeral trataríase de realizar un acompañamento dun xeito profesional e cunha obrigada continuidade temporal. Esta función podería ser levada a cabo polo persoal de vixilancia do parque natural, que debería recibir unha axeitada formación continua e un imprescindible aumento de efectivos. Así mesmo, non se debe obviar a necesidade dun axeitado funcionamento da Xunta Consultiva do parque natural que actualmente non se pode considerar un órgano de participación debido a que máis do 50% dos representantes pertencen á Administración. No seu funcionamento tamén se detectan carencias, como un certo bloqueo no acceso á información; xunto con cuestións de tipo formal (como non deixar falar até o final, cando xa non hai tempo) ou non adaptar o horario ás necesidades dos participantes e a ausencia dos medios axeitados para desenvolver as asembleas.

A posta en marcha de medidas que contribúan a corrixir o malestar entre os propietarios son imprescindibles no caso de que exista a intención de ampliar o parque natural. Só é preciso mencionar o acontecido no ano 2011, cando se publicou unha proposta de ampliación dos espazos incluídos na Rede Natura 2000 galega que afectaba a esta área, producindo unha importante controversia social para acabar integrando menos dun milleiro de novas hectáreas que non representaban unha contribución relevante á conservación da biodiversidade. En todo caso, de proporse novas ampliacións do ENP, sería conveniente optar por outro tipo de instrumentos de conservación que non se vinculen aos actuais e que faciliten o acceso á captación de fondos económicos para a dinamización do rural a través do desenvolvemento sostible e do recoñecemento internacional. Neste sentido, a figura que cumpriría en gran medida estes requisitos sería a de Reserva da Biosfera (VV.AA. 2010), recoñecemento outorgado pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) no marco do Programa sobre o home e a biosfera (MaB).

## 5. Conclusións

O parque natural Fragas do Eume está composto por propiedades de corte fundamentalmente privado e minifundista que contan cunha elevada potencialidade para a produción do eucalipto, polo que o establecemento das medidas de conservación ocasionou unha destacable conflitividade social entre os seus lexítimos propietarios. A isto súmaselle a potencialidade turística que representa pola facilidade de acceso dende as áreas circundantes densamente poboadas. Tras a correspondente análise de bibliografía e hemerotecas, xunto cos datos recollidos nas entrevistas persoais, así como nas enquisas a visitantes e propietarios; a continuación expóñense as conclusións deste traballo:

Áos propietarios cústalles interpretar as medidas de conservación, pero deben asumir as limitacións sobre as súas propiedades, aínda que por suposto teñen dereito a coñecelas claramente.

Os propietarios de avanzada idade mostran un maior malestar co parque natural, aínda así non é unha opción esperar ao paso do tempo para pretender solucionar esta problemática, xa que se pode cronificar e transmitirse interxeracionalmente.

Os propietarios teñen unha boa consideración do turismo, aínda que existen algunhas queixas relacionadas pola súa distribución territorial, xa que algunhas zonas sofren masificación e outras unha ausencia total deste uso.

O ENP leva alomenos varios milleiros de anos habitado por diferentes comunidades humanas, o que debe seguir acontecendo, adaptando os usos e establecendo as regulacións precisas para preservar os valores máis delicados.

O asesoramento e a información dos propietarios revélase fundamental en todo o proceso. En gran medida esta función podería desempeñala no campo o persoal de

vixilancia do parque natural, xunto cun apoio de carácter técnico nas respectivas casas dos concellos.

O lecer e o tempo libre son as motivacións principais dos visitantes do parque natural, aínda que tamén resulta destacable o patrimonio artístico e cultural xunto coa flora.

Os visitantes descoñecen a titularidade dos terreos do parque natural, polo que en moitas ocasións non interpretan axeitadamente as actuacións dos propietarios; como os dereitos de paso ou o aproveitamento das súas parcelas.

Os visitantes consideran que o obxectivo do parque debe ser a conservación, débese realizar un esforzo para que comprendan que se trata dun ecosistema aproveitado dende tempos inmemoriais polas comunidades humanas.

As áreas de reserva, xunto coas zonas masificadas turisticamente e finalmente aquelas pequenas parcelas que albergan hábitats que precisan dun mantemento específico, deberían pasar a mans públicas. A aplicación desta medida optimizaría o investimento económico, redundando na conservación do espazo e compatibilizando os usos turísticos cos dos propietarios.

O turismo debe participar economicamente na conservación do espazo, rematando co "todo gratis", e poñendo en valor outras áreas como o canón do Eume. Para mellorar a atención e o control deste uso sería preciso incrementar o persoal de campo destinado no parque natural.

A Xunta Consultiva do parque natural deberíase transformar nun verdadeiro órgano de participación, cun aumento da representación dos propietarios e das entidades locais, e favorecer o acceso completo á información cuns medios axeitados.

O PRUX é a ferramenta imprescindible para a posta en marcha da maioría destas medidas; deberíase aprobar dentro dun proceso de participación pública fundamentado nun plan económico de carácter anual.

Finalmente, as propostas de ampliación da superficie do parque natural deberíanse pospoñer até desenvolver unha intervención social axeitada no contorno dos propietarios. En todo caso, deberíase optar por figuras de protección de ámbito internacional como as "Reservas da Biosfera", contribuíndo así á mellora da súa proxección global e á captación de fondos destinados ao desenvolvemento sostible.

## Agradecemento

A miña muller, Patricia Barro Rochela, por todo. Pero nesta ocasión, pola paciencia tanto na lectura detallada coma nas innumerables análises de todos os borradores que deron lugar ao TFM no que se basea este artigo.

## Bibliografía

EUROPARC-España, 2017. *Anuario 2016 del estado de las áreas protegidas en España.* Fundación Interuniversitaria Fernando Gónzalez Bernáldez. Madrid. Accesible en:

http://www.redeuroparc.org/system/files/shared/Publicaciones/Anuario_2016/anuario_2016_europarc-espana.pdf

EUROPARC-España, 2012. *Manual 10. El patrimonio inmaterial: valores culturales y espirituales. Manual para su incorporacion en las áreas protegidas.* Fundación Interuniversitaria Fernando Gónzalez Bernáldez. Madrid. Accesible en:

____ http://www.redeuroparc.org/system/files/shared/manual10.pdf

FERNÁNDEZ-GAGO, C. 1986. *Plan especial del valle inferior del Eume* (La Coruña).

FERNÁNDEZ, A. 2011. *Propuesta de uso público para el parque natural "Fragas do Eume" (A Coruña).* Spanish Journal of Rural Developments. VOL.2, nº1.

MADOZ, P. 1848. *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid. Tomo VII. Accesible en:
http://www.bibliotecavirtualdeandalucia.es/catalogo/consulta/registro.cmd?id=6353

NEGREIRA, M. 2006. *Plano desplegable do parque natural Fragas do Eume.* Xunta de Galicia. Accesible en:
http://parquesnaturais.xunta.gal/sites/default/files/desplegable%20mapa%20CASTELLANO.pdf

SOTO, M. 1994. *O Posicionamento de ADEGA ante o PORN das Fragas do Eume.* Cerna. Santiago. Nº12-13.

TELEFÓNICA DE ESPAÑA. 2017. *Páginas Blancas A Coruña 2017/18.* Telefónica de España S.A.U. Madrid. Accesible en:

____ http://blancas.paginasamarillas.es/jsp/guia_servicio.jsp

VALES, C. 1994a. *Fragas do Eume: A necesidade dun parque natural.* Natureza Galega. Santiago. Nº16.

VALES, C. 1994b. *parque natural das Fragas do Eume: Virtudes e Defectos do Proxecto.* Cerna. Santiago. Nº12-13.

VALES, C. 1994c. *Proposta de creación da Reserva da Biosfera das Fragas do Eume.* Os Bosque atlánticos Europeos. Bahía Edicións. Santiago.

VV.AA. 2010. *Guía de Reservas de la Biosfera Españolas. Armonía hombre-naturaleza.* Organismo Autónomo de Parques Nacionales. Madrid.

XUNTA DE GALICIA. 2017. *Memoria 2016 parque natural Fragas do Eume*. Accesible en: http://parquesnaturais.xunta.gal/sites/default/files/memoria_2016_Eume.pdf

XUNTA DE GALICIA. 2014. *Documento preliminar Plan Reitor de Uso e Xestión do parque natural das Fragas Eume*. Accesible en:
http://cmaot.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=156288&name=DLF

E-28344.pdf

## Hemerografía

DIARIO DE FERROL, 20/04/2015. *Ruptura entre las dos entidades de propietarios de las Fragas.* Ferrol. Accesible en:
____ http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/concreta-ruptura-entidades-propietarios-fragas/20150419222256121099.html

DIARIO DE FERROL, 22/02/2015. *Os propietarios teñen unha gran oportunidade de participar na planificación das Fragas.* Ferrol. Accesible en:
____ http://www.diariodeferrol.com/articulo/comarcas/propietarios-tenen-gran-oportunidade-participar-na-planificacion-das-fragas/20150221221627115806.html

EL PAÍS, 01/02/2015. *El plan de la Xunta para As Fragas do Eume suscita un rechazo total.* Ferrol. Accesible en:
____ http://ccaa.elpais.com/ccaa/2015/02/01/galicia/1422821573_858523.html

EL PAÍS, 07/05/2012. *Medio Ambiente planea erradicar los eucaliptos de As Fragas do Eume.* Madrid. Accesible en:
____ http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/05/07/galicia/1336420796_218159.html

EL PAÍS, 23/02/2011. *El esplendor de Caaveiro.* Madrid. Accesible en:
____ https://elpais.com/diario/2011/02/23/galicia/1298459904_850215.html

EL PAÍS, 16/07/2007. *Nueve grupos ecologistas, contra una mina de andalucita en As Pontes.* Madrid. Accesible en:
____ http://elpais.com/diario/2007/07/16/galicia/1184581094_850215.html

LA OPINIÓN A CORUÑA, 04/01/2009. *La comarca recibe 2,7 millones para proyectos de desarrollo rural.* Coruña. Accesible en:
____ http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2009/01/04/comarca-recibe-27-millones-proyectos-desarrollo-rural/248985.html

LA VOZ DE GALICIA, 08/02/2018. *Propietarios de las Fragas do Eume solicitan la retirada del plan rector.* Santiago. Accesible en:
____ https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/2018/02/08/propietarios-fragas-do-eume-solicitan-retirada-plan-rector/0003_201802F8C7991.htm

LA VOZ DE GALICIA, 27/01/2018. *Propietarios de las Fragas do Eume exigen a la Xunta compensaciones económicas a años de restricciones.* Santiago. Accesible en:
____ https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/a-capela/2018/01/27/propietarios-fragas-do-eume-exigen-xunta-compensaciones-economicas-anos-restricciones/0003_201801F27C8992.htm

LA VOZ DE GALICIA, 01/07/2015. *El concello niega responsabilidad en el estado de pistas o fincas particulares del Parque.* Santiago. Accesible en:
____ http://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/a-capela/2015/07/01/propietarios-culpan-xunta-abandono-entorno-caaveiro/0003_201507F1C9997.htm

# FOTÓGRAFOS, VIAXEIROS E ESCRITORES EN CAAVEIRO
## CEN ANOS DO MOSTEIRO EUMÉS NA COLECCIÓN FOTOGRÁFICA DA FUNDACIÓN AMATLLER DE ARTE HISPÁNICO. *ARXIU MAS*

Xosé Manuel Yáñez Rodríguez



## A FOTOGRAFÍA COMO TÉCNICA E ARTE DE REPRESENTACIÓN MONUMENTAL EN EUROPA (1843-1936)

A fotografía é, sen ningunha dúbida, un invento que xorde despois de non poucas experimentacións no século XIX no marco da revolución industrial. A primeira imaxe fotográfica data de 1826, obra de José Nicéforo Nièpce, vista de rúa fixada en placa de peltre (aliaxe de zinc, chumbo e estaño), tras dúas horas de exposición. Un dilatado proceso no que as máquinas eran a expresión física do progreso e un reflexo do triunfo do home, do seu dominio tecnolóxico.

Aínda que esta nova técnica se anuncia na capital francesa o 1 de xaneiro de 1839, non sería até 1859 cando, no Salón da Industria de París, a fotografía puido expoñerse á vez que a pintura e o gravado. A partir de entón iníciase unha expansión coa apertura de talleres de retratos para unha clientela burguesa acomodada en países como Francia, Gran Bretaña e Alemaña, pero deseguido se estende a outros países.

Durante ese século prodúcese unha nova percepción e descubrimento da diversidade do mundo, manifestándose a fotografía como un instrumento para observar esas novas realidades. As exploracións e viaxes que teñen lugar no XIX posibilitan que a fotografía sexa non só unha nova forma de rexistro senón que se confirma como un instrumento exemplar, idóneo para a observación e difusión das imaxes. Até 1870 as fotografías obtidas lembran en gran medida os gravados e debuxos do XVIII.

O procedemento fotográfico máis antigo é o daguerrotipo, inventado polos franceses N. Nièpce e L. J.M. Daguerre en 1837 e patentado en 1839. A obra acabada é unha imaxe positiva impresionada sobre unha placa (xeralmente de cobre) recuberta cunha lámina de prata. É precisa unha prolongada exposición –ao principio máis de 30 minutos– a plena luz do sol. A imaxe resultante é única, positiva e co motivo invertido lateralmente e de materialidade moi delicada; de modo habitual, dábaselles cor e os clientes recibían o produto montado nun marco cun cristal ou nunha funda[1]. O gran inconveniente destes daguerrotipos


1. http://www.iegps.csic.es/web/iegps-instituto-de-estudios-gallegos-padre-sarmiento/a-tecnica-fotografica

–primeiro en prata pulida e despois en cobre– era que constituían obras únicas e non valían para tirar copias; ademais, o revelador –mercurio– é altamente tóxico: inhalado cos vapores do revelado, vaise fixando para sempre, como letal veleno, no organismo.

A fotografía moderna naceu co descubrimento de Talbot do negativo papel, o que permitía a posibilidade de multiplicar os positivos fotográficos. Coa posta a punto e difusión do calotipo[2], durante as décadas dos anos 50 e 60 do século XIX, os viaxeiros fotógrafos multiplicáronse. Entre os grandes fotógrafos do calotipo podemos citar o británico Charles Clifford que en 1856 publicou o seu *Voyage en Espagne*, como resultado da súa estancia na península[3].


Louis Daguerre


W. Talbot


Sir Charles Clifford

É nesta segunda metade do século cando destaca excesivamente o gusto polo pintoresco, o exótico, o expansionismo colonial e o incipiente turismo. Sen dúbida, unha das características das primeiras fotografías de monumentos é o peso que nelas tivo a anterior tradición de vistas pintadas ou gravadas. A fotografía adoptouse de maneira temperá por ser unha técnica que achegaba imaxes exactas para o estudo de monumentos e antigüidades. A fotografía de viaxes evoluciona a partir da década dos 60 debido ao crecemento da demanda. Aos poucos, os estudos comerciais pasaron a liderar a venda das vistas de viaxes. Algún destes estudos, como o dos irmáns Alinari en Florencia, especializáronse na reprodución fotográfica de obras de arte.

A evolución da fotografía transfórmase a partir de 1888 coa máquina americana *Kodak*. O seu grande éxito comercial foi a introdución do carrete de papel no mercado. Semellante simplificación técnica propicia que chegue aos lugares máis recónditos e xorde o fotógrafo *amateur*. Alemaña foi un dos países de procedencia da maior parte dos materiais fotográficos que chegaron a España, especialmente a partir do último terzo do s. XIX, sobre todo no que se refire aos obxectivos, placas e os negativos fotográficos.

A utilidade da fotografía para os estudos artísticos foi sinalada por W. Talbot, inventor do negativo-positivo e que, de maneira especial, outorgaba un papel moi impor-

2. Fox Talbot logrou, en 1841, os primeiros negativos sobre papel e, por contacto, os positivos seminais da fotografía- e a de colodión húmido, proceso químico para obter negativos sobre cristal, un descubrimento de Scott Archer, en 1850.

3. González Reyero, Susana, *La fotografía en la arqueología española,* Real Academia de la Historia, U.A.M., Madrid, 2006, p, 66.

tante á arquitectura chegando a reproducir varias vistas de monumentos ingleses e franceses. En *El lápiz de la naturaleza*, a súa coñecida obra, tentou demostrar todos os posibles usos da fotografía e o seu título aludía á súa interpretación da nova técnica. Esta publicación supuxo o inicio da historia da fotografía editada[4].

Mostra do interese que mostrou Gran Bretaña pola preservación do seu patrimonio é a temperá data de 1856 en que diferentes especialistas de diferentes institucións concibiron o uso da fotografía como rexistro e posible preservación dun ben. Xa dende a década dos 60 o mercado das fotografías de arte, arquitectura e escultura era un negocio internacional de importancia, á vez que comezaba a edición dos libros ilustrados coa técnica fotográfica.

Na segunda metade do s. XIX e primeiro terzo do s. XX, en Italia dentro das categorías que poden distinguirse dentro da fotografía producida respecto dos monumentos, hai unha de clara finalidade turística realizada, en gran parte polos viaxeiros e turistas que visitaban lugares que consideraban fundamentais para a súa formación, dentro da tradición do *Grand Tour,* e que percorreron o país entre 1840 e 1930. Este tipo de fotografía sufriu un cambio significativo a finais de século, cando os avances das técnicas fotográficas propiciaron a incorporación masiva das cámaras fotográficas ao entón novo turismo de masas.

Os monumentos antigos exerceron unha atracción irresistible nos estudosos de todas as nacionalidades. Italia, sen dúbida de forma máis destacada, e en menor medida España, foron marcos privilexiados que conseguiron atraer a atención non só pola beleza clásica senón tamén polos monumentos cristiáns, medievais, do Renacemento e Barroco. O interese pola representación do mundo, constatado na literatura de viaxes, acelerou este proceso de conquista visual dos países estranxeiros. A fotografía conformou e difundiu imaxes para este proceso[5].

A técnica fotográfica posibilitaba conseguir probas tanxibles e irrefutables sobre a existencia e as características dos monumentos, lugares arqueolóxicos, pinturas e gravados. Nalgúns países como Francia, Alemaña, EE. UU. ou Gran Bretaña a súa demanda creceu incesantemente. Noutros, como Italia e España, as primeiras fotografías de monumentos realizáronse para un público exterior, curioso e ávido de vistas non exentas de exotismo e romanticismo.

A todas estas correntes non foron alleos o conxunto monumental de Caaveiro como arquitectura singular e as fragas do Eume como paisaxe excepcional. Ao examinar as imaxes fotográficas das que dispoñemos deste monumento no período obxecto deste estudo (1843-1936), darémonos conta de que son diversas as orixes, as motivacións, a formación, o momento e o conxunto de circunstancias que rodean a toma.

4. *op., cit.*, páx. 142

5. *op., cit.*, páx. 186

## 1843-1900. Pioneiros da arte fotográfica. Viaxeiros, escritores e o incipiente turismo. Primeiros testemuños en Caaveiro

O conxunto de valores históricos, relixiosos, artísticos, estéticos, culturais, ambientais e paisaxísticos que atesoura o mosteiro de Caaveiro e a súa contorna natural, as fragas do Eume, evidénciase no recoñecemento maioritario dos miles de visitantes que cada ano se achegan ao lugar e que, sen dúbida, quedan fascinados pola súa singular localización.

Isto non foi sempre así. Será nos períodos Romántico e Tardo-Romántico cando Caaveiro e a súa contorna mostren a súa verdadeira potencia, como dualidade arquitectura-natureza, e resulten obxecto de inicial admiración e recoñecemento por parte de escritores, artistas plásticos, fotógrafos  e doutros personaxes que visitan o lugar[6].

Inicialmente dunha forma singular, debuxantes e pintores como Genaro Pérez Villaamil deixaron constancia gráfica da súa xenialidade artística e da súa admiración pola ruína romántica mediante o debuxo das súas pedras, formas e volumes en 1849. Tamén diferentes pioneiros, escritores e turistas faláronnos do seu feitizo e beleza plasmándoos en revistas e en diferentes publicacións.

### Os pioneiros da fotografía

No s. XIX, a fotografía irrompe como unha nova arte que permite transmitir a imaxe ao gran público dunha forma nova. Con ela aparece unha considerable mellora técnica que pasa a ser aproveitada por diferentes museos, sociedades científicas e excursionistas dos países máis avanzados co fin de coleccionar dun modo sistemático imaxes de monumentos e obras de arte. En Francia e Inglaterra, sobre todo, descóbrese esta tendencia que, nos seus comezos, ten moito que ver co debate ao redor da dignificación da propia fotografía. Pero ese afán coleccionista de imaxes monumentais non aparecerá subitamente. Pensemos por un momento no caso de Caaveiro.

A elección do lugar, a súa configuración xeoestratéxica e as súas altas paredes de rocha de xisto confírenlle un carácter de fortaleza inexpugnable no medio dun dos bosques atlánticos mellor conservados de Europa. A isto habemos de unir que, no s. XIX e primeira metade do s. XX, o único acceso ao recinto monacal o constituía un impracticable camiño en *zig-zag* e de moi forte pendente dende As Neves, na Capela, polo camiño de Pousadoiro, distante algúns quilómetros.

Pero non só as dificultades xeográficas e orográficas dificultaban o acceso. Hoxe resúltanos moi fácil e cómodo  chegar ao mosteiro despois dun agradable paseo á beira do río, percorrendo unha estrada asfaltada dende Pontedeume e –podendo portar nun peto nosa cámara dixital incorporada a un teléfono móbil de escasos gramos de peso– temos a posibilidade de tomar centos de instantáneas. Non resultaba tan cómodo para os precur-

6. Yáñez Rodríguez, José Manuel, "El Monasterio de Caaveiro", en *El libro del camino Inglés,* Diputación A Coruña, 2014, p, 80.

sores da fotografía, cuxos primeiros equipos para estas tarefas pesaban até 100 kg, o que en ocasións facía necesario transportalos en bestas de carga e, para engadir dificultades, os procesos de revelado eran complexos e moi custosos.

É por isto que son escasos os testemuños fotográficos que teñen como principal motivo a arquitectura monumental neste inicial período e moi especialmente en monumentos tan apartados como Caaveiro. Nos seus inicios, a fotografía céntrase no retrato e, cando se recolle o recordo dunha viaxe, o monumento figura como un decorado que serve de fondo á foto individual ou á de grupo. Como analizaremos máis adiante, o interese do coleccionismo ou de institucións e particulares abre unha nova liña de posibilidades, incluso a de negocio, á fotografía monumental.

A que se considera primeira fotografía levada ao cabo en España tivo a súa realización ante un numeroso público en 1839 e tras dar os primeiros pasos polas capitais máis importantes esténdese por outros lugares da xeografía española[7].

José Luis López Cabo apunta que dende que Enrique Luard Falconier, industrial suízo afincado na Coruña, pioneiro da fotografía en Galicia, realiza o primeiro daguerrotipo en 1843, veñen sucedendo no noso país toda unha serie de nomes cunha categoría artística e humana de primeira orde.

En 1850, a revista *Galicia* refírese por vez primeira na nosa terra ao invento fotográfico, que era xa coñecido grazas ás noticias que sobre el publicaron medios de maior alcance.

Andrés Cisneros presenta en Santiago de Compostela, na Exposición Rexional de 1858, un álbum con 14 fotografías sobre o evento e a cidade, no que recolle os monumentos máis emblemáticos. É o primeiro caso documentado –e felizmente conservado– no noso país[8]. A partir deste ano, atoparemos con frecuencia fotografadas paisaxes galegas con monumento[9].

Fotógrafos británicos como Charles Thurston Thompson, por encargo do South Kensington Museum of London, chegan a Santiago en 1866 co fin de realizar unha exhaustiva reportaxe fotográfica sobre a catedral de Santiago, en concreto sobre o pórtico da Gloria.

En anos posteriores sabemos de actuacións de fotógrafos viaxeiros como o francés Jean Laurent e Martínez Sánchez que se repartiron o traballo para realizar conxuntamente uns álbums de obras públicas de España, para a Exposición Universal de París de 1867, concretamente nas cidades da Coruña, Ferrol e Monforte. Tamén dende 1879, os traballos de Valentín Mendía ou Ramón Buch, fotógrafos habituais de paisaxes e monumentos, son recolleitos en *La Ilustración Gallega y Asturiana.*

7. García Fernánez, Emilio Carlos, *Historia del cine en Galicia. (1896-1984).* Biblioteca Galega, pp. 43 e ss.

8. Acuña, José Enrique, *Fotografías de Galicia no Arxiu Mas*, Centro Galego de Artes da Imaxe, 1995, p. 14.

9. Véxase López Gómez, P., *Galicia a principios do século XX. Colección de postais.* Arquivo do Reino de Galicia. Santiago, Ed. Xunta de Galicia, 1993 o Alvez González, J.M. *Lugo*: *Cita con dos siglos:1886-1926,* Lugo, Ed. Diputación Provincial. Servicio de Publicaciones, 1982.

Na Coruña das penúltimas décadas do XIX, os fotógrafos xa adoptaran a "placa seca"[10], achega de Richard Maddox, en 1871: este negativo, recuberto cunha emulsión de xelatina e bromuro de prata, é o imán maior das películas fotográficas.

A finais do XIX a arte fotográfica está presente xa en todas as cidades galegas e nos oitenta exercen profesionalmente en Galicia, Felipe Prosperi en Vigo, Francisco Prieto en Ourense[11] onde hai que lembrar tamén a Martino, que realiza 59 fotografías monumentais por un encargo da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense, e a José de Guedes Sousa Pacheco, un pioneiro da fotografía ourensá xunto a Ernesto Schreck Schülz, alemán, e –menos lembrado– o italiano Patricio Bocconi Camisani (1835-1878) que fotografou o pazo de Casdemiro, casa natal do Pai Feijoo en abril de 1876.

Achegas máis decididas chegarían na década dos oitenta cos álbums *Lembro de Pontevedra* (1883) de Francisco Zagala; *Compostela Monumental* (1884), *portfolio* no que publicou Manuel Chicharro Bisi unha serie de fotografías da cidade acompañadas por un texto do historiador Bernardo Barreiro e que é a primeira obra deste tipo que viu a luz en Galicia. Tamén habemos de citar *Galicia Pintoresca* do citado Prosperi. No que se refire a entidades galegas, un exemplo paradigmático sería a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, que dende a súa fundación no 1894 abriu decididamente as súas portas á fotografía[12].

García Fernández[13] detalla unha síntese de fotógrafos establecidos nas máis importantes cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Mondoñedo, Ribadeo, Sarria, Villalba, etc.), 132 pertencían ao período comprendido entre 1843 e 1900. Nesa extensa relación figuran Enrique Guerra e Filemón Pérez con varias fotos da catedral de Santiago. Coroa González de González, Augusto Portela, Euge, P. Anxo Castelo, Durá, Luís Casado (Ksado), Conca, Rubín de Celis, Cabo, Jesús Silva, Marcelino Saavedra; así como R. Moral, Agustín Álvarez e Taxes en Ourense; Chao en Rivadabia; "Blanco", José Vázquez Paz, L. González, Manuel Ferrol, Reigosa e Juan Castuera na Coruña; Pascual Rey en Ferrol; Elías Díez en Noia; Juan Novo e Ramos en Lugo; Seco, A. Cal e Joaquín Pintos, en Pontevedra; José Gil, Jaime G. Pacheco, Francisco Yanos, Constantino Sarabia e Campinas en Vigo; Gutiérrez en Tui; E. Díez Altabe en Bueu; a "casa Tabós" na Guarda; e os afeccionados Anxo Varela e Pedro Álvarez, Manuel Pereiro, Luís Villardefrancos, Nilo Fernández, José Carro e Arturo Cervigó.

Antonio Avrillon é, xunto con Mariano Bordoy, un dos primeiros fotógrafos en establecerse na Coruña. Faino ao redor de 1845. Iníciase unha dinastía de fotógrafos que estará presente na Coruña durante 74 anos.

10. Para reproducir a imaxe captada na "placa seca", o soporte utilizado era o papel á albumina, un invento de Blanquart Evrard, dominador das copias fotográficas feitas entre 1850 e 1890. A técnica de reprodución pasaba por aplicar sobre o soporte de papel un preparado de albume: clara de ovo e bromuro de potasio. Cando secaba, era sensibilizado cunha solución de nitrato de prata; seco de novo, ía a unha prensa, en contacto directo co negativo, para ser exposto -minutos- á luz e lograr, así, a copia buscada. O proceso finalizaba co fixado, virado e lavado en auga.

11. http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2014/02/11/leyendas-fotografia-gallega/965292.html

12. Acuña, José Enrique, *Fotografías de Galicia no Arxiu Mas*, Centro Galego de Artes da Imaxe, 1995, p 11.

13. García Fernández, Emilio Carlos, *Historia del cine en Galicia (1896-1984).* Biblioteca Galega, pp. 43 e ss.

Na cidade herculina destaca José Sellier Loup (Givors 1850 - A Coruña, 1922), fotógrafo español de orixe francesa que foi pioneiro do cinema en Galicia. Participou en 1877 na Exposición Rexional de Lugo con trinta fotografías. En 1879 deixa constancia do terreo no que se derrubaron as murallas para situar o Concello da Coruña cunha imaxe que inmortaliza a colocación da primeira pedra da sede do pazo municipal. En 1889, na Coruña, só tres fotógrafos tiñan estudo na cidade: Enrique F. Belo, Juan Bautista Avrillón e José Sellier. O comercio local do retrato até entón estaba dominado polos Sellier, que contaban cunha selecta clientela (Pondal, Rosalía, Juana de Vega, Emilia Pardo Bazán, etc…).

Non temos constancia de fotografías sobre Caaveiro realizadas polos irmáns Sellier, pero si destas tres realizadas moi probablemente por Esteban Sellier, fillo de José Sellier, que traballou con estudo propio e máis tarde para a prensa. Na primeira delas, realizada aproximadamente no ano 1925, o personaxe que aparece á dereita é Luís Prieto Sellier (1896-1973), neto único de Luís Sellier, que tamén era moi afeccionado á fotografía. Aparece portando unha cámara estereoscópica, posiblemente herdada do seu tío avó José[14].





Fotografías de Esteban Sellier en Caaveiro

14. Información facilitada por Alfredo González Prieto, arquitecto, neto de Luís Prieto Sellier. Coméntanos que Luís Prieto, empregado de banca (Banco Hispano), era un gran afeccionado á fotografía, que aprendeu co seu avó e o seu tío avó. Foi ademais, bo amigo de Francisco Pillado, fotógrafo afeccionado, e tivo moita relación con Manuel Blanco -ao que vendeu o local de Foto Blanco, na rúa Real (toda a casa era da familia Sellier)- e máis tarde con Alberto Martí e con José Castro.




Fotografía de Sellier publicada na guía de "La Coruña Clima ideal"

Coetáneo de Sellier é Valentín Mendía, nacido en 1852 en Cameros, que reside na cidade coruñesa entre 1875 e 1887, e que entre 1879 e 1883 realiza unha colección de vistas urbanas da cidade coruñesa que proxectan a imaxe dunha cidade radiante e vivaz. Para el tamén posan personalidades tan ilustres como o tenente xeral Sánchez Bregua ou a condesa Pardo Bazán.

Pedro Ferrer e Sans (1870-1939) desenvolveu un inxente labor como fotógrafo e impresor en España na Papelería de Ferrer na R/. Real 61 da Coruña[15]. *Pueblos, Paisajes, Arte y Costumbres de Galicia* foi o título colectivo da súa inxente obra postal. Como editor destaca en 1904 o Portfolio *Galicia*, unha publicación fascicular na que colaboraron, xunto a el, máis de setenta fotógrafos, tanto afeccionados como profesionais. Nas súas páxinas están os intentos máis afortunados da fotografía galega por recoller a imaxe real do país. Publicou numerosas fotografías da comarca eumesa. Sirva como exemplo o álbum *Bellezas de Galicia,* que conserva Foto Ríos en Pontedeume, no que aparecen 12 fotos desta comarca. O mosteiro de Caaveiro foi obxecto de atención co seu obxectivo.

15. Baldini Cámara, Mª Ana, *Catalogación de la obra fotográfica de Pedro Ferrer. Propuesta de creación de un archivo virtual unificado.* Tese doutoral. Facultade de Belas Artes. Universidad de Barcelona. 2015.




Mosteiro de Caaveiro. Ca 1904. A. Rabadán, fotógrafo afeccionado para Portfolio Galicia de Pedro Ferrer




Portfolio Galicia de Pedro Ferrer

En Galicia, tamén aparecen fotógrafos pictoralistas[16] como Maximino Reboredo (1876-1899) que deixou un importante legado de fotografías de paisaxes urbanas, rurais e retratos; Antonio Portela (1865-1927) co seu icónico retrato de Rosalía de Castro, ou Francisco Zagala (1842-1908) que, entre o pictoralis-mo e a fotografía social, ademais de dedicarse ao retrato de estudo e aos de paisaxes e obras de arte, utiliza personaxes ambientando as imaxes de monumentos. Foi o fotógrafo oficial da Sociedade Arqueolóxica da cidade, cuxo museo provincial alberga un arquivo coas súas fotografías etnográficas da época.

A dedicación principal destes profesionais será o retrato pero, nas últimas décadas do século XIX e sobre todo xa no século XX, novos fotógrafos –profesionais ou non– recollerán coa súa cámara acontecementos sociais, monumentos e paisaxes.

16. Pictoralismo: movemento que trataba de que a fotografía fose considerada como unha das belas artes. Os fotógrafos pictoralistas apostaban pola estética e a técnica da pintura clásica: ou bela fronte ao útil, o ideal fronte ao real, e, sobre todo, uns acabados moi traballados, chegando a establecer unha relación moi directa entre o valor da obra final e a dificultade do proceso de positivado.

Un campo de grande interese –despois de que achega a fotografía a un público máis amplo e proporciona novas posibilidades profesionais– é a reprodución da imaxe foto-gráfica en revistas e libros. Aparecen publicacións periódicas con imaxes de monumentos. A técnica do fotogravado permitirá á revista *Extracto de Literatura* publicar o 7 de xa-neiro de 1893 a primeira fotografía[17].

A finais do século XIX non existían escolas de fotografía, razón pola cal o proceso de aprendizaxe era autodidacta. Os primeiros fotógrafos normalmente eran persoas de clases acomodadas que mostraban un grande interese polos avances tecnolóxicos da época e moitos deles compaxinaban a fotografía con outras actividades comerciais –como a venda de instrumental médico ou o retrato pintado–. O crecente éxito do retrato fotográfico provocou aos poucos a sedentarización dos seus profesionais, o nacemento dos estudos e a dedicación exclusiva[18].


Nos últimos anos do s. XIX situamos estas magníficas fotografías do mosteiro capelán, non só pola súa calidade e encadre, senón por ser un escasísimo testemuño do estado previo á intervención de Pío García Espinosa e o cóengo e arqueólogo compostelán Antonio López Ferreiro en Caaveiro realizada a partir de 1896. Descoñecemos a súa autoría, aínda que non sería descartable que fose un encargo do primeiro como promotor das obras ou que puidesen ser encomendadas polo ilustre intelectual santiagués co fin de deixar constancia do estado previo antes de proceder ás demolicións realizadas. Inclinámonos pola primeira hipótese xa que as fotografías recollen máis o estado xeral das edificacións residenciais que as das igrexas, cuestión esta última que debería interesar máis ao sabio clérigo galego.



Alzado ao leste de Caaveiro. Pode verse o corredor da primeira das tres casas de cóengos da portería baixa antes da súa derruba. En primeiro plano, á esquerda, as antigas cortes. Detrás, o hórreo, e posterior a este, a porta barroca da portería baixa que daba acceso ao túnel que pasaba por diante das portas das tres casas

17. http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2014/02/11/leyendas-fotografia-gallega/965292.html

18. http://www.iegps.csic.es/web/iegps-instituto-de-estudios-gallegos-padre-sarmiento/a-tecnica-fotografica



Alzado norte do mosteiro, dende o camiño de Pousadoiro que descendía procedente das Neves. De dereita a esquerda, as casas da portería alta derruídas. Ambas igrexas estaban en ruína. A do centro, máis alta, denominada de S. Xoán Bautista, sen cuberta. A de Santa Isabel, derruída parcialmente



Fotografía tomada dende as inmediacións da ponte sobre o Sesín. Aínda permanecen en pé as casas de cóengos da portería de abaixo. O campanario barroco no centro e os restos das igrexas de Sta. Isabel e de S. Xoán Bautista

## Asociacións de excursionistas e turismo

Debido á toma de conciencia da sociedade sobre a necesidade de protexer o patrimonio fronte ao abandono que mostra o Estado, xorden en Cataluña, dende 1876, numerosas Asociacións de **Excursionistas**. Unha delas, a *Asociació Catalanista d´Excursions Científiques* realiza investigacións, estudos, inventarios e catalogación de monumentos. Tras a súa fusión co *Centre Excursionista de Catalunya* en 1890, a partir de 1904 é




Portada dá revista Vida Gallega nº 41, ano V, 1913, con fotografía [ circa 189..] premiada, do fotógrafo afeccionado Víctor López Rioboo (1873-1904). A fotografía é anterior á intervención de Pío García Espinosa e aprécianse aínda as construcións das casas de cóengos da portería baixa, a igrexa de S. Xoán Bautista na parte superior e o hórreo de cámara de madeira da entrada.

organizada en seccións, unha de elas de Arquitectura[19]. En Madrid, en 1886, é creada a *Sociedad para el Estudio del Guadarrama* na liña coa conveniencia expresada por Giner de los Ríos –debido á súa gran afección excursionista– de constituír sociedades excursionistas como as catalás xa existentes[20].

Na nosa comunidade autónoma tamén xorden reaccións nese sentido, aínda que máis tardías, como a do arquitecto Antonio Palacios, en 1925, que estimula a constitución dunha Sociedade Galega de Excursións para

> *"... fomentar a contemplación directa dos monumentos e o coñecemento do seu estado de abandono para animar á súa recuperación"*[21].

No que se refire ao turismo propiamente dito, xorde como unha práctica de indubidable modernidade en España nos inicios do século XX. Este novo hábito chegou cun certo atraso ao noso país. Xestouse en Gran Bretaña no século XVIII[22]. Tivo a súa continuación no amor pola natureza, característico do Romanticismo.

Existiron dúas correntes á mantenta da viaxe e o seu significado. Por unha banda, o excursionismo de raíces e gustos decimonónicos que concibía o turismo como unha

19. González Moreno-Navarro, A., *Diputación de Barcelona: setenta años de catalogación y conservación de monumentos*. Diputació de Barcelona, 1985, p.10.

20. Martínez de Pisón, Eduardo, *op.cit.,* p.174.

21. Palacios, Antonio, *La conservación de nuestro tesoro artístico regional*, en "Vida Gallega", 1925.

22. Aínda que na historia das viaxes esta postura é moi común, outros autores, como Fernández Fúster, Luís, *Historia Xeral do turismo de masas,* Madrid, Alianza Editorial, 1991, sosteñen que esta pretensión é unha proxección literaria sen fundamento e que a súa orixe foi a gran demanda das colonias británicas, sobre todo da India.

práctica cultural asociada ao histórico-artístico e, por outro, os que entenderon o turismo como deporte e lecer: velocipedistas primeiro e automobilistas despois.

Se tivésemos que encadrar o desenvolvemento turístico español no século XX, poderían destacarse catro etapas[23]. A primeira, baixo o reinado de Afonso XIII (1902-1931); a segunda coa Segunda República e o nacemento dunha incipiente estrutura autonómica até a Guerra Civil (1931-1939); a terceira, coincidente co franquismo (1939-1975); e a última, dende a transición democrática até final de século. No presente traballo trataremos unicamente a primeira delas con especial referencia a Caaveiro.

Mostra deste interese turístico polo mosteiro capelán eran as visitas organizadas para levar, entre outros, grupos de oficiais ingleses que chegaban a Ferrol, como flectía *El lucense: diario católico de la tarde*. Núm. 2584 de data tres de xuño de 1893.

## Fotógrafos de monumentos e "vistas" da paisaxe en Galicia nas primeiras décadas do século XX

A comezos de século rexístranse en Galicia fotógrafos que continúan a liña iniciada polos decimonónicos, pero con novas tendencias derivadas de demandas que son froito da economía e a modernidade do momento. Xorden novos estudos nas cidades e intensifícase o traballo nalgúns xa existentes. A Coruña era, con 19 estudos, un dos principais focos fotográficos do estado: só o adiantaba Barcelona (73 gabinetes), Madrid (57) e Valencia (32), pero por detrás quedaban Bilbao, Zaragoza, Sevilla e Málaga[24].

Entre os fotógrafos foráneos, dedicamos unhas liñas expresamente a Lucien Roisin Besnard (1884-1943) pola súa colección de fotos e postais sobre Caaveiro e o Eume que realiza na década dos 20-30.


Pero antes de introducirnos na figura de L. Roisin resulta interesante lembrar a orixe da tarxeta postal. Xorde en Austria en 1869, despois dun intento de circulación errado en Prusia. Iníciase como un medio de correspondencia máis económico que as cartas e sen necesidade de sobre. Cando se autoriza a empresas privadas a editar tarxetas postais, é cando nace a tarxeta postal ilustrada e con ela o seu carácter artístico e documental. Aparece o coleccionismo.

Entre 1900-1914 transcorre o período máis brillante, a chamada "Idade de Ouro" da tarxeta postal, converténdose no medio de comunicación máis popular. Durante eses anos as empresas de artes gráficas eran á vez impresoras e editoras. En España destacan: Hauser e Menet, Fototipia Escolá, Anxo Toldrá Vinazo e Lucien Roisin, sendo a maioría das tarxetas anónimas. Nas mesmas non aparece o nome dos fotógrafos, salvo excepcións como sucede cos fotógrafos e editores Antonio Cánovas ou Roisin[25]. Na revista *Ecos del*

23. Montaner Montejano, Jordi, *Estructura del mercado turístico.* Madrid, Ed. Síntesis, 1991, p. 71.

24. *La Opinión*, A Coruña, Ano XV. Núm 800, 2 de outubro de 2016.


25. Macedo Cordal, Carolina. *Lucien Roisin en Pontedeume*. "Cátedra, Revista Eumesa de Estudios", Nº 12, Concello de Pontedeume, 1993.





Taxeta postal. Casa Leira. Ferrol

*Eume.* Núm 244, do 11 de outubro de 2014 ofrecíanse coleccións completas de 40 postais fotográficas do partido xudicial de Pontedeume, que vendía Marcelino Saavedra no seu estudo e mesmo enviaba por correo contrarembolso.

Coa moda das postais prodúcese unha verdadeira caza do monumento, do costume e das "vistas". Xa non son as cidades, senón calquera vila ou lugar pasa a ser visitada polo fotógrafo. O coleccionismo e uso social convértenas nun florecente negocio do que gustaron participar os máis acreditados fotógrafos galegos do momento. Esta circunstancia propicia nas dúas primeiras décadas do XX un considerable corpus de imaxes sobre Galicia. A postal convértese nun elemento definitivo en canto a democratización da imaxe



*Carte postale* [circa 1920]



*Carte postale* [circa 1920]

fotográfica que, grazas ao multiplicador efecto da estampaxe, ve abaratados considerablemente os custos[26].

Como editor de postais Roisin traballou a miúdo con fotografías doutros autores, fotógrafos locais aos que compraba os *clichés* a fin de poder atender a gran demanda. Debido á falta de documentación e da cantidade de imaxes comercializadas por Postais Roisin, a identidade destes fotógrafos non puido ser establecida. O *Arxiu Nacional de Catalunya* posúe algunhas das súas fotografías, as correspondentes ao seu arquivo persoal con algo menos de 400 negativos, pero a maior parte atópase depositada no *Arxiu Històric Fotogràfi*c do *Institut d'Estudis Fotogràfics de Catalunya*. A colección supera as 77.000 imaxes, das cales 44.000 son postais e 33.000 son negativos[27].



Lucien Roisin (1884–1943).
Caaveiro anos [1920–30]




Lucien Roisin (1884–1943).
Caaveiro anos [1920–30]

26. Acuña, José Enrique, *Fotografías de Galicia no Arxiu Mas*, Centro Galego de Artes da Imaxe, 1995, p 13.

27. http://www.cadadiaunfotografo.com/2016/12/lucien-roisin.html




Lucien Roisin (1884-1943).Caaveiro anos [1920-30]



Caaveiro dende o norte. Edic. Casa Pardo Reguera, Arte e laboratorios fotográficos. Real 92, A Coruña

Foron varios os fotógrafos estranxeiros que visitaron Galicia na década dos vinte. Os seus nomes: Anna Christian, Arthur Byne, Mildred Stapley, Kurth Hielsher e Frances Spalding. Para a Xunta de Turismo realizou traballos, no 1928, Otto Wunderlich e anos

despois viaxaron até aquí Ortiz Echegiie e Kindel, nun tempo coincidente coas experiencias divulgadoras de Ksado ou Altable, ligadas ao mundo editorial e os intentos do Seminario de Estudos Galegos por conformar un arquivo fotográfico[28].

Outra coñecida fotógrafa é a norteamericana Ruth Matilda Anderson (1893-1983), que viaxa por Galicia e León entre o 14 de novembro de 1925 e o 31 de maio de 1926.

Na súa primeira viaxe polo noso territorio galego tomou unhas 5.000 fotografías, moitas das cales aínda permanecen sen positivar, e comprou outras 2.800 a fotógrafos locais. Na segunda viaxe tomou unhas 2.800 fotos. As imaxes adoitan recoller o ámbito rural e os oficios tradicionais. Estivo acompañada polo seu pai, que foi escribindo un diario. Ían cun coche *Ford* de aluguer cun chofer francés. Nas fondas onde se hospedaban improvisaban un cuarto escuro para ir revelando algunhas fotos. Na súa estancia na Coruña toma leccións de lingua castelá e interésase pola historia de Galicia.

Aínda que nacido en Ávila, Luís Casado Fernández, Ksado, (1888 -1972) revélase como un dos grandes fotógrafos de Galicia cuxas fotografías de principios do século XX constitúen as imaxes máis reproducidas do noso país, as súas xentes e os seus pobos. Aprendeu o seu oficio no estudo do coñecido fotógrafo Pacheco de Vigo, onde traballou durante dez anos e cuxo arquivo probablemente sexa un dos máis importantes de Galicia. Os seus libros *Estampas Compostelanas* e o álbum *Estampas de Galicia* (1936) son dúas publicacións de referencia[29].

Formado con Ksado, un histórico fotógrafo da nosa provincia é Ramón Caamaño Bentín (1908-2007), que comezou a súa actividade profesional retratando os seus veciños para que puidesen enviar as fotos aos seus familiares emigrantes en América. A partir do ano 1925 comezou a fotografar a súa contorna: mariñeiros, campesiños, paisaxes, ocasos, romarías, e os seus arquivos constitúen unha historia visual da súa comarca: a Costa da Morte.

Se dubida outro fotógrafo de interese é o catalán Ramón Dimas (1919-1965) cuxas fotos foron parte esencial dunha monumental guía de Galicia escrita por Carlos Martínez-Barbeito en 1956. Xunto a Ruth Matilda Anderson e Thurston Thompson son considerados por algúns os tres fotógrafos non galegos que mellor retrataron a Galicia de finais do XIX e principios do século XX.

Da nosa historia fotográfica coruñesa hai que mencionar a José Villar Martelo, (1873-1951) un coruñés que fundou na rúa Real a primeira tenda de fotografía da historia da Coruña cun arquivo de fotografía estereoscópica, formado por unhas 4.000 fotografías sacadas nos 25 primeiros anos de 1900. Algunha delas corresponde ao canón do Eume, no seu paso pola comarca eumesa acompañando a excursionistas[30].

28. *Ibidem. p* 15.

29. O seu arquivo fotográfico consérvase no Centro Galego de Fotografía.

30. Villar Ferrer, Juan, *La Coruña, lugares y acontecimientos de hace un siglo.* Fotografías inéditas de J. Villar Martelo, Edicións Temporae, 2012.

Aparecen fotógrafos como José Suárez (1902-1974) que comezou a facer fotografías aos 14 anos no seu pobo natal de Allariz. Recolleu no seu libro *50 Fotos de Salamanca*, cidade onde estudou. Tamén o pontevedrés Juan Manuel Castuera (1921-1990) que se destaca polas súas paisaxes galegas e escenas mariñas dende unha óptica pictoralista. Habería que lembrar tamén a moitos outros fotógrafos do mundo rural, algúns xa mencionados, como Gutiérrez e Bugarín en Tui¸ Giménez na Guarda, Prieto Guerra en Noia, Romero en Corcubión, Vidal en Laxe, Garita na Pobra do Caramiñal, Teijeiro en Mondoñedo, Godas no Carballiño, Barrio e Blanco no Barco, Novo en Monforte, Ramos en Codeseda, Virxilio Vieitez, e así un longo etcétera….[31]



Excursionistas polo canón do Eume. Foto de José Villar Martelo. (Aquivo Histórico Municipal A Coruña)

Na historia local eumesa, non podemos deixar de lembrar ao fotógrafo Marcelino Saavedra Pantín nacido en 1898 e cuxa primeira fotografía conservada é probablemente de 1900. Durante o primeiros trinta anos do pasado século foi o único fotógrafo eumés. A súa figura foi amplamente tratada por Brisset, Glez.-Baylín e Ríos na revista *Cátedra* nº 21. Aquí damos testemuño dalgunhas das súas magníficas fotos de Caaveiro de principios do século XX, acompañando grupos de excursionistas.



Grupos de excursionistas en Caaveiro. Circa [1920] Fotógrafo: Marcelino Saavedra Paadín. Arquivo Foto Ríos

31. SENDÓN, Manuel, *Notas sobre a fotografía galega e os arquetipos de representación*, Grial, nº 139,1998.

Anos máis tarde destaca Francisco Salido Seco (1901-1965), coñecido retratista, co seu estudo Foto Paco no segundo piso da praza do Conde de Pontedeume.



Grupos de excursionistas en Caaveiro. Circa [1920] Fotógrafo: Marcelino Saavedra Paadín. Arquivo Foto Ríos

Entre os fotógrafos locais afeccionados, necesariamente habemos de nomear a Gerardo Paadín Estrela (1879-1936) cunha importante colección próxima aos mil cristais negativos, parente do xa citado Marcelino Saavedra Paadín. A súa familia foi relevándose na conservación deste fondo, que hai uns anos foi publicado, en parte, pola mediateca do Ministerio de Agricultura. Tamén Teodomiro González Baylín (1916-1997), cunha significativa colección de excelentes diapositivas en cor, datadas en 1957[32].






Marcelino Saavedra Paadín e Gerardo Paadín Estrella

En Caaveiro estivo o fotógrafo Diego Quiroga y Losada, *IX Marqués de Santa María del Villar* (1880-1976) que nos deixou o seu testemuño. As súas fotografías recollen paisaxes e monumentos de todos os recunchos de España e o seu enorme arquivo fotográfico serviu para divulgar as imaxes do noso país en todo o mundo, sendo utilizadas tanto para publicacións da Dirección Xeral de Turismo como en carteis. Inicialmente o seu traballo fotográfico tivo un carácter pictorialista sendo un dos fotógrafos máis importantes de España neste estilo fotográfico. O *Diario ABC* publicaba en 1953 esta foto a páxina completa.




[Circa 1920]. Luís García Novoa, fillo de Pío García Espinosa, propietario do mosteiro de Caaveiro,(+1906), rodeado de "señoritas" da sociedade eumesa, sentado á beira de Elena Díaz Zamorano, en augas do río Sesín. Fotógrafo descoñecido


32. Brisset Martín, Xavier; González-Balín López, Luis, Ríos Vázquez, José Augusto, *Pontedeume visto polos seus fotógrafos. Unha débeda con Tito Ríos*, "Cátedra, revista de estudios Eumeses", nº 21, pp. 68 y ss.





Páx. do *ABC*.1953. Pontedeume 1938. Colección Alonso Robisco.
Fotografía do marqués de Sta María del Villar




Ribeiras do Eume por Caaveiro. Pontedeume 1938. Colección Alonso Robisco.
Fotografía do marqués de Sta María del Villar






Fotografía retocada na escaleira da excolexiata de Caaveiro do marqués de Sta. María del Villar

Abaixo: Caaveiro. 1921. Emparrados entre a casa do forno e o hórreo da portería de abaixo. Revistas da época como *A Ilustración Universal* editaban monográficos rexionais, algún dedicado a Galicia. En ocasións aparecía o nome do fotógrafo. Noutras, como nesta, eran de autor descoñecido




No que a outros arquivos fotográficos se refire, o de Loty foi creado en Madrid en 1927 a iniciativa de Concepción López, representante e editora, e do comerciante de papeis heliográficos e editor de fotografías Charles Alberty Jeanneret. Ambos contrataron o fotógrafo portugués António Passaporte, que entre 1927 e 1936 tomou imaxes de vistas urbanas, monumentos, paisaxes e tipos populares de toda España, principalmente para a súa comercialización en tarxetas postais. Dada a súa extraordinaria calidade técnica e artística, as fotografías do Arquivo Loty constitúen un ben cultural en si mesmo, ademais dun fondo documental e antropolóxico de notable valor e relevancia. Podemos destacar, entre outras, as fotografías de pontes das catro provincias galegas.

E de 1930, atopamos estes contactos sobre o canón do Eume e Caaveiro que pertencen a unha serie realizada polo arquitecto e debuxante francés Jean Braunwald (1901-1983), da Universidade de Burdeos e que corresponden ao seu percorrido por Galicia durante a súa permanencia en España con motivo de residir na Casa Velázquez[33] a cuxa 4ª promoción (1931-32) pertenceu. Alí coñeceu a que sería a súa futura esposa, a arquitecta Ágnes Chaussemiche (1900-1934), da 2ª promoción (1929-30), graduada en Belas Artes en 1929, unha das pioneiras da arquitectura en Francia a principios do s. XX

33. A Casa de Veláquez, unha das francesas no estranxeiro, é un lugar privilexiado onde artistas de diferentes orixes xeográficas e culturais desenvolven a súa creatividade, reflexionan sobre a súa profesión e as súas orientacións estéticas e comparten as súas experiencias. A súa sección artística é un centro que fomenta a experimentación, acolle sen prexuízo as máis variadas expresións individuais e participa na promoción do traballo dos seus membros.

e filla do tamén arquitecto francés Françoise-Benjamin Chaussemiche[34].


Ágnes Chaussemiche

Braunwald deixounos numerosos testemuños da arquitectura monumental en xelatino-bromuro no seu percorrido por España: Burgos, Salamanca, Selecta, Teruel, Alacante, etc… foron obxecto da súa atención. En Galicia captou imaxes da provincia de Ourense (Ramirás, Celanova, Oseira, etc...) e da súa capital. En Lugo, de Mondoñedo, e na provincia da Coruña, de Cambre e de Caaveiro. Non podemos asegurar que Braunwald coñecese as edicións de postais do seu paisano Lucien Roisin realizadas na década 1920-30 –especialmente as que se refiren a Caaveiro– e que fose ese o motivo que lle animou a coñecer o cenobio capelán, pero á vista do gran número de fotos que tomou sobre mosteiros, é evidente que era un tema do seu interese.

A secuencia das fotografías describen o que Jean Braunwald ía observando a medida que iniciaba o seu percorrido polas fragas do Eume e que culmina na visita ao mosteiro de Caaveiro. Parece evidente que realizou o seu itinerario polo camiño que, dende A Ventureira, chegaba paralelo ao río Eume até Caaveiro, contrariamente a outros moitos visitantes que o facían dende As Neves polo camiño de Pousadoiro.



330.- Probablemente a primeira fotografía da reportaxe. Unha panorámica do Eume no seu tramo final próximo á desembocadura. Arquivo Antonio Leira Noche


332.- Panorámica do canón do Eume. No centro divísase, no alto do cerro, o mosteiro de Caaveiro. Arquivo Antonio Leira Noche

34. Antoinette Fouque,Mireille Calle-Gruber,Béatrice Didier, *Le Dictionnaire universel des créatrices,*




333.- Panorámica do canón do Eume. En primeiro termo e máis á esquerda asómase a lámina de auga do río. Arquivo Antonio Leira Noche



334.- A foto parece estar tomada desde un recodo do camiño que vén dende A Ventureira, hoxe denominado Camiño Novo e a unha altitude superior á cota do mosteiro. En primeiro plano, á dereita, vese unha muller tocada cun chapeu. Podería ser a esposa de Jean Braunwald, a tamén arquitecta francesa *Ágnes Chaussemiche, que por entón gozaba dunha bolsa na Casa Velázquez de Madrid. Á esquerda, entre a vexetación e ao fondo, divísase a cara sur do mosteiro coa casa 3 de cóengos de arriba cuberta de hedra, o muro dos sotos abovedados e a torre-campanario.
Arquivo Antonio Leira Noche




335.- Panorámica do canón do Eume na que, entre a vexetación, se divisa o curso da auga do río Eume. Arquivo Antonio Leira Noche




336.- Esta fotografía está realizada ao final do camiño, xusto ao atoparse a casa do forno, entón habitada pola familia de Manuel Ramos Antón, caseiro da familia García-Novoa, propietaria do conxunto monacal. En primeiro plano, vemos o alpendre que estaba anexado a dita casa pola súa orientación sur. A continuación, un case irrecoñecible edificio de cortes de cabalos totalmente invadido pola maleza. Detrás, o hórreo que se atopaba na plataforma segunda do que se ve a porta branca de madeira na súa orientación ao leste. Detrás, o muro da portería de abaixo, a ábsida románica e a torre-campanario barroca. Arquivo Antonio Leira Noche



337.- Esta foto está tomada dende a segunda plataforma. Á esquerda, onde vemos un neno mirando á cámara, estaría o hórreo desaparecido. Ao fondo, un grupo de persoas (unha das cales probablemente é Felisa Fernández, esposa de Manuel Ramos Antón, o caseiro), que leva nos seus brazos unha nena e outra o colle do brazo. Detrás, en primeiro plano, unha visitante tocada con chapeu séguelle (posiblemente *Ágnes Chaussemiche). Arquivo Antonio Leira Noche.
Aproxímanse á porta barroca da portería de abaixo. Sobre o muro que aínda permanece despois de que D. Pío derrubase as casas de abaixo, obsérvanse os merlóns que colocou a modo de "fortificación". Detrás, asoman a torre-campanario barroca e a cuberta da ábsida románica da igrexa da Visitación ou de Sta. Isabel. Arquivo Antonio Leira Noche



338.- O grupo anterior de cinco persoas aproxímase na plataforma terceira ás escaleiras da torre-campanario. Á dereita, a ábsida románico. Obsérvase abundante vexetación nesta plataforma. Arquivo Antonio Leira Noche



339.- Detalle da torre-campanario e parte da ábsida. Os visitantes pasan por baixo do arco apuntado  ao final das escaleiras de subida ao mesmo. Arquivo Antonio Leira Noche



340.- Detalle do arco triunfal da igrexa de Sta. Isabel. Na parte do evanxeo. Á esquerda, o púlpito de madeira. Ao pé do muro norte do presbiterio, un soporte dunha cruz procesional. Diante do mesmo, no chan, a lápida da tumba onde estivo enterrado D. Pío García Espinosa. O altar está recuberto con manteis de encaixe. Do teito pende unha lámpada votiva de aceite. Arquivo Antonio Leira Noche



341.- Detalle das arquivoltas e tímpano da portada da igrexa de Sta. Isabel, que representa un cordeiro stauforo, practicamente idéntico ao da igrexa de Sta. María de Doroña de onde se inspirou López Ferreiro na reconstrución que realizou a finais do s. XIX. Arquivo Antonio Leira Noche



342.- Vista dende o extremo oeste da terraza-miradoiro. En primeiro plano, Felisa Fernández, esposa do caseiro Manuel Ramos coa súa nena en brazos. Ao fondo, á esquerda, a saída da igrexa polo corredor dende onde se accedía ao campanario. Á dereita, o antepeito de pedra da terraza-miradoiro ao Eume. Arquivo Antonio Leira Noche



343.- A foto está tomada dende a porta de casa nº 2 da portería de arriba. En primeiro plano, á dereita, ven as esquinas das casas de cóengos nº 2 e 3. No centro, as fachadas oeste e norte da antiga sancristía (convertida en pavillón de invitados) e sobre cuxa cuberta asoma a torre-campanario. Á esquerda, a fachada oeste da igrexa de Sta. Isabel reconstruída a finais do s. XIX por López Ferreiro. Arquivo Antonio Leira Noche



344.- Vista do canón do Eume dende a terraza-miradoiro orientada ao sur. Apréciase a figura de pedra -desaparecida- que había sobre o seu antepeito. Representa unha figura humana (á que xa lle faltaba a cabeza), de pé, cuxos brazos portan o que parece ser un libro aberto) Á dereita, o monte Areosa. Arquivo Antonio Leira Noche



345.- Detalle da torre-campanario barroca e a parte sur da ábsida románica. Arquivo Antonio Leira Noche36

Ademais desta reportaxe de Jean Braunwald, os arquivos históricos achéganos outras interesantes fotografías do primeiro terzo do s. XX. Son significativas estas dúas panorámicas de autor non identificado tomadas dende as inmediacións de Caaveiro. A primeira recolle a pasarela de madeira preto da antiga central da Ventureira e a segunda unha gran panorámica desde o camiño de Pousadoiro, baixando dende As Neves.



Río Eume nas inmediacións da vella central da Ventureira. A.R.G.



Esta panorámica de gran angular mostra unha imaxe de Caaveiro pouco usual polo seu encadre. Está tomada dende o camiño de Pousadoiro, na baixada dende As Neves, e ten a peculiaridade de que o ángulo de visión é superior a case todas as xa coñecidas realizadas dende este punto. A.R.G.

Na foto anteior, de esquerda a dereita vese a ladeira do monte na parroquia de Soaserra (Cabanas) e o pequeno canón que forma esa montaña co cerro do mosteiro no curso do río Sesín cando se atopa co Eume. O conxunto monacal, co pano de fondo –ao sur– do monte Areosa, mostra practicamente todas as edificacións que permaneceron desde a rehabilitación realizada por Pío García. Á esquerda divísase a casa do forno con algunhas das construcións auxiliares e o balcón que tiña na súa orientación oeste (hoxe desaparecido e do que só quedan os seus canzorros ou ménsulas). É fácil de observar as cinco plataformas que se gradúan –de leste a oeste– no mosteiro.



Fotografía de autor descoñecido e de data imprecisa [1930– ?]. Apréciase o mosteiro nun estado de total abandono. A vexetación cobre todos os edificios. Ao fondo, o camiño de Pousadoiro que sobe ás Neves. Propiedade de Carmela Lavandeira


Estas tres fotografas, de autor descoñecido, mostran o mosteiro dende a orientación sur en aproximacións sucesivas. Poderían ser realizadas na mesma reportaxe, á vista do estado no que se atopa o mosteiro. Probablemente foron tomadas dende o carreiro que cerca o bordo do río Eume dende o que hoxe é a ponte de Sta. Cristina e seguindo a marcha en dirección oeste.




"COLEXIATA DE CAAVEIRO", fotografía tomada dende o sur, na que se poden ver en moi bo estado os miradoiros das casas da portería de arriba, o morisco ajimez, e á dereita o hórreo que estaba diante da portería baixa e, debaixo deste, os trobos ou colmeas feitas con cortiza de troncos que constituían a alvariza situada na orientación sur. A vexetación rubía por todos os muros. Circa [1920-40 ] A.R.G.



"COLEXIATA DE CAAVEIRO", fotografía tomada dende o sur, na que se poden ver, con maior amplitude que na anterior, todas as edificacións do mosteiro incluídas á dereita do hórreo, o edificio das cortes de cabalos e a continuación a casa do forno. Na parte inferior, o recodo do Eume ao seu paso por Caaveiro. Á dereita, os socalcos ou aterrazados dos antigos viñedos e hortas de labor. A. R. G.




Fotografía de autor descoñecido. Caaveiro dende o río Eume. Edic. Librería Miguel López Torre



Panorámica de Caaveiro dende o camiño medieval de Pousadoiro, de autor descoñecido e de data imprecisa. Ao fondo, o monte Areosa no concello de Monfero co Pico de Penedo Gordo. [1920- ….]

## Escritores e turismo en Caaveiro no primeiro terzo do s. xx

Como actuación pioneira con fins turísticos no século XX, é creado en San Sebastián en 1902 o primeiro Centro de Iniciativas Turísticas de España[35]. Nesta primeira etapa de desenvolvemento turístico na monarquía xorde a primeira norma de planificación do turismo, que marca o inicio da política nese sector en España. A dita norma data do 6 de outubro de 1905 e concrétase nun real decreto polo que se crea a Comisión Nacional de Turismo[36] cuxa misión é o desenvolvemento da práctica do turismo en España e a atracción de estranxeiros que contribúan coas súas divisas para sanear a economía española.

Nestes primeiros anos do século XX celébranse no noso país varios congresos internacionais de turismo: Zaragoza (1908), San Sebastián (1909) e Madrid (1912). En 1911, é creada a Comisaría Rexia de Turismo, que absorbe a inicial Comisión e que alcanza un rango superior debido á súa dependencia directa da Presidencia e a integración de funcionarios de diferentes ministerios[37]. Á fronte da mesma, como comisario rexio, é nomeado Benigno Vega-Inclán e Flaquer, marqués de La Vega Inclán, que é pioneiro en acometer cuestións fundamentais para o turismo nacional tales como o apoio a proxectos naturalistas de conservación da contorna e a conservación e exhibición do noso patrimonio arquitectónico[38]. Algún autor[39], aínda que lle recoñece méritos como principal promotor turístico en España, repróchalle non entender o labor rexeneracionista que debía ter o tu-rismo nacional na época[40].

O interese polo patrimonio monumental, e en concreto polo mosteiro eumés, reflíctese en boletíns e en artigos dalgúns escritores locais. Nesta primeira década do século son escasas, aínda que paulatinamente intensas, as referencias e os testemuños de visitas a Caaveiro que aparecen nas hemerotecas: Galicia Histórica. Revista bimestral. Ano I. Número 1 (xullo-agosto 1901), cita en varias ocasións o mosteiro. No Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense. Tomo I. Núm. 12 (xaneiro 1900), José Villaamil e Castro cítao en relación a Antonio López Ferreiro.

35. Este tipo de Centro de Iniciativas e Turismo, como o Ría de Ares na Comarca do Eume, de carácter privado, foi creado en 1970 dentro da progresión de iniciativas para a organización sectorial da promoción do turismo, e terá un certo protagonismo en relación a Caaveiro e a súa contorna. Por entón, existía unha Federación Española de Centros de Iniciativas Turísticas (F.E.C.I.T.) á que este centro achegaba unha cota federativa de 300 pts. no ano 1983.

36. A Comisión estaba integrada no Ministerio de Fomento e no real decreto publicado na *Gaceta de Madrid*, nº 280, constátase a crecente afección a viaxar e, do mesmo xeito que noutros países como Suíza e Italia, obtiñan elevados ingresos por esa corrente de excursionistas, o que para España tamén podería supoñer ingresos na súa balanza económica.

37. Montaner Montejano, Jordi, *op.cit.*, p. 72.

38. Neste aspecto, é de destacar o que sinala Ordieres Dez, Isabel, *op. cit*., p.139, á mantenta da posta en práctica das teorías estritamente conservadoras de restauración, atribuíndolle ao marqués de la Vega-Inclán o mérito de ser pioneiro da súa aplicación na intervención no Alcázar de Sevilla, completando os panos de *sebka* das arquerías con tabicados de ladrillo, actuación radical que levantaría grandes eloxios entre algúns aínda estudantes de arquitectura como Torres Balbás, pero que tamén irritaría a Lampérez, un dos máis conspicuos violletianos, que exclamaría que este método só podía conducir á simple ortopedia arquitectónica.

39. Moreno Garrido, Ana, *op.cit.,* p. 324.

40. Ademais de promover a edición de série, A arte en España, a Comisaría editou durante a súa época e baixo a súa dirección máis de douscentos títulos, abrindo por primeira vez aos españois a riqueza monumental e artística do noso país, como recolle Fernández Fúster, Luís, *op. cit*., p.217.

O *Anuario Ferrolano*[41] en 1902 aborda aspectos da historia de Caaveiro e, en 1903, a mirada do escritor Isidoro Bugallal e Araujo, por exemplo, non difire moito da dos románticos nas apreciacións de carácter xeográfico sobre o lugar. Ademais de que introduce no texto algún matiz histórico que recolle doutros autores, percibimos nela unha incipiente proxección turística.


Isidoro Bugallal


É tamén significativa a crónica aparecida en *El Eco de Galicia*: *órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas.* Núm. 411 do 20 de marzo de 1903 na que se fala da lenda de Diego de Samboulo, que se basea nun manuscrito do s. XVI localizado por Martínez Salazar, editada nun volume por Juan A. Menéndez, de Lugo, e adornado con vistas da colexiata de Caaveiro.

Por esas datas, *El Correo Gallego: diario político de la mañana.* Ano XXVII. Número 8658, do 6 de xaneiro de 1904*,* pu-blica un artigo de Leandro de Saralegui y Medina[42].


Leandro de Sarlegui y Medina

En novembro de 1906, outro escritor viaxeiro, Jorge Bruhmel, publica no *Almanaque de Ferrol*[43] as súas "Impresións dun excursionista". Un amplo relato sobre Caaveiro que escribe despois de pasar tres días alí e que podemos encadralo na visión do *sublime,* propia da mirada do período romántico. No momento da visita só vive no mosteiro a familia do caseiro Francisco Paz, na casa do forno.

Non menos romántica que a de Bruhmel é a mirada que nos mostra en 1907 Edmundo Roberes[44] na revista *Galicia* acompañada da mesma foto tomada dende a cara norte, próxima ao río Sesín, do fotógrafo afeccionado A. Rabadán.


Caaveiro en *Almanaque de Ferrol*. 1906



"Caaveiro e a súa colexiata" artigo de Edmundo Roberes con foto de A. Rabadán

41. VV. AA., *En tiempos del Conde Pedro Froilaz*, "Anuario Ferrolano", El Ferrol, 1902, pp. 56-58.

42. Leandro de Saralegui y Medina (1839-1910), foi un militar naval e escritor español. Membro das Sociedades de Amigos do País de Cartaxena, Madrid e Filipinas, e académico correspondente da Real Academia da Historia e do número da Real Academia Galega.

43. Bruhmel, Jorge, *Almanaque de Ferrol,* Imprenta e Estenotipia de El Correo Gallego, 1906, p.100-107.

44. Edmundo Roberes Alonso foi director do Eco de Pontedeume, xornal editado en Pontedeume entre 1906 e 1918. A partir do número 83 de1 de novembro de 1908 convértese en revista quincenal e cambiou o seu nome polo de Galicia Pintoresca publicando o seu último nº 126 en 1910.

O excursionismo poñía o seu obxectivo no mosteiro capelán: *El Eco de Galicia: diario católico e independiente.* Núm. 871 (08/07/1909), comunicaba o regreso dunha excursión do reitor de S. Xurxo, D. Víctor Cortiella; *Galicia Histórica a a Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela*. Núm. 163 (29/07/1909), relata que o sacerdote e catedrático da Universidade Pontificia, Antonio López *Carballeira* descubriu nunha excursión a Pontedeume varios notables pergamiños pertencentes ao mosteiro de Caaveiro. Esa visita deu pé a que ese ilustre investigador –amigo e biógrafo de López Ferreiro– faga unha descrición en 1909[45] do lugar cunha visión que poderiamos cualificar prototípica dunha mirada romántica, no máis amplo sentido do termo, aínda que cronoloxicamente xa nos atopemos no período tardo-romántico. Cunha xenuína linguaxe decimonónica percorre os aspectos paisaxísticos, ambientais, xeográficos e arquitectónicos, despois de permanecer en Caaveiro durante cinco días.



En Caaveiro, convidado por Pío García, Manuel María Puga e Parga (Santiago de Compostela 1874 – A Coruña 30 de setembro de 1918), coñecido como Picadillo, escritor, gastrónomo e político galego. Debido ao seu voluminoso tamaño e gran peso (ao redor dos 225 kg), tivo que baixar o zigzagueante e empinado camiño de Pousadoiro subido a un carromato de catro rodas, tirado por bois, que forraran interiormente con colchóns para que non se fixese dano se golpeaba contra os laterais. c.[1915]

Na segunda década do século XX, increméntanse notablemente as publicacións, citas e testemuños. En 1911, autores como César Vaamonde Lores[46] fan reiteradas referencias históricas a Caaveiro en distintos boletíns da Real Academia Galega. En 1915, Ángel

45. López y Carballeira, *Antonio*, op. cit., p 14.

46. Vaamonde Lores, César. *Importante escritura de doazón outorgada por D. Bermuda, Rey de Galicia, a favor del Monasterio de Canónigos de San Juan de Caaveiro. Año 934*, "Boletín de la Real Academia Gallega", Nº 159, 1 de xaneiro de 1924. T.14 pp. 49–58.

del Castillo, por entón delegado rexio[47], fálanos da orixe do topónimo, da súa fundación, de aspectos históricos e dos seus valores estéticos. Tamén nos fai unha invitación para visitar o lugar, nunha intencionada promoción turística.


Antonio López Carballeira


César Vaamonde


Ángel del Castillo

Unha mirada economicamente interesada é a que propicia que o século se inicie coa necesidade de potenciar os recursos turísticos. Proba diso son outros escritos de Ángel del Castillo[48] que resaltan os aspectos artísticos e históricos de Caaveiro.

Na mirada de Ángel del Castillo advírtese unha sensibilidade de signo ben diferente a outras da época. A paisaxe de Caaveiro xa non é "horrorosa", senón que pasa a ser "fermosísima". Resalta os aspectos históricos do lugar e anima ao visitante para gozar da arte e da natureza mentres contempla a arquitectura e a paisaxe nun enclave que convida ao recollemento e ao goce dos sentidos.


Vista do conxunto desde a ponte, coa igrexa de santa Isabel e as casas de cóengos de arriba rehabilitadas. ca.[1915. ]Foto de Ángel del Castillo

VAAMONDE LORES, César, *Foro otorgado por el Prior de Caaveiro a favor de Juan Verea y de su mujer María Pérez de Lavamaos, en la parroquia de Erines*. "Boletín de la Real Academia Gallega". Año 1406, nº 68, 1 xaneiro 1913, T.6, p.198.
VAAMONDE LORES, César. *Escritura otorgada por la infanta Dª Paterna á favor del Abad D. Sabarigo, por la que le hace donación del monasterio de Cines, y de las iglesias de Cuiña, Salto, Mandayo, Cullergondo y Vivente*, "Boletín de la Real Academia Gallega", 27 de xuño do ano 1.911, nº 47 e 48.

47. CASTILLO, Ángel del, *Arquitectura en Galicia* en "Geografía General del Reino de Galicia", Carreras Candi, dir, Tomo V, p. 933.
CASTILLO, Ángel del, *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Coruña, pp. 83-84.
CASTILLO, Ángel del, *Origen de la palabra Caaveiro*, en "Breamo", Semanario Independiente defensor de los intereses xerais de Pontedeume y su comarca, Pontedeume, xuño de 1915.
CASTILLO, Ángel del, *Iglesias antiguas de Galicia. La Colegiata de Caaveiro*, en "Breamo". Nº 70. Semanario Indepen-diente defensor de los intereses xerais de Pontedeume y su comarca. Pontedeume, 26 de setembro de 1915.
*Iglesias antiguas de Galicia. La Colegiata de Caaveiro.* (Continuación), en "Breamo". Nº 78. Semanario Independiente defensor de los intereses xerais de Pontedeume y su comarca. Pontedeume, 21 de novembro de 1915.
*La Colegiata de Caaveiro*. Universidad Popular de La Coruña. Sección Excursionista. Impreso nº 3.

48. Unhas das funcións do seu cargo como delegado rexio era, precisamente, procurar información sobre como intervir nas restauracións e cultivar o amor pola arte e o interese pola cultura nos cidadáns.

# UNIVERSIDAD POPULAR DE LA CORUÑA

## SECCIÓN EXCURSIONISTA

(IMPRESO NÚMERO 3)

## La Colegiata de Caaveiro

**Su situación.**—A 14 kilómetros, por fáciles caminos, de la villa de Puentedeume (La Coruña), erguida sobre unos aguzados crestones de pizarra, en medio de una frondosísima hondonada por donde corren las aguas del Eume, en un lugar tan poético y pintoresco que difícilmente se hallará entre los más lindos de Galicia otro que pueda competir en hermosura con Caaveiro.

**Su historia.**—Consta su existencia en el año 930, en el cual, al parecer, estaba habitado por monjes cluniacenses; años más tarde, en 936, le hizo San Rosendo, monje que fué de dicha Casa, una donación copiosísima, creyéndose que a este santo gallego debe su fundación esta Colegiata. Fué muy protegida de nobles y príncipes, especialmente del Emperador Alfonso VII (siglo XII), al cual debe mucha de la importancia que alcanzó en los últimos siglos de la Edad Media. A causa de la pobreza a que había llegado, debida en gran parte a la Casa de Andrade, Pío VI mandó suprimir esta Colegiata a últimos del siglo XVIII, y declarados sus bienes como del clero secular, fueron enajenados por el Estado en 1841, reservándose su iglesia la Mitra Compostelana.



Es actualmente Patronato de los herederos de don Pío García Espinosa, quien logró restaurar gran parte de las ruinas utilizando los mismos sillares del monasterio, gracias a lo cual se conserva una iglesia y dos de las casas de canónigos, con la misma forma y el mismo carácter que antes tenían.

**La iglesia.**—De las dos románicas que tuvo, ambas de una nave y un ábside semicirculares añadido a un cuerpo de presbiterio, conserva solamente la más pequeña. Cubre la nave con madera, y el ábside con bóvedas de cuarto de esfera y de cañón semicircular peraltado, que se apoyan en arcos sostenidos a su vez por semicolumnas de bases tóricas y capiteles esculpidos con hojas en volutas. Conserva restos de pinturas murales muy antiguas. Pertenece esta iglesia a últimos del siglo XII y es un ejemplar, en su estilo, muy hermoso.

**Otros edificios y dependencias.**—De las cinco casas de Canónigos que tenía el recinto del Monasterio, sólo conserva dos, destinadas a vivienda de sus Patronos, quienes lograron reunir en ellas un pequeño pero interesante museo arqueológico, para cuya visita se complacen en ofrecer toda clase de facilidades.


Quedan, además, restos de los sótanos y calabozos, así como de otras dependencias de distintas épocas y servicios.

**Su importancia.**—Aunque es grande la que tiene, por su antigüedad y su historia, mayor es todavía por su pintoresca y hermosísima situación, lo que hace de Caaveiro uno de los puntos de España más dignos de ser visitados por los amantes del arte y de la naturaleza.

**A. del Castillo.**

"A Colexiata de Caaveiro" artigo de Ángel del Castillo  con foto de A. Rabadán

Estes aspectos artísticos, históricos e da beleza do lugar son destacados en *El Progreso: semanario independiente*. Año VII Número 1159 - do 30 de setembro de 1913. Tamén en *Vida gallega: ilustración regional*. Año V Volumen IV Número 45 – da mesma data.



**Universidad Popular**

**UNA EXCURSION A CAAVEIRO**

La "Universidad Popular" prepara para el domingo 27 del corriente una interesante excursión de cultura con objeto de estudiar el importante salto de agua de la Capela, visitar el histórico y antiquísimo monasterio de Caaveiro y conocer la incomparable belleza de la cuenca del Eume, que allí presenta uno de los más pintorescos y hermosos panoramas de nuestra tierra.

Se hará el viaje en varios automóviles hasta las Nieves, única manera fácil de hacerlo en el día, para lo cual y á fin de que haya tiempo para todo, se saldrá del Obelisco á las cinco y media de la mañana, y se estará de regreso entre nueve y diez de la noche.

En Puentedeume se unirá á los expedicionarios coruñeses el Grupo Excursionista de aquella simpática villa y en las Nieves el de Ferrol, que hará el viaje á pie desde Perlío.

Además de los socios de la "Universidad Popular" podrán figurar en dicha excursión aquellas personas amantes de estos actos de cultura, que lo deseen, siempre que lo permita la cabida de los automóviles, para lo cual una vez cubierto el número de excursionistas, se cerrará la lista de inscripción.

En el local de la "Emancipación", Cordelería, 32, y en casa del Sr. García Ibarra, Real, 66, pueden inscribirse los que lo deseen.

*La Voz de Galicia*. 20 de xuño de 2015. Excursión a Caaveiro




Caaveiro en *Vida Galega*. Fotógrafo no identificado. 1913

En "Rincones artísticos de Galicia. El monasterio de Caaveiro. Pontedeume", lemos un extenso artigo de Aguabar, acompañado de fotos do fotógrafo afeccionado Luís Silva Salgado, no que se relatan diversos aspectos da orixe e restauración do mosteiro capelán. En *La Voz de Galicia* de 20/6/2015 anunciábase unha excursión cultural a Caaveiro dende Ferrol e A Coruña en varios automóbiles, e no número do 9 de xullo enxalzábanse as características histórico-artísticas do monumento. Na *Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela*. Num. 51 (11/04/1916), nun artigo titulado "La literatura e historia antigua de Galicia" dáse conta da terceira conferencia impartida polo P. Atanasio López[49], erudito franciscano e un dos máis prestixiosos do move-

49. Frei Atanasio López (1876-1944). A súa produción literaria oriéntase fundamentalmente ao campo histórico e misiolóxico. Escribiu 30 obras monográficas, dedicou a súa atención a catro campos da historia: máis de 280 artigos dedicados ao franciscanismo en España e particularmente na Provincia de Santiago, 66 a obra misioneira dos franciscanos en América, 137 a Galicia, particularmente á historia de Compostela, e artigos sobre obra misioneira franciscana en Marrocos.


El P. Atanasio López, franciscano


José Mª Moar Fandiño


Nicolás Font

mento dos estudos históricos, na que comentou o donativo de códices que recibiu Caaveiro cara ao ano 935.

Pola súa parte, *El Correo de Galicia: órgano de la colectividad gallega en la República Argentina.* Núm. 706 de 30 de novembro de 1919, un artigo titulado "La Provincia de La Coruña" fala da beleza arqueolóxica do cenobio de Caaveiro e *El Compostelano: diario independiente.* Año I Número 127 - del 14 de julio de 1920, na sección Peregrinos de Bezoucos, José Mª Moar[50] esténdese sobre a historia e a xeografía do mosteiro.

O capítulo de **excursións e de vida social** queda ben cuberto por *Vida gallega: ilustración regional.* Año VIII Volumen V Número 73 - de 1 de agosto de 1916, con outro artigo de Aguabar sobre Pontedeume, que informa da posibilidade de facer excursións a Caaveiro.

Merece a pena destacar a pequena "aventura" que supoñía por entón unha excursión a Caaveiro e os seus arredores dende A Coruña. Vexamos a programada os días 29/6/ e 30/6 de 1918 por J. Aznar, M. Monteagudo, G. Nieto, Lino Molina P. e J. Saenz, e que coñecemos polas anotacións realizadas ao dorso dunha serie de fotografías[51].

> *"Saída da Coruña 29/6/1918 ás 3,00 p.m. (tren a Ferrol).*
> *Saída a Pontedeume (o mesmo día) ás 7,00 h. p.m. "a pé".*
> *Chegada ás Neves nese día ás Neves (A Capela), ás 9,30 p.m. Saída á central da Capela o día seguinte ás 9,00 a.m. regresando ás Neves por Caaveiro, que visitamos, onde comemos.*
> *Regreso: 30/6/ 1918 en coche a Pontedeume (1hora 10 min.) á Coruña en tren."*

Como era preceptivo en determinados excursionistas de certo poder adquisitivo, para deixar constancia da excursión realizábase unha reportaxe fotográfica como a que se presenta.

50. José María Moar Fandiño, (1878 -1934) foi avogado, escritor e xornalista galego.

51. Do arquivo fotográfico de Antonio Leira Noche, ao que o autor testemuña o seu agradecemento.



Os 5 excursionistas na Central da Capela



Sala de máquinas da Central



Río Eume (alto). Desviación para Salto da Capela, Panorámica da Central co río



Canón do río Eume (tomada desde Caaveiro)

Tamén *El Correo Gallego: diario político de la mañana.* Año XLI Número 14818, de 31 de decembro de 1918, que dá conta da excursión de Toxos e Froles a Caaveiro e por *El Ideal gallego: Num. 687 del 27 de abril de 1919* que relata nunha crónica, a voda realizada no palacio prioral de Caaveiro en Cabanas. Así mesmo *El Correo Gallego: diario político de la mañana.* Año XLII Número 14935, de maio 24 de 1919, dá conta da Excursión artístico-recreativa organizada por Toxos e Froles.



Excursión a Caaveiro do Círculo Obreiro de Ferrol. [Circa 1910-1020]

Pero este impulso turístico e excursionista verase incrementado notablemente na terceira década do século e así o van reflectindo os xornais e revistas do país galego.

En relación ao noso mosteiro eumés, son publicados diferentes artigos como os que aparecen en 1903 en el *Eco de Galicia;* o xa citado "Caabeiro y su colegiata", de Edmundo Roberes[52], o 15 de agosto 1907 na Revista *Galicia*. Outro titulado "Caabeiro" do escritor ferrolano Nicolás Font[53] o 3 de novembro de 1908 en *El Eco de Galicia*. En *Suevia,* en 1916, un artigo titulado "Caaveiro". Tamén outro artigo en 1916, no *Almanaque Gallego*. Outro en 1919, en *Suevia*, no apartado "La Galicia Histórica", titulado "La Colegiata de Caaveiro: onde se fala de cómo está e cándo se fundou este vellísimo templo

52. Edmundo Roberes Alonso foi director do Eco de Pontedeume. Apareceu por vez primeira o 4/2/1906e a partir do nº 83 do 1/11/1908 denominouse *Galicia Pintoresca.* O seu último nº foi o 123 do 20/2/1910.

53. Nicolás Fort e Roldán (Ferrol 1852-Valencia 1915). Xeneral Intendente de División, poeta, historiador e xornalista. Fundou o *Anuario Ferrolán*, colaborando con diversos medios de comunicación e revistas.




Grupo de exploradores de Pontedeume. Excursión a Caaveiro.1915. A foto está tomada na última das casas de cóengos da portería alta. Arquivo fotográfico de José Ríos. Pontedeume

galego", firmado por Eduardo de Soto Quiroga; así como o titulado "Colegiata de s. Juan de Caaveiro y río Eume".

Os diarios rexionais daban conta da vida social que por entón se desenvolvía no mosteiro e que foi motivo para tomar non poucas fotografías. *El Correo Gallego: diario político de la mañana: Año XLIV* os días 8 de setembro, e 7 e 23 de outubro de 1921, comentaba a noticia de que con motivo das festas de Pontedeume, volveu organizar, despois de estar dezasete anos suspendida, "a famosa e celebrada romaría do antigo mosteiro", idea que xurdiu dunha excursión realizada o ano anterior (1920) entre os que se atopaban, ademais de Luís García, fillo de D. Pío e por entón en funcións, alcalde de Pontedeume, o cóengo de Toledo, P. Antonio López Carballeira. Houbo fogos de artificio, repenique de



En As fragas do Eume, mozos do lugar con visitantes de Caaveiro nun coche. Foto: Arquivo familia Moliner



Grupo de amigos e familiares nun recodo do río Sesín, en Caaveiro; en primeiro lugar, sentado, Luís García Novoa, fillo menor de D. Pío. Foto: Arquivo Mª Esperanza García, neta de Pío García. c.[1921]

campás, rosario na capela e baile á luz lúa, até as catro da madrugada. Acompañábase dunha foto do mosteiro (sen identificar o autor).



Luís García Novoa coas súas irmás e unhas amigas divertíndose en Caaveiro (anos 20). Foto: Arquivo Mª Esperanza García, neta de Pío García

En 1924 chega a Vigo Ruth Matilda Anderson, etnógrafa e fotógrafa norteamericana antes mencionada, que vai vivir practicamente un ano en Galicia realizando reportaxes e reunindo documentación para un libro que, 15 anos despois, vería a luz en Nova Iorque. Anderson era debedora de toda a literatura de viaxeiros en lingua inglesa que dende tempo atrás se ocupou de Galicia. O propio fundador da institución –Hispanic Society of America– impulsora da súa viaxe, Archer Milton Huntington, coñecía as terras galegas dende 1898, e escritores como Annette Meakin, Walter Wood, Aubrey Bell ou Xeorxiana Goddard Kind publicaron libros, algún con fotografías, centrados nas súas experiencias galegas[54].

Concretamente en 1910 é publicada a guía de Walter Wood[55] *A corner of Spain.* Nela atopamos este sorprendente e imaxinativo comentario sobre a colexiata de Caaveiro que cualifica o mosteiro como antiga fortaleza relixiosa militar con "mazmorras oscuras"[56]:

> *"Ferrol ten moita atracción nesta vecindade para os anticuarios, que atoparon aquí algo do máis interesante dos restos celtas de Galicia. Os arrededores, tamén son evocadores de Santiago, a quen se lle atribúe a fundación da ex-Colexiata de Caaveiro, unha ducia de millas ao leste de arsenal. Este edificio é unha das grandes antigas fortalezas militares relixiosas do país, e posúe mazmorras escuras, húmidas, nas que os cativos non eran quen de deitarse ou estar de pé ergueitos."*

Pero por entón, nin Caaveiro nin a súa contorna dispoñen aínda de declaración monumental. Era necesario seguir traballando para obter un desexable grao de protección. Neses momentos a promoción turística da provincia da Coruña proxéctase tamén cara ao exterior. Edítase nesa época a revista *La Coruña, ciudad de verano* a cargo da Sociedad

54. Acuña, José Enrique, *Fotografías de Galicia no Arxiu Mas*, Centro Galego de Artes da Imaxe, 1995, p. 14.

55. O escritor Walter Wood e o paisaxista Frank Henry Manson non estiveron moito tempo en Galicia pero deixaron unha guía titulada *A corner of Spain,* onde dirixían os seus compatriotas aos lugares que consideraban máis interesantes. A obra tomaba prestado o título doutra guía de finais do século XVIII escrita por Miriam Coles, pero que se centraba unicamente no sur da península.

56. Aínda que podería interpretarse a alusión de Wood ás mazmorras, referida aos sotos abovedados, cremos que o fai en relación ao soto da antiga sancristía xa que é o único no que un cativo non cabería "de pé ergueito".

de Fomento de Turismo[57], que nos seus números dos anos 1925 a 1930 inclúe recensións promocionais dos enclaves máis significativos dos arredores da cidade herculina. Entre eles está Caaveiro.




En primeiro plano, excursionistas diante da antiga sancristía, na que Walter Wood supoñía "que os cativos non eran capaces de deitarse ou estar de pé ergueitos."A. R. G.[1930-40]. As cadeiras sobre as que están sentados os visitantes da esquerda atópanse hoxe nun domicilio da Capela



57. "La Coruña y su provincia" en *La Coruña, ciudad de verano.* Guía patrocinada polo Comité de Fomento do Turismo. Coruña .1925. Ver tamén 1926, 1927,1930.



Caaveiro cos emparrados que rodeaban as cortes de cabalos



Caaveiro. Anos 20 do século XX aproximadamente, con neve no seu cara norte

A linguaxe que emprega é similar ao resto das promocións turísticas: lugares fermosísimos, admirables paisaxes… Esas recensións acompáñanse de reportaxes fotográficas que mostran as paraxes e edificacións máis importantes da provincia. Promociónase o turismo máis aló das nosas fronteiras inserindo pés de foto nos idiomas castelán, inglés, francés e alemán.

As primeiras accións turísticas españolas neses momentos son unha proxección da forma de sentir da época. Entre outras, podemos citar a Casa do Greco, a Casa de Cervantes, a reconstrución do barrio de Santa Cruz en Sevilla e a creación da rede de Parques Nacionais.

Na nosa comunidade galega, neses anos do primeiro terzo do século XX son creadas tamén sociedades de promoción turística que enxalzan os enclaves e os monumentos máis relevantes da comarca. Continúa esa mirada turística, economicamente interesada para a captación dun potencial turismo.

En *El Correo de Galicia: órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*, Núm. 793 do 26 de xuño de 1921, con motivo dun incendio na capela do Relicario da catedral de Santiago, refírese a que algúns dos seus obxectos máis valiosos rescatados foron os procedentes do mosteiro de Caaveiro. En *El Ideal gallego:* Núm. 1795 do 31 de maio de 1923 publícase un artigo sobre os cálices de Galicia, e cítase o de Caaveiro. Así mesmo, en *El pueblo gallego: diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia.* Núm. s.n. do 15 de xuño de 1924 este mosteiro aparece nun artigo de Armando Cotarelo[58].

Pero non só na prensa diaria, senón nas revistas *Nos*, *Céltiga, Vida Gallega, Alfar,* publicábanse con frecuencia fotografías da riqueza monumental. Diversos Ateneos, a Universidade compostelá, *Estudios Gallegos* e outros centros e publicacións espertaban o interese pola arte rexional, como lembraba o arquitecto Antonio Pa-


Caaveiro, 6 de decembro de 1924. O morisco ajimez que cita López y Carballeira

58. Armando Cotarelo Valledor (1879 - 1950). Escritor, historiador e crítico literario español. Aínda que asturiano de nacemento, lingüística e culturalmente sempre se considerou galego.

lacios[59] no artigo, "La conservación de nuestro tesoro artístico regional", publicado no nº 253 de *Vida Gallega,* no 1925[60].

O da revista *Alfar*, *Revista de Casa América- Galicia* Nº 22, de outubro de 1922, leva por título "La Colegiata de San Juan de Caaveiro" e dispón a toda plana da reprodución do positivo do mosteiro rodeado de vexetación.

De igual modo, son inseridas cuñas promocionais en revistas como a xa citada[61] *La Coruña, ciudad de verano* nas que se aprecia esa mirada cun transfondo de interese económico. A promoción turística excede o ámbito local e é publicitada en varios idiomas para a captación do turismo foráneo.


Armando Cotarelo


Antonio Palacios

Esta promoción dos valores e a conservación dos tesouros artísticos rexionais obsérvase en multitude de artigos, algún como o que trata sobre "La Conservación de nuestro tesoro artístico regional" no que se alude a Caaveiro, publicado o 25 de xaneiro de 1925 en *Vida gallega: ilustración regional.* Año XVII Número 268. O *de El pueblo gallego: diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia,* s.n. do 1 de xaneiro de 1928, que nun artigo sobre o turismo, cítao varias veces. Ou no de o mesmo ano, onde se fala da orixe de Caaveiro no s. X, século no que se erixen outros mosteiros como os de Ribas de Sil, Carboeiro , etc… Tamén en *El Pueblo gallego* do 27 de xuño e do 12 de xullo de 1928 cítase a Caaveiro en varios artigos sobre turismo, un deles titulado "El Turismo y Galicia".

Pola súa parte, *El Correo gallego: diario político de la mañana,* Año L Número 17847, do 27 de decembro de 1928, dedica un artigo ás Rutas de turismo ferrolanas. Matías Usero Torrente[62] fala dos mosteiros da zona, entre os que cita a Caaveiro.

Intencións similares de promoción turística ten o gran artigo de *El Correo Gallego: diario político de la mañana*, Año LI Número 18077, do 1 de setembro de 1929, de Manuel Graña titulado "De la bella comarca ferrolana", dedicado a Caaveiro, con foto, no que realza as belezas do mosteiro e a súa contorna e lembra a san Rosendo. *Vida gallega: ilustración regional,* Año XIX Número 342, do 30 de maio de 1927, entre a cita que fai

59. Antonio Palacios Ramilo (1874-1945) foi un gran arquitecto e urbanista español. Durante a súa carreira realizou diversas obras na cidade de Madrid, así como nalgúns puntos de Galicia, e de menor importancia noutras localidades españolas.


60. Neste artigo, Palacios mostra a súa "desolación inmensa" ante a situación que mostraba o patrimonio histórico-artístico rexional, citando de maneira moi expresiva o estado dos mosteiros, entre eles o de Caaveiro, e ademais de facer unha proposta para o patrocinio da súa recuperación asignándolle un a cada unha das agrupacións galegas do mundo para a súa conversión en "Residencia Oficial en la Madre Tierra" estimula a constitución dunha "Sociedade Galega de Excursións" para fomentar a contemplación directa dos monumentos e o coñecemento da súa situación de abandono para animar á súa recuperación.

61. "A Coruña e a súa provincia" en *La Coruña, ciudad de verano.* Guía patrocinada polo Comité de Fomento do Turismo. Coruña .1925. Ver tamén 1926, 1927, 1930.

62. Matías Usero Torrente (1875- 1936) foi un sacerdote, escritor, xornalista e político español.

REVISTA de CASA AMERICA-GALICIA

La Coruña — Octubre de 1922



CORUÑA—La Colegiata de San Juan de Caaveiro

Fué fundada por San Rosendo en el siglo X. Sus restos, que son una de las curiosidades arqueológicas de Galicia, están situados en el fondo de dos rapidísimas vertientes cubiertas de selvática vegetación. Uno de los rincones más maravillosos de Galicia y de Europa entera; donde la naturaleza se nos ofrece con toda la emoción de su grandeza

de varios mosteiros, aparece Caaveiro. En *El Eco de Santiago*: *diario independiente.* Año XXXIX Número 16276, do 18 de xullo de 1935, Manuel Monteagudo evoca o mosteiro eumés cando fala do turismo de Galicia e *El Correo Gallego: diario político de la mañana.* Año LVII Número 19847, o 13 de setembro de 1935, nun artigo titulado "POSTALES" lembraba unha visita ao mosteiro, onde unha muller, seguramente a caseira, ofrécelle as chaves ao visitante.



As visitantes de Caaveiro da foto superior esquerda coa caseira (probablemente a muller de Francisco Paz) que porta as chaves dos edificios. Ano 1923-24

Non podemos ignorar tampouco outras referencias de corte turístico, social e de promoción monumental como as que reflectían *El Correo Gallego* do 21 de xullo de 1925, no que se comunica que a parroquia de Caaveiro foi segregada de Cabanas e engadida á Capela. Ou esta de *El Ideal Gallego* do 6 de outubro de 1925 na que se anuncia unha excursión a Caaveiro. A afección ás viaxes ía incrementándose e así o recolle *El Correo Gallego*, que no seu número 17465 do 23 de setembro de 1927 comenta a celebrada por 38 excursionistas do Círculo Católico de obreiros, á cuxa fronte ía o seu director espiritual e presidente da súa universidade popular, P. Clavería. Probablemente como resultado desta visita, o 15 de decembro de 1928, o pai Jacinto Clavería de Arangua publicaba un extenso artigo titulado "La Colegiata de Caaveiro" en el apartado de *Arte y Religión* de *Luz de Aurora*[63], no que escribe sobre a súa historia, arqueoloxía e significación cun estilo literario moi propio da época.



P. Jacinto Clavería de Arangua



Matías Usero Torrente



Heliodoro Gallego Armesto

63. "La Colegiata de Caaveiro" en *Luz de aurora.* Año II, nº 21, Sumario I, Ferrol, Imprenta e Encadernación El Correo Gallego", 15 de decembro de 1928.

Un curioso artigo de Álvaro de la Cueva titulado "Titirimundi Tierra de museos", publicado en *El Correo Gallego* o 15 de xullo de 1928, atribúe a un comerciante alemán culto o descubrimento desa beleza de natureza e arte que é o mosteiro de Caaveiro. En *El pueblo gallego diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* do 22 de marzo de 1929, infórmase do enterramento –na igrexa do devandito cenobio– da esposa do médico titular de Cabanas, José Fernández Arias (José Murias), irmá de Román García Novoa, fillo maior de D. Pío García Espinosa. Similar información aparece nas necrolóxicas de *Vida gallega: ilustración regional*. Ano XXI Número 407, do 20 de marzo de 1929.

Máis agradables eran as noticias sobre festas no lugar, que publicaba *El pueblo gallego* do 30 de outubro do mesmo ano ou as "excelentes excursións que se poden facer ao ideal lugar onde se asenta Caaveiro" que detallaba *Vida gallega: ilustración regional.* Ano XXV Número 548, o 20 de febreiro de 1933 nun artigo de Heliodoro Gallego Armesto[64] na súa sección NUESTRAS VILLAS HISTÓRICAS – Pontedeume. Tamén visitas ao mosteiro como as de "numerosas e distinguidas familias coruñesas" que acompañarán aos Amantes do Campo… anunciadas en *El Correo Gallego* do 1 de setembro de 1933 ou as excursións comentadas polo mesmo diario o 17 de maio de 1934.

Como puidemos comprobar, ese conxunto de valores históricos, relixiosos, artísticos, estéticos e culturais do mosteiro de Caaveiro que comentabamos ao principio, foi obxecto de admiración e exaltación por fotógrafos, viaxeiros, turistas, excursionistas e escritores que deixaron numerosos testemuños impresos até o primeiro terzo do s. XX. Dende entón, creceu de maneira exponencial o grao de aceptación e de admiración que ten o conxunto arquitectura-paisaxe do que o mosteiro e o parque natural das Fragas do Eume constitúen un referente en Galicia.

## A Fundación Amatller de arte hispánica. Arquivo Mas

Parece obrigado iniciar este apartado explicando en que contexto social, histórico e xeográfico xorde esta importante colección e quen foron os seus creadores e impulsores.

**Antoni Amatller** (Barcelona 1851 - Barcelona 1910) foi un industrial, mestre chocolateiro, coleccionista de arte e fotógrafo español. Interesado pola pintura e o debuxo dende mozo. Combinou a súa actividade industrial, comercial e a dirección da súa empresa chocolateira –primeiro fabricante de chocolate español– co coleccionismo e a fotografía.

En 1942, a súa filla **Teresa Amatller Cros** (1873-1960), en base a unha cláusula do testamento do seu pai, segundo a cal se ela morría sen herdeiros, a casa que fixera construír ao arquitecto Josep Puig i Cadafalch e as coleccións que reunía convertésense

64. Heliodoro Gallego Armesto, (1872- 1934), foi un matemático, físico e xeógrafo galego. Foi profesor e director da Escola de Artes e Oficios de Santiago. Realizou publicacións sobre xeografía, física e matemáticas. Colaborou nas revistas *Vida Gallega* e no *Boletín da Real Academia Galega.*


nun museo baixo a tutela do Concello de Barcelona, creou unha fundación privada sen ánimo de lucro co nome de Fundación Instituto Amatller de Arte Hispánica que se atopa situada na que foi a súa vivenda, a casa Amatller (1900), gran obra modernista do Paseo de Gracia de Barcelona. Na mesma atópase o material fotográfico de Antoni Amatller e boa parte da súa colección de arte.

Non podemos deixar de pasar desapercibida a circunstancia da decisiva intervención na futura creación do Arxiu Mas de **Josep Gudiol y Cunill** (Vic, Osona, 26 de decembro, 1872 - Vic, Osona, 10 de abril, 1931), que foi un sacerdote, arqueólogo e historiador da arte catalá. Tamén foi conservador do Museo Episcopal de Vic dende 1898 até o día da súa morte. Entre as moitas obras que escribiu atópanse as *Nociones de arqueología sagrada catalana* (1902) ou *Los Trescentistes* (1924). A actividade deste clérigo catalán lémbranos o percorrido vital doutro sabio galego moi vinculado á reconstrución decimonónica de Caaveiro: Antonio López Ferreiro (Santiago de Compostela, 1837 - Vedra, 1910): cóengo da catedral compostelá, arqueólogo, escritor e historiador da arte. A súa traxectoria intelectual desenvolveuse basicamente en tres campos: o de arqueólogo, novelista e historiador. Proba recoñecida da súa extraordinaria valía foron os nomeamentos dos que foi obxecto ao longo da súa vida: socio da Real Academia da Historia (1878) e representante da mesma na Subcomisión de Monumentos de Santiago (1904); académico da Real Academia de Boas Letras de Barcelona e académico de número da Real Academia Galega (1905) entre outras honras. Algunhas das súas obras de referencia son a *Biografía de S. Rosendo* y *Lecciones de Arqueología Sagrada* escrita en 1889, un ano antes de iniciarse as obras de Caaveiro e trece anos antes da obra homónima de Josep Gudiol y Cunill.

Sería un descendente do citado sacerdote catalán, **José Gudiol** (1904-1985), arquitecto, o que en 1940 se convertería no primeiro director da nova entidade, quen definiría



Casas Amatller ( Puig i Cadafalch, Arquitecto) –sede da Fundación e do Arxiu Mas e casa Batlló (Gaudí, Arquitecto) en paseo de Gracia.Barcelona


Antoni Amatller


Teresa Amatller

a estrutura, baseándose no modelo da Colección Frick e a Frick Art Reference Library de Nova Iork. Tal como se especifica nos estatutos da fundación, os seus principais fins son a conservación e difusión da casa e as coleccións Amatller e a propulsión da investigación da historia da arte hispánico. En 1998 o arquivo trasladouse á casa Amatller.

## O Arquivo Mas. (*Arxiu Mas*)

**Adolf Mas Ginestá** (Solsona, 1860 - Barcelona, 1936), do mesmo xeito que o seu pai, foi procurador, pero dende moi novo interesouse polas manifestacións artísticas e especialmente pola fotografía, á que se dedicou plenamente despois do seu traslado a Barcelona en 1880. Alí frecuenta os faladoiros da cervexaría e centro de vangarda *Os Catro Gatos*, onde ten ocasión, ao redor de 1899, de coñecer a diferentes artistas, cuxas obras se ocupará de fotografar, mantendo unha amizade persoal con algúns deles, entre os que cabe citar Ramón Casas (que lle debuxou os letreiros da nova empresa, da que fala-remos), Santiago Rusiñol e Isidro Nonell.

Despois duns anos como director dun establecemento comercial de Barcelona e como reporteiro, o seu interese polas obras arquitectónicas e a súa amizade, a partir de 1901, co arquitecto Josep Puig i Cadafalch, propicia que este lle ditase as pautas para organizar –seguindo a clasificación que se utilizaba entón nas escolas de arquitectura–, o que será o Arxiu Mas que inaugura en 1902. Puig i Cadafalch, xunto a Jeroni Marto-

rell[65], elaborarán o método de clasificación por períodos, materias e localidades, para o que elaboraron unhas fichas. Anos máis tarde encargoulle fotografar a súa obra arquitectónica, para ilustrar unha publicación que presentou no Congreso Internacional de Arquitectura, celebrado en Madrid, en 1904.



Obra de Puig i Cadafalch



O arquitecto Josep Puig i Cadafalch



Adolf Mas

Este arquivo estaba especializado na documentación gráfica do patrimonio histórico-artístico e clasificábase en cinco seccións: Ciencias, Historia, Artes e Oficios -Vistas e Panoramas-, Belas Artes. Contén máis de 350.000 fotos e serve como información a arquivos, estudosos, editoriais e revistas. Os negativos están clasificados en series diferentes, segundo as súas dimensións (A - 24 x 30 cm / B - 18 x 24 cm / C - 13 x 18 cm / ...) e numéranse de forma secuencial nos respectivos libros de rexistro a medida que se van incorporando ao arquivo. Nestes libros recóllese o ano e o lugar de realización, así como a documentación esencial do que representan.

Como índice principal do seu fondo de negativos, Adolf Mas creou un arquivo con copias positivas de tamaño postal (9 x 12 cm), ordenadas segundo a localización dos monumentos ou as obras representadas, cunha organización, primeiro por provincias, despois alfabeticamente por poboacións e unha subdivisión final para vistas xerais, edificios relixiosos e civís, museos; institucións e coleccións públicas e privadas. Os procedementos sistemáticos do Arquivo Mas obteñen un recoñecido prestixio no mundo científico e académico.



Ficheiros de madeira do Arxiu Mas

65. Puig i Cadafalch, en 1913, era o presidente da Xunta de Museos que encarga a Mas o Repertorio Iconográfico. Jeroni Martorell era vocal. En la Sección España Monumental, Martorell será o encargado e controlará os fotógrafos da península. Mas encargarase dos de Cataluña. Os fotógrafos serán os que coñeceremos como delegados. Pelai Mas será el Delegado A.

Empeza a fotografar obras de arte  románica, gótica e árabe, debido especialmente aos encargos efectuados por distintas institucións, en especial o que recibe da Mancomunidade de Cataluña, a través do recentemente fundado Instituto de Estudos Cataláns, co fin de levar a cabo a Campaña do Inventario Iconográfico de Cataluña, destinada a tomar fotografías de diferentes aspectos arqueolóxicos, medievais e rurais, co propósito de espertar o interese pola restauración de monumentos e conservación de obras de arte. O intento coincide de pleno coas correntes humanistas e clasicistas que dan lugar a experiencias semellantes en Europa.

Cabe aquí destacar a expedición que, dentro deste contexto, levou a cabo por todo o Pirineo Catalán, no ano 1907, da que realizou unha ampla reportaxe, a pesar da dificultade que supoñía transportar en cabalerías o pesado material fotográfico, estimado en máis de 90 kg. A influencia dos grupos de estudo que se movían por entón por Europa, con seguridade ten que ver nesa intención.



Adolf Mas.1900. Á idade de 40 anos



Pelai Mas.1916. Á idade de 25 anos

Froito do seu matrimonio con Apolonia Castañeda, en 1891 nace o seu fillo **Pelai Mas Castañeda**, (Barcelona 1891 – 1954), que dende moi no-vo traballa con el, rexistrándose a súa primeira foto asinada en 1907.

Dende 1916, Pelai colabora co seu pai nas campañas fotográficas que lles encargan diversas institucións tanto a nivel nacional como dende o estranxeiro, sendo as principais o Centro de Estudos Históricos do CSIC; a Institución Príncipe de Viana de

Navarra; o Marburg Institut de Alemaña; as estadounidenses Fogg Art Institute, The Frick Art Referente Library, The Hispanic Society of America, The Institute of Fine Arts at New York University; o Fogg Museum Library, ou a Harvard University; así como o Instituto de Estudios Catalanes da Mancomunidad de Cataluña e a Deputación de Barcelona.


Máis tarde tomará a substitución e sistematicamente ocupáse da realización das fotos, aínda que o seu pai seguirá traballando na organización das campañas, sendo as últimas programadas as que se realizaron nos primeiros anos da década de 1930.

Aínda que nos seus inicios (aprox. dende 1900 a 1917) o material circunscribíase ao territorio catalán, a partir dos encargos da Xunta de Museos para o Repertorio Iconográfico Español, a dimensión do fondo pasou de 25.000 negativos a 60.000 en 1925. Por outra banda, o traballo de Mas era moi meticuloso e o fotógrafo tiña unhas excelentes calidades para a venda, polo que organizou todo un *merchandishing* de álbums e venda de fotografías en todo o mundo, con publicidade en varios idiomas.

Para realizar os negativos co máximo de calidade dos grandes monumentos e retablos, Pelai encarga estadas que lle permiten case diseccionar cada un dos importantes elementos que compoñen obras da magnitude do pórtico da Gloria e a portada das Praterías da catedral de Santiago de Compostela (ano 1931), o retablo maior da catedral de Toledo (ano 1934) ou o retablo maior da Catedral de Sevilla (ano 1935).

En 1936 falece o seu pai e, despois de serias dificultades motivadas pola guerra civil española e a II guerra mundial, afortunadamente en 1941 púidose chegar a un acordo co recentemente fundado Institut Amatller d'Art Hispànic, a fin de traspasar alí todos os negativos do Arxiu Mas, onde ademais de ter especial coidado na súa conservación, se





Pelai Mas durante
a súa campaña en Galicia

continua facilitando copias dos mesmos a través das peticións que seguen efectuando institucións e investigadores da arte hispánico.

## Caaveiro no *Arxiu Mas*. A campaña de 1919 e seguintes

É neste contexto do primeiro terzo do s. XX cando se realiza a campaña do Arxiu Mas en Galicia. En 1918 Pelai Mas está a traballar en Asturias e ao ano seguinte (1919) leva a cabo a de Galicia cunha duración de seis meses, realizando máis dun milleiro de negativos. A noticia do seu percorrido por terras galegas, utilizando unha moto con sidecar para os seus desprazamentos, foi recollida no nº.138 de 1920 da revista *Vida Gallega*.

Neste periplo acompáñalle **Alejandro Antonietti.** (Barcelona, 1887 – Torino, 1961). Un profesional que, ademais do fotoperiodismo, fixo imaxes para postais turísticas e rexentou unha galería-tenda onde se realizaban exposicións de fotografía e pintura.


Na citada revista *Vida Gallega* atopamos constancia gráfica da viaxe de Pelai por Galicia acompañado da súa esposa na motocicleta dotada con sidecar. O equipo fotográfico constaba de máquinas con formato de negativo de 13 x 18, a máis utilizada, e tamén unha lixeira de 6 X 9. Con elas realizou máis de mil placas[66].

A esta campaña seguiron pequenas estancias en 1922, 1927, 1928 e 1931. Este interese de Pelai Mas por Galicia tamén será compartido por outros fotógrafos viaxeiros.

Pelai Mas seguiu traballando como fotógrafo até o momento do seu falecemento no ano 1954.



Alejandro Antonietti





66. Acuña, José Enrique, *Fotografías de Galicia no Arxiu Mas,* Centro Galego de Artes da Imaxe, 1995, p 14.

# AS FOTOGRAFÍAS DE CAAVEIRO NA CAMPAÑA DO *ARXIU MAS* EN GALICIA (1919)



Número dixital: 05437005
Datos: negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31404 Ano: 1919
**Localización/identificación**: Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Vista xeral da igrexa e o río Eume

A foto está tomada desde a ladeira orientada ao suroeste, aproximadamente dende onde hoxe arrinca o ascenso ao mosteiro dende o río Eume, que se ve á esquerda. O mosteiro érguese, maxestoso, no alto do cerro. Detrás del, o couto de Redondo na parroquia de Soaserra (Cabanas). Á esquerda, o leito do Eume con escaso caudal probablemente por ser verán.



Número dixital: 05437006
**Datos**: negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31405 Ano: 1919
**Localización/identificación**: Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Vista co río Eume

Nesta imaxe, tomada desde unha posición máis elevada que a anterior, obsérvanse os muros perimetrais cubertos de vexetación. Pódese apreciar á dereita uns bauzos na ladeira para acceder dende esta ás inmediacións da casa do forno. Diante das antigas cortes dos cabalos mantén un emparrado e aínda conserva o hórreo con cámara de madeira tipo "Cabanas" diante da portería de abaixo. Moi probablemente fose realizada no verán debido ao baixo caudal do río Eume. As masas vexetais son de frondosas, sen observarse aínda plantacións de eucalipto.



Número dixital: 05437010
Datos: negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31407 Ano: 1919
**Localización/identificación**: Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Vista dende o lateral norte

Nesta toma, realizada desde o norte, moi probablemente no camiño a Pousadoiro na súa proximidade á ponte de pedra, apréciase a igrexa de Santa Isabel coa cuberta de tella intacta. No centro, a sancristía cos merlóns que colocou D. Pío a finais do XIX e, á dereita, as casas de cóengos da portería alta aínda en bo estado.



Número dixital: 05437002
Datos: negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31413 Ano: 1919
**Localización/identificación**: Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Ábsida románica e entrada co campanario barroco do s. XVIII

Nesta toma apréciase claramente, en primeiro termo, a escaleira incrustada na ladeira que sobe á casa do forno. No centro, antes das antigas cortes dos cabalos, aprécianse uns muros de pedra que puidesen ser restos da antiga alvariza. O edificio da corte dos cabalos –hoxe recepción de visitantes– mantén a súa cuberta de tella e diante del está o emparrado. A continuación, o hórreo; o muro demolido na parte superior das casas de cóengos de abaixo e, detrás, a ábsida románica co campanario barroco de 1750.



Número dixital: 05437007
Datos: negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31406 Ano: 1919
**Localización/identificación**: Fragas do Eume, A Capela (ACoruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Vista de conxunto desde o leste

Imaxe icónica do campanario barroco baixo no que se atopa a porta da portería alta con arco apuntado e a ábsida románica da igrexa da Visitación ou de Sta. Isabel. Consérvanse pezas como o *Agnus De*i sobre a cumieira da cuberta da nave e as campás, denominadas de S. Pío e S. Gumersindo, na torre-campanario. O primeiro, desaparecido, e as campás hoxe deslocalizadas no lugar de Sande, onde permanecen no antigo teleclube.



Número dixital: 05437003
Datos: negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31408 Ano: 1919
**Localización/identificación**: Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Campanario barroco do s. XVIII. Vista desde a plataforma interior

Esta foto está tomada dende a terraza e realizada nos últimos anos do s. XVIII cando se constrúen os sotos abovedados como consecuencia da derruba do cabido que se atopaba neste lugar. Á esquerda aínda se aprecia o enterramento dun dos priores no arco-solio gótico da parede da igrexa; as portas de comunicación entre esta e a torre mediante unha pasarela e a xanela do campanario que aloxa unha figura pétrea, probablemente da Virxe María. Sobre as escaleiras de baixada aos sotos hai unha pirámide cuadrangular de pedra, xa desaparecida. Un mozo asoma pola cuberta da igrexa.




Número dixital: 05437004
Datos: negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31409 Ano: 1919
**Localización/identificación**: Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Igrexa románica e campanario barroco do s. XVIII. Entrada e capela de Santa Isabel

Esta toma é unha aproximación da anterior que recolle as fachadas sur e oeste da igrexa de Sta. Isabel. Aínda permanece intacto o rosetón, construído no s. XIX por D. Pío baixo a dirección de López Ferreiro.




Número dixital: 05437008
Datos: negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31410 Ano: 1919
**Localización/identificación**: Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. . Basas e pila bautismal

Estas tres pezas corresponden, de arriba abaixo: a unha pía bautismal, unha basa románica e un capitel colocado ao revés da mesma igrexa, estas dúas últimas, da desaparecida igrexa de S. Xoán Bautista (s. XIII). Hoxe están expostos na terraza, á beira da ábsida románica. Por entón aínda non sufriran as mutilacións que poden apreciarse nos debuxos do estado actual, que se acompañan.



Basa



Capitel

**A basa**, que estilisticamente é a máis interesante de ambas, representa unha parella de animais entrelazados. O híbrido é un ser composto de partes de varios animais, todos eles simbolicamente negativos. Podería tratarse dun dragón, xa que está composto por cabeza de serpe, ás de ave predadora e cola de réptil. Parece ser o único destas características atopado nos templos da provincia da Coruña.

Os animais están a abrazar a base de pedra, colocados de forma simétrica. Cruzan os seus pescozos e esconden a cabeza na pedra. Teñen incisións que parecen incipientes escamas, características dun réptil. As ás están ben debuxadas cunha plumaxe e unha forma que ben poderían ser dun ave rapaz, aguia, milano, azor, etc… É unha forma estraña, xa que o dragón típico do románico ten as ás do morcego. Os únicos híbridos con ás de ave que se ven por estas terras son o basilisco e a billa, dos que temos claros exemplos en Santa Mª de Cambre. Na próxima igrexa románica de Bergondo, abunda a representación

de dragóns, pero tampouco se parecen ao de Caaveiro. Tampouco os que se atopaban no desaparecido mosteiro de San Francisco de Betanzos (dragóns demoníacos) parecen ter relación ningunha co do mosteiro capelán.

En canto á longa cola que se enrosca por baixo do animal, non parece ofrecer dúbida de que é de serpe ou escorpión.

A outra peza responde, pola súa forma e características, a un **capitel** de grandes follas carnosas, que poderían ser de acanto, cun círculo a continuación. Parece como se estivese escavado na pedra un perso-naxe coas mans no alto, en actitude adorante, vestido con hábito ou roupa talar. Unha das súas características é que ten un oco na súa man esquerda que, seguramente, corresponde ao aro onde levaría o báculo, ben de abade da congregación, ou ben de bispo ou dunha personalidade eclesiástica. A cabeza perdeu bastante relevo e realmente vese unha figura case plana, supoñemos que polo mal trato recibido, a erosión e algunha fractura.

A **pía bautismal**, lamentablemente, desapareceu. Estivo colocada como pía da fonte que D. Pío instalou á beira das escaleiras anexas á antiga sancristía, polo oeste, tal como se recolle nesta foto.




Pía bautismal desaparecida, cuxa procedencia probablemente fose da igrexa de San Xoán Bautista. (1952-54. Arquivo Prego Fernández)



**Número dixital:** 05437009
**Datos:** negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31412 Ano: 1919
**Localización/identificación:** Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Porta lateral sur da igrexa de Santa Isabel

Esta fotografía, que está tomada dende a cara interior da portería de arriba, baixo a torre-campanario, reflicte a fachada sur da nave da igrexa, na que se aprecia, en primeiro termo, a entrada á mesma a través da porta de arco gótico. Á súa esquerda, un arcosolio, tamén gótico, que conserva o enterramento dun dos priores do mosteiro. Á esquerda, a pía bautismal, basa e o capitel románicos; e ao fondo, a antiga sancristía coa porta de saída lateral pechada.



**Número dixital:** 05437012
**Datos:** negativo b/n · (16 b)
**Número de cliché:** C-31457 Ano: 1919
**Localización/identificación:** Fragas do Eume, A Capela (A Coruña). Igrexa parroquial da Virxe das Neves. Alba de San Rosendo

Esta fotografía recolle a venerada "alba de S. Rosendo", bispo de Mondoñedo e máis tarde de Celanova, que fixo unha importante doazón ao mosteiro e do que se mantén unha popular lenda. En 1919 xa se atopaba aloxada neste fermoso retablo-relicario barroco de nogueira recuberta con pan de ouro, situado no lateral da nave da igrexa das Neves, núcleo principal do concello capelán.

## BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA


ACUÑA, J.E.: BUJÁN J.M. *Fotografía decimonónica*. Colección Murais. O Carballiño, Ed. Xociviga, 1992.

ACUÑA, José Enrique. *Fotografías de Galicia no Arxiu Mas*, Centro Galego de Artes da Imaxe, 1995,

ALVEZ GONZÁLEZ, J.M. *Lugo: Cita con dos siglos:1886-1926,* Lugo, Ed. Diputación Provincial. Servicio de Publicaciones, 1982.

BRUHMEL, Jorge. *Almanaque de Ferrol*, Imprenta e Estenotipia de El Correo Gallego, 1906.

BUGALLAL Y ARAUJO, J., *Paseando por Galicia*, Librería General de Victoriano Suárez, 1903.

CASADO, Luis. *Estampas compostelanas*, Madrid, Gráficas Villarroca, 19?? Un exemplar pódese encontrar na Bibli. Xral. da USC. Sinatura Ga-4337.

CASTILLO, Ángel del. *Arquitectura en Galicia* en "Geografía General del Reino de Galicia", Carreras Candi, dir, Tomo V.

CASTILLO, Ángel del. *Iglesias antiguas de Galicia. La Colegiata de Caaveiro,* en "*Breamo"*. Nº 70 . Semanario Independiente defensor de los intereses generales de Pontedeume y su comarca. Pontedeume, 26 de setembro de 1915.

CASTILLO, Ángel del. *Origen de la palabra Caaveiro*, en "Breamo", Semanario Independiente defensor dos intereses xenerais de Pontedeume e a súa comarca, Pontedeume.

ERIAS, Alfredo. *O Arquivo fotográfico Selgas*, Betanzos, Ed. Concello de Betanzos.1990.

FERNÁNDEZ FÚSTER, Luis. *Historia General del turismo de masas,* Madrid, Alianza Editorial, 1991.

FONTANELLA, Lee. *Historia de la fotografía en España desde sus inicios hasta 1990*, Madrid, Ed. El Viso, 198.

GARCÍA FERNÁNDEZ, Emilio Carlos. *Historia del cine en Galicia*, ( 1896-1984). Biblioteca Galega.

GONZÁLEZ MORENO-NAVARRO, A. *Diputación de Barcelona: setenta años de catalogación y conservación de monumentos.* Diputació de Barcelona, 1985.

LÓPEZ GÓMEZ, P. *Galicia a principios do século XX. Colección de postais*. Arquivo do Reino de Galicia. Santiago, Ed. Xunta de Galicia, 1993.

LÓPEZ GÓMEZ, P. *Galicia a principios do século XX. Colección de postais. Arquivo do Reino de Galicia.*Santiago, Ed.Xunta de Galicia,1993.

LÓPEZ Y CARBALLEIRA, E. *Místicos gallegos. San Rosendo (siglo X)*, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar, Santiago, 1909.

MACEDO CORDAL, Carolina. *Lucien Roisin en Pontedeume. "*Cátedra", Revista Eumesa de Estudios, Nº 12, Concello de Pontedeume, 1993.

MONTANER MONTEJANO, Jordi. *Estructura del mercado turístico*. Madrid, Ed. Síntesis, 1991.

PALACIOS, Antonio. *La conservación de nuestro tesoro artístico regional*, en "Vida Gallega", 1925.
SANTOS GAYOSO, Enrique. *Historia de la Prensa Gallega 1800-1986.* Do Castro, ed. Sada.
SOUGUEZ, Marie-Loup: *Historia de la Fotografía*, Madrid, Ed, Cátedra , 1994.
VAAMONDE LORES, César. *Foro otorgado por el Prior de Caaveiro a favor de Juan Verea y de su mujer María Pérez de Lavamaos, en la parroquia de Erines*. "Boletín de la Real Academia Gallega". Año 1406, nº 68, 1 xaneiro 1913, T.6.
VAAMONDE LORES, César. "Importante escritura de donación otorgada por D. Bermuda, Rey de Galicia, a favor del Monasterio de Canónigos de San Juan de Caaveiro. Año 934", *Boletín de la Real Academia Gallega*... Nº 159, 1 de xaneiro de 1924.
VV. AA: *En tiempos del Conde Pedro Froilaz*, "Anuario Ferrolano", El Ferrol, 1902.
VV.AA: *A fotografía nas coleccións galegas*, A Coruña. Ed. Casa da Cultura Salvador de Madariaga, 1991.

## Revistas, semanarios e diarios

*Extracto de Literatura.* 7 de xaneiro de 1893.
*El lucense: diario católico de la tarde*. Núm. 2584. 3 de xuño de 1893.
*Ecos del Eume.* Núm. 244, de 11 de outubro de 2014.
*Diario ABC* de 27 de decembro de 1953.
*Galicia histórica*: revista bimestral. Ano I Número 1 (xullo-agosto 1901).
*Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* - Tomo I Núm. 12 (Xaneiro 1900).
*Anuario Ferrolano.* 1902.
*El Eco de Galicia*: *órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas Sud-Americanas.* Núm. 411 do 20 de marzo de 1903.
*El Correo Gallego: diario político de la mañana*: Año XXVII Número 8658 – de 6 de xaneiro de 1904.
*Luz de Aurora*. Ano II, nº 21, Sumario I, 15 de decembro de 1928.
*Almanaque de Ferrol,* novembro de 1906.
*Galicia, 1907.*
*Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela.* Núm. 163 (29/07/1909).
*Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela. Núm. 51* (11/04/1916).
*La Voz de Galicia*. 20 de xuño de 2015.
*El Eco de Galicia: diario católico é independiente. Núm. 871* (08/07/1909).

*El Progreso: semanario independiente.* Año VII Número 1159 - 30 de setembro de 1913.
*Vida gallega: ilustración regional*. Año V. Vol. IV nº 45. 30 de setembro de 1913.
*El Correo de Galicia: órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. nº 706 de 30 de novembro de 1919..
*El Compostelano: diario independiente*. año I, nº 127 do 14 de xullo de 1920
*La Coruña, ciudad de verano*. *Guía patrocinada por el Comité de Fomento del Turismo.* Coruña .1925.
*La Coruña. Clima ideal*.
*Vida gallega: ilustración regional. Año VIII Volumen V Número 73* - de 1 de agosto de 1916.
*El Correo gallego: diario político de la mañana. Año XLI Número 14818* - de 31 de decembro de 1918.
*El Ideal gallego. Núm. 687 del 27 de abril de 1919.*
*El Correo gallego: diario político de la mañana. Año XLII Número 14935* - de maio 24 de 1919.
*El Eco de Galicia,* 1903.
*El Eco de Galicia,* 3 de novembro de 1908.
*Suevia,* en 1916.
*Almanaque Gallego,1916*.
*El Correo Gallego: diario político de la mañana*. Año XLIV. 8 de setembro e 7 e 23 de outubro de 1921.
*La Coruña, ciudad de verano.* Anos 1925-1930.
*El Correo de Galicia: órgano de la colectividad gallega en la República Argentina*. Núm. 793 do 26 de xuño de 1921.
*El Ideal gallego.* Núm. 1795 del 31 de maio de 1923.
*El pueblo gallego: diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia.* Núm. s.n., do 15 de xuño de 1924.
*Vida Gallega,* nº 253 de 1925.
*Alfar*, *Revista de Casa América- Galicia* Nº 22, de outubro de 1922.
*Vida gallega : ilustración regional: Año XVII Número 268 de* 25 de xaneiro de 1925.
*El Pueblo gallego: diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia.* s.n., do 1 de xaneiro de 1928.
*El Pueblo gallego* do 27 de xuño e do 12 de xullo de 1928.
*El Correo gallego*: diario político de la mañana. Año L Número 17847 – do 27 de decembro de 1928.
*El Correo Gallego: diario político de la mañana*. Año LI Número 18077 – do 1 de setembro de 1929.
*Vida gallega: ilustración regional: Año XIX Número 342* – de 30 de maio de 1927.
*El Eco de Santiago*: diario independiente. Año XXXIX Número 16276 – do 18 de xullo de 1935.

*El Correo Gallego: diario político de la mañana.* Año LVII Número 19847 – 13 de setembro de 1935.
*El Correo Gallego* de 21 de xullo de 1925.
*El Ideal Gallego* de 6 de outubro de 1925.
*El Correo Gallego*, núm. 17465 do 23 de setembro de 1927.
*Luz de Aurora, de* 15 de decembro de 1928.
*El Correo Gallego* de 15 de xullo de 1928.
*El pueblo gallego diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* do 22 de marzo de 1929.
*Vida gallega: ilustración regional*. Año XXI Número 407 – 20 de marzo de 1929.
*El pueblo gallego* de 30 de outubro de 1929.
*Vida gallega: ilustración regional.* Año XXV Número 548 – o 20 de febreiro de 1933.
*El Correo Gallego* de 1 de setembro de 1933 e 17 de maio de 1934.

## Webgrafía

http://www.iegps.csic.es/web/iegps-instituto-de-estudios-gallegos-padre-sarmiento/a-tecnica-fotografica
http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2014/02/11/leyendas-fotografia-gallega/965292.html
http://www.iegps.csic.es/pioneiros-da-fotografia
http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2014/02/03/vademecum-fotografia-espanola-xix-xxi/959893.html
http://www.cadadiaunfotografo.com/2015/07/maximino-reboredo.html
http://www.cadadiaunfotografo.com/2014/09/luis-casado.html
http://www.laregion.es/articulo/ourense/triste-no-exista-archivo-fotografico-tal-provincia/20140525073240470883.html
http://www.laregion.es/articulo/ourense/bocconi-fotografiando-ourense-siglo-xix/20160430193056618486.html
https://img.yumpu.com/13725688/1/358x496/lucien-roisin-en-pontedeume-revista-eumesa-de-estudios.jpg?quality=80
http://www.cadadiaunfotografo.com/2016/12/lucien-roisin.html
https://es.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9_Sellier_Loup
http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2015/11/05/primer-reportaje-fotografico-coruna/1010734.html
http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/jose-sellier-pionero-cineasta-gallego—0/html/ff8c0388-82b1-11df-acc7-002185ce6064_1.html
http://www.phottic.com/es/photo/Mx2Lqzgv?j=eyJ0eXBlIjoidGFnIiwiaWQiOjQ2NDF9
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/2009/11/29/homenaje-bisabuelo-fotografia/0003_8139427.htm

http://diariodepontevedra.galiciae.com/noticia/24246/adios-al-fotografo-de-la-galicia-rural
https://es.wikipedia.org/wiki/Ram%C3%B3n_Caama%C3%B1o_Bent%C3%ADn
https://es.wikipedia.org/wiki/Jos%C3%A9_Su%C3%A1rez_(fot%C3%B3grafo)
https://www.casadevelazquez.org/creation-artistique/annuaire-des-membres-et-des-anciens-membres/

## Arquivos fotográficos públicos e privados

Arquivo do Centro Galego de Artes da Imaxe.
Arquivo da Biblioteca Municipal de Pontedeume
Arquivo Histórico Municipal A Coruña. Fondo José Villar.
Colección Alonso Robisco.
Arquivo do Reino de Galicia. Colección de fotografías de positivos e negativos en plástico e vidro.
Arquivo Fundación Barrié. Fondo Ángel del Castillo.
Arquivo da Fundación Amatller de arte hispánico.
Arquivo Mas.Barcelona
Arquivo privado de José Puga Abelenda.
Arquivo privado de Carmela Lavandeira
Arquivo de Alfredo González Prieto.
Arquivo Foto Ríos. Pontedeume.
Arquivo privado de Dona Mª Esperanza García, neta de Pío García.
Arquivo privado de Antonio Leira Noche.

# ROSAS, HEXALFAS E PENTALFAS NA COMARCA EUMESA.
## Estudo etnográfico, histórico e artístico ao redor do lintel de Ventosa

Xosé Lois Lamigueiro

### 1. Limiar

Os estudos etnográficos en Galicia moi poucas veces se ocuparon especificamente da iconografía simbólica espallada polas nosas aldeas, inserida nas construcións tradicionais do agro galego[1]. Menos abondosos son aínda aqueles que, abordando esta temática, engaden unha pertinente análise histórica que se cre absolutamente necesaria para achegarnos ao entendemento do porqué destas representacións, en que arte deben de ser adscritas, por quen foron realizadas e, sobre todo, cal foi o significado que para seu promotor posuían, ou a mensaxe real que a través delas se quixo proxectar. Moitos dos símbolos aquí recollidos, xunto coas pedras onde foron esculpidos, son de coñecemento xeral polo público e, moitos deles foron xa tratados de xeito individual ou parcial por algúns investigadores locais[2] aos que non podo máis que estar agradecido por desbravar previamente o camiño. Porén, este estudo pretendeu dende o principio reunir a meirande parte das pezas pétreas con esta iconografía inserida, de xeito que se tivese unha visión global da cuestión. Realizouse un traballo de campo visitando todo os exemplos de linteis e fiestras na terra da Eume e Betanzos. Tamén se visitou no transcurso de dous anos outras provincias como Soria e Burgos, na procura doutros casos semellantes nas súas igrexas, así como varios museos nacionais, como o Arqueolóxico Nacional de Madrid ou o British Museum[3], xunto aos provinciais: Arqueolóxico da Coruña, Sevilla, Valencia, Bilbao, Málaga e Burgos, onde se atoparon a meirande parte das respostas aquí recollidas a través dos seus

1. Segundo o *Dicionario da RAG* entendemos por Etnografía: 1).- Estudo das diversas representacións figurativas de algo ou alguén. 2).- Conxunto de imaxes, pinturas, retratos, medallas etc., que tratan sobre un tema común ou pertencen a unha época ou obra determinadas

2. Así por exemplo don Juan Pérez Casal no seu artigo "Remexendo por Centroña" foi quen semella publicou por primeira vez unha nova sobre o lintel de Ventosa na revista *Alfoz*. E o arqueólogo e historiador da comarca de Trasancos don Andrés Peña Graña dedicoulle na súa obra *Narón un concello de seu,* unhas liñas ao lintel de Quintá, publicando unha imaxe da peza, relacionándoa co lintel de Ventosa.

3. Visita que por suposto se fixo coincidir cunha visita privada a cidade pero que, sin ela, este traballo quizais non se tivese rematado.

fundos. Sobre a parte descritiva do traballo, partiuse do exemplo do lintel de Ventosa, colocado este nunha antiga casa de labranza situada na parroquia de Santa María de Centroña (Pontedeume), e das iconas nel representadas: a rosa, a cruz e a estrela; para achegarnos a outros modelos veciños das terras do Eume como os linteis de Lapido, Breanca, e o antepeito da Ribeira; todos eles situados nas ancestrais terras de Bezoucos e Pruzos. Remátase o traballo analizando as fiestras do torreón dos Andrade, onde existen dúas delas con tracerías que representan dous fermosos exemplos ben coñecidos de estrelas pentalfas. Foi deste xeito como se chegou a concretar o título do estudo que, en definitiva e segundo o expresado arriba, trata de achegar luz sobre o asunto dos linteis e vans ornamentados na comarca eumesa, quen foi o seu promotor, o significado da súa simboloxía ou o contexto histórico local ao que pertencen. Dende o principio marcáronse algunhas liñas fundamentais para conseguir estas metas. A primeira delas foi a necesidade de comparar estes exemplares eumeses con outros inmediatamente veciños como os linteis de Quintá en Narón, os restos dun lintel reaproveitado en Covas (Ferrol) e o impresionante lintel da capela de Santa María de Portas nos Devesos (Ortigueira). Para o caso concreto das fiestras do torreón dos Andrade decidiuse un camiño inverso, é dicir que se partiu doutros exemplos ás veces en países veciños como é o caso de Portugal, doutras comunidades afastadas como a Valenciana ou de territorios moito máis próximos a Pontedeume como a cidade de Betanzos (Santa María do Azougue), a Terra Chá (San Breixo de Parga); rematado finalmente na vila capital do Eume en fronte do seu torreón para, despois de estudar todos estes outros exemplos similares de fiestras con tracerías estreladas, chegar á nosa conclusión. Outra liña principal foi o ordenamento en si do traballo e dos seus capítulos. Aquí, tomouse a decisión de comezar por unha ampla e profunda análise histórica da simboloxía representada no lintel de Ventosa, especialmente no caso da rosa e da estrela hexalfa con botón, para a continuación seguir cunha descrición pormenorizada de cada un dos linteis ou fiestras. Xa que logo, o primeiro que lle chamará poderosamente a atención ao lector será que para achegarse ao caso dunha iconografía presente nas terras do Eume comecemos noutro cabo do mundo, narrando un mito exipcio da Antigüidade. Porén, esta foi outra das liñas que se tiveron claras dende o principio, no senso que, as conclusións as que se chegaran, tiñan que recoller unha bagaxe de ámbito internacional sobre o coñecemento destas simboloxías, que contemplara outros casos quizabes non tan semellantes, mais si clarificadores que verteran dalgún xeito luz sobre o verdadeiro significado histórico, social, cultural e etnográfico desta simboloxía. Porén, a meirande parte das propostas aquí recollidas son inéditas e produto da nosa análise. Para rematar o asunto das intencións preliminares que moveron este estudo, partiuse do convencemento dende o primeiro capítulo de que estas iconas eran de orixe culta e por riba eclesiástica. Xa que logo, evitouse entrar ou tratar dende o principio os aspectos máis mediáticos e coñecidos desta simboloxía, como a súa pretendida orixe templaria (aínda que será inevitable bordeala); xudía (opción á que se lle ten todo respecto debido, mais non deixa de ser un dos clichés máis recorrentes); ou simplemente máxica. O obxecto máxico presenta unha

serie de problemas engadidos que, normalmente, o fai as máis das veces inviable para o discurso simbólico, xa que ao bautizar un símbolo como máxico sen un pertinente estudo socio-cultural estáselle a negar o seu verdadeiro significado ou función. Xa que logo, este estudo tamén trata de desmitificar estas pedras, devolvéndolles o seu propio senso.

Un dos aspectos menos coñecidos da etnografía galega é o xeito de como os nosos antepasados expresaban a súa espiritualidade dende o punto de vista simbólico. Somos certamente un pobo como outros moitos de Europa que, dentro da tradición de seu, conservou unha serie de iconas ou símbolos manifestados na súa indumentaria, no enxoval persoal, no fogar, nos apeiros de labranza ou nas construcións auxiliares da casa como hórreos, fornos, alpendres, fontes, etc. Moita desta iconografía correspóndese cuns arquetipos absolutamente tradicionais e, por tanto, son susceptibles dun estudo etnográfico. En calquera de nós, o ollar cara a unha cruz esculpida nunha padieira posiblemente non nos produza ningún sentimento, xa que, á fin e ao cabo, o noso cerebro está a procesar unha imaxe familiar para a meirande parte de nós dende cativos. Porén, se a icona é unha estrela, partindo dende eses mesmos arquetipos, moitos pensarán que é un amuleto contra o mal, entendido no seu concepto máis amplo, o que é absolutamente certo. Mais, dende o punto de vista defendido a través deste estudo, a cruz e a estrela (a rosa tamén) forman parte dun repertorio iconográfico sacro, que o pobo copiou e fixo de seu, a partir do uso realizado durante séculos pola igrexa cristiá católica en capelas, igrexas e conventos. A presenza destes tres símbolos xuntos, ou ben por separado, tivo segundo as nosas conclusións, achadas dende o estudo de todos os exemplos iconográficos aquí recompilados, unha función de sacramentación dos espazos habitacionais destinados ás xentes, aos seus gandos e á garda dos seus excedentes agrícolas, que tentaba protexer do mal aquilo considerado polo pobo máis prezado. Porén, este uso foi unha simplificación ou adulteración da mensaxe inicial proxectada pola Igrexa, no senso de que, dende o punto de vista litúrxico e teolóxico, estes símbolos estaban a testemuñar as virtudes marianas no caso da rosa, ou a promesa de resurrección prometida polos evanxeos no caso da estrela; presidido todo este discurso visual pola presenza da cruz, que é sempre o símbolo máximo do sentimento relixioso omnipresente en calquera obra promovida polo clero. Simplemente os fregueses comezaron a empregar estas iconas baixo o convencemento de que, se eran boas para a Igrexa tamén o serían para os seus fogares. No caso concreto dos linteis da comarca do Eume (tamén no dos existentes noutras terras veciñas), a conclusión tirada por este estudo é que forman parte dunha sinalización de antigos lugares medievais forais propiedade de entidades monásticas. O clero, por tanto, ornamentou estas padieiras cunha simboloxía alegórica á Virxe e a Cristo, que empregaba paralelamente na sacralización doutros espazos relixiosos como anteriormente xa se deixou albiscar, aínda que, na meirande parte dos casos, dentro do ámbito marxinal ou exterior do templo.

Do xeito que cada un de nós nacemos ou morremos é á fin e ao cabo o acontecemento que marcará o ciclo vital da nosa vida. Dende o punto de vista etnográfico, é interesante o estudo dos comportamentos sociais ao redor destes dous fitos no resto da

comunidade e a manifestación ou sentimento relixioso que ambos espertaron no pasado. Dende os parámetros deste estudo, intentarase recoller ademais como a través das iconografías da flor hexapétala, e da estrelas pentalfa e hexalfa, se manifestaba un anhelo de pronta resurrección, ben da carne ou da alma, reflectada nestas simboloxías baixo unha función distinta á anteriormente mencionada: a funeraria.

Case rematando o estudo, unha das meirandes preocupacións foi que o lector percibira dentro dunha análise de carácter etnográfico un exceso de documentación histórica. Porén, por unha banda, como xa se dixo no encabezado, entendemos que a etnografía sen un adecuado estudo histórico, xunto ao seu inevitable aparato crítico, non deixa de ser unha mera proposta conxectural, da que dende o primeiro momento se quixo fuxir. Por outra, temos o convencemento de que non hai xeito posible de aproximarse ao caso concreto das espadas funerarias ornamentadas cunha estrela hexalfa de Fernán Pérez o Bóo, e do seu irmán Nuno Freire, ou ás fiestras estreladas do torreón da vila de Pontedeume, sen profundar na historia destes personaxes e das sinerxías que levaron a representación desta simboloxía e non doutra. Finalmente, a nobreza tamén é susceptible de estudo etnográfico, xa que o seus comportamentos fronte á vida e á morte tiveron un reflexo cultural inmediato no pobo. No caso concreto da vila de Pontedeume, a súa tradición oral tamén está empapada inevitablemente da historia da liñaxe Andrade, reflectida nas lendas de Roxín Roxán, do Castelo da Fame, da construción das sete pontes, mosteiros e igrexas por parte de Fernán Pérez; ou do lendario paso subterráneo entre o castelo de Nogueirosa e o torreón da vila; historias e contos que forman parte todos eles da nosa cultura inmaterial que nos foi transmitida polos nosos avós sendo cativos.

## Parte 1. O hexagrama un símbolo sacro



Foto 01. Estrelas hexalfas de Ventosa (esquerda) e Lapido (dereita). Foto do autor 2017-2018

**2. Xeneralidades.** O hexagrama ou hexalfa regular é unha estrela que resulta de superpoñer dous triángulos equiláteros un enriba doutro, resultando da súa intersección un hexágono perfecto. Porén, tanto no lintel de Ventosa (Centroña, Pontedeume) como no lintel de Lapido (Ambroa, Irixoa), as estrelas hexalfas están inseridas dentro dunha cir-

cunferencia, exhibindo un pequeno botón central, ás veces esculpido como un óculo[4]. Este pequeno detalle constitúe a diferenza entre estes hexagramas e calquera outro coñecido. Será esta tipoloxía, e non outra, a que se recollerá neste estudo (foto 01). Xa que logo, e a xeito descritivo, diferéncianse os seguintes elementos que compoñen as estrelas hexalfas ás que nos referimos. Cada unha destas pezas ten un significado propio, adquirido en diferentes períodos a través do tempo, e serán estudados por separado para entender así a mensaxe que suman en conxunto:

— A circunferencia exterior ou nó.
— A estrela: de cinco, seis ou oito puntas.
— O hexágono central.
— O ornato central ou óculo.

Renúnciase a poñer un nome en concreto a esta figura estrelada, xa que non faría máis que aumentar a confusión sobre cal é o correcto, ou o máis antigo. Cada civilización, relixión ou cultura popular bautizouna co seu propio nome: *Estrela ou Escudo de David, Selo de Salomón, Estrela Templaria*, *do Creador,* etc., dotándoa tamén cun significado diferente. A que recolle este estudo será a iconografía baseada no ciclo de floración do loto azul, que os monxes exipcios do Templo de Thoth (Ashmunein) empregarán como alegoría para explicar a súa interpretación da creación do mundo e a resurrección diaria do sol, personificado polo deus-neno-Sol: <<Nefertum>>. A través dos mecanismos que se documentarán a continuación, parte destas crenzas mitolóxicas e a súa iconoloxía asociada pasará a ser incorporada á simboloxía marxinal da Igrexa católica dende o século VI d. C., que asumirá como propias as iconas da flor do loto hexapétala, xunto á súa sucesora, a rosácea, ambas como símbolo mariano; sumadas á estrela hexalfa, símbolo da morte e posterior resurrección de Xesucristo. Xa que logo, a nosa icona é de tradición xudeocristiá culta, cun substrato de orixe pagá. A partir de ter marcado estas liñas xerais, tamén se renunciará por motivos obvios de extensión do traballo a documentar outras estrelas presentes noutras culturas, aínda que por ter unha orixe común, será necesario aludir algunhas delas como é o caso da *Maguen David* xudía.

**3. A iconografía da floración do loto azul.** No primeiro milenio antes de Cristo, ao longo do chamado *Terceiro Período Intermedio de Exipto* (1069-664 a. C.), varias tribos asentadas na beira oeste do río Nilo, orixinarias da *Libia Cirenayca*, pertencentes ao pobo bereber dos <<Mashawash>>, acadaron o poder a finais da XXII dinastía (945-715 a. C). O seus líderes foron proclamados faraóns da XXIII dinastía, que foi xa que logo, en parte, contemporánea á anterior. O fundador desta saga foi *Sheshonk* (945-924 c. C.), xeneral do exército e, por outra banda, descendente dunha destacada familia de príncipes Mashawash. Baixo o seu reinado, o rei xudeu *Xeroboam* exiliouse en Exipto até

4. Como se verá máis adiante, tamén levan este botón ou óculo os outros exemplos de estrelas hexalfas aquí estudadas, como a representada no lintel de Quintá (O Val, Narón) ou a que se acha na almofada do túmulo funerario do abade de San Salvador de Bergondo.

a morte do rei Salomón († 931 a. C.), fundando posteriormente unha dinastía que gobernará o reino de Israel, con capital en Samaria[5]. A iconografía que rematará por conformar o símbolo da nosa hexalfa estivo influída polo tanto por un período onde confluíron no tempo as culturas exipcia, béreber e israelita, recibindo achegas de cada unha delas. A esta dinastía de faraóns Mashawash tamén pertencía *Osorkon* III, cuxa cronoloxía non está de todo clara, e que semella estaría comprendida entre o ano 790 ao 787 a. C. No Museo do Louvre de París, consérvase un obxecto chamado <<Selo de Osorkon[6]>>, que conmemora o seu reinado.



Foto 02. Selo de Osorkon. Datado 800 – 740 a. C. Museo do Louvre

Este selo, posiblemente amuleto, está realizado en pasta de vidro e representa o deus neno <<Nefertum[7]>>, sentado en apoteose enriba dunha flor de loto azul exipcio. Acompáñano como tenantes dúas cóbregas <<Uadyet[8]>>, símbolos dos raios e da calor ardente do deus sol <<Ra>>, que domina a escena, pendurado enriba da cabeza da deidade nova. A epifanía, esta contida dentro dun enorme nó chamado <<Shen>>, con inscricións xerográficas que fan referencia ao faraón Osorkon como: "*o gran xefe do Maat*"[9] (foto 02). O selo representa o mito da chamada *Creación* ou *Cosmogonía Hermopolitana*, difundida polos monxes do templo de Thoth dende o delta do Nilo. A súa teoloxía sostiña, en resumo, o nacemento e autocreación do sol no interior do cáliz da planta do loto azul: *Nymphaea Caerulea*[10], xurdida enriba do chamado: "Cumio da Chama"; unha illa que espontaneamente aflorara dende as profundidades das Augas Primixenias. Segundo o mito, este loto ao florecer deixou ver dentro do seu cáliz ao deusneno-Sol *Nefertum:* "*o fermoso Atum*", o deus solar que trouxo consigo o tempo e a creación; xa que, a partir do seu nacemento, os días comezaron a correr[11] o mesmo que acontecería con outro neno-

5. Pérez Largacha, Antonio. *Historia antigua de Egipto y del Próximo Oriente*. Akal Universitaria. 2006. Páx. 402. En adiante: (HISTORIA ANTIGUA DE EGIPTO…).

6. Museo do Louvre. Departamento de antigüidades exipcias. Ref: (E-10943). Altura: 97 mm, largo: 96 mm, fondo: 10 mm.

7. Nefertum: Atum "o fermoso". O Sol foi representado ademais de como un neno, como una deidade con cabeza de carneiro, que representaba o sol nunha das súas derradeiras fases.

8. Señora do Ceo. Considerada patroa do Baixo Exipto, a cabeza da cóbrega era portada na diadema do faraón: Uraeos.

9. Maat: Harmonía Cósmica.

10. Especie de planta acuática da familia das ninfeáceas, coñecida tamén baixo o nome de: loto de Exipto, loto azul exipcio ou nenúfar azul.

11. Naydler, Jeremy. *El Templo del Cosmos*. Páxs. 73/74.

deus varios séculos despois, un 25 de decembro do ano 1 d. C. En realidade, o mito é unha alegoría ao ciclo diario da floración do loto, que servía para explicar dende o punto de vista dos canóns relixiosos exipcios o nacemento do Sol á mañá, creando para isto un programa iconográfico paralelo, construído a partir das etapas nocturna e diúrna da flor[12]. A primeira delas comezaría á alba, cando os brotes do loto emerxen co seu cáliz aínda pechado, dende as profundas augas dun río ou lagoa, na procura da luz. Florecen de seguido, descubrindo os seus fermosos pétalos azuis en forma de estrela duns 10 a 15 cm de diámetro. Este intre concreto, da apertura máxima do cá-liz, é o representado a través da icona da hexalfa con botón central. Chegada a noite, os monxes crían que a flor se pechaba novamente, para se mergullar de volta nas augas (asimiladas ás augas primixenias), agardando a chegada do próximo día (foto 03).



Foto 03. Diferentes fases da floración da: Nymphaea Caerulea. Arriba esquerda: Saída dos brotes e apertura do cáliz. Arriba dereita: Floración do loto en estrela. Abaixo esquerda: Folla do loto que flota no auga. Abaixo dereita: Cápsulas do cáliz unha vez despoxadas dos pétalos e sépalos

Observando con detemento o selo de Osorkon conservado no Louvre, poderemos ollar, asemade, a xeometría dun hexágono no seu centro, formado polas ás das cóbregas laterais que acubillan o neno Sol. Tornamos así a descubrir unha imaxe precursora e anunciadora da estrela hexalfa, par do seu botón central personificado por Nefertum. Se descompoñemos e esquematizamos a escena, usando só algún dos seus actores, conse-

12. Foi, xa que logo, unha alegoría perfecta para explicar o transito do día á noite; e por tanto, e segundo as crenzas dos antigos exipcios, do renacer do sol despois de navegar na súa barca a través do caos (a noite), onde tiña que sortear os perigos personificados pola serpe Apofis.

guimos realizar unha transición perfecta dende o selo á icona da flor do loto hexapétala (foto 04); esta mesma metamorfose será, xa que logo, a base sobre a que se construirá de igual xeito a icona do hexagrama. Son por tanto dúas iconas irmás cun mesmo discurso e significado simbólico, que representan de xeito artístico diferente a apoteose da apertura do cáliz do loto e o descubrimento do milagre da resurrección da deidade solar. Tamén cómpre sinalar que o número de follas ou puntas utilizado para plasmar artisticamente o mito do loto, tanto na súa vertente de flor coma na de estrela, é complemente indiferente para o discurso, xa que non varía a súa mensaxe; e polo tanto, a súa imaxe pode mudar dependendo do artista, período ou influencia cultural.



Foto 04. Transición dos elementos do selo de Osorkon cara á flor hexapétala

Outro dos elementos simbólicos que pasarán a formar parte da icona, tanto da estrela hexalfa como da flor hexapétala no futuro, será o nó exipcio chamado *Shen*, que tamén podemos ollar na contorna do famoso selo de Osorkon. Estes nós, como o resto dos símbolos que compoñen as dúas iconas, son unha alegoría á eternidade; xa que se consideraba que os nós *Shen* podían correr eternamente sen fin. Noutras variantes iconográficas exipcias do deus sol Nefertum, este aparece rodeado dunha serpe que engule a súa propia cola (foto 05), coñecida polo nome grego de <<Uróboros[13]>>.




Foto: 05. Nefertum contido dentro dunha serpe: Uróboros

13. Do grego: <<ουροβόρος>> "serpe que morde a súa cola".

Esta alegoría baseábase nunha crenza milenaria que chegou a acadar a Idade Media e o Renacemento, de que, ao rematar o ano solar, o universo recompoñíase na súa orde comezando os astros de novo o seu movemento circular, describindo deste xeito un ciclo eterno[14]. A serpe (ás veces representada baixo a figura dun dragón ou basilisco) foi o animal que mellor representaba simbolicamente esta idea, xa que o réptil, segundo unha crenza xeneralizada, rexenerábase a si mesmo cada ano, ao mudar a súa pel. O filósofo exipcio *Horapolo,* na súa obra <<Hieroglyphica>> recolleu nun tratado o significado dos símbolos xerográficos exipcios no século V d. C[15]. Esta obra, que circulou até o século XII, foi redescuberta no ano 1419 por *Cristoforo Buondelmonte* quen comprou o códice na illa grega de Andros e o levou consigo a Florencia no ano 1422. Foi impreso no ano 1502 sen ilustracións e no ano 1543 foi por primeira vez iluminado (foto 06). No epígrafe adicado á Eternidade, esta foi representada a través dun emblema que representa un basilisco que morde a súa cola, mentres contén o deus Sol asimilado a Xúpiter, no seu interior; constatando así a vixencia do mito hermopolitano dentro dos círculos cultos europeos, até a chegada da Idade Moderna.



Foto 06. Icona da Eternidade da Hieroglyphica de Horapolo. Amosa o deus Xúpiter asimilado ao sol envolto por unha circunferencia que forma un basilisco. Imaxe publicada por Akal

O significado real deste este emblema xustifícase a través da descrición que Herodoto fixo do concepto exipcio da Eternidade: <<*Para indicar "eternidade" escriben un sol e unha lúa porque son elementos eternos. Se queren escribir "eternidade" doutra forma, pintan unha serpe coa cola escondida debaixo do resto do corpo, que os exipcios chaman "ureo" e en grego é "basilisco", co cal precisamente, facéndoo de ouro, cinguen os deuses*>>[16]. Este basilisco empregado polos gregos para simbolizar o concepto do eterno, conta tamén con exemplos na arte medieval galega. Un deles sería o representado nunha doela do século XIV do antigo convento de Santo Domingo, conservada nos fondos do museo arqueolóxico do Castelo de San Antón na cidade da Coruña. Foi realizado en

14. É a concepción aristotélica do mundo que situaba a terra no centro do universo e os planetas xiraban en círculo ao redor en harmonía dentro dunhas esferas circulares. Ref: DO NILO, Horapolo. *Hieroglyphica*. Edición de Jesús María González de Zárate. Edicións Akal. *Arte y estética*. Páx. 43. En adiante: (HIEROGLYPHICA…).

15. *Ibídem*... Páx. 43.

16. *Ibídem*...Páx. 43.

baixorrelevo, mordendo unha das súas extremidades, a cal á súa vez sostén a cola do réptil enroscada en dirección á cabeza (foto 07). Xa que logo constatamos a presenza desta mitoloxía orientalista en Galicia, que pervivirá até alcanzar os tempos da nosa Baixa Idade Media conservada en figuracións iconográficas inseridas nas nosas igrexas e mosteiros, como alegorías aos conceptos de eternidade e resurrección.




Foto 07. Doela de Santo Domingo da Coruña co basilisco ou dragón. Foto do autor 2017.

**4. A flor do loto símbolo de vida, morte e resurrección.** O mito da Creación Hermopolitana converteu os dous xeitos que empregaba para plasmar as diferentes fases da floración da Nymphaea Caerulea, a flor e a estrela, en símbolos que evocaban o ciclo da vida das xentes, da súa inexorable morte, pero asemade nunha promesa da súa futura resurrección. Esta doutrina da esperanza será común a outras moitas proclamadas, como ás de raíz semítica e, posteriormente, aos seus parentes xudeocristiáns que compartirán co xudaísmo as escrituras do Antigo Testamento e seguirán os preceptos do seu propio deus resucitado recollidos no Novo Testamento. Non é de estrañar, xa que logo, que as iconografías da flor e da estrela foran incorporadas pola Igrexa católica como elemento alegórico, á promesa de resurrección dada polo seu Mesías.

**5. Un desexo de vida eterna.** Na Península Ibérica contamos con moitos exemplos da utilización da iconografía do loto aplicada á arte na Antigüidade. En Galicia, o uso da flor tivo seguramente un carácter protector, como amuleto que desexaba unha vida eterna aos seus donos. As primeiras manifestacións dentro da nosa arte atopámolas na cultura castrexa, onde se constatan varias laxas ou medallóns inseridos dentro dos muros das vivendas, que incorporan como decoración a flor hexapétala dentro dun cordón, que tería un simbolismo semellante ao do Uróboros grego[17] (foto 08).

Tamén no norte de Portugal, dentro do territorio da antiga *Gallaecia*, existen estes mesmos ornamentos vencellados ao castrexo. Concretamente na citania de Briteiros (Guimarães) atopáronse nas primeiras escavacións do século XIX dúas padieiras decoradas coa flor hexapétala, xunto con outros símbolos como o tríscele, cuxa cronoloxía podería situarse preto do século III d. C. Ambos linteis marcan un precedente na utilización destas iconografías nos vans de entrada e portas principais que, dalgún xeito, están a recibir o

17. Como xa de dixo anteriormente, este cordón viría a simbolizar o Uróboros que muda a pel eternamente, rexenerándose a si mesmo.





Foto 08. Diferentes laxas castrexas galegas coa icona do loto: (A, B) Santa Tegra. (C) Lás (D) Armeá

visitante desexándolle unha vida eterna. Esta tradición de recibimento, saudación e boaventura seguirá presente na nosa etnografía traspasando os séculos vindeiros, até achegarse a nosa Idade Media. Será xunto a outros aspectos adquiridos a través da liturxia cristiá, como o uso protector contra o mal ou o pecado, o verdadeiro significado e función que inducirá o promotor do lintel de Ventosa no século XII a decoralo con esta e non outra iconografía presente dende tempos inmemoriais na súa etnografía cultural, tanto na material coma na inmaterial (foto 09).



Foto 09. Linteis do século III d. C. da citania de Briteiros. Imaxes: Museu Casa de Sarmento

Aínda que estas manifestacións ás que se acaban de aludir se encadran dentro da nosa cultura prerromana, posiblemente chegaran a ela a través do seu contacto con algún dos pobos colonizadores da Península: fenicios, gregos ou romanos. Así por exemplo, a mesma función que ten a flor do loto nos muros do castrexo en Galicia e Portugal atopámola en Andalucía nas decoracións dalgúns mosaicos no chan das *domus* romanas da antiga cidade sevillana de *Carmo* (actual Carmona, Sevilla). No museo da

cidade consérvase parte dun fermoso mosaico romano do século II d. C. que fusiona a iconografía da Nymphaea (a estrela hexalfa e a flor hexapétala) nunha mesma icona; evidenciando, deste xeito, unha mesma orixe común de ambo os dous símbolos, tal e como neste traballo se defende. Nas variacións decorativas que presenta o mosaico, substitúense algunhas das flores hexapétalas por outros símbolos relacionados co mesmo concepto de eternidade, como un nó gordiano, tamén chamado nó celta ou nó de Salomón (foto 10).




Foto 10. Mosaico do Museo de la Ciudad de Carmona, que fusiona o motivo da estrela coa flor hexapétala

**6. Un desexo de resurrección.** Descrito xa o carácter propiciatorio da vida eterna, representado polas dúas iconas da flor e a estrela, imos a continuación facer evidente o seu uso funerario e psicopompo, como outro dos aspectos vencellados ao ciclo da vida. A vida e morte son de seguro os dous acontecementos máis importantes da biografía dun ser humano, que van xunguidos á esperanza dunha pronta resurrección. Esta segunda oportunidade, seguindo a doutrina das principais relixións, acádase ben accedendo a un paraíso prometido ceibe das penalidades terreas ou ben retornando á terra entre os vivos, sendo dotado dunha alma purgada. O mito da Cosmogonía Hermopolitana, e a súa iconografía asociada, seguirán estes preceptos prometendo a volta á vida, unha vez purificado o espírito, segundo as doutrinas da relixión exipcia. A icona da flor do loto hexapétala é, sen dubida ninguha, un dos símbolos máis vedraios coñecidos relacionados coa morte, e transversais a todas as culturas e relixións; mentres a estrela de cinco, seis ou oito puntas, comezará a ser empregada con esta mesma función funeraria só a partir da Alta Idade Media europea. En Galicia, contamos con moitos exemplos deste uso funerario do loto, encadrados cronoloxicamente na romanización (137 a. C. - 411 d. C.), xa que non se constata a existencia de cemiterios ao longo do castrexo. Entre eles, escolléronse para este estudo os atopados nas terras do Eume ou nas comarcas veciñas, para comprobar que a iconografía da Nymphaea como motivo funerario tamén chegou a estas terras. O primeiro exemplo sería a <<Estela de Aper>>, unha laxa funeraria atopada en San Pedro do Vilar (Pontedeume), consagrada aos deuses Manes[18] (foto 11).

18. Os manes no mundo romano eran almas boas dos familiares defuntos, asociadas aos lares protectores do fogar. Recibían culto no ámbito familiar por parte do pater familias. Cando eran desatendidas, convertíanse en *larvae*; fantasmas errantes que espantaban os homes coa súa aparición e necesitaban de exorcismo. Ofrecíaselles fabas negras para que se tornaran propiciatorios.



Foto 11. Vista da estela de Aper procedente de Vilar (Pontedeume). Foto do autor 2017

A estela é unha grande laxa granítica concibida para ser chantada na terra. Na parte inferior ten a inscrición: <<D(is) M(anibus) S(crum) /APRO/ANN/ORUM[19]>>. Enriba desta, existen tres arcos que tradicionalmente representan o pórtico da entrada a un templo. Na parte superior conta cunha capela redondeada con dous símbolos: una lúa minguante e un sol, representado por unha flor de loto hexapétala inserida dentro dunha circunferencia, cuxa bordura polo interior forma un hexágono de lados cóncavos. A alegoría empregada a través da Nymphaea para simbolizar o sol resucitado está claramente en sintonía co mito da Cosmogonía Hermopolitana. A utilización psicopompa dos dous luceiros que rexen a noite e o día: a lúa e o sol, para acompañar os mortos mentres non son resucitados, é, tamén, unha constante na Antigüidade que será asimilada posteriormente pola iconografía cristiá. Así por exemplo, tradicionalmente, unha lúa minguante e un sol acompañan o calvario de Xesucristo no monte Gólgota xunto a Virxe María e San Xoán, como acontece por exemplo no calvario da igrexa prerrománica de San Antolín de Toques (foto 12).





Foto 12. Calvario románico de Santo Antolín de Toques. Foto publicada por Manuel Chamoso Lamas en 1973

O seguinte dos exemplos do uso funerario da flor hexapétala do loto atoparémolo na chamada <<Estela de Primiano>>. Foi atopada no lugar de Mazarelas na parroquia de Santa María de Rodeiro, no concello mariñán de Oza-Cesuras (A Coruña). Como no caso anterior, está tamén consagrada aos deuses Manes segundo a súa inscri-

19. Tradución do latín do Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón, consagrado aos deuses manes. A Aper, de (?) anos....

ción: <<D(is) M(anibus) S(acrum) / PRIMIANO/VITALES AN/ LXXV/ TETVLV/...[20]>>. Dando crédito ao expresado por don Luis Monteagudo García[21], a súa cronoloxía estaría en torno ao ano 350 d. C. A súa iconografía, baixo as pautas dese estudo, estaría formada por símbolos solares de dous tipos: o principal e máis abondoso serían varios discos de diferentes tamaños, sendo o maior deles un disco formado por tres borduras concéntricas. A seguinte variante está representada por sete rodelas que levan inseridas en baixorrelevo seis gaias que representarían segundo a nosa interpretación áa flor do loto; e xa que logo, serían unha alegoría ao Sol nacido e renovado dentro do seu cáliz. No medio da escena, está de pé a figura esquematizada do defunto *Primiano*, rodeada de seis destes símbolos solares e enmarcada dentro dun arco, que representaría novamente un templo. A súa cara expresa un medio sorriso, xa que estes discos psicopompos que o acompañan na súa morte, por outra banda, lle están a anunciar a súa pronta resurrección (foto 13).



Foto 13. Estela de Primiano no Castelo de San Antón. Foto do autor 2017

Existen outros moitos exemplos galegos cronoloxicamente datados en torno ao século III d. C., con estelas que posúen esta mesma iconografía solar, vencellada á morte como a <<Estela de Riós[22]>>, ou a famosa <<Estela de Vigo[23]>>, ambas cunha mesma iconografía, que representa crecentes lunares xunto a flores da Nymphaea.

## 7. A estrela psicopompa do abade de Bergondo.

Como xa se anunciou nas liñas antecedentes, o uso das estrelas pentalfas e hexalfas como símbolos vinculados á arte funeraria comezaría ao longo da Baixa Idade Media, sendo precursora deste uso a estrela de oito puntas bizantina; que será tamén a máis empregada neste mesmo período dentro da cultura islámica. O exemplo que temos máis cerca da vila de Pontedeume é a dun abade de nome descoñecido, sepultado dentro do panteón da igrexa do mosteiro beneditino de San Salvador de Bergondo (Bergondo, A Coruña).

Este sepulcro atópase hoxe en día nun lucilo situado xunto ao muro norte da ábsida central; porén, é bastante posible que a súa antiga localización estivese dentro da capela baixo a advocación de Santa Caterina, anexa á igrexa

20. "Consagrado aos Deuses Manes. A Primiano fillo de Vital, de 75 anos. Inscrición…".

21. Monteagudo García, Luis. *La religiosidad callaica: Estela funeraria romana de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros.* "Anuario Brigantino" nº 19, páx. 11/118. Ingresou no Museo Arqueolóxico de A Coruña no Castelo de San Antón o 9 de xuño de 1973, despois de ser rescatada dun bar en Basauri (Bilbao), a onde foi levada polo seu descubridor para servir de decoración do mesmo. A estela partiu en dous anacos ao ser levantada da leira onde foi descuberta en Mazarelas. En orixe tería un alto de case dous metros en un ancho de 52 cm.

22. A estela de Riós foi atopada na casa parroquial de Santa María de Riós (Ourense) durante a realización dunhas obras. Posúe un frontón rectangular que representa un crecente lunar xunto a unha gran flor hexapétala.

23. Foi atopada formando parte do enlousado da rúa Arenal da cidade de Vigo. Ten unas dimensión de 136 x 60 x 23 cm.

conventual. O personaxe viste hábito talar, porta na súa man esquerda un báculo abacial e, na dereita, terma dun pequeno libro que cómpre identificar coas Sagradas Escrituras. A súa cabeza tonsurada repousa con xesto sereno sobre dúas ricas almofadas, simbolizando o descanso eterno. Na espera da resurrección do abade (prometida polos evanxeos, o que constitúe o piar mesmo da fe cristiá), garda o seu soño unha fermosísima estrela hexalfa, situada á dereita da súa testa que, como símbolo solar vencellado ao mito do loto hermopolitano, representa o ciclo eterno de renovación da vida despois da morte (foto 14). Está inserida dentro dunha circunferencia e conta con botón central formado a partir da unión dos radios que parten de cada lado do hexágono, cara ao centro da figura, formando unha flor trifolia, con moitas similitudes ao exemplar da estrela hexalfa do lintel do lugar de Quintá (O Val, Narón). Nas esquinas da almofada cara ao exterior pódense ollar dous remates que forman cada un deles unha flor hexapétala que semella un botón que representaría o deus resucitado. Toda a ornamentación resérvase para o lado visto do lucilo, mentres que, cara ao interior en dirección ao muro, a almofada carece de simboloxía ninguha. Sobre a cronoloxía do lucilo, e da tapa do monumento, debe de pertencer a mediados ou finais do século XIV[24].


Foto: 14. Detalle da almofada onde repousa a cabeza do abade de Bergondo acompañado dunha hexalfa

A existencia da estrela hexalfa xunto a cabeza do abade vén sendo relacionada con outra hexalfa similar, que achamos na espada que sostén no seu monumento funerario de San Francisco de Betanzos, o cabaleiro Fernán Pérez de Andrade *o Bóo* establecendo, segundo algunhas teorías un hipotético parentesco entre o abade e a liñaxe Andrade nunca demostrado. Esta tese, que ben sendo até agora admitida como unha proba máis da utilización heráldica da hexalfa polos membros desta nobre liñaxe mariñá non contempla outras posibilidades que expliquen máis satisfactoriamente a súa existencia e función, moito máis acordes con outros exemplos da tradición artística funeraria peninsular, da que nos ocupamos anteriormente. Este uso sería similar, xa que logo, ao caso xa estudado da flor hexapétala como símbolo solar vencellado ao ciclo e mito do loto azul; que non foi outro que o de acompañar, anunciar, recordar e desexar a pronta resurrección da alma do defunto.

Así acontece noutro fermoso exemplo, que presenta moitos paralelismos co túmulo do abade de Bergondo, composto por un fundo de lucilo gótico do século XV procedente

24. Fernández Pérez, Sonia M. *Estudio Histórico Artístico del Monasterio de San Salvador de Bergondo en la Edad Media*. "Anuario Brigantino" nº 23, ano 2000, páx. 409.

da igrexa de Santo Estevo de Cuellar (Segovia), que pertence á sepultura dos cabaleiros casteláns *Juan Velázquez de Cuellar* e ao seu fillo homónimo, exhibido de xeito permanente no MAN de Madrid[25]. Representa a misa de San Gregorio na parte superior e, no panel inferior, os funerais dos personaxes cos seus cadáveres vestidos con armadura. Están expostos enriba dun fermoso catafalco cuberto de ricos tecidos e repousan a cabeza compartindo a mesma almofada. Entre eles, atópase unha fermosa estrela hexalfa rematada cun *trifolium* nos cabos (foto 15).



Foto: 15. Detalle da almofada con estrela hexapétala e botón central e retrato de Xoán Velázquez mailo seu fillo homónimo. Museo Arqueolóxico de Madrid. Foto do autor 2018

Os modelos inmediatos de ambas representacións: a escultórica do Abade de Bergondo e a pictórica dos cabaleiros de Cuellar atopámolos nas almofadas funerarias dos enterramentos rexios da monarquía castelán-leonesa do século XIII ao XIV. Existen varios exemplares deste obxecto funerario, custodiados no mosteiro de *Santa María La Real de las Huelgas* (Burgos), que proceden das pezas recuperadas do enxoval dos enterramentos da descendencia dos seus fundadores: o rei Afonso VIII (1158-1214) e a súa muller Leonor de Aquitania ou Plantagenet († 1214)[26]. Estas extraordinarias pezas son de manufactura andalusí, realizadas en tecidos de veludos e sedas, con pasamanerías importadas de diversos puntos da conca mediterránea, as cales presentan motivos e decoracións orientalistas (fotos 16).



Foto: 16. Almofada da raíña dona Berenguela de Castela muller de Afonso IX de León. Século XIII. Fotografía: J. Baztán

Moitas delas posúen estrelas de oito puntas, que son as máis empregadas dentro da cultura árabe da época e que teñen a súa orixe na tradición coránica. Están realizadas en fío de ouro, coa técnica propia dos tapices, e

25. Museo Arqueolóxico de Madrid (MAN). Número de inventario: 57821. Trátase dun fundo de lucilo gótico pintado ao temple sobre táboa. Procede da igrexa de Santo Estevo en Cuellar (Segovia).

26. PATRIMONIO NACIONAL. "Vestiduras ricas. El monasterio de las Huelgas y su época 1170-1340". Catálogo da exposición realizada no Pazo Real de Madrid no ano 2005. Páx. 15. En adiante: (VESTIDURAS RICAS…).

presentan inscricións árabes[27]. Estas rexias almofadas ricas e a súa iconografía serían copiadas pola nobreza laica e eclesiástica; se ben, adoitando a simboloxía das estrelas musulmáns de oito puntas, as cristiás de cinco e seis con botón, introducidas a través da influencia das ordes militares e do Císter a partir da conquista de Xerusalén; e que seguirían vixentes na arte funeraria peninsular en todas as súas representacións.



Foto: 17. Xacigo de Zenarruza. Museo arqueolóxico de Bilbao. Fotografía do autor ano 2017

No Museo municipal de Bilbao, localizamos un interesantísimo sartego rectangular pétreo do século XII, que procede da colexiata de *Zenarruza* (Ziortxa-Bolibar, Biscaia). Na cara exterior, a cal coincidiría co lugar que ocuparían os pés do defunto, par ao buraco destinado a aliviar a podremia do seu cadáver, existen tres símbolos coñecidos gravados en baixorrelevo. O primeiro deles, situado á esquerda dende o punto de vista do observador, sería a figura do defunto representada esquematizadamente polo seu tronco e cabeza, cunha traza moi similar á que presenta a estela mariñá de Primiano[28]. Interrompida polo buraco, e no medio da composición, hai unha cruz grega tipo *pommé*, con remates redondeados nos cruceiros. Á dereita, sitúase unha estrela pentalfa inserida dentro dunha circunferencia cun óculo central. O lugar que ocupa a estrela xunto o aliviadoiro non debe de ser fortuíto, xa que dalgún xeito está acompañar o cadáver no seu tránsito nas etapas da morte, remarcando deste xeito a súa función psicopompa e recordándolle, a pesar da podremia, a promesa da resurrección da carne[29] (foto 17).

Por outra banda, onde son máis abundantes os exemplos do uso funerario de estrelas pentalfas e hexalfas é nas estelas descoideas medievais. Desafortunadamente os

27. *Ibídem*…Páx. 232.

28. No mesmo museo existen varias estelas de diferentes épocas, que representan a figuras similares á do xacigo representadas algunhas delas con ollos e nariz, o cal non deixa marxe de erro.

29. SAN PAULO, Novo Testamento. Cartas. Corintios. Capítulos 11/16. *"A resurrección de Cristo: garantía da nosa resurrección: 12.- Ora, se se predica que Cristo resucitou dos mortos, ¿como é que andan algúns de entre vós dicindo que non hai resurrección dos mortos? 13.- Se non hai resurrección dos mortos, tampouco Cristo está resucitado. 14.- E, se Cristo non está resucitado, baleira é a nosa predicación, e baleira tamén a vosa fe. 15.- Resultaría, ademais, que nós acabamos sendo falsas testemuñas contra Deus, pois levantámoslle a Deus o testemuño de que resucitou a Cristo, sendo así que non o resucitou, caso de que efectivamente os mortos non resuciten. 16.- Pois, se os mortos non resucitan, tampouco Cristo está resucitado. 17.- E, se Cristo non está resucitado, a vosa fe é unha ilusión: estades aínda nos vosos pecados. 18.- Resultaría tamén que os que finaron en Cristo pereceron completamente. 19.- Ora, se a esperanza que temos en Cristo é soamente para esta vida, nós somos os máis dignos de compaixón entre todos os homes./ 20.- Pero non: Cristo resucitou dos mortos, coma primicia dos que dormen. 21.- Porque xa que por un home entrou a morte, tamén por un home chegou a resurrección dos mortos. 22.- Igual que todos morren por Adam, así tamén por Cristo todos revivirán".* https://www.abibliagalega.com. Consultado 11/06/2018.



Foto: 18. Estela descóidea do século IV da provincia de Burgos. Museo de Burgos. Fotografía do autor ano 2017

modelos localizados son todos foráneos, mais en todo caso o que nos interesa deles é a súa iconografía xunto a súa función, totalmente en sintonía co asunto que estamos a tratar; e que constata ademais o seu uso tamén polas clases máis populares, afastadas da pompa e boato propios do estamento dos cabaleiros. O máis fermoso destes exemplos foi localizado no Museo Provincial de Burgos, onde existe unha lápida pétrea circular que forma un medallón soportado por unha base piramidal. As dúas caras están talladas en baixorrelevo. A primeira delas representa unha estrela pentalfa con botón central, detalle que a relaciona, xa que logo, coas hexalfas decoradas co mesmo motivo. Está inserida nunha fermosa orla dentada, ornamentación tamén aplicada na outra cara, a cal posúe unha cruz grega esculpida en baixorrelevo. Este detalle, non está de máis recordalo, evidencia que é unha estela que pertenceu a un defunto de relixión cristiá (foto 18). A súa cronoloxía podería abarcar un período comprendido entre o século XIII ao XIV. Os modelos precursores desta estela atópanse no mesmo museo e corresponden todas elas ao período romano. Consisten en varias estelas funerarias, cuxo medallón presenta unha decoración, que na meirande parte dos casos reproduce a flor da Nymphaea de xeito esquematizado inserida dentro dunha bordura dentada. As máis delas conservan a súa inscrición latina, e incorporan imaxes do defunto lecendo en escenas domésticas idealizadas. Entre as máis elaboradas existe unha orixinaria da localidade de *Lara de los Infantes*, cuxa cronoloxía abarcaría os séculos II ao III d. C (foto 19). Posúe esculpida en baixorrelevo una flor do loto inserida dentro dun hexágono con lados cóncavos, de xeito similar ao prototipo que ollamos na *estela de Aper* de San Pedro de Vilar. Neste modelo da flor de loto de seis pétalos contida dentro dun hexágono apréciase un emblema precursor que evolucionará paseniñamente, até converterse nas estrelas funerarias, en todas as súas variantes, tal e como serán representadas posteriormente ao longo da Idade Media. No museo burgalés



Foto: 19. Estela descoidea de Lara de los Infantes (Burgos). Museo de Burgos. Fotografía do autor ano 2017

existen ademais varios prototipos de tapas de sartego a dúas augas, cuxas frontes están adornadas con discos que levan inseridas en gravatura as flores hexapétalas xunto a crecentes lunares, de igual xeito que os casos galegos que se acaban de documentar.

Outros casos coñecidos na Península Ibérica da estrela como elemento psicopompo serían as estelas pétreas que pertencen ao cemiterio portugués do Convento de Cristo en Tomar, onde se atoparon varias delas que representan tanto pentalfas e hexalfas nunha cara, e cruces gregas orbiculares na outra; cunha cronoloxía que abarcaría un período entre o século XIII ao XV (foto 20). Tamén no País Vasco Francés na poboación de Zibitze (Larceveau-Arros-Cibits en Francia, rexión de Aquitania) documéntanse varias estelas discoideas similares que incorporan pentalfas xunto a flores de loto, as cales cómpre, xa que logo, circunscribir dentro desta mesma tradición peninsular.



Foto: 20. Estelas funerarias portuguesas do Convento de Cristo de Tomar

**8. A Asimilación da iconografía do loto pola Igrexa católica.** A adopción da iconografía desenvolvida a partir da mitoloxía exipcia da flor Nymphaea Caerulea foi adoitada paseniñamente pola Igrexa católica, xa que a súa mensaxe implícita nos seus símbolos de pureza e resurrección era absolutamente asumible pola nova teoloxía cristiá. Varios foron os factores que influíron nesta apropiación polo clero do programa iconográfico do loto. O primeiro e máis importante aconteceu nos tempos nos que estaba xa próximo o colapso do Imperio Romano. Neste período, a simboloxía da Nymphaea estaba perfectamente asimilada polo pobo e formaba parte, dalgún xeito, da súa etnografía cotiá, integrada transversalmente dentro dos espazos habitacionais, tanto das clases podentes coma das máis modestas. Xa que logo, esta adopción previa polo pobo romano dos signos relacionados coa idea da eternidade e resurrección proporcionaba á Igrexa unha axuda para achegarse aquelas xentes, buscando puntos en común coas liturxias por eles practicadas, a meirande parte delas consideradas polos cristiáns como pagáns. Porén, a resurrección en todas as súas variantes foi un dos arquetipos compartidos por todas elas.



Foto 21. Xúpiter Capitolino sostendo o orbe acompañado da súa aguia




Foto 22. Esquerda: Xesús representado como Cristo Salvador do Mundo, do gravador holandés Adriaen Collaert (ca. 1560–1618), co lema: <<Rex Regum et Dominus Domnantium>>, sostendo o orbe tocado coa cruz, conservado na BNE[30]. Dereita: Cristo Salvador do Mundo do gravador Pedro Abadal y Correa representado cos atributos de Xúpiter o orbe e a aguia. (s. XVII). Calcografía Nacional (Madrid)[31].

Outro factor decisivo para a fusión da iconoloxía pagá e cristiá, sería que esta última adoitaría as mesmas ferramentas que o Imperio dende a súa fundación, para a asimilación

30. *The New Hollstein Dutch and Flemish, The Collaert Dynasty,* part. 3, p. 13, 495. Rúbrica de Adriaen Collaert como editor no bordo inferior centrado. Gravador tomado de Hollstein. Estampa a buril.

31. Estampa publicada en: *Los Rostros de Dios*. Páx. 379.

de doutrinas alleas, como foi o sincretismo. Deste xeito a propia figura de Cristo foi asimilada á do deus romano *Xúpiter* (foto 21), considerado en todo o Imperio o monarca do panteón oficial romano, sendo denominado <<*Iuppiter Optimo Maximus*>> (Xúpiter, o mellor, e o máis grande). Recibía culto xunto á deusa que se consideraba a súa muller, e propia irmá: *Xuno Regina*, e a filla de ambos: *Minerva*. Os tres formaban a chamada: *Triade Capitolina*. Todas as cidades do Imperio e principais vilas, estaban obrigadas a erixir un templo capitolino onde as tres deidades recibían culto, que ademais se considerába un acto de submisión á autoridade do César. Xa que logo, foi de vital importancia para a asimilación da nova doutrina cristiá que en todo o decadente Imperio os seus habitantes percibirán o novo Mesías Xesucristo baixo a figura do vello e oficial Xúpiter Capitolino[32]. Por este motivo, parte dos atributos deste último (os raios solares, o orbe, o aguia, e o título de *rex*) serán adaptados polo catolicismo e incorporados á imaxinería ao redor de Xesús Cristo, representado alegoricamente como *"Cristo o salvador do mundo"* ou *"Cristo rei e señor"*[33] (foto 22).

Nacemento, morte e resurrección son etapas da vida vencelladas entre si, e cada unha delas ten a súa propia liturxia dentro da doutrina cristiá e, como non, a súa propia iconografía e alegorías. Xa vimos anteriormente que a morte tiña como símbolo asociado practicamente en toda a Península Ibérica, a partir da romanización, a icona da flor de loto hexapétala en todas as súas variadas representacións artísticas. No norte de España (País Vasco, Cantabria e Castela), sur de Francia, e Portugal este costume perdurou e pasou a formar parte da etnografía destas rexións. En Galicia, pola contra, o uso desta iconografía manterase só de forma residual, nas representacións figurativas de rosáceas nos túmulos de cabaleiros e donas da nobreza, esculpidos ao longo da Plena e Baixa Idade Media. No noso país, o pobo preferirá laxas para os seus enterramentos, con gravaturas que facían referencia aos seus oficios tipoloxía ben representada por exemplo, nas laudas gremiais de Santa María A Nova de Noia. Na comarca das Mariñas, territorio que entendemos na súa meirande extensión cultural, entre as cidades da Coruña, Betanzos e Ferrol; constátase o emprego circunscrito a esta comarca histórica de estrelas hexalfas vencelladas á unha función funeraria nos túmulos do abade de Bergondo, no de Fernán Pérez de Andrade *o Bóo*, mailo seu irmán o mestre de Cristo Nuno Freire. Rematada a Idade Media en Galicia, o único símbolo vencellado á morte será indiscutiblemente a Cruz, mentres noutras zonas como o País Vasco, Navarra, Burgos ou Soria o uso da iconografía asociada ao loto seguirá vixente até alcanzar o século XVII.

32. Dentro da relixión "nacional romana", Xúpiter foi considerado o deus celestial, señor do lóstrego —mais atmosférico que cósmico segundo Dumézil— que representaba pois ao rex, un monarca invisible por enriba do poder político e administrativo, garante da existencia da mesma Cidade Eterna. Referencia: Dumézil, Georges. *Los dioses soberanos de los indoeuropeos*. Editorial Herder. Capítulo IV. "Júpiter y su entorno". Páxs. 161-191.

33. Neste novo programa iconográfico cristián manteríanse os principais aspectos e atributos do Xúpiter monarca dos deuses e do seu pobo, sendo asimilados á nova simboloxía que reflectirá a figura de Cristo baixo a alegoría de: *Rex et Dominus,* a cal lle garantía, xa que logo, o alzamento por riba dos poderes políticos e administrativos.

A vida e a promesa de resurrección da carne (que non deixa de ser esta última unha volta ao primeiro estadio) teñen tamén asociada como simboloxía a flor da Nymphaea Caerulea. Segundo vimos no mito da Creación Hermopolitana, esta flor, para conci-bir novamente cada mañá a deidade purificada, mergullábase nas augas para emerxer coa primeira luz da alba. É por tanto unha purificación da alma, que está vencellada ao líquido elemento. O nome da flor fai referencia a outro mito da Antigüidade, moi presente na nosa etnografía, como son as ninfas, xacias ou lavandeiras que viven par da auga.



Foto 23. Como, Lombardía. Ninfa das augas e o seu símbolo asociado á flor hexa-pétala. Foto do autor 2005

Estas crenzas, que afunden a súa raiz na noite dos tempos, son comúns prac-ticamente a todas as culturas dos pobos de Europa. No norte de Italia, por exemplo, o

símbolo vencellado ás ninfas das augas, é a flor da Nymphaea, como se pode comprobar nos linteis dalgunhas casas da cidade lombarda de Como (Italia), fundada polos romanos no século I a. C., par do enorme lago do mesmo nome, que se estende até penetrar na veciña Suíza. As ninfas son representadas botando auga polo seu sexo, mentres que terman das dúas pernas, esculpidas con formas que recordan as colas dun peixe; detalles que non deixan dúbida ningunha, de que estas ninfas lombardas, xa que logo, son seres asociados ás fontes, ríos e lagoas (foto 23).



Foto 24. Capitel da ninfa de Gormaz e o cimacio decorado coa estrela hexalfa e a flor hexapétala. Foto do autor 2017

Na provincia de Soria existe outro fermoso e clarificador exemplo de ninfa acuática, que leva vencellada a iconografía clásica da Nymphaea Caerulea e os seus dous símbolos asociados: a estrela hexalfa e a flor hexapétala. Trátase dunha igrexa románica do século XII, baixo a advocación de *Nuestra Señora del Rivero* (San Esteban de Gormaz), situada par da ribeira do río Douro. Este interesantísimo templo conta cunha galería exterior ou pórtico, cuxos capiteis presentan decoracións nos cimacios que alternan nas súas cenefas decorativas flores hexapétalas e hexagramas (foto 24), establecendo un diálogo entre ambas iconas, similar ao que ollamos nos linteis das terras do Eume; o que constitúe, ademais, una proba de que ambas iconas fóra do noso territorio e do seu contexto cultural tamén forman un tándem inseparable. Na visita realizada a este templo no ano 2017 con motivo da preparación deste traballo localizouse un capitel que representa a unha ninfa acuática, xunto a ornamentacións vexetais[34]. A súa proximidade á beira do río, xunto as súas decoracións acuáticas, puidera relacionar a virxe titular da igrexa (a *Virgen del Rivero*) con algún culto pagán anterior ás augas[35]. Esta ninfa, segundo modelo clásico europeo, sostén as súas pernas arqueadas, que semellan colas de peixe en cada man, de xeito semellante ao modelo que observamos na ninfa lombarda, xunto ao lago de Como.

Esta dobre asociación dos símbolos do loto, á vida e á auga, posiblemente influíu en que foran empregados como adornos nos principais obxectos vencellados ao rito do bautismo, como é o caso da ornamentación de piscinas e pías bautismais. Un fermoso exemplo disto que se afirma custódiase no Museo Arqueolóxico de Madrid (MAN). Trá-

34. Vexetais, en canto tanto a hexalfa e a flor hexapétala simbolizan a flor do loto acuático.

35. San Esteban de Gormaz foi un importante enclave romano do que quedan restos varios testemuños inseridos nos muros de varias casas do pobo, como estelas funerarias e inscricións latinas.

tase dunha pía bautismal románica datada no século XII e esculpida en pedra caliza que procede de Mazariegos (Arlanza, Burgos). Esta soberbia peza é un verdadeiro catálogo do desenvolvemento iconográfico do loto acuático, cuxas variantes van realizando unha transición sobre o mesmo símbolo. Estes ornatos foron inseridos en medallóns circulares esculpidos en baixorrelevo ao longo do diámetro da pía. Todos eles, posúen un só significado, relacionado este co bautismo, considerado pola Igrexa unha comuñón coa morte de Xesucristo, coa purificación da alma e, por tanto, ao nacemento a unha nova vida cristiá (foto 25).




Foto 25. Medallóns en baixorrelevo da pía bautismal de Mazariegos conservada no MAN .
Foto do autor 2017

**9. A iconóstase de Santa María da Gracia de Grado (Italia).** A incorporación da iconografía da estrela á liturxia cristiá producirase nos primeiros séculos da chamada Baixa Idade Media. Un dos exemplos máis temperáns atopámolo no altar da igrexa paleocristiá de Santa María da Gracia, situada na cidade de *Grado*, na illa e lagoa do mesmo nome, dentro da provincia de *Goricia*, na rexión italiana de *Friuli-Venecia Xulia* (foto 26).



Foto 26. Vista da iconóstase da igrexa paleocristiá de Santa María de Grado

Esta antiga igrexa foi reconstruída a finais do século VI por vontade do patriarca Elías, sobre unha basílica cristiá anterior que databa do século V, da que conservou a súa planta basilical de tres naves separadas por grandes columnas. Chegou a nós só unha pequena parte da súa iconóstase orixinal, situada na nave principal do presbiterio fronte á capela

da ábsida. Está formada por unha varanda de catro columnas, rematadas con pequenos capiteis decorativos, elevada sobre unha palestra de dous andares. Este espazo reservado ao clero remarcouse con amplos mosaicos xeométricos no chan. Seguramente nos tempos posteriores a súa construción, o conxunto permanecería agochado mediante cortinas no momento da eucaristía. A ambos lados do andar de acceso posúe dous peitorís encadrados simetricamente nos vans entre columnas. Estas pezas pétreas conservan unha iconografía que poderiamos chamar de fusión, que mestura símbolos de orixe orientalista con outros de clara raiz cristiá. Esta iconografía é unha mostra de como foi asimilada a iconografía pagá pola Igrexa cristiá. Dos peitorís mencionados o que máis nos interesa para o obxecto deste estudo é o situado a esquerda da iconóstase dende o punto de vista do observador (foto 27).



Foto 27. Peitoril da iconóstase de Grado situado á esquerda fronte á nave principal

Representa no centro da imaxe un copo gardado por dúas pombas, en cuxa superficie flota unha flor de loto esquematizada. É un símbolo netamente mariano, o cal será profusamente copiado e reproducido, e que a súa esquematización dará como resultado a aparición na ornamentación das chamadas rosáceas. Representaría, na miña opinión, as Augas Primixenias de onde, segundo mito Hermopolitano, rexorde todos os días a Nymphaea Caerulea para dar nacemento a un novo Sol resucitado e purificado. É xa que logo, baixo a perspectiva da relixión católica, unha invitación á comuñón do bautismo para purificar a alma, e iniciar así unha nova vida renovada na Fe cristiá. A presenza das pombas reforza esta mensaxe de pureza, xa que a miúdo son representadas xunto a unha fonte de auga, como símbolo da súa limpeza. A cada lado do copo sitúanse dúas estrelas de oitos puntas formadas por dous cadrados enlazados, conservándose só unha delas en perfecto estado. Dentro desta figura xeométrica está inserida unha cruz cristiá tipo grego con bordura que ocupa todo o campo interior. As estrelas de oito puntas, son as estrelas usadas pola tradición bizantina, como o demostra o seu uso na decoración dun códice



Foto 28. A estrela bizantina de oito puntas onde se sitúa no centro a princesa Xuliana Anicia (s. VI). Foto Taschen

contemporáneo á iconóstase de Grado chamado <<Discórides de Viena[36]>>, onde a súa promotora, a princesa bizantina *Xuliana Anicia*, é representada dentro dun cordón sen fin, que recorda a tradición grega do Uróboros, que forma unha estrela de oito puntas inserida dentro dunha circunferencia (foto 28). Acompañan a princesa dúas alegorías á xenerosidade e á sabedoría. É necesario tamén chamar a atención sobre o significado que o artista quixo reflectir ao situar a cruz no lugar que tradicionalmente ocupa a flor de loto no medio da estrela e que, como quedou visto anteriormente, é o lugar que tradicionalmente, ocupa o deus renacido. Sería pois unha alegoría á resurrección de Xesús, e seguiría na mesma liña doutros exemplos aquí estudados, como os linteis galaicos de Briteiros (Portugal), cos que, salvando as distancias temporais, culturais e artísticas, a iconóstase de Santa María de Grado, coincide na súa mensaxe simbólica de esperanza nunha vida eterna. Esta estrela paleocristiá é posiblemente unha das primeiras conservadas vencelladas á cruz e, por tanto, relacionada directamente coa figura de Xesucristo.

**10. A Capela de Nosa Señora de Portas.** Outro exemplo moito máis tardío do emprego da estrela e da cruz como símbolo cristián atopámolos na pequena capela de Santa María de Portas (San Sebastián dos Devesos, Ortigueira). O templo atópase moi afastado, a uns 275 metros sobre o nivel do mar, agochado ao abrigo da Serra da Faladoira cuxa crista alcanza preto da capela os 451 metros. Xunto á ermida, pasaba un antigo camiño real, cuxo percorrido aínda fica sinalado por unha cruz na esquina do adro, que dende Ferrol cruzaba a ría pola ponte de Xuvia, indo cara a Doso ao lugar da Garita, no concello das Somozas. De alí partía cara ás Enchousas até alcanzar o Porto de Landido, cruzando o río Grande de Mera (Ortigueira), indo a continuación en dirección a Mañón e rematando finalmente na costa xunto a Estaca de Bares[37]. Pouca información púidose atopar sobre a historia desta capela. O *Diccionario Madoz*[38] recolle que na parroquia de

36. WALTER, Info F., e WOLF, Norbert. *Obras maestras de la iluminación*, páx. 54. O Códice Discórides de Viena foi confeccionado en grego aproximadamente no ano 512 d. C. en Bizancio (Constantinopla). A obra recompila seis tratados de farmacia e ciencias naturais, obras menores de famacoloxía e un libro de paxaros. O autor foi Pedanio Dioscórides (s. I d. C.), Cretevas (c. 100 a. C.), e Galeno de Pérgamo (129-199). Está conservado na Osterrichische Nationalbiliothek de Viena (Austria).

37. FONTÁN, Domingo. *Carta Geométrica de Galicia*. Ano 1845. Xunta de Galicia. Información Xeográfica de Galicia. Consultado o 10/06/2018.

38. MADOZ, Pascual. *Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid ano 1850. Volume VII. Páx. 386.



Foto 29. Vista xeral da capela de Nosa Señora de Portas. Foto do autor 2018

San Sebastián dos Devesos existían dúas capelas: unha baixo a advocación <<de Nuestra Señora de las Puertas>>, que era de padroado do arcediago de Trasancos; e outra, cuxa titular era Nosa Señora das Neves propiedade dos veciños. O 24 de marzo celébrase a romaxe de Portas, que noutros tempos semella foi moi concorrida.

A capela é de planta rectangular, cunha ábsida cadrada na cabeceira. O presbiterio sepárase do resto da nave por un gran arco triunfal de medio punto, sostido por dúas columnas rectangulares a ambos lados dos muros. Na cabeceira hai un pequeno alpendre que só ten comunicación exterior (foto 29). Os capiteis son moi sinxelos cunha moldura cóncava sen decoración ningunha, e os cimacios lisos rectangulares. O baseamento é de talón invertido e do mesmo estilo que ollamos no capitel. Todo o conxunto parece posterior á época barroca e posiblemente a súa cronoloxía estaría encadrada entre finais do século XVIII e principios do XIX. Porén, a capela actual debeu de substituír outra anterior, á que poderían pertencer algún restos de arcos inseridos no muro sur do templo. Conta con dúas portas de acceso á nave: a primeira e principal está baixo un pórtico cuberto orientada ao oeste, e posúe un lintel trapezoidal de granito que con toda seguridade é un reaproveitamento. Conta con incisións rectangulares en baixorrelevo,



Foto 30. Porta de acceso principal ao templo.
Foto do autor 2018

que no amosan ter sentido ningún e parecen parte dunha xeometría que foi truncada. Esta peza é un dos principais indicios, de que a capela debeu de ser reconstruída aproveitando partes dun edificio anterior, posiblemente coa mesma función (foto 30).

A segunda das portas está orientada ao norte e dá acceso ao adro. Posúe un lintel mitrado soportado por dous estribos: o da dereita, segundo o punto de vista do espectador, é acobadado; mentres que o da esquerda é cóncavo e semella de estilo románico. O lintel e os estribos teñen unha anchura duns 20 cm, e con toda seguridade, son pezas reutilizadas, xa que a porta polo seu interior ten unha factura moito máis moderna no seu empedrado, e chama poderosamente a atención que o certo primitivismo do exterior non se corresponde co clasicismo do van interior, que conta cun arco tipo carpanel con clave central (foto 31). O lintel amosa unha decoración en baixorrelevo, con varios signos aquí xa tratados. A composición está inserida dentro dun gran pentágono, sendo o único na súa tipoloxía que combina esta xeometría xunto a un hexagrama. Posiblemente, o artista preferiu esta figura de cinco lados, antes que a xeometría dun hexágono, debido a que deste xeito coincide o ángulo da cúspide do pentagrama e do lintel. Séguelle unha circunferencia onde, á súa vez, está inserida unha estrela hexalfa de moi boa factura, cuxos trazos entrelazan os dous triángulos equiláteros que a forman.



Foto 31. Cara exterior e interior do porta de acceso ao adro de Nosa Señora de Portas. Foto do autor 2018

Preside a composición unha gran cruz, con remates tipo flor de lis, que chegan a encontrar as tres puntas do pentágono e a súa base (foto 32). Dalgún xeito esta iconografía do lintel de Portas recorda a que amosa o peitoril da iconóstase de Grado, sal-



Foto 32. Porta con lintel decorado con hexalfa e cruz flordelisada. Foto do autor 2018

vando a distancia temporal e de estilo, xa que ambas conxugan a estrela e a cruz; e xa que logo, a mensaxe proxectada ha de ser a mesma: a promesa de resurrección ofrecida pola doutrina cristiá.

## Parte II. A cándida rosa *Dei Beati*


MARIA,
ROSA MYSTICA,
EXCELENCIAS,
PODER, Y MARAVILLAS DE SV ROSARIO,

Foto 33. Recompilación dos sermones do pai Antón Vieira da Compañía de Xesús do ano 1689

Dende a Alta Idade Media foise conformando en Europa un programa iconográfico entorno a Virxe María, que poderiamos chamar: Floral. Moitos foron os factores e influencias que axudaron esta construción dunha simboloxía que incluía principalmente: azucenas, lotos, lirios, rosas ou a flor da amendoeira. Estas flores foron usadas como alegorías das virtudes marianas polos principais doutores da Igrexa entre os que destaca a figura do borgoñón San Bernardo († 1153), abade de Claraval (Clairvaux, Francia), impulsor da Orde do Císter en toda Europa, e redactor dos estatutos polos que se rexería a Orde do Temple. Este doutor da Igrexa católica está considerado como o pai do misticismo europeo e o principal predicador da apoloxía mariana. Unha gran parte deste perfil floral da Virxe sustentábase no mito aparecido nas primeiras xornadas do cristianismo da "Rosa Mística", desenvolvido practicamente até hoxe en día sen interrupción, e que deu como resultado a aparición de obras, homilías e mesmo tratados sobre as virtudes da Virxe e os misterios ao redor dela, que eran simbolizados por esta flor, con toda seguridade a máis coñecida e estendida por Europa; o cal foi de grande axuda para a comprensión do mito mariano polo vulgo e garante para a exportación da súa apoloxía a todos os reinos cristiáns. Un dos resultados da aparición desta mística, é dabondo coñecido por todos: O Santo Rosario, onde os fieis repasan cada un destes misterios reunidos en oración (foto 33). Como xa se advertiu anteriormente, tamén o mito do loto influíu e forma parte da iconografía mariana, como podemos ollar no peitoril de igrexa paleocristiá de Santa María de Grado, que representa a flor da Nymphaea flotando na superficie das augas dun grande copo, gardado por dúas pombas. Por unha banda simbolizaría, seguindo as pautas do mito solar orientalista, unha visión da Virxe como nai (o cáliz do loto flotando nas augas primixenias), da que nacería sen intercesión de varón o neno Xesús (o fermoso Atúm procreado a si mesmo), chamado á salvación do mundo a través da súa paixón, morte e resurrección[39]. O desenvolvemento desta icona seguirá nos séculos posteriores, e tivo gran predicamento principalmente na Idade Moderna (1492-1789), aínda que xa despoxada da

39. Outra alegoría que relaciona a Virxe María co mito da Cosmogonía Hermopolitana é a tradición de referirse a ela como *"Stella Maris"*, ou: "A Estrela do Mar" e que tería entre outros moitos significados o de simbolizar o loto (a estrela), xurdido das augas primixenias).

mensaxe orixinal e do seu significado, que pasou a simbolizar a outro mito mariano, como foi o caso do vaso que contén as azucenas que numeran as grazas coas que foi tocada a Virxe (foto 34).

San Bernardo, a través das súas homilías, tamén lle deu ao nacemento de Cristo e á súa posterior epifanía unha compoñente solar que recolle na carta titulada: "Nacemento do Sol de Xustiza": <<*Hoxe, pois —como escoitamos no Evanxeo—, os Magos procedentes de Oriente chegaron a Xerusalén. Con razón dise que veñen de Oriente quen nos anuncia o nacemento do novo Sol de xustiza e iluminan a todo o Orbe coas súas alegres noticias*[40]>>. O abade de Claraval tamén usou o mito da floración por intercesión divina da flor da amendoeira, pola que Aarón, o irmán de Moisés, foi elixido por Iavé entre todos os príncipes das tribos como o seu sacerdote[41]. De igual xeito, segundo di San Bernardo, Deus elixira a María entre todas as mulleres, para concibir o seu fillo; identificando a nai coa vara e ao fillo coa flor. Esta vara de amendoeira florecida, foi segundo narrado polas Santas Escrituras, depositada na Arca Sagrada, xunto ao maná caído do ceo e as táboas que contiñan os Dez Mandamentos. Por outra banda, se ollamos con detemento para unha flor de amendoeira, poderemos comprobar como a figura da súa corola coincide, unha vez xunguidos os vértices dos seus sépalos, co trazo esquematizado dun pentagrama (foto 35).



Foto 34. Evidencia do uso da mesma iconografía no copo de Grado (esquerda) e no vaso das azucenas marianas nun gravado do século XVII que ilustra a recompilación de sermóns sobre María e a Rosa Mística do pai Vieira

40. SAN BERNARDO. *"Homilías Marianas"*. Nº 8: *"Acharon ao neno con María a súa nai: Nacimento do Sol de Xustiza"*. Do sermón III de la Epifanía, nº 2 e ss. Biblioteca Mariana Vol. 3. Páx. 69. En adiante: (HOMILÍAS…).

41. <<*16.- Díxolle o Señor a Moisés: 17.- "Fálalles ós fillos de Israel e toma deles unha vara por cada casa patriarcal, de parte de todos os príncipes, segundo a súa casa paterna, isto é, doce varas. Escribirás o nome de cada un sobre cada vara. 18.- Pero na vara de Leví escribirase o nome de Aharón, pois só haberá unha vara por casa petrucial. 19.- E mandaralas pousar na Tenda do Encontro, diante do Testemuño, onde eu me aparezo a ti. 20.- Agora ben, acontecerá que a vara do home que eu escolla, florecerá; así farei cesar as queixas, que os fillos de Israel murmuran contra vós". 21.- Faloulles Moisés ós fillos de Israel. Todos os seus príncipes lle deron a súa vara, cada un a súa, segundo as casas paternas, ou sexa, doce varas, e a vara de Aharón estaba entre elas. 22.- Moisés puxo as varas diante do Señor na Tenda do Testemuño. 23.- E aconteceu que ó día seguinte, cando entrou Moisés na Tenda do Testemuño, achou que a vara de Aharón, correspondente á casa de Leví, estaba florecida: aparecéranlle os botóns, saíranlle flores e dera améndoas. 24.- Moisés levou da presenza do Señor todas as varas ós fillos todos de Israel. Recoñecéronas, e cada un recolleu a súa. 25.- O Señor díxolle a Moisés: -"Torna a levar a vara de Aharón diante do Testemuño, para que sirva de sinal contra os fillos rebeldes, e para que cesen as súas queixas diante de min, e non morran"*>>. Fonte: A Biblia (http://www.abibliagalega.com). Antigo Testamento. Pentateuco. Éxodo. Capítulo 17. A Vara de Aharón. Versículos 16-27.



Foto 35. Detalle dunha flor de amendoeira onde a unión entre os seus sépalos forman un pentagrama. Foto: F. C. R.

O certo é que a amendoeira, a súa flor e o seu froito formaron parte dende os tempos do Éxodo da iconografía hebraica reflectida por exemplo na decoración do <<Menorah>>[42], e que tamén será herdada polos cristiáns e católicos, que representarán en maxestade <<Maiestas Domini>> tanto a Xesucristo coma a Virxe María durante todo o longo período da Idade Media, dentro da chamada <<Mandorla Mística>>[43], da que temos varios exemplos en Galicia, como é o caso do tímpano do pórtico da igrexa románica do século XII de San Xoán de Portomarín (Lugo) (foto 36).

A comezos do século XIV, o poeta italiano Dante Alighieri († 1321, Rávena), baseándose no mito da mandorla, incluirá na súa famosa obra <<Divina Comedia>>, un



Foto 36. Cristo dentro da Mardorla Mística no tímpano da igrexa de San Xoán de Portomarín. Foto do autor 2014

42. *<<31.- Farás un candelabro de ouro puro, traballado a martelo, coa súa base e co seu fuste. Formarán unha peza con el as súas copas, os seus cálices e as súas corolas. 32.- Dos seus lados sairán seis brazos, tres dun lado e tres do outro. 33.- Cada brazo terá tres copas, coma a flor da améndoa, co seu cáliz e a súa corola. Serán o mesmo os seis brazos que sairán do candelabro. 34.- O candelabro terá no fuste catro copas, coma as flores da améndoa, cada unha co seu cáliz e coa súa corola. 35.- Debaixo de cada parella de brazos que saen do candelabro, levará un cáliz. Así será cos seis brazos. 36.- Os cálices e mais os brazos serán dunha mesma peza, cicelados en ouro puro. 37. -Despois farás sete lámpadas e poralas no candelabro, para que alumen cara adiante. 38.- As pinzas para avivecelas e os seus cinseiros serán de ouro puro. 39.- Cun talento de ouro puro farás o candelabro e todos os seus trebellos. 40.- Coida de facelo todo conforme o modelo que che mostrei na montaña>>*. Fonte: A Biblia (http://www.abibliagalega.com). Antigo Testamento. Pentateuco. Éxodo. Capítulo 25. Santuario e sacerdocio. O Candelabro. Versículo 31.

43. Mandorla. Voz de orixe italiana S. f. ARTE. *Auréola mística en forma de améndoa que rodea a Xesús Cristo e á Virxe na iconografía medieval.* Fonte: DIGALEGO. http://digalego.xunta.gal/digalego. Consultado o 10/06/2018.

pasaxe onde narra a existencia dunha paraxe no Paraíso chamada <<A Cándida Rosa dei Beati>>, cuxo centro é ocupado pola Virxe María, rodeada polas almas puras dos profetas e doutores da Igrexa como o propio San Bernardo, o cal invita a Dante a ollar cara ao centro da Rosa Branca, ocupada segundo das súas propias palabras pola Raíña dos Ceos[44]. A imaxe da Virxe no centro da Cándida Rosa reflectida por Dante terá unha forte influencia na iconografía mariana europea (foto 37), sendo moi común a representación da escena nos rosetóns ou claves de bóveda no gótico, como acontece por exemplo na igrexa de Santa María do Azougue de Betanzos (A Coruña), onde se representa a Virxe no centro da composición, rodeada de seis beatos profetas, doutores e sabios da Igrexa.



Foto 37. Beatriz leva a Dante á Cándida Rosa. Miniatura de autor descoñecido dun códice da *Divina Comedia* encargado polo rei Afonso V de Aragón (s. XV), producido en Siena. Consérvase na British Library coa referencia (Yates Thompson 36)

A partir da conquista de Xerusalén polos cruzados (1099 d. C.), a estrela hexapétala coñecida polos hebreos como <<Maguén David>>, vencellada polos templarios ao Templo de Xerusalén, será asociada á figura de Xesucristo, non en van considerado no Novo Testamento como Rei dos Xudeus e segundo a mesma fonte, descendente por liña materna e paterna do propio rei David. Esta estrela será, xa que logo, un símbolo tamén cristián, que será asociado á rosácea, e esta á Virxe María. Así o atopamos no lintel de Ventosa xunto á cruz, cunha función posiblemente profiláctica contra o mal, de igual xeito que a mesma simboloxía será empregada na iconografía marxinal das nosas igrexas e capelas, nas que podemos constatar a presenza de estrelas pentalfas, e hexalfas, xunto á rosa; nas cruces de consagración das mesmas e tamén nas súas portas de acceso ou nas súas fiestras. Sobre esta función protectora contra o mal e o pecado da estrela e da rosa volveremos a tratar cando nos ocupemos da simboloxía da igrexa betanceira de Santa María do Azougue[45].

44. ALIGHIERI, Dante. *Divina Comedia*. "O Paraíso: Canto trixésimo primeiro", capítulo: "Triunfo da Virxe", v. 94-142. "Canto XXXI, que trata como autor, foi deixado por Beatriz e atopou a San Bernardo, por cuxa conduta viu a Beatriz na súa gloria; logo, reza unha oración que Dante lle deu a Beatriz para que rezase por el, o noso Señor de Deus e a nosa Señora a súa Nai; e como viu a Divina Maxestade": *<<O ancián pídelle a Dante, para facer a súa viaxe, mirar coa mirada do xardín dos benditos para fortalecer a vista e soster a visión de Deus. Despois de asegurar ao Poeta que a Virxe, para quen o santo queima todo de amor, el daralles todas as grazas, o ancián maniféstase como San Bernardo. Dante contempla o rostro do famoso santo; similar a un peregrino que vén de moi lonxe, quizais de Croacia, para ver o veo de Verónica en San Pedro en Roma, que é a aparencia de Cristo na tea na que se enxugou a cara. Finalmente, Bernardo convídao a que non mire só os graos inferiores de la Rosa, senón que observe a parte superior onde senta a Raíña do Ceo. Dándolle os ollos e vendo un punto do máis alto grao, gana aos outros polo brillo: alí brilla a luz de María, con máis de mil anxos festivos ao redor. Unha beleza que Dante non se atreve a tratar de describir aínda que sexa minimamente. San Bernardo tamén o mira con tal afecto que crece o desexo de contemplar á Raíña do Ceo no Poeta>>.*

45. Ollar título número 22.

# Parte III. Rosas, pentalfas e hexalfas na comarca do eume

## 11. O lintel de Ventosa (Centroña, Pontedeume)



Foto: 38. Fachada principal á rúa onde se atopa o lintel. Imaxe do autor 2017

**Situación e estado actual.** O lintel sitúase no medio rural, encaixado na fachada principal da casa nº 116, no rueiro Aldea de Ventosa (foto 38). Este camiño ten un percorrido paralelo á costa entre os cabos Punta Celeiro ao norte e Punta Cabrites ao sur. O lugar de Ventosa pertence á freguesía de Centroña (Santa María) e ao concello de Pontedeume[46]. Eclesiasticamente depende do arciprestado de Pruzos e do arcebispado de Santiago. Forma parte dun antigo lugar labrego moi reformado, onde o reboco actual da fachada non permite ollar o xeito no que a pedra se atopa integrada no conxunto orixinal da fachada. O seu estado é en liñas xerais moi bo, aínda que os materiais empregados no arranxo da fachada afean a orixinalidade e atractivo dunha peza que podería chegar aos 800 anos de antigüidade. Pola contra, o aseo do lintel é extraordinario e permite ollar perfectamente as súas gravaturas e simboloxía representada (foto 39).

Sobre o seu sistema construtivo, o actual reboco só permite ollar un dos estribos acobadados situado á esquerda da porta. O lintel describe unha figura trapezoidal total-

46. A freguesía de Centroña era así descrita no tomo VI da obra *Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar,* editado en 1847 por Pascual Madoz: "CENTROÑA (Sta. María de): felig. en la prov. de la Coruña (5 leg.), dióc. de Santiago (11), part. jud. y ayunt. De Puentedeume (1/8). SIT. en la desembocadura del Puerto de este ayunt., prolongándose hasta la ría de Ares. SU CLIMA templado y sano por su buena ventilación. Comprende los l. de Castrelo, Centroña, Frago, Porto, Ventosa, y Vizús, que reunen 77 CASAS de pocas comodidades. La igl. parr. (Sta. María) es única, y el cementerio en nada perjudica a la salud pública. EL TÉRMINO confina por N. Con la ría de Ares; por E. y S. Con San Miguel de Breamo, y por O. con Santiago de Boebre : sus aguas corren a la indicada ría. EL TERRENO es feraz, y el monte Breamo se encuentra desp. Los CAMINOS vecinales se hallan en estado regular, y el CORREO se recibe de la estafeta de Puentedeume, dependiente de la adm. de Betanzos. PROD.: trigo, centeno, maiz, vino, toda clase de legumbres y frutas; cría ganado vacuno y de cerda; hay caza de liebres y perdices y se pescan varias clases de peces. IND. la agrícola. PBL.78 vec. y 321 alm. CONTR. Con su ayunt. (V).".

mente imperfecta, onde os seus laterais posúen unha curva moi pronunciada que abraza e corre paralela aos símbolos representados, especialmente no caso da hexalfa. A factura do lintel, sen ter en conta a súa simboloxía, ten similitudes evidentes co lintel de Breanca que se estudará a continuación, do que dista uns 5.000 metros.

A súa iconografía está formada por tres símbolos ben diferenciados, dispostos lonxitudinalmente ao longo do lintel, esculpidos en baixorrelevo. Todos eles están inseridos dentro dunha circunferencia que foi riscada e desgastada na propia masa pétrea. A esta disposición chamarémoslle: A+B+C, para podela comparar con outras ás que faremos mención a continuación (foto 40). A identificación da simboloxía sería:



Foto: 39. Vista do conxunto da porta e lintel. Imaxe do autor 2017

A. **Rosácea:** Símbolo mariano. Representada de forma esquematizada cun disco de cinco gaias en relevo, de xeito que cada oco representaría unha folla da rosa mística.

B. **Cruz.** Correspóndese á tipoloxía das cruces de San Xoán, onde cada tranqueiro ten un remate curvo convexo.

C. **Hexalfa con botón central.** Símbolo cristián que alude á morte e resurrección de Xesucristo.




Foto: 40. O lintel de Ventosa no seu estado actual. Imaxe do autor 2017

**Contexto histórico.** A primeira noticia que temos da aldea ou lugar de Ventosa é a través do Tombo do Mosteiro de San Xoán de Caaveiro. Así, con data 24 de xuño do ano 1153 o cabaleiro Gonzalo Méndez, e a súa muller dona Maior, proxenitores da liñaxe Sillobre[47], fixeron unha carta de testamento a favor do mosteiro pola que lle doaban a súa <<*villa de Vesuz*>> (Vizús, Centroña); a cal comprendía unha grande extensión de terreo na que estaba incluída a herdade de Ventosa (foto 41). Os lindes da mesma partían dende a igrexa de Centroña, comprendendo toda a beiramar até: <<*Castrello*>> (actualmente Castrelo, Centroña); e dende este punto ao: <<*Castro de Simbolio*>> (refírese ao castro chamado de Centroña, próximo a Sambollo en San Pedro de Perbes[48]); e dende aquí, partía cara a un espiño que existía naqueles tempos entre <<*Bolio*>> (Bollo, Santiago de Boebre) e Ventosa; rematando en: *Pena Aquilaria* (posiblemente refírese a Punta Cabrite ou algún punto semellante cabo do mar en Ver (Boebre):

> *<<hereditate nostra propria quam habemus de succesione avulonum nostrorum vel parentum, pemominata villa de Vesuz, cum omnibus adiunctionibus suis, ecclesiam Sancti lohannis Babtiste Calavariensis et canonici eiusdem ecclesie Deo servientibus; et est ipsa villa territorio Plucius discurrente ad aulam Sancte Marie de Centronia. Et ita damus prefatam hereditatem a mari usque ad montem, exitus montium vel regressum, pascuis, palludibus, fontes, aquis aquarum, arbores fructuosas vel infructuosas, vel quantum ad prestitum hominis est, per suis terminis et locis antiquis per ubi eam potueritis invenire, a termino qui dicitur de ecclesia Centronia et inde ad ripa maris, et de ipso marco ad Castrello, et inde ad castro de Simbolio, de inde a ipso spinano de inter Bolio et Ventosa,et in de ad illa Penna Aquilaria>>*[49]

Xa que logo, o lintel situado en Ventosa debeu de pertencer a un casal que actuou dende o século XII como granxa aglutinadora das herdades ou cellarium do mosteiro de Caaveiro en Centroña. Como noutros casos similares, que se estudarán a continuación, os seus monxes e cóengos marcaron a herdade recén adquirida cos tres símbolos que a recoñecían como de propiedade regular: a rosa, a cruz e a estrela hexalfa. Sabemos que en tempos de don Fernando de Andrade (* 1477 - † c. 1540) o conde tiña ocupadas varias

47. Lamigueiro Fernández, José Luis. *Relaciones parientales delos Andrade (II). Trasancos, Sillobre, Lago, Sanxurxo y Freire. "*Cátedra" nº 24. Año 2017. Pág. 106/119. En adiante: (RELACIONES II…).

48. Os límites entre as parroquias veciñas de Santa María de Centroña e San Pedro de Perbes pasan pola metade do castro de Centroña, e a entidade de poboación máis próxima a este punto é Sambollo. A súa etimoloxía é idéntica e co mesmo significado que San Boulo na Capela (en castelán San Braulio). Este santo foi bispo de Zaragoza (c. 590-651).

49. Fernández Viana y Vieites, J. Ignacio y González Balasch, María Teresa. *El Monasterio de San Juan de Caaveiro.* Tumbos. Doc: 206. 1153, junio, 24. Gonzalo Méndez con su mujer doña Mayor donan a Caaveiro una heredad en Vizús, en Santa María de Centroña. Este documento que no contiene errores en su data. En adiante: (CAAVEIRO…).





Foto: 41. Lindes do territorio doado en 1153 por Gonzalo Méndez e a súa dona ao mosteiro de Caaveiro

propiedades de Caaveiro en Centroña: cinco sextos da súa igrexa e un casal do que ignoramos o nome[50].

## 12. O antepeito da Capela

**Situación e estado actual.**

O seguinte do exemplos non é un lintel como tal, senón que é unha pedra con símbolos semellantes aos de Ventosa que forma parte do antepeito dunha fiestra nun antigo casal de labranza, situado no lugar da Ribeira, na parroquia de Santiago da Capela, e no concello do mesmo nome. A pedra é rectangular, cunhas dimensión aproximadas de 900 x 200 mm (foto 42). Está encaixada nun muro de cachotería tradicional cun *opus* bastante basto e irregular, debaixo do antepeito da fiestra, e enriba dunha bufarda das cortes. O estado actual da pedra é bastante bo, aínda que a casa que o aloxa está abandonada, cun estado de ruína bastante avanzado que fai perigar o conxunto. A casa está construída en torre, é dicir, nun só corpo rectangular situado nun costaneiro; onde as cociñas quedan orientadas cara ó cumio e as cortes inmediatamente debaixo delas nunha cota inferior; de xeito, que así podían ser escorregadas as augas fecais producidas polo gando. Enriba das cortes sitúase o sobrado, ao que se accede dende unhas escadas a través da cociña. Esta acada unha altura completa e media, até atopar a liña da cuberta do sobrado, pechada con lousas do país. No sobrado ou sala ábrese o van da fiestra, con xambas e lumieira rectangulares dunha soa peza (foto 43).



Foto: 42. Vista do conxunto da porta e lintel. Imaxe do autor 2017

50. *Ibídem*...*Doc*. 272. Documento sen data.

A súa iconografía está formada por tres símbolos, dispostos lonxitudinalmente ao longo da pedra (foto 42). Están inseridos dentro dunha circunferencia, no caso da rosa e da estrela pentalfa; e nun cadrado, no caso da cruz. Como no exemplo do lintel de Ventosa, a disposición dos símbolos é: A+B+C, e a súa identificación sería:



Foto: 43. Integración da pedra no conxunto da fachada. Fotografía do autor 2018

A. **Rosácea:** Foi representada do seu xeito máis clásico, cun disco con seis pétalos en baixorrelevo.

B. **Cruz de San Xoán.** É unha cruz de tipo semellante ás orbiculares mais realizada en negativo dentro dun cadrado, é dicir, que se lle dou vulto ás zonas comprendidas entre os traveseiros, de xeito que semella a simple vista unha flor de catro pétalos. Este xeito de representar as cruces foi bastante común no románico, do que existen innumerables exemplos, como no museo do Torreón dos Andrade en Pontedeume, onde se custodia unha pedra cunha cruz semellante en baixorrelevo realizada neste caso en positivo (Foto 44).

C. **Estrela pentalfa.** Está delimitada por unha circunferencia e realizada en baixorrelevo co resto da simboloxía representada.

**Contexto histórico.** Esta casería da Ribeira pertence, como xa se dixo, á parroquia de Santiago da Capela, tamén ao arciprestado de Bezoucos e ao arcebispado de Santiago. Dista uns 1.640 metros do mosteiro de San Xoán de Caaveiro, moi preto do seu camiño antigo (foto 45). O seu territorio quedou comprendido dentro do seu primeiro couto xurisdicional dende o século X, nas primeiras doazóns realizadas por San Rosendo: *<<ecclesia Sancti Jacobi, cum suis villis discurrentibus ibi, videlicet Bretonia et alia Britonia (Bertoña mailo seu castro homónimo),*



Foto: 44. Pedra conservada no Torreón dos Andrade, posiblemente unha estela funeraria coa mesma cruz que atopamos na pedra da Ribeira, agora realizada en baixorrelevo positivo. Fotografía do autor 2017

*et Vila Susu (Vilasuso) et Giasim (Xasén de Arriba) et alio Guiasim (Xasén de Abaixo), et Vilarino (Vilariño) et Calavario (Caaveiro), et Guigevi (Gunxel) et Minindi (Mende) et Silovree (O Sillabreu) et Fornelos et alio Fornelos...*>>[51]. Todos estes lugares distan unha distancia media entre 1.500 e 2.000 metros da casería da Ribeira, non aludida nas doazóns, pero que, posiblemente, estiveran incluídos dentro das herdades chamadas: *Fornelos*, topónimo hoxe en día desaparecido, que con toda seguridade fai referencia a unha pena con pequenas furnas (fornelos), situada apenas a uns 500 metros de distancia da Ribeira, no lugar agora coñecido por Suapena (foto 46).




Foto: 45. Proximidade do lugar de A Ribeira ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro medida en 1,64 km


Foto: 46. A pena con furnas ou fornelos preto de A Ribeira. Fotografía do autor 2018

Sobre a cronoloxía da pedra da Ribeira é difícil pronunciarse. Posiblemente a simboloxía póñanos na pista da súa antigüidade, xa que o uso da pentalfa semella anterior á introdución da estrela hexalfa, que viría da man precursora das novas congregacións cistercienses, que achegarían unha nova simboloxía recentemente importada de Xerusalén nas primeiras xornadas do século XII. Posteriormente, a pentalfa será reintroducida pola arte gótica, tanto en Galiza como en Portugal, pero xa non como unha icona relacionada coa liturxia da igrexa, senón como un mero obxecto ornamental máis. Xa que logo, suxírese unha cronoloxía para a pedra da Ribeira encadrada entre finais do século XI e principios do seguinte. Doutra época moi posterior semella pertencer a casa na que a pedra está inserida, xa que as construcións en torre son propias do século XVI e posteriores ás casas terreas medievais, que atoparemos noutros exemplos que se tratarán a continuación na terra de Pruzos como a desaparecida casa de Brianca e as conservadas nas terras de Trasancos: as vilas de Pradedo, Quintá e Bardás en Santa María a Maior do Val. Xa que logo, a pedra debeu de ser colocada na súa situación actual nas mesmas datas nas que a casa foi construída no XVI e debeu de formar parte dalgún cellarium medieval anterior, propiedade do veciño mosteiro de San Xoán de Caaveiro.

51. CAAVEIRO…Doc. I. Donación de San Rosendo y compañeros de diversos muebles e inmuebles a Caaveiro. Os compañeiros de San Rosendo na súa empresa foron o bispo don Ero de Lugo, o crego Sisualdo e os abades Rodrigo e Anaxildo.

## 13. O lintel de Breanca (Vilarmaior)



Foto: 47. O lintel de Breanca na actualidade. Fotografía do autor 2018

Este lintel consérvase desmontado nunha finca veciña á da súa antiga localización, propiedade do mesmo dono particular (foto 47). A pedra pertencía a unha vella casa terrea abandonada, que facía as funcións de alpendre e que estaba situada á beira dun camiño veciñal, con ameaza de colapso da súa estrutura, xa que os seus muros se ían curvando cara ao camiño co consecuente perigo para os transeúntes; xa que logo, foi decidido a súa derruba entre os anos 2003-2004, e o lintel salvado (foto 48). En liñas xerais está ben preservado polo seu dono e, cando se nos foi ensinado, permanecía cuberto no seu xardín con varios plásticos para evitar ser exposto á intemperie. O seu formato é moi similar ao caso do lintel de Ventosa en Centroña, formando unha figura trapezoidal de laterais curvos, cunhas dimensións aproximadas de 110x40x20 mm. Posúe un rebaixe de apenas 20 mm. pola súa parte inferior, de xeito que fai destacar unha base cuadrangular a cada lado, destinada a coincidir ou pousar o lintel encima das xambas da porta.

A súa iconografía está disposta en A+B+A, de xeito que rompe a unidade de criterio cos exemplos de Ventosa e A Ribeira. A simboloxía representada é a seguinte:

A. **Estrela pentalfa.** Con semellanzas evidentes co exemplo da estrela da pedra da Ribeira, aínda que aquí os trazos son bastante rústicos ou primitivos. Represéntase tombada apuntando á cruz central do conxunto, formando unha certa simetría coa outra estrela veciña. Ambas foron esculpidas en baixorrelevo.

B. **Cruz.** Foi representada moi estilizada, co mesmo trazo basto que atopamos nas estrelas veciñas. Os tramos vertical e horizontal son idénticos, formando a figura dunha cruz grega que, como no caso das estrelas, foi riscada en baixorrelevo.

C. **Estrela pentalfa.** Idéntica á anterior.



Foto: 48. Imaxe ano 2003 da casa terrea desaparecida onde estaba integrado o lintel de Breanca. Fotografía IXG[52]

**Contexto histórico**

Existen tres pequenas entidades de poboación veciñas entre elas, historicamente chamadas Breanca. A primeira: Breanca de Carantoña. Pertence á parroquia de San Xiao de Carantoña, no concello de Miño. Esta casería, situada a unha cota de 125 metros dende a beira do mar, debe de tratarse da mesma chamada <<*Briancha de Inferius*>> ou <<*Briancha de Susano*>>, documentada no século XIII a través do Tombo de Caaveiro. A seguinte aldea é: Breanca de Abaixo. Segundo o dicionario Madoz[53], contigua e veciña á anterior, pertence a parroquia de Santa María de Doroña, e ao concello de Vilarmaior. No século XIII, recibía o nome de: <<*Briancha de Medio*>>, e está situada a unha cota de 150 metros dende a beiramar. Nesta Breanca é onde se atopa o lintel. Finalmente: Breanca de Arriba. Casería contigua á anterior segundo o dicionario Madoz. Está situada na mesma parroquia e concello que a anterior, nun camiño que remata a uns 2.2 quilómetros en dirección a Campo Longo (Pontedeume). Con toda seguridade, trátase da <<*Briancha de Superios*>>, documentada no século XIII, e está situada a unha cota sobre a beiramar de 240 metros. Posiblemente, o caso destas caserías chamadas Breanca, e a súa relación histórica co mosteiro de San Xoán de Caaveiro é sen dúbida a que mellor se pode documentar como lugares forais propiedade do cenobio, a través do seu cartulario. A primeira das doazóns destas herdades veu da man de dona Munia Fróilaz irmá do conde don Pedro Fróilaz de Traba, quen o 18 de marzo do ano 1114 outorgou unha carta de testamento a favor de Caaveiro, enviando ao mosteiro, entre outras propiedades, todas as herdades que posuía na terra de Pruzos, que eran a metade da *villa* chamada <<*Briancha*>>, situada en Santa María de Doroña[54]. O 4 de novembro do 1147 a mesma dama <<*proles Froyla Veremudiz*>> fixo outra carta de testamento a favor de Caaveiro enviando na terra de Pruzos a vila de *Brianca*, sen dúbida confirmación da manda anterior[55]. A seguinte realizouna un Gutierre Osóriz, o 9 de xaneiro do ano 1167, a través das súas mandas favorecendo Caaveiro coa súa porción íntegra de <<*Brianca*>>[56]. Moito máis tarde, a

52. Imaxe do Web Información Xeográfica de Galicia. Http:// http://mapas.xunta.gal. Ortofoto 2002-2003, consultada o 15/05/2018.

53. Madoz, Pascual. *Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar.* Tomo IV. Ano 1846. Páx. 436. Existe una variación clara entre os nomes medievais e os modernos. No século XIX Breanca de Arriba e de Abaixo reciben o seu adxectivo dende o contexto da unidade que forman dentro da parroquia de Doroña, mentres que a Breanca de Carantoña perdeu o seu en favor da entidade veciña, antes Breanca do Medio. *"BREANCA: L. En la prov. de la Coruña, ayunt de Castro y felig de San Julian de Caratoña (V.). POBL.: 8 vec., 41 almas. BREANCA DE ABAJO: L. En la prov. de la Coruña, ayunt, de Villarmayor y felig. de Sta María de Doroña (V.). POBL.: 4 vecinos, 22 almas. BREANCA DE ARRIBA: L. En la prov. de la Coruña, ayunt. De Villarmayor y felig. de Sta. María de Doroña (V.). POBL.: 2 vec, 9 almas".*

54. CAAVEIRO…Doc. 91, páx. 185.

55. *Ibídem*… Doc. 183, páx. 260.

56. *Ibídem*… Doc. 152, páx. 234/235.

mediados do século XIII, Azenda Pérez mandaba a Caaveiro a súa herdade propia que tiña na terra de Pruzos polos seus parentes e avós, na vila que se chamaba *<<Briancha de Susana>>*[57]. Posiblemente foi o seu parente, un Xoán Pérez chamado Kasquizu[58], quen a través do seu testamento outorgado o 28 de decembro de 1242, fixo doazón a Caaveiro da súa porción nas tres vilas de Breanca, as cales lle pertencían por herdanza da súa nai en terra de Pruzos, situadas nas parroquias de San Xiao de Carantoña e Santa María de Doroña: *<<et est nominata villas que vocitant Briankas, videlicet, Briancka de Inferius, Brianca de Medio, et Brianca de Superius>>*. Esta doazón é o testemuño máis evidente polo que se constata herdades propiedade de Caaveiro dentro das parroquias polas que se espalla o lugar de Breanca. O mosteiro, seguía a recoller as rendas que lle pertencían nestes territorios, polo menos durante a primeira metade do século XIII. Así, o 14 de setembro do ano 1240, fíxose unha acta notarial perante o notario real *Lourenzo Eáns* polo que *Pedro Amigo,* cóengo de Caaveiro, revisaba as rendas que o seu mosteiro recibía en varias freguesías das terras de Bezoucos e de Pruzos, xunto aos cregos *Pedro Afillado* e *Frei Barro*; sendo testemuño *Gonzalo Rodríguez*, arcediago de Nendos[59]. Segundo este documento, o cóengo, na súa visita á Santa María de Doroña, recibiu dos veciños sete moreas de avea, da tega (medio ferrado) que lle pertencía, vinte soldos, un bo porco e dúas colleitas: unha en inverno e outra no verán[60]. Posiblemente estas rendas serían pagadas no cellarium propiedade de Caaveiro, marcado co lintel ao que se fai referencia.

### 14. O lintel do Lapido (Irixoa)

Co lintel do Lapido, seguimos situados nas antigas terras de Pruzos, deixando definitivamente o ámbito do mosteiro de San Xoán de Caaveiro para visitar os antigos territorios baixo o couto do mosteiro de Santa María de Monfero. O de Lapido é un caso moi interesante, xa que a través del constatamos que o costume de marcar os lugares forais monacais con este tipo de linteis é unha tradición seguida no só por os monxes de Caaveiro, senón que foi seguido por todos os mosteiros da comarca[61]. A simboloxía que presentan estes linteis ten certa



Foto: 49. Detalle do lintel de Lapido.
Fotografía do autor 2017

57. *Ibídem*… Doc. 184, páx. 261.

58. *Ibidem*… Doc. 165, páx. 246.

59. O arcedianato de Nendos abranguía os arciprestados de Pruzos, Bezoucos, Faro, e os tres de Nendos (Abegondo, Creceiro e Xenroso). Fonte: González López, Emilio. *Grandeza e decadencia do Reino de Galicia.* Editorial Galaxia. Ano 1978. Páx. 267.

60. CAAVEIRO…Doc. 139, páx. 223/225.

61. Coñecín a existencia deste lintel a través do excelente traballo de campo de Xosé María Veiga Ferreira, e de Juan Sobrino Ceballos, quen o publicaron no seu libro: *Patrimonio da comarca das Mariñas*. Páx. 134.

unidade de criterio definida pola presenza en todos os casos da cruz e da estrela con algunhas variacións na iconografía, como as dúas estrelas que presenta o exemplo de Breanca ou polo dobre triángulo que engade este lintel de Lapido. Estas diferenzas entre a simboloxía dos linteis deben de responder á necesidade de identificar as propias granxas unhas de outras e posiblemente os froitos que producían á súa chegada ao mosteiro. O lintel do Lapido é, con toda a seguridade, o exemplo máis moderno de todos os que este estudo recolle. Forma parte dunha porta que foi composta a través do tradicional sistema construtivo de tranqueiros e agullas. Na parte alta das xambas conta con dúas agullas estreitas que parecen destinadas a axudar a soster o peso da clave, situada no medio do lintel, entre as dúas pedras laterais que a soportan. Nestas tres pedras en que se divide o lintel atopamos aloxada a súa iconografía. O conxunto está moi reformado, con exceso de elementos alleos que pertencen á instalación eléctrica moderna, situados desafortunadamente algúns deles encima da pedra (fotos 49 e 51).

Segundo a súa disposición no lintel, a iconografía presente está disposta en A+B+C, e os seus símbolos serían identificados do seguinte xeito:

A. **Triángulo Divino.** Na relixión cristiá representa o propio Deus Pai e as súas tres formas divinas: Pai, Fillo e Espírito Santo, xunguidas na chamada *Santa Trindade*, plasmada artisticamente, a través dun ollo no centro dun triángulo . A icona presente en Breanca está formada por dous triángulos: o central que conserva todo o seu campo, o outro paralelo ao anterior, representado por unha liña estreita. Ambos foron realizados en altorrelevo, tallando a masa pétrea até conseguir as liñas en vulto. Están inseridos dentro dunha circunferencia esculpida coa mesma técnica. Un modelo contemporáneo témolo no "ollo de Deus" que se atopa na clave decorada que pecha o cimborrio da catedral de Santiago, rematada no ano 1666 por *Xosé de la Peña de Toro* (foto 50)[62].



Foto: 50. Detalle da clave da lanterna de remate do cimborrio da Catedral de Compostela do século XVII

B. **A cruz.** É unha cruz grega patada. Está inserida dentro doutro símbolo bastante común dentro da iconografía cristiá xa tratado neste estudo: a *mandorla mística* (do italiano: mandorla, en galego: améndoa), dentro da cal é usualmente representado Xesús Cristo dende os tempos da arte bizantina.

C. **A estrela.** Neste exemplo do Lapido, utilízase a estrela de seis puntas ou he-

62. VICENTE LÓPEZ, Simón. *Vega y Verdugo, Peña de Toro y la introducción del barroco en Compostela*. 2012.

xalfa que, como é tradicional, é representada con botón central e inserida dentro dunha circunferencia.

**Contexto histórico**



Foto: 51. Detalle do conxunto da porta. Fotografía do autor 2017

A pequena casería do lugar do Lapido está aloxada nun pequeno cumio, dende o que se pode ollar unha gran parte das terras da súa parroquia: San Tirso de Ambroa, e unha gran parte das que pertencen ao seu concello: Irixoa. Está xusto no medio da distancia entre os dous castros que conserva a freguesía: *O Casal do Mouro* e o *Castro de Ambroa*, distantes uns 1200 metros. O Lapido fica a uns 700 metros da entidade de poboación chamada *A Graña*, situada xunto á igrexa parroquial de San Tirso, a cal conserva unha ábsida románica rectangular. Este nome de lugar fai referencia a unha antiga graña monástica, propiedade do mosteiro de Santa María de Monfero, cuxas herdades estendíanse por toda a parroquia de Ambroa, incluíndo dentro do seu couto moitos dos lugares próximos a ela: *Cendá, Tiulfe, As Corredoiras, O Vilar da Viña, Lambre* e *O Lapido*; e tamén, varias herdades menores veciñas como os montes de *Escañoi* ou ás de *Quintana*. Este territorio administrado polos monxes dende a súa Granxa de Ambroa foi constituído por doazóns de distintos personaxes da nobreza laica local entre os séculos XII ao XIV, que pertencían ás liñaxes *García de Ambroa, Pardo, Churio, Sanxurxo de Torres,* e *Freire*. Entre eles a mediados do século XIII, o mellor situado era o cabaleiro e trobador galaico portugués *Pedro García de Ambroa*[63], que fora prestameiro da granxa antes do ano 1258 en que constaba xa falecido; oportunidade que aproveitará o conde Roi Gómez de Trastámara († 1261) para usurpar as herdades da granxa situadas en Escañoi e nos Hedreiros (lugar hoxe chamado Os Odreiros)[64]. Bisneto de Pedro García, foi o cabaleiro Aras Pardo I, encomendeiro de Mon-fero; fillo de García Pérez Pardo, e de Maior Eáns[65]. Este matrimonio fixo renuncia o 12 de maio do ano 1317 de todas as herdades que tiña en San Tirso de Ambroa, en Tiulfe, e no Lapido; estas últimas, segundo consta no documento, tiñaas *emprazadas* Lorenzo Freire[66]. Efectivamente, o 8 de marzo do

63. Don Pedro García, miles de Ambroa, recoñecéndose fillo de don García Gutiérrez, fixo renuncia no ano 1215 a varias demandas que mantiña co mosteiro de Monfero, doándolle o seu vilar de Corvite (Buriz, Guitiriz) a cambio de recibir unha besta dos monxes. A.H.N. PARES. Copia dixital. Clero Secular Regular. Monasterio de Santa María de Monfero. Carpeta 499/01.

64. Martínez Salazar, Andrés. *Documentos Gallegos de los siglos XIII al XVI.* A Coruña 1911. Doc. XIII. Páx. 31: "Año 1258-1261. *"El Abad y los monjes de Monfero queréllanse al rey D. Alfonso X de Roy Gómez y de otros caballeros prestameros de la tierra, porque han derribado los mojones de los cotos del monasterio y no les guardan los privilegios que les fueron concedidos por el Emperador Alfonso VII y confirmados por el mismo D. Alfonso el Sabio".* En adiante: (DOCUMENTOS GALLEGOS…).

65. DOCUMENTOS GALLEGOS…Páx 116/120. Testamento de Aras Pardo.

66. A.H.N. PARES. Copia dixital. Clero Secular Regular. Monasterio de Santa María de Monfero. Carpeta 505/20. "*García Pérez Pardo y su mujer María Eanes renuncian a favor del monasterio de Santa María de Monfero a todos sus heredamientos sitos en la feligresía de San Tirso de Ambroa".* Copia deste documento na carpeta 505/19.

ano 1300, Lourenzo Freire, fillo de Roi Freire, máis a súa muller María Pérez, filla do crego Pedro Eáns, recibiron de Frei Pedro, abade de Monfero, toda canta herdade o mosteiro tiña do seu tío Xoán Freire, sita en San Tirso de Ambroa: As Corredoiras, Vilar de Malde, Lapido e Cendá; e na freguesía de Santa Baia da Viña (Santalla da Viña, Irixoa), por unha renda anual de 20 soldos alfonsís pagadeira en día de San Martiño[67]. Outro Pedro Freire sen identificar levaba antes do ano 1326 as herdades de Lapido da man de Monfero, que pasarían no mesmo ano a Miguel Martínez de Cendán[68]. Finalmente ambas liñaxes Pardo e Freire, xunguirán os seus destinos a través do enlace matrimonial da filla herdeira de Aras Pardo I Sancha Rodríguez, a cal recibirá do seu pai a súa Casa forte de Verís a través do seu testamento do ano 1362, incluíndo os coutos de Verís (Santa María de Verís, Irixoa), Muniferral (San Cristovo de Muniferral, Aranga) e Feás (San Pedro de Feás, Aranga); e o entón escudeiro Fernán Pérez de Andrade, fillo do cabaleiro Roi Freire das Mariñas, encomendeiro de San Xoán de Caaveiro, e da súa dona Inés González de Soutomaior.

Segundo unha anotación que se atopa nos memoriais do mosteiro de Monfero titulados: "*Tumbo, donación y fundación de este Imperial Monasterio de Monfero y sus cotos y jurisdicciones con las grandezas de dicho Monasterio*", no seu capítulo XVIII adicado á freguesía e granxa de Ambroa di[69]:

> *<<Esta granja de Ambroa hera, con su yglessia de San Tisso, de templarios, y quando los echaron de España, se la dió su magestad el qqº real al Cabildo de Lugo, y porque este Monasterio tenía cerca, en tierra de Gayosso, en la feligresía de San Féliz de Cedeira, quatro vasallos en el lugar de Quintana y la iglessia parroquial de Sancta María Alta, a quien se acudía con mucha descomodidad, lo dió todo en trueque por la dicha granja y su iglessia al Cavildo de Lugo y su Obispo don Rodrigo, año de 1209. La jurisdición era de Fernán Pérez de Andrade y de doña Sancha Rodríguez, su muger, los quales hicieron donación d'ella a este Monasterio, año de 1308>>.*

A cita está chea de imprecisións, xa que en primeiro lugar existen dentro do cartulario de Monfero tres copias do troque de propiedades entre o abade do mosteiro Gonzalo Suárez e o bispo de Lugo mencionado don Rodrigo II (1182-1218), todas elas datadas o 4 de setembro do ano 1209. En ningunha delas faise referencia ningunha á condición de antiga igrexa templaria de San Tirso de Ambroa: <<*ecclesiam nostra de ambrona*

67. RELACIONES II…Páx. 139.

68. *Ibídem*… Páx. 141. AHN (PARES). Monfero. Carpeta: 505-18. "El monasterio de Santa María de Monfero afora a Miguel Martínez y a Pedro Migueláez, así como a sus respectivas esposas, una tierra en Lapido, feligresía de San Tirso de Ambroa, renunciando éstos a un foro sobre una leira en A Pardiñeira, feligresía de Santa Marina de Taboada".

69. LÓPEZ SANGIL, José Luis. *Historia del Monasterio de Santa María de Monfero*. Páx. 226.

*cum omnibus iuribus et directibus suis*>>. Recibida esta, o abade deu a cambio: <<*ecclesiam vestra por ea IIII servicialias quas habemus in terra de goyos. Sub ecclesia Sancti felicis de cerdeiras. Loco quintana vocitato cum omnibus iuribus suis et directibus*>>. Esta igrexa cedida por Monfero foi, xa que logo, a de San Fiz de Cerdeiras (non Cedeira), no concello de Begonte, efectivamente situada na terra de Gaioso. Non existe tampouco en ningunha das tres copias conservadas referencia ningunha do cambio por parte de Monfero da igrexa parroquial de Santa María a Alta (Lugo). Por outra banda, a data do documento é absolutamente diacrónica coa disolución da Orde do Temple, acontecida no ano 1312[70]. Compre, á vista de tanto erro, rexeitar polo momento esta nova sobre a posible ori-xe templaria da igrexa de Ambroa; por moi suxerinte que poida resultar atopar xuntas unha hipotética igrexa de frades templarios e unha estrela hexalfa nas súas proximidades. O lintel de Lapido pola tipoloxía da súa porta de trazas xa barrocas, puidera abranguer unha cronoloxía entre os séculos XVII ao XVIII. É sen dúbida, á vista desta cronoloxía, un dos derradeiros exemplos de linteis pertencentes ben a lugares forais, ben a cellarium propiedade dunha congregación monástica. A través doutras notas do mesmo memorial xa máis fiables sabemos que nos tempos de frei Félix de Aparicio, abade trienal electo no ano 1677, foi rematada a casa da granxa de Ambroa, e por estes mesmos tempos debeu de ser construída tamén a porta de Lapido.

## Parte IV. Outros exemplos de linteis nas terras veciñas

Todos os exemplos de linteis que até agora tivemos a ocasión de estudar están situados no entorno da vila de Pontedeume e o seu antigo alfoz, nas antigas terras de Bezoucos e Pruzos. Porén, existen outros exemplares destas pezas pétreas, coa mesma función sinalítica de herdades monásticas, na terra veciña de Trasancos; concretamente, nas parroquias de Santa María A Maior do Val (Narón) e San Martiño de Covas (Ferrol).

### 15. O lintel de Quintá (Narón)

O lintel está situado na fachada principal do antigo lugar de Quintá (O Val, Narón), resgardado por un alpendre situado á fronte da casa. O edificio que o aloxa ten diferentes épocas de construción (foto 52), sendo a máis antiga do século XII, con adicións que chegarían ao século XVIII. O casal consta de tres elementos principais:

**As cociñas**: Que ocupan a vella casa terrea medieval de planta baixa e dobre altura, na que no medio da súa fachada principal, agochada polo alpendre, áchase a porta de acceso dotada co fermoso lintel. O alpendre situado á fronte corre lonxitudinalmente dende a esquina das cortes e sobrado, cubrindo toda a fachada principal.

**As cortes:** Construídas nun rectángulo que fai un ángulo recto, dende o muro lateral esquerdo das cociñas que remata sobresaíndo da fachada principal.

70. Pereira Martínez, Carlos. *Os templarios. Artigos e ensaios.* Editorial Toxo Outos. Ano 2000. Páx. 81.



Foto: 52. Vista frontal do lugar de Quintá. Fotografía do autor 2017

**O sobrado**: Construído sobre os muros rectangulares das cortes, accédese a este espazo dende a cociña a través dun patín.

O lintel forma parte da porta de acceso principal á vivenda. O seu sistema construtivo emprega grandes pedras graníticas para as tradicionais xambas laterais, que combinan dúas fiadas de tranqueiros e tres de agullas. As derradeiras sosteñen a pedra da padieira ou lintel, que ten unha forma pentagonal semellante á dunha capela. No chan conserva a soleira orixinal de pedra con forma semicircular (foto 53). O lintel conserva tres símbolos dispostos en A+B+A, que se describen da seguinte maneira (foto 53):



Foto: 53. Porta e lintel decorado do lugar de Quintá. Foto do autor 2017

A. **Rosácea I.** Símbolo mariano. Foi obtida en baixorrelevo, riscando a pedra, e está inserida dentro dunha circunferencia duns 200 milímetros.

B. **Estrela.** Estrela hexalfa de seis lados e botón central, inserida dentro dunha circunferencia duns 300 milímetros de diámetro. Dentro do botón central atópase un trifolio semellante ao que podemos ollar na hexalfa do abade de Bergondo. A estrela foi esculpida en altorrelevo e a súa traza ten certo vir-tuosismo se a comparamos con outros exemplares aquí estudados, sendo o máis semellante o hexagrama que se atopa na almofada do túmulo do abade de

Bergondo. Posiblemente, as rosas fosen engadidas con posterioridade á hexalfa, xa que esta tivo que ser necesariamente esculpida antes de ser colocado o lintel sobre as xambas.

C. **Rosácea II.** Que describimos de xeito semellante á anterior. Está colocada a unha cota lixeiramente superior á súa parella, sen que teña ningún sentido concreto.

**Contexto histórico**

O 20 de decembro do ano 1173 permanecendo xunto ao mosteiro de Sobrado, foi outorgada en latín polo cabaleiro trasanqués Pedro Páez a chamada <<*Karta de Reparadi et de Quintana et de villa de Corneli et de ecclesia de San-cte Marie Maiore*>>; pola que facía doazón aos monxes de todas as herdades que lle pertencían pola súa nai e polo seu avó Oveco González, nas *villas* de <<*Platanedo*>> (Pradedo, Narón) e <<*Quintana*>> (Quintá); en remedio dos seus pecados e pola ánima do seu irmán defunto Oveco Páez e a do seu citado avó[71].



Foto: 54. Detalle do lintel de Quintá (Narón), e disposición dos seus simbolos. Fotografía do autor 2017

Foi así como estas herdades de Quintá foron agregadas á granxa chamada de Re-parada, propiedade dos monxes de Sobrado, é que tiña a súa sede ou cabeza na parroquia veciña de San Martiño de Covas (Ferrol), situada ao pé do Cabo Prior preto da capela de Santa Comba.

Veciño ao lugar de Quintá está o lugar de Pradedo, que é o Platanedo citado no mesmo documento. Este antigo casal segue aínda en pé, a pesar dos seus máis de oitocentos anos de antigüidade. Outro casal veciño da mesma época é o Bardás, cuxa casa tradicional é moi similar á de Quintá. No edificio destinado a vivenda deste lugar de Bardás, o espazo destinado á cociña conserva trazas de pertencer a unha antiga casa terrea medieval xemelga aos exemplos citados de Quintá e Pradedo. No medio da súa fachada cara ao exterior, e tamén cuberta por un alpendre, áchase un fermoso exemplo de porta con lintel de capela sen trazas de simboloxía ningunha. A súa singularidade estriba nas

71. LOS CERTALES DE G. DE VALDEAVELLANO, Pilar. *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. Volumen I. Doc. 496. Páx. 446/448. En adiante: (SOBRADO I…). O avó mencionado: Oveco González, foi un dos cabaleiros que o 7 de marzo do ano 1110 fixo xuramento ao aínda bispo de Compostela Diego Xelmírez, xunto a outros cabaleiros das terras de Trasancos, Labacengos e Arrós (Ortigueira); varios cregos das freguesías destes arcediagados, entre os que estaba o de Santa María A Maior chamado Rodrigo; e o conde Pedro Fróilaz e varios membros da súa familia (referencia: Cal Pardo, Enrique. *Episcopologio Mindoniense*, páx. 80-81). Tamén é o mesmo que foi divisioneiro da igrexa de Santa María A Maior de Trasancos cos seus irmáns, nunha porción dun sexto dun terzo, como herdeiros do seu pai Fernando Suárez, e do seu avó Sueiro Paéz; patrón in solidum do beneficio da igrexa (referencia: Lamigueiro Fernández, José Luis. *Xenealoxía da liñaxe Trasancos. "*Revista Cátedra" nº 15, páx. 116). Tivo polo menos dúas fillas chamadas: Azenda, e Guntroda Ovéquiz as cales no ano 1175, fixeron doazón a favor do mosteiro de San Xoán de Caaveiro, das súas herdades situadas en Vilacornelle (referencia: Lamigueiro Fernández, José Luis. *Relaciones Parientales de los Andrade (II): Trasancos, Sillobre, Lago, Sanxurxo y Freire*. "Revista Cátedra" nº 24, páx. 102).

súas trazas orixinais (foto 55), formadas por dúas xambas laterais compostas por seis ringleiras que alternan agullas con tranqueiros e que rematan na derradeira ringleira formando un estribo acobadado contra o lintel, superando a liña da xamba. Remata o conxunto un lintel pentagonal que presenta unha pequena rotura. A casa conserva unha segunda porta que an-tigamente daba acceso ás cortes, cuxa traza é moi similar ao exemplo do veciño lugar de Quintá, construída baixo o mesmo modelo tradicional rematado cun lintel de capela pentagonal, sen presenza de iconografía ningunha na súa fronte (foto 56).



Foto: 55. Entrada principal dunha casa no lugar de Bardás (Narón). Foto do autor 2017

A través de todos estes linteis rematados en capela, constátase unha tipoloxía de padieira de xeometría diferente ás empregadas nas terras do Eume que é, por tanto, tradicional da antiga terra medieval de Trasancos, coa característica común que todos eles se corresponden con antigos lugares fo-rais de propiedade regular.



Foto: 56. Porta de acceso ás antigas cortes do lugar de Bardás. Foto do autor 2017

### 16. A hexalfa de Covas (Ferrol)

O seguinte e derradeiro exemplo de iconografía relacionada con restos destas antigas granxas monacais aludidas é a pegada dun posible lintel que forma unha das doelas laterais dun hórreo construído a mediados do século XIX, dentro dun lugar de labranza moi reformado, veciño da casería que integra o barrio da Pedreira. O hórreo pertence a unha tipoloxía endémica da parroquia de Covas, coa cámara construída sobre un celeiro, a base de trabes horizontais de granito do país, con pasaventos ou fendas de ventilación. No seu lateral esquerdo, ollando cara ao testeiro da casa, na derradeira trabe que soporta a cuberta de tella a catro augas, conserva no medio do seu campo os restos dunha hexalfa con botón central, inserida dentro dunha circunferencia en baixorrelevo (foto 57).



Foto: 57. Detalle do hórreo que contén os restos da hexalfa de Covas . Foto Francisco Rodríguez 2017

**Contexto histórico**

Este hórreo foi erixido por encargo dos antepasados dos seus actuais donos, e para a súa construción aproveitáronse varias pedras antigas que se atopaban nas proximidades do lugar. A que conserva a media estrela debeu de formar parte ben dun lintel, ben dun peitoral, inseridos entre a cachotería deste ou doutro casal veciño, que como case todos os lugares de labradío más antigos da parroquia, foron fundados por iniciativa dos monxes cistercienses de Santa María de Sobrado (Aranga, A Coruña). O seu abade don Exidio recibiu no ano 1153 doazón do deán don Paio e do cabido de Santiago de Compostela, da igrexa de Santo André de Brión (Ferrol), parroquia onde os monxes dispuxeron da súa primeira granxa en Trasancos, poñendo á fronte un: <<*magistro*>> ou freire con título de mestre. Esta graña foi a orixe da actual vila da Graña, chamada antigamente A Graña de Brión. Poucas datas despois estaba fundada tamén a granxa de Reparada na freguesía de San Martiño de Covas.

O 15 de febreiro do ano 1158 o rei Fernando II (1157-1188) <<*rex legionum et Gallecie*>>, uns meses despois de ocupar o trono de ambos reinos tras o falecemento do seu pai Alfonso VII o Emperador (Galicia 1111-1157, León 1126-1157), fixo dende a fortaleza de Faro (A Coruña) unha importante doazón a favor do mesmo mosteiro, a cal comprendía todas as herdades reguengas que o monarca posuía <<*in monte Priorio et in Reparadi, tam in mari quam in terra*>>[72]. Outorgoulle sobre elas privilexio de couto baixo a xurisdición do seu abade, cuxos lindes comprendían a citada granxa de Reparada[73], o monte do Prioiro (actual Cabo Prior) e o chamado <<*portum maris de Sartaginis*>>;

72. SOBRADO I…Doc. 489, pág. 438. “Incipit liber de hereditatibus et possessionibus grangie de Reparade”.

73. Que polo contexto do documento, sabemos que estaba xa edificada antes desta data, e cuxas instalacións monacais se situaban xunto ás proximidades da igrexa vella de San Martiño de Covas e do seu cemiterio medieval documentado dende o século XII.

punto xeográfico ao que se refire o documento chamándoo <<*Arena de Sartaginis*>>[74]. Incluían os lindes e as herdades chamadas de <<*Posta Plana*[75]>> e tamén <<*Pena Rubea*[76]>>, rematando no <<*Barracidu*[77]>>. Finalmente, o couto do mosteiro en Reparada, incluía tamén tódalas herdades situadas entre a igrexa de San Martiño de Covas (onde situábase a granxa) e as que corrían paralelas á praia de San Xurxo[78] (chamada no documento: *Area de Sigismar*), até atopar a aldea de *Vila da Area*, na parroquia veciña de San Xurxo da Mariña (Ferrol). Volvían outra vez os lindes cara á graña de Covas rubindo por Esmelle[79], atopando finalmente outra vez o punto chamado *Sartiginis* (foto 58). Posuía xa que logo o mosteiro de Sobrado varias das mellores saídas ao mar aberto da Terra de Trasancos: as actuais praias de Covas - San Xurxo, Santa Comba, e Ponzos. Os monxes chegaron incluso a dispoñer dun pequeno porto baleeiro dentro do istmo de Cabo Prior, xunto á praia chamada *da Cova*, onde, segundo a tradición oral dos veciños da parroquia, achegábanse as baleas para ser desgraxadas, e levar os seus prezados restos até o propio mosteiro[80]. A instalación deu comezo no século XIII, por iniciativa do infante don Afonso de Molina, marido da condesa titular de Trastámara dona Mafalda Manrique de Lara, filla do conde don Gonzalo Pérez de Lara, III señor de Molina e Mesa en Castela, e da súa muller dona Sancha Gómez, irmá do derradeiro conde de Trastámara don Roi Gómez falecido sen descendencia no ano 1261. O 26 de setembro do ano 1286 permanecendo na cidade de Lugo, o rei Sancho IV de Castela (1284-1295) ditaba unha carta aberta a través da cal ordenaba aos veciños do porto do Prioiro pagar ao mosteiro de Sobrado: <<*la diezma de la ballenaçion que se y matasse*>>, xa que ao cenobio lle correspondía este tributo a través das capitulacións que foran feitas co infante don Afonso, nos tempos en que gobernaba *jure uxoris* estas terras[81].

Este couto da granxa de Reparada foi o receptor de varias doazóns de destacados membros das liñaxes da nobreza local laica: Traba, Mandiá, Trasancos, Sillobre e Serantes, que incrementaron a facenda de Sobrado nas parroquias veciñas de Brión, Balón, Mougá, Esmelle, A Mariña, Serantes, Mandiá e Leixa; todas elas situadas dentro do concello de Ferrol. A importancia económica que foi gañando a granxa entre os séculos XIII

74. Trátase sen dúbida a pequena praia chamada actualmente de Sartaña, situada aos pés do santuario de Santa Comba e o seu castro. O derradeiro illote da insua de Santa Comba cara ao mar chámase precisamente <<Illote Sartaña>>.

75. Cuxo nome faría referencia aos campos chans situados aos pés do istmo do Prioiro, onde precisamente está localizada a actual casería da Pedreira.

76. A actual praia de Penarroiba, xunto á casería do Prioiro.

77. Posiblemente trátase da actual praia chamada *de Ponzos*. Barra é un topónimo moi usual en galego que fai referencia aos areais lonxitudinais ás praias, chamados comunmente na Idade Media "Areas".

78. <<qui est in Arena contra Sanctum Greogium>>

79. <<inter Ysmaelli et Reparadi>>

80. Segundo informacións obtidas polo coñecido etnógrafo galego Francisco Rodríguez, veciño da parroquia a quen quero dar as grazas pola axuda para localizar este símbolo.

81. SÁNCHEZ BELDA, Luis. *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia*. Ano 1953. Doc. 848, páx. 365.





Foto: 58. Límites conxecturais do couto da granxa de Reparada imposto por Fernando II

ao XIV, no contexto rural da terra de Trasancos, foi o motivo polo que o seu couto foi cobizado pola todopoderosa Casa de Andrade, dona da xurisdición veciña da vila de Ferrol dende mediados do século XIV. Aínda en vida do fundador da Casa: Fernán Pérez de Andrade o Bóo († 1397), o seu sobriño Pedro Fernández de Andrade († 1407) usurpou a granxa dos monxes proclamándose o seu encomendeiro. Polas mesmas datas o seu parente, o cabaleiro García Rodríguez de Valcarce e Valboa apoderábase a título de encomenda da granxa de Brión. Ambos foron desaloxados por requirimento do rei Xoán I de Castela (1379-1455), a través dunha carta outorgada no ano 1380, a teor das Cortes celebradas ese ano en Soria. Alí comparecerá o subprior de Sobrado frei Xoán Lourenzo, querelándose en nome do seu abade contra todos aqueles cabaleiros que levaban contra a súa vontade as granxas e lugares dos coutos monásticos, obrigando aos seus vasalos a facer servicios nos seus castelos e fortalezas, xunto a labores nos seus campos. Afirmaba, asemade, que os cabaleiros lles impedían recadar os pechos e pedidos aos que tiñan dereito[82]. Ambos señores serían forzados pola autoridade real ao tempo, a deixar libres as granxas e herdades de Sobrado, desenvolvéndollelas aos seus monxes. No ano 1397 falecía o titular e fundador da Casa de Andrade Fernán Pérez o Bóo, deixando como sucesor o seu sobriño o citado Pedro Fernández, quen falecería poucos anos despois no ano 1407. Aos tres anos do seu pasamento, falecía o cabaleiro García Rodríguez de Valcarce, señor da vila das Pontes e dos coutos de Balón, Brión, Mougá, Lamas e Cerdido; dos castelos de Moeche, e Corullón (O Bierzo). O finamento da xeración dos encomendeiros, lonxe de arranxar definitivamente a situación de Sobrado nas terras de

82. Vaamonde Lores, César. *Ferrol y Pontedeume*. Páx. 4.

Trasancos, converteuna nun verdadeiro inferno para o mosteiro. O espazo político que a liñaxe dos Valcarce ocupaba en Trasancos quedou baleiro, xa que os seus inmediatos descendentes, os señores de Cabrera e Ribera, repregáronse ás súas terras leonesas, mentres que os seus primos-irmáns os señores de Ferreira e de Sober facían o propio nas súas terras lucenses. Foi a ocasión que aproveitou o III señor da Casa de Andrade, Nuno Freire o Mao († 1431), para meterse definitivamente dentro do couto da Graña de Reparada. No ano 1410 o abade de Sobrado, don Frei Afonso Eáns, deuse por decatado de que se construíran sen permiso, varios edificios e obras no seu porto do Prioiro "*que he acerqa de Covas*"[83]. O documento da protesta contén inserida subliminarmente a sentenza pola que Sobrado perderá definitivamente o control da granxa de Reparada, xa que o documento recoñecía que Covas estaba situada no <<*termino e jurisdicción da villa de Ferrol*>>; que como todos sabemos pertencían a Nuno Freire o Mao, como dono e señor das vilas de Pontedeume, Ferrol e Vilalba, propiedade da Casa de Andrade dende os tempos do seu tío Fernán o Bóo. O 4 de xuño de 1411, dentro dos seus pazos da vila de Pontedeume, o nobre cabaleiro contestou por escrito á protesta do abade de Sobrado: "*Nuno Freire dandrade lo digo. Cousa manyfiesta notorio he de como en mandey fazer lauores e edificios en lo porto e lugar de Prioyro que he miña herdade e meu señorio...disseron me que o abade de Sobrado veo a dito lugar dezindo que era seu e de seu mosteiro e que lle era feito injuria en esta obra. Os edifficios lauores que eu en lo dito lugar mandey fazer feitos son en miña herdade e en meu señorio*"[84]. Cansados os monxes de tanta loita cos Andrade, remataron por recoñecer os seus dereitos dentro do porto do Prioiro, dos que fixeron doazón a favor dos poderosos cabaleiros.




Foto: 59. Condicións da renda do foro sobre o lugar de Soagraña do ano 1608. Imaxe PARES

No século XVI a granxa de Covas estaba xa desmantelada e os seus casais forais eran administrados dende o priorado de San Martiño do Porto (Cabanas); propiedade tamén, xunto ao priorado das Cascas (Betanzos), de Santa María de Sobrado e do seu

83. *Ibídem*...Páx. 6.

84. *Ibídem*...Páx. 8.

mosteiro anexo: o mosteiro de Toxos Outos (Lousame)[85]. A través dos textos dos foros conservados desta época que chegan ao século XVII, sabemos que tanto os veciños de Covas como os do Val tiñan a obriga de darlle habitación e mantenza ao monxe que os visitara para a cobranza dos foros (pagadeiros en día de San Martiño), ao seu criado e á súa cabalgadura (foto 59)[86]. A partir do século XVIII aqueles veciños de Covas que levaban os lugares forais de Sobrado, necesitaban de grandes hórreos e cabazos para gardar os froitos dos seus cultivos, dos que tiñan que pagar unha gran parte moi superior a outras rendas que se coñecen de parroquias veciñas na mesma época, asinados con outros mosteiros ou priorados; xa que, a diferenza coa etapa medieval anterior, estas rendas xa non eran pagadas nin entregadas na granxa de Reparada. Estes novos hórreos serán feitos aproveitando as pedras próximas aos lugares forais, moitas das cales serían restos da antiga granxa medieval, propiedade dos monxes e abade de Santa María de Sobrado. Entre elas debeu de ser reutilizada a pedra con trazas dunha estrela hexalfa, que hoxe en día podemos ollar no hórreo do barrio da Pedreira.

## Parte V. As estrellas dos Andrade

No ano 1991, o director do Museo das Mariñas e da revista *Anuario Brigantino*: Alfredo Erias Martínez (Presedo, Abegondo 1954), excelente debuxante e gravador, cuxa obra artística é dabondo coñecida, presentaba a terceira entrega dunha serie de artigos dedicados ás xentes da Baixa Idade Media, titulado: "Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Christus[87]". Neste interesantísimo traballo abordábase entre outros temas un estudo histórico, heráldico e iconográfico dos xacigos do fundador da Casa de Andrade, o da súa esposa Sancha Rodríguez e o atribuído ao seu irmán Nuno Freire. Neste mesmo número da revista, o filólogo hungaro afincado en Pontevedra: Zoltan Varga-Haszonits (Budapest, 1942- Pontevedra, 2010), engadía o seu artigo. "Los Andrade. Una bibliografía Histórica[88]", en realidade, un estudo artístico e simbólico que por primeira vez poñía o acento sobre o feito da existencia de dúas estrelas hexalfas, nas

85. A.H.N. (PARES). Copia dixital. Monasterio de Sobrado. Clero Secular Regular. "Escrituras de foros y rentas de bienes del dominio del monasterio". Sig. L.3054. Fol. 544r.

86. *Ibídem*…Entre outros consérvanse coa mesma sinatura os foros dos lugares de Vilarquinte (O Val, Narón), asinado en parcería a 10 de novembro do ano 1623 a favor de Bastián Pérez veciño de Covas, Afonso da Modia e a Domingo das Naveiras veciños do Val. Todos tiñan que pagar en foro o quinto de toda novidade e o décimo de todo tributo: <<*y hes condición que a la persona e monxe que fuere a la renta le an de dar posada comer y beber y a un criado y cabalgadura*>> (fol. 546v/549r). O foro de Soagraña (Covas, Ferrol) foi asinado por tempo de tres xeracións con Domingo Lorenzo a 8 de xaneiro de 1608, quen tiña que pagar en ao mórdomo de seu priorado de San Martiño do Porto un carneiro bo de polo menos dous anos de idade, xunto ao terzo de todo o trigo, orxo e millo que sementara nas cortiñas do lugar, xunto ao cuarto de toda novidade das herdades mansas, e o quinto das montesías (fol. 552r/553r).

87. Erias Martínez, Alfredo. *Xentes da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, Mestre de Christus*. "Anuario Brigantino" nº 14, ano 1991. Páxs. 185/222.

88. Vargas-Haszonits, Zoltan. *Los Andrade. Una bibliografía Histórica*. "Anuario Brigantino" nº 14, ano 1991. Páxs. 167/183. En adiante (ZOLTAN…).

empuñaduras das espadas representadas nos xacigos dos cabaleiros aludidos, relacionándoas coas estrelas pentalfas, que aínda hoxe en día podemos ollar nas fiestras góticas da Torre dos Andrade da vila de Pontedeume xunto ás conservadas na igrexa betanceira de Santa María do Azougue. Ambos artigos puxeron definitivamente en alza os estudos ao redor da liñaxe Andrade e, aínda hoxe, son referencia necesaria e obrigada para aqueles que se interesen pola historia desta nobre estirpe Mariñán[89]. Os seus autores coincidían en expor unha hipotética militancia dos membros da liñaxe Andrade pleno medieval na Orde do Temple nunca documentada, pero que axudaría a explicar, a presenza de ambos hexagramas nas espadas dos cabaleiros; sumadas a outras teorías de corte cabalístico e esotérico, defendidas por Zoltan, coas cales pódese estar de acordo ou non, pero que forman parte indiscutible do currículo destes símbolos e da súa historiografía. Porén, neste estudo defenderase e insistirá tamén na función funeraria e psicopompa da presenza destas estrelas, nos xacigos de Fernán Pérez e o atribuído ao seu irmán Nuno Freire. Sobre este punto remitímonos ao capítulo anterior, onde se tratou da hexalfa esculpida na tapa do xacigo do Abade de Bergondo. Cómpre separar este uso funerario nas sepulturas dos cabaleiros da presencia de pentalfas e hexalfas nas decoracións xeométricas nas fiestras da torre medieval da vila de Pontedeume, e nas fiestras da igrexa da Santa María do Azougue. Evidentemente o promotor de todas elas sería Fernán Pérez o Bóo, e en gran medida tamén, o seu propio irmán Nuno, como se defenderá a continuación; porén, dende o punto de vista exposto neste traballo, non todas as estrelas teñen unha única orixe común, senón varias distintas e, incluso, sen relación real entre a meirande parte delas.

## 17. Frei Nuno Rodríguez Freire de Andrade

Nuno Freire de Andrade, irmán do cabaleiro Fernán Pérez o Bóo, foi sen dúbida un membro destacado da liñaxe, a través da súa meteórica carreira na Corte do rei de Portugal Pedro I (1357-1367), na que ostentará como é ben sabido o cargo de VIº Mestre da Orde de Cristo, tras a renuncia do anterior titular *Rodrigo Eáns*[90]. Aínda permanecen

89. Mariñán, xa que o pai de Fernán Pérez, Roi Freire recibía o nome de: Roi Freire das Mariñas (ref. Vasco da Ponte. Relación de algunas casas y linajes del reino de Galicia: "...y que desde que los Freires de Andrade comezaron a prevalecer, aunque por algunas partes fosen parentes que se guerreaban, y que Fernán Pérez de Andrade, O Bo, que se atrevía a facerle befas, y que el de Lago juntaba gran parte, y que fuera a cercar la casa de Ruy Freire das Mariñas, padre de Fernán Pérez O Bo...". Editorial Nova, Páx. 36). O xentilicio fai sen dúbida referencia ao groso das propiedades dos Andrade situadas nas freguesías de Castro (Miño), Trasdoroña (Miño), Lapido (Irixoa), Ambroa (Irixoa) e San Xurxo de Torres (Vilarmaior). Sobre como entraron estas herdades dentro da liñaxe dos Freire, remítome ao meu recente artigo publicado na revista *Cátedra* nº 25: "Genealogía de los Andrade 1100-1300". En adiante: (GENEALOGÍA...). Por outra banda, no contexto da antiga e extinguida provincia de Betanzos, a comarca de As Mariñas Betanceiras traspasou a súa primeira circunscrición territorial medieval, que só facía referencia: As Mariñas dos Freires que eran as de Cambre, e: As Mariñas dos Condes, as de Bergondo (ref. VAAMONDE LORES, César. "Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes", 1917, páx. 26); para dar nome a un espazo territorial e cultural, comprendido pola costa entre as Rías da Coruña até Ferrol. A comarca das Mariñas vai caendo paseniñamente no esquecemento, mentres xorden propostas dende o hiperceltismo para renomeala: "Costa Ártabra", sen reparar no terrible dano que se lle está a facer a nosa cultura tradicional; pois o gaiteiro Vello Rilo foi un gaiteiro mariñán, a vestimenta tradicional galega desta comarca é mariñán, as casas e construcións tradicionais son mariñáns; mais nunca poderían ser ártabras.

90. Pichel Gotérrez, Ricardo. *Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición e vínculos dos Andrade co reino portugués*. "Madrygal revista de estudos galegos". nº 15, ano 2014, páx. 104. En adiante: (NUNO FREIRE DE ANDRADE...). A data tamén coincide: Morgado de Silva, João Pedro. *A Ordem de Cristo durante o Mestrado de D. Nuno Rodrigues*

escuros os prolegómenos que antecederon a emigración de Nuno Freire á Corte do país irmán; porén, as claves para entender este descoñecido capítulo biográfico están posiblemente en relación á primeira data coñecida onde Nuno aparece en compañía do aínda infante don Pedro de Portugal, como un dos seus homes de confianza, acontecida o 5 de agosto 1355 na chamada: *Avinza de Canaveses*, pola que se poñía fin á guerra civil motivada polo cruel asasinato da súa amante dona Isabel de Castro[91]. É dicir, que o Andrade xa estaba aveciñado no reino Luso antes dos acontecementos que precederon a guerra civil en Castela, como a rendición de Toro do ano 1356; xa que logo, unha década antes de ser Henrique II proclamado rei en Calahorra en 1366, en contra dos intereses do rei nominal e lexítimo Pedro I. Entón, todos estes acontecementos posteriores á chegada de Nuno a Corte lisboeta non semella que fosen os motivos desencadeantes do seu asentamento fóra de Galicia, como foi o caso de moitos cabaleiros galegos lexitimistas contemporáneos, que seguiron o camiño do desterro no país veciño. Outro dato interesante é que Nuno Freire se estableceu en Portugal sete anos antes que o seu pai Roi Freire outorgara o seu testamento do ano 1362. Semella que algún grave factor descoñecido, debeu de ser determinante para esta partida; xa que segundo a orde na que aparecen citados os fillos de Roi, nas cláusulas coñecidas das súas mandas, Nuno semella ser un dos seus fillos maiores dentro do seu primeiro matrimonio[92]: <<*e fes seus heredeiros seus fillos Nuno freyre maestre de xristos, e jhon freyre, e lopo nuñes, e ferná peres, e marina pelaes, e sancha nuñes*>>[93].




Foto: 60. Documento outorgado por Nuno Rodríguez en 1372, no seu derradeiro ano como mestre de Cristo[94]

*Freire de Andrade (1357-1372)*. Páx 34. O dato foi publicado no ano 1899 por: SÁ, Aires de. "Frei Gonçalo Velho", vol. I, Lisboa, Imprenta Nacional, 1899, p. 67

91. *Ibídem*...103.

92. *Relaciones parientales de los Andrade (I): los Montenegro*. "Cátedra" nº 23. Año 2016. Pág. 123/124. En adiante: (RELACIONES I…). A secuencia na que foron citados os fillos de Roi Freire non correspóndese co seu orde de nacemento. Así sabemos que Xoán Freire, Nuno Freire, e Fernán Pérez foron sen dúbida por varios documentos coñecidos, que foron fillos do primeiro matrimonio de Roi Freire con Inés González de Soutomaior. Tamén semella filla deste primeiro matrimonio Mariña Páez. Xoán e Fernán, foron favorecidos a través das mandas do segundo matrimonio con María Fernández de Cornado sen sucesión, que como se demostrou aportado a documentación debida; a dama, estaba xa falecida o 25 de agosto de 1318 (páx. 123). Lopo Núñez de Montenegro e Andrade e Sancha Núñez posiblemente foron fillos de Elvira Ares de Montenegro, filla do cabaleiro lucense Lopo Núñez de Montenegro, quen o ben foi a terceira esposa de Roi Freire unha vez viúva de Pedro López de Montenegro, ou a súa concubina,. A cuarta de derradeira sería María Bicos da que non tería sucesión, filla de García Rodríguez de Valcarce († 1329), Adiantado Maior de Galicia; e da súa muller Teresa Eáns Sarraça.

93. Rey Escariz, Antonio. BRAG. Colección de Documentos históricos de Galicia II A. Pax. 66/69.

94. Arquivo da Torre do Tombo. Lisboa, Portugal. 7, novembro, 1372: "Cambio de escambo feito entre o rei d. Fernando e o Mestre da Ordem de Cristo, pelo qual deu Castelo de Vide e recebeu Castro Marim". Sig. GAV/7/14/1. Imaxe do mesmo arquivo.

Nuno Freire ou *frei Nuno Rodríguez*, como el mesmo se facía chamar[95], semella que foi amadriñado á súa arribada á Corte por unha parente moi achegada natural de Galicia, chamada *Tareixa Lourenzo*. Sen entrar a fundo sobre o posible parentesco entre ambos[96] (xa que é indiferente para o obxecto deste estudo), é cumprido dicir, que esta dona Tareixa foi concubina do rei don Pedro I de Portugal, despois do asasinato da súa muller Isabel de Castro. Dona Tareixa sería ao tempo a nai do seu fillo bastardo don Xoán, o futuro rei Xoán I de Portugal, fundador da Dinastía Avís (*11 abril 1357, Lisboa). Tralo seu nacemento, o infante foi dado para a súa crianza a *Lourenço Martis da Praça*. Posteriormente, esta responsabilidade recaería nas mans de frei Nuno Freire, quen ostentará o cargo de Mestre da Orde de Cristo, dende o 30 de novembro do ano 1357 até o 1373, data na que será nomeado o seu substituto *Lopo Díaz de Sousa*. Nuno Rodríguez Freire foi o primeiro mestre estranxeiro nunha orde que dende súa fundación pretendeu manter un perfil netamente independente, fronte a outras ordes militares de ámbito internacional[97]. Ademais, baixo o reinado de Fernando I de Portugal (1367-1383), frei Nuno alcanzaría o título de <<*Chanceler-Moor*>> do monarca[98]. Entre o ano 1362 até a súa morte acontecida no ano 1373, dando crédito ás fontes portuguesas, viviu nos seus pazos de <<*Ferreira do Zêzere*>> (Santarém), onde deixou unha placa coa data da fundación da casa e da súa filiación con Roi Freire de Andrade e dona Inés González de Soutomaior[99]:

> *<<Estes paaços fez o meestre de Xpos Dom Nuno Rodriguez filho de Roi Freire de Andrade he de dona Enes Gonçalves de Souto Maior he foron começados V dias de Julho era de MCCCC anos quando eram andados de seu meestrado quatro anos e VII meses XXVI dias mais quando reinava en Portugal o muy nobre rei Don Pedro quando eran andados de seu reynado cinquo anos e XLIII dias mais estas leteras pintou Gonçalo Tenreiro moordomo moor e chanceler mor dito senhor meestre>>*

## 18. A Orde de Cristo

No ano 1307 o rei Felipe IV de Francia comezou unha campaña de difamación e persecución á Orde do Temple, que remataría coa pescuda aberta polo papa Clemente V e a posterior extinción da milicia, o 22 de marzo do ano 1312. O Papa decidiu entón que

95. RELACIONES II…106/119. O nome co que Nuno Freire aparece no documento: <<Frey Nuno Rodríguez>>, recorda por unha banda a filiación co seu pai, pero tamén a súa ascendencia no sangue dos seus antepasados os "Rodríguez Freire", descendentes do seu bisavó Lourenzo Rodríguez dicto Freire, e do seu fillo, o alcalde real da vila de Pontedeume.

96. Xa que as fontes portuguesas non se poñen de acordo sobre a filiación desta señora, existindo varias hipóteses ningunha delas definitiva.

97. MORGADO SILVA, João Pedro. *A Ordem de Cristo durante o Mestrado de D. Nuno Rodrigues Freire de Andrade (1357-1372)*. Páx. 37. Sobre a data final: páx. 70. En adiante: (A ORDEM DE CRISTO…).

98. *Ibídem*…Páx. 59.

99. *Ibídem*…Páx. 32. A transcrición é de: BARROCA, Mário Jorge. *Epigrafia Medieval (…)*, vol. II, tomo II, op. cit., páx. 1755-1766. Outra transcrición desta mesma placa fora inserida polo investigador Carlos de Castro Álvarez no seu traballo: *Sobre el eslabón perdido y los parientes cercanos de Fernán Pérez Andrade o boo*, "Cátedra" nº9, ano 2002, páx. 62.

os seus bens fosen entregados á Orde do Hospital, a excepción dos bens situados na Península Ibérica, cuxo destino sería posteriormente decidido. O rei de Portugal don Dinís I (1279-1325) optou pola mesma solución adoptada pola Coroa Aragonesa e transferiría os bens dos Templarios á recentemente reformada Orde de Montesa; conseguindo con isto que os bens permaneceran dentro dunha orde de rango nacional e non dunha internacional, como era a Orde dos Cabaleiros Hospitalarios. A disolución da Orde do Temple foi protestada polo rei portugués diante dos representantes papais, xa que a ameaza musulmá aínda persistía na Península, poñendo en perigo as súas posesións no Algarve; motivo polo cal propúxolle na ano 1318 a creación da Orde Militar de Cristo, que o Papa atendeu outorgando a bula no mesmo ano, << *Ad ea ex quibus*>>, pola que ordenaba que todos os bens anteriores, que foran dos Templarios, tivesen a súa sede en *Castro Marín* (Faro, Algarve), constituíndo a orde baixo a regra de Calatrava; coa condición, de que os mestres da nova orde terían que prestar xuramento de obediencia ao rei portugués. Así foi como a *Ordem da Milícia de Nosso Senhor Jesus Cristo* se sustentou enriba dos antigos bens templarios esquecendo o seu vello nome de *Orde dos Pobres Cavaleiros de Cristo*[100].

## 19. O panteón de Santa María do Olival e as súas pentalfas



Foto: 61. Fachada principal da igrexa de Santa María dos Olivais de Tomar

No mesmo ano 1357 no que tomaba posesión o seu sexto mestre *Nuño Rodríguez Freire de Andrade*, a Orde de Cristo foi transferida á súa sede definitiva en Tomar (Santarém). Esta vila fora fundada polos templarios séculos atrás, concretamente no ano 1160 por iniciativa do mestre <<*Gualdím Pais*>>, construíndo un castelo enriba dun cumio situado na ribeira dereita do río *Nabão*, que se conserva na mesma localización do actual

100. Travassos de Almeida de Jesús Bento, María José. *Convento de Cristo – 1420/1521 – Mais do que um século*. Universidade de Coimbra. Tese de doutoramento na área de Historia, especialidade de Historia da Arte. Páx. 23. En adiante: (CONVENTO DE CRISTO…).

Convento de cristo, que non será levantado até os tempos do mestrado do infante don Henrique *o Navegante* que comezaría o 25 de maio do ano 1420[101]. O mestre *Gualdino Páez* erguerá tamén na marxe esquerda do río unha igrexa románica que servirá de panteón funerario á orde, onde posteriormente el mesmo será soterrado[102]. Esta igrexa románica será reformada en varias etapas, que non chegaron a borrar definitivamente as pegadas do estilo inicial, conservadas a través das trazas do portal da fachada norte (foto 61). Baixo o reinado de Afonso III (1248-1279) reformáronse as arcadas internas, a cabeceira tripartita e o pórtico occidental[103]. Chegada a segunda metade dos anos trescentos, é dicir, dentro do período que coincide co mestrado de Nuno Freire en Tomar, a igrexa de Santa María do Olival adoita o seu aspecto definitivo baixo os canons do estilo gótico[104]; conservando unha planta de tres naves, divididas en cinco tramos, sen transepto, con cabeceira tripartita graduada, formada por unha capela maior poligonal de cinco caras e dúas capelas laterais rectas[105] (foto 62).

A igrexa dos Olivais conserva dous pentagramas orixinais inseridos durante as reformas emprendidas ao longo do século XIV. O primeiro está situado na fachada



Foto: 62. Vista posterior da igrexa e fachada oriental de Santa María dos Olivais

101. *Ibídem*...50.

102. *Ibídem*…47.

103. Oliveira de Matos Madureira, Caterina Paula. *A Arquitectura Religiosa Gótica em Portugal no Século XIV: o Tempo dos Experimentalismos*. Pax. 114. Tese doutoral. Ano 2012. Dispoñible en RUN: Repositório Univerdade Nova. https://run.unl.pt/ consultado 24/05/2018. En adiante: (OLIVEIRA DE MATOS…).

104. *Ibídem*...114. "A construção de Santa Maria do Olival aparece enquadrada num cenário artístico até então vincadamente românico, começando a viragem a dar-se justamente na segunda metade da centúria de trezentos, após a edificação de Santa Maria de Alcobaça e iniciadas as construções mendicantes de Santarém. A edificação da igreja tomarense, nos meados do século, segundo matrizes góticas, levanta, assim, algumas questões que se prendem com as suas possíveis fontes de influencia".

105. *Ibídem*…116.

occidental do templo, formando parte dun medallón circular que se atopa centrado nun frontal triangular ou gablete, que encadra ou remata o pórtico oxival de acceso principal á igrexa. Esta hexalfa está moi deteriorada, mais deixa ollar aínda as tracerías cegas orixinais da estrela de cinco puntas, inserida dentro dunha rosácea de cinco lóbulos (foto 63). O segundo pentagrama forma parte da decoración xeométrica dun óculo ou rosetón, situado nun testeiro da fachada oriental da igrexa, enriba da cuberta da ábsida central (foto 64). Pola parte interior do templo, a este testeiro fíxoselle coincidir centrado, enriba do arco triunfal. Deste xeito, as tracerías caladas da estrela pentalfa presiden os oficios dende o alto do templo e da capela maior, proxectando unha mensaxe de presenza de Deus a través da luz sobre os asistentes (foto 65); semellante a pesar dos milenios transcorridos á alegoría representada no Selo de Osorkon, onde *Ra*, considerado o deus do sol do mediodía en toda a súa plenitude, rexente da vida, da morte e da resurrección, saudaba cos seus raios fecundadores o nacemento de Nefertum, o novo sol da mañá. Esta mensaxe



Foto: 63. Detalle do medallón coa pentalfa situada na fachada occidental do templo

implícita de benaventuranza dentro da arte gótica, proxectada a través das estrelas pentalfas e hexalfas presentes nas tracerías de óculos e rosetóns, é o verdadeiro significado que o mestre pedreiro quixo representar tamén nas fiestras do torreón dos Andrade na vila de Pontedeume e na igrexa de Santa María do Azougue de Betanzos.



Foto: 64. Detalle do rosetón a fachada oriental coa súa pentalfa



Foto: 65. Detalle do rosetón na fachada oriental coa súa pentalfa

Aínda que está clara a relación da igrexa dos Olivais coas ordes do Temple e a súa sucesora do Cristo, poderíase entender erroneamente que os símbolos estrelados formaron parte do programa iconográfico de calquera destas ordes; mais en verdade, non hai motivos para así aseguralo, xa que pola mesma época en Portugal se estában a levantar as igrexas góticas mendicantes, que empregarán a pentalfa como motivo principal nos vans. Un proba da non vinculación é que no chamado *Convento de Cristo*, erguido a partir do século XV xunto ao castelo de Tomar, non existe rastro ningún de estrelas inseridas nas de-coracións artísticas do novo mosteiro, como sería esperado; xa que logo, no se pode ase-verar que as pentalfas dos Olivais estean a sinalar a súa condición de igrexa templaria,

nin sequera dunha propiedade da Orde de Cristo. Tamén en España acontece o mesmo fenómeno e, como exemplo disto que se defende, inserimos unha imaxe da igrexa sevillana de San Isidoro, fundada ao tempo da conquista da cidade por Fernando III (1217-1245) no ano 1248, pero reformada a mediados do século XIV. O templo, sen vinculación ningunha documentada aos templarios posúe un gablete similar ao da igrexa do Olival, cun medallón centrado na enxoita, o cal incorpora unha estrela hexalfa con tracerías cegas de inspiración andalusí (foto 66).

Volvendo á biografía do noso personaxe, o mestre de Cristo e chanceler maior do Reino de Portugal, frei Nuno Rodríguez Freire, outorgou o seu derradeiro documento coñecido o 7 de novembro de 1372; polo cal, concambiaba co rei Fernando I de Portugal o castelo de *Castro Marím*, recibindo o castelo de *Vide* no Alentexo[106]. No ano 1373 xa consta ao fronte da orde o seu substituto, *Lopo Días de Sousa*, VII mestre da Orde e sobriño materno da raíña de Portugal dona Leonor Téllez; quen contaba apenas 12 anos de idade cando foi investido[107]. Segundo as fontes historiográficas portuguesas, Nuno Freire faleceu ese mesmo ano. Ao seguinte, visitaría o país veciño o seu irmán enteiro, o xa poderoso cabaleiro Fernán Pérez de Andrade *o Bóo*. Levaba poderes do rei Henrique II de Castela e do seu fillo bastardo o infante don Fabrique, duque de Benavente, para representar a ambos nos esposorios coa infanta dona Beatriz, filla de Fernando I e da aludida dona Leonor Téllez; celebrados no castelo de Leiría o 24 de novembro de 1373. Rematada a cerimonia, os fidalgos da Casa Real Portuguesa fixeron preito home-



Foto: 66. Gablete de San Isidoro de Sevilla.
Foto autor descoñecido



Foto: 66. Gablete de San Isidoro de Sevilla.
Foto autor descoñecido

106. Documento xa mencionado: Arquivo da Torre do Tombo. Lisboa, Portugal. 7, novembro, 1372: "Cambio de escambo feito entre o rei d. Fernando e o Mestre da Ordem de Cristo, pelo qual deu Castelo de Vide e recebeu Castro Marim". Sig. GAV/7/14/1.

107. CONVENTO DE CRISTO…Páx.

naxe nas mans do fidalgo galego, xurando aos noivos como lexítimos herdeiros no caso de que o rei Fernando falecese sen fillo varón[108]. Polos indicios que agora se expoñerán, Fernán Pérez de-beu de aproveitar esta viaxe para repatriar o corpo do seu recentemente falecido irmán e traelo de volta á súa Galicia natal[109].



Foto: 68. Similitudes entre ambos xacentes. Foto do autor 2017

108. COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio. *Historia de Puentedeume y su comarca*. Páx. 127.

109. Acontecemento que debeu de ocorrer no 1373, e seguramente por mar, xa que Leiría esta na costa atlántica portuguesa. Outra posibilidade é que se esperara a que o corpo estivera reducido, e que Fernán Pérez nesta mesma viaxe deixara disposto os medio, para que o corpo fora repatriado cumprida esta condición.

## 20. O xacente atribuído ao túmulo de Nuno Freire

Como se explicaba na introdución, no ano 1991 o debuxante e investigador Alfredo Erias deu conta, a partir do estudo do túmulo de Fernán Pérez o Bóo, e dos restos dun xacente dun cabaleiro descoñecido realizado en vulto conservado no Museo de As Mariñas, o cal sostén unha espada entrambas dúas mans (foto 67), que esta espada era similar, e contiña unha hexalfa semellante á que empuña Fernán Pérez no seu coñecido túmulo albergado dende a súa morte na igrexa de San Francisco de Betanzos. Xa que logo, o cabaleiro descoñecido era cumprido identificalo co mestre da Orde de Cristo Nuno Freire de Andrade, irmán do anterior. Ambos xacentes coinciden basicamente no seu xesto postural comezando polos seus brazos: o dereito, pousado sobre o corazón, como símbolo da xentileza do cabaleiro; mentres que o esquerdo sostén unha espada enfundada co seu cinguidoiro envolto na cuberta (foto 39). Frei Nuno térmaa pola cruceta pasando o dedo índice pola parte traseira do pomo, mentres Fernán Pérez térmaa situando a man entre a cruceta e o pomo. Existen tamén certas similitudes na representación figurativa do rigor mortis na cara de ambos os dous cabaleiros; especialmente, no xeito en que os seus ollos e nariz foron esculpidos. Semellan idénticas as dúas espadas, tanto no detalle do remate circular do pomo que conten o hexagrama como na representación da vaíña que, como xa se dixo, ten o cinguidoiro envolvéndoa con tres bandas. Observando as fibelas, en ambas espadas, están acompañadas arriba e abaixo por dous remates que semellan coiros, con tres cristas invertidas (foto 68).



Foto: 69. Túmulo de Xoán Freire de Andrade. Foto do autor 2016

Afortunadamente, contamos co exemplo do túmulo de Fernán Pérez de Andradepara imaxinar como debeu de ser o enterramento do seu irmán, aínda que seguramente existiron varias diferenzas arquitectónicas. Fernán Pérez o Bóo († 1397), rematou en vida o seu monumento funerario no ano 1387[110], segundo reza a inscrición da

110. Caamaño Martínez. Jesús Mª. *Contribución al estudio del Gótico en Galicia*. Universidad de Valladolid. Páx. 140. <<FERNAN ; P(ERE)S : DADRANDE // † AQUÍ IAZ : FERNAN / PEREZ : DANDRADE : CAVA / LEIRO : QUE : FEZO ESTE : MOESTEIRO : ANNO : DO : NASCEMENTO / DO NOSO SEN / NOR : IHESU : XPRISTO : DE : MIL (EYT CCC : ET : OYTENTA SETE ANOS>>. En adiante: (CONTRIBUCUÓN…). O túmulo de Fernán Pérez máis o da súa primeira dona Sancha Rodríguez atopábanse antigamente situados na ábsida: o de Fernán no lado do Evanxeo, e o de Sancha no costado da Epístola. O cabaleiro reformara completamente o antigo convento erguido na segunda década do século XIII, deixando constancia: <<† FERNAN : PE/REZ : A/NDRADE : /FEZ(O) : /ESTE : MOE/STERIO : TODO>>.

tapa; é dicir, o túmulo foi rematado catorce anos despois do falecemento do seu irmán, cuxos restos xa debían de estar sepultados na igrexa de San Francisco de Betanzos. Sobre que lugar debeu de ocupar o enterramento de Nuno Freire, e movéndonos no campo das hipóteses, o máis lóxico é pensar que este debeu de ocupar un lugar nun lucilo xunto ao irmán enteiro de ambos cabaleiros, Xoán Freire de Andrade (foto 69), personaxe menor na historia da familia, pero de capital importancia para a liñaxe como pai de Pedro Fernández de Andrade, herdeiro na Casa de Andrade polo seu tío Fernán Pérez o Bóo[111]. A tapa coa escultura funeraria de Xoán Freire tamén presenta moitas similitudes coa do seu irmán Fernán Pérez na disposición do cadáver e sobre todo nas roupaxes. No lateral, entre o xacente e o canto da inscrición[112], sitúase unha escena de caza menor, con tres cans que corren un após do outro (foto 70).




Foto: 70. Os tres cans na tapa de Xoán Freire. Foto do autor 2016

O túmulo do mestre Nuno Freire debeu de ser moi similar a este do seu irmán Xoán e, como aquel, puidese estar do mesmo xeito pechado cun frontal decorativo con escenas cinexéticas, cuxo paradoiro é descoñecido. Outra posibilidade é que esta fronte se atopase descontextualizada no interior da igrexa de San Francisco como, por exemplo, formando parte das coñecidas escenas cinexéticas penduradas no arco do triunfo, enriba da capela principal, formando parte dun friso que en realidade, non deixa de ter unha certa incoherencia entre o distinto tamaño das súas lousas e das escenas representadas.

## 21. Un posible taller de mestres de orixe portugués en Betanzos

Todos estes enterramentos na igrexa de San Francisco de Betanzos dos irmáns Freire/Andrade[113] e por riba as coñecidas escenas cinexéticas representadas nos seus xacigos, son unha excepcionalidade dentro da arte funeraria galega, cuxos únicos exem-

111. CONTRIBUCIÓN…Este túmulo áchase na capela absidal da epístola, costaneira esquerda, enfronte dun arco sepulcral baleiro. Está nun lucilo con franciscanos: un cun aspersorio, e outro cun libro. Conserva a escultura xacente en vulto do cabaleiro con puñal nunha man, dous anxos con naveta e incensario á cabeza, dous cans votados aos pés, e tres máis de pouco relevo e pequenos ao costado (foto 41).

112. *Ibídem*…<<† AQUÍ IAZ : IHOAN : FREYRE : DE ANDRADE : / PADRE : DE : P(ERO) : F(E)R(NAN)D(E)S : DE : AND(RA)DE>>. Páx. 142.

113. O cuarto irmán sería. como xa se dixo. Lopo Núñez de Montenegro e Andrade do que se descoñece o lugar de enterramento.

plos coñecidos están contidos nos muros do templo betanceiro. Outro dato interesante, que coñecemos grazas ao excelente artigo de David M. Freire publicado en *Anuario Brigantino*, é que os materias empregados para esculpir a lauda, xacigo, porco bravo, e o oso do sartego de Andrade o Bóo son locais. Concretamente, proceden de granitos da beta de Mariz, no concello lucense de Guitiriz[114]. Xa que logo, non foron produto dunha importación, senón, que foron realizados por un taller asentado ou próximo á cidade de Betanzos. Por outra banda, os motivos cinexéticos circunscritos a arte funeraria, sabemos tamén, grazas ao afirmado por don Xesús M. Camaño no ano 1962, que son especialmente abondosos na rexión portuguesa da Beira Alta: <<*por nuestra parte, la gran semejanza entre el sepulcro de Andrade y el grupo de sepulcros portugueses de la Beira Alta, todos ellos con temas venatorios y de mediados del XIV —sepulcros de Fernán Sanches, del conde de Barcelos y su esposa* (foto 71, e 72)*, del obispo D. Alonso Pires—, hecho a tener en cuenta, dado, sobre todo, la íntima relación y visitas de Andrade a la corte portuguesa. No creemos necesario suponer sea obra portuguesa el sepulcro de Andrade, mas si que tal vez se inspiró en la nación vecina*[115]>>. Mais pola contra, neste estudo, parécenos arriscado engadir ao xa dilatado currículo lendario de Fernán Pérez, o de artista copiador e fiel reprodutor da tradición local-portuguesa que encerran estes traballos, os cales necesitaron necesariamente mestres ben avezados e que necesariamente tiveron que ser naturais do país irmán. Xa que logo, e a xeito de conclusión, afírmase, a partir da suma de todos os datos coñecidos nos derradeiros trinta anos:

- A ausencia en Galicia da tradición de representar materialmente motivos cinexéticos nos túmulos funerarios e a súa presenza por outra banda na Beira Alta.
- A cronoloxía común de todos estes túmulos portugueses e galegos pertencentes á segunda metade do século XIV.
- As circunstancias que rodearon o falecemento de Nuno Freire e a posterior visita de Fernán Pérez de 1373 á Corte portuguesa nas mesmas datas.
- A procedencia galega dos materiais con que foron esculpidos os túmulos brigantinos (cando menos no caso do monumento do señor de Pontedeume).

Semella lóxico poder afirmar que estes túmulos galegos foron obra dun taller de mestres portugueses contratados por Fernán Pérez, establecidos entre os anos 1373 ao 1417; ou ben en Pontedeume, ao abrigo do seu promotor e de todas as novas obras que este encabezaba; ou ben na mesma cidade de Betanzos. Este taller ocuparíase en primeiro

114. Freire-Lista, David M. *Aportación de la petrología al conjunto sepulcral de Fernán Pérez de Andrade en la Iglesia de San Francisco de Betanzos, A Coruña, Galicia (NW España)*. "Anuario Brigantino" nº 38, 2015. Páxs. 351/364.

115. CONTRIBUCIÓN…Páx. 141. Tamén recoñece esta clara influencia a profesora do Departamento de Arte da Universidade de Santiago dona María Dolores Fraga Sampedro no seu artigo: *"San Francisco de Betanzos: Nuevas aportaciones a su programa iconográfico". Anuario Brigantinon° 18, ano 1995, páx. 207, nota ao pé n° 6: "J.M. Caamaño y posteriormente M. Núñez hicieron hincapié en esta relación del sepulcro con los portugueses de la Beira Alta. Ello se refleja en las grandes dimensiones del cenotafio, en su calidad de mausoleo exento, sostenido por figuras zoomórficas a modo de tenantes, decorado con escenas cinegéticas que lo relacionan con los moimenta de los infantes portugueses, hijos de D. Dinís, D. Pedro y su esposa Dn Branca y D. Afonso Sanches".*

lugar, e por esta orde, dos monumentos de Nuno, e Xoán Freire; e finalmente do máis sobresaínte de todos eles: o de Fernán Pérez o Bóo; que xa sumaría á primixenia influencia portuguesa outras de clara xénese galega, como é o caso do oso e o xabaril, que enlaza coa nosa tradición de empregar zoomorfos como sostén dos sartegos; ou influencias netamente casteláns, como é a presencia dos anxos tenantes das armas do defunto, de clara raiz trastamarista[116].



Foto: 71. Túmulo chamado de dona Branca Pires muller de Pedro de Barcelos. Foto: Museu de Lamego. José Pessoa




Foto: 72. Túmulo de don Pedro Afonso, conde de Barcelos († 1354), en San Xoán de Torouca. Cliché de Marqués de Abreu

## 22. As estrelas pentalfas e hexalfas de Santa María do Azogue (Betanzos)

Non hai consenso sobre unha data exacta da fundación da igrexa de Santa María do Azougue. Para algúns, trátase da antiga parroquial da primitiva poboación de Betanzos do século IX, antes de que o rei Afonso IX de León decidise a súa translación ao Castro de Untia por carta de privilexio por el outorgada o 13 de febreiro de 1219[117]. Esta igrexa foi a sé do importantísimo e histórico gremio de Mareantes de Betanzos, tan antigo como a parroquial. A xurisdición do gremio semella que chegaba a Corme, e o seu mordomo

116. Vexase por exemplo, a chamada capela dos Reis Novos na catedral de Toledo onde esta sepultados Henrique II e a súa real proxenie.

117. VAAMONDE LORES, César. *Ferrol y Pontedeume*. Doc. 7, páx. 87/88.


Foto 73. Imaxe da cruz patada e a inscrición da consagración do Azougue. Foto do autor 2017

tiña o título de alcalde do Mar[118]. Xunto á pequena furna que aloxa a imaxe do arcanxo Gabriel, e debaixo dunha cruz patada (foto 73), existe unha inscrición que da conta da consagración do templo despois do remate das obras no ano 1417, comezadas en vida por Fernán Pérez de Andrade o Bóo (cuxas armas xunto ás da súa derradeira muller Constanza de Moscoso[119], pódense ollar inseridas aínda nos arcos da igrexa): <<ESTA : IGLIA : ET : CEMITE/RIO : FOI : COSAGRADA / O PRIEIRO : DO : D : MAYO : AN/O : D : MCCCCX : E : VII ANOS[120]>>.

Sobre as características do templo, trátase dunha igrexa de planta basilical, de tres naves, máis ancha a central que as colaterais, e tres capelas na cabeceira: a maior de sete lados e as outras dúas rectangulares. A portada principal é de arquivoltas apuntadas, salvo a interior que é, como no caso do tímpano, de medio punto. Están decoradas con temas florais e unha escena do Xuízo Final; e o citado tímpano representa a Epifanía do Señor[121]. O centro da escena é presidido pola Virxe María co Neno, a cal ten unha man mutilada, que orixinalmente estaba a ofrecer algo a Xesús; posiblemente, unha mazá como é tradicional nestas representacións marianas[122]. O pórtico ten en cada unha das súas xambas dous remates de tracería cega, con arcos lobulados apuntados en baixorrelevo, coroados por gabletes mitrados en punta e un friso acastelado; todo isto sopor-


Foto 74. Xambas con arcos lobulados e hexalfa no primeiro externo. Foto do autor 2017

118. CONTRIBUCIÓN…Páx. 172.

119. Non poden ser atribuídas a o seu sobriño bisneto Fernán Pérez o Mozo, IV señor da Casa de Andrade († 1470), e á súa muller María de Moscoso; xa que en 1417 acabada de herdar a caso seu pai Nuno Freire de Andrade o Mao, III señor da Casa († 1431), despois do falecemento do seu avó Pedro Fernández de Andrade, II señor e herdeiro do fundador Fernán Pérez de Andrade o Bóo († 1397). As mesmas armas aparecen en San Francisco de Betanzos.

120. *Ibídem*…Páxs. 172/173. Jesús Camaño interprétaa deste xeito: <<*Esta iglesia et cemeterio foi consagrada o primeiro domingo de mayo anno Domini mil Cuatrocientos dez e sete anos*>>. Podemos achegar que esta Constanza de Moscoso era filla do cabaleiro Lope Pérez de Moscoso, señor da Casa de Altamira, e da súa muller dona Maior de Novoa. Non alcanzou descendencia de Fernán Pérez e continuaba viva no ano 1399.

121. *Ibídem*…Páx. 175/176.

122. A cal simboliza o perdón do Pecado Orixinal, alcanzado polo Salvador a través da súa crucifixión. Outras imaxes portan una mazá, como símbolo da remisión de Eva.



Foto 75. Detalle da hexalfa de Santa María do Azougue. Foto do autor 2017

tado por tres columnas rematadas en capitel (foto 74). Dos catro vans cegos definidos entre columnas, tres posúen simboloxía en baixorrelevo[123]. Un destes símbolos, situado no primeiro van da esquerda, dende o punto de vista do observador, é un hexagrama moi borroso e basto, que representa unha estrela de seis puntas sen botón central, inserida dentro dunha circunferencia (foto 75).

Este tipo de marcas nas xambas das igrexas é moi común, e son moitos os exemplos existentes nas igrexas románicas e góticas. Esta iconografía marxinal non só inclúe estrelas de calquera tipo e número de puntas, senón ademais rosáceas e cruces sen existir un patrón definido. Un exemplo claro témolo no pórtico de San Xiao de Lendo (Laracha)[124], que posúe una estrela de oito puntas e una rosácea a ambos lados das xambas da porta norte (foto 76). Tamén se poden observar na porta da pequena igrexa medieval de Santa Mariña do Vilar (Ferrol), que posúe unha rosácea hexapétala e unha pequena cruz tipo grega executadas ambas en baixo relevo (foto 77). Tamén se ollan na parroquia de Santiago da Coruña, que ten inseridas unha flor multifolia e un círculo moi deteriorado no pórtico principal (foto 78).




Foto 76. Detalle da estrela de oito puntas e a rosácea en San Xiao de Lendo, publicada por Carlos Martínez



Foto 77. Porta de Santa Mariña do Vilar coa rosa e a cruz sinaladas. Foto do autor 2018

123. Una estrela hexalfa, um M (que fai referencia ao gremio de Mareantes) e unha cara dun personaxe que semella enfadado, e que sería un "graffiti" medieval cuxo significado é difícil de adiviñar.

124. Pereira Martínez, Carlos. *Dúas encomendas templarias galegas descoñecidas: Lendo (A Laracha) e San Sadurniño*. "Anuario Brigantino" nº 23, ano 2000, páx. 205.



Foto 78. Porta de Santiago da Coruña. Rosa de oito puntas e outro símbolo circular deteriorado. Foto do autor 2018

Na miña opinión, a través destes símbolos marxinais protexíanse as paredes exteriores dos templos, cunha función similar ás que realizan as doce cruces de consagración colocadas nos muros dos templos cristiáns. De feito, existe unha cruz de consagración que apoiaría esta tese na igrexa mendicante de Santo Domingo de Santiago (Compostela), inserida na fachada do lado da Epístola, que entre os seus brazos engade una estrela pentalfa e unha rosácea (foto 79), mentres no centro contén un: <<*Agnus Dei*>>.



Foto 79. Cruz de consagración de Santo Domingo de Santiago. Foto publicada por Carmen Manso Porto[125]

Dentro da arquitectura románica é ben coñecido o fenómeno da: <<marxinalia>>, que inclúe programas iconográficos profanos as máis das veces no exterior dos templos, cuxa temática principal foi a: gula, fornicación, os pecados capitais e a herexía entre outros. Estas figuracións integrábanse dentro das estruturas do templo, na decoración dos canicelos, capiteis, arquivoltas, claves, enxoitas e ménsulas[126]. Este mundo situado

125. Manso Porto, Carmen. *Arte Gótico en Galicia: Los Dominicos*. Tomo I. Páx. 211.

126. Villaseñor Sebastián, Fernando. *Imágenes en los espacios marginales del edificio románico. Apuntes sobre canecillos, metopas, y otros elementos decorativos*. Artículo integrado en la obra: "La imagen en el edificio románico. Espacios y discursos visuales". Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. 2015, páxs. 13/17.

á marxe, contrastaba cos programas interiores do templo, as máis das veces visualmente impactantes, grazas por exemplo, ao emprego das manifestacións pictóricas que aludían de xeito didáctico á vida de Xesús, á Virxe María, aos Apóstolos, ou aos Santos intercesores. A través desta contraposición entre o espazo sacro interior e o profano exterior, proxectábase unha mensaxe de advertencia aos fregueses contra o mal que lles axexaba fóra dos muros protectores da igrexa. Entre esta dimensión exterior onde campaba o pecado, e a interior onde se atopaba a salvación da alma, colocábanse estes símbolos protectores cuxa función é basicamente benfeitora e profiláctica. O pobo comezou a usar esta mesma simboloxía protectora: cruces, rosáceas, estrelas, o corazón de María, a cántara coas súas azucenas, ou a árbore da vida en todas as súas versións (foto 80); utilizando esta iconografía, en todo aquilo que tiña que ser preservado ou resgardado do mal, entendido no seu sentido máis amplo: tormentas, lume, pragas, enfermidades e, como non, da envexa e o mal de ollo; e xa que logo, estes símbolo aparecerán en Galicia nas casas, chemineas,



Foto 80. Fachada do lugar de Soosloureiros en Cerdido (A Coruña) fundado no século XVIII, con símbolos marianos colocados ao longo do século XX: O Corazón de María, e o Vaso das Azuzenas ao que xa nos referimos anteriormente. Foto do autor 2006

no enxoval, nos hórreos, muíños, alpendres; e tamén na roupa especialmente na chamada <<*de garda*[127]>>. Esta función benfeitora e profiláctica será, xunto á tradición de marcar as propiedades eclesiásticas con símbolos vencellados á doutrina cristiá como a cruz, o que moverá o promotor do lintel de Ventosa en Centroña a darlle as pautas ao mestre pedreiro para representar nel a rosa, a cruz e a estrela hexalfa.

### 23. As fiestras con pentalfa e hexalfa da igrexa do Azougue



Foto 81. Fiestra xeminada de Stª Mª do Azougue con pentalfa de tracería. Foto do autor 2017

Volvendo á sacralidade de Santa María do Azougue, atopamos dúas fiestras góticas que no seu tímpano posúen unha estrela pentalfa e outra hexalfa, situadas na enxoita. O seu orixe é absolutamente culto e está relacionado cos canóns propios do estilo gótico europeo. O emprego de estrelas nos óculos das fiestras (especialmente nesta manifestación artística ao longo dos séculos XIII ao XIV) copia os patróns empregados nas decoracións dos rosetóns de igrexas e catedrais. O gótico foi a arte revolucionaria que, como todos sabemos, introduciu a luz como elemento litúrxico nos templos ao longo de toda Europa. Na Península Ibérica contamos con varios magníficos exemplos de rosetóns góticos, decorados con hexagramas. Posiblemente un dos primeiros foi o que se atopa na catedral de Valencia, na fachada chamada *dos Apóstolos*, comezada nos tempos do bispo *Jazperto de Botonach* (1276-1288). É una enorme estrela hexalfa realizada en tracería, que ocupa todo o diámetro do óculo, e no centro de ambos hai unha flor multifolia inserida no hexágono central. Os triángulos equiláteros que serven de puntas á estrela levan unha flor trifolia composta por lóbulos, motivo que xa vimos anteriormente neste estudo

127. As mozas acostumaban recibir como dote dos seus país un par de vestimentas chamadas: <<*de cada día*>> e o referido <<*de garda*>>, que era o reservado para casarse ou para acudir á misa. Fonte: Varias cartas de testamentos, dote, e emancipación estudadas dende o século XVI ao XVIII dos protocolos de Pontedeume, Moeche, Ferrol, Cerdido, Cedeira e Ortigueira depositados no Arquivo do Colexio Notarial da Coruña, e no Arquivo do Reino de Galicia.

e que constatamos, xa que logo, é unha decoración recorrente no desenvolvemento da iconografía da hexalfa. O rosetón está pechado con vidreiras de cores, que fan resaltar os distintos elementos que o compoñen (foto 82).



Foto 82. Rosetón da catedral de Valencia. Foto do autor 2018

Outros fermosísimos exemplos de rosetóns góticos con estrelas inseridas de seis puntas son os das catedrais de Burgos ou Palma de Mallorca. Na Catedral de León existe na súa fachada norte un gablete cun óculo de tracería calada, que parte dunha hexalfa central. En Galicia, tamén forma un hexagrama o rosetón principal da catedral de Ourense, formado por dous triángulos equiláteros cuxos lados son cóncavos. No noso país, porén, os rosetóns de tracería estrelados non son moi abondosos; pero si as fiestras que insiren entre os lóbulos das tracerías estrelas como elemento decorativo; principalmente entre as igrexas góticas mendicantes. Así por exemplo, consérvase una pentalfa inserida no óculo dunha fiestra xeminada de Santo Domingo de Pontevedra; e tamén, unha estrela de oito puntas nas fiestras da ábsida central da igrexa de Santo Domingo de Lugo. Quizais, o exemplo máis preto, tanto historicamente como artisticamente, ás fiestras de Santa María do Azougue, é o da capela gótica de San Alberte de Parga (foto 83). Esta capela está situada na parroquia de San Breixo de Parga (Guitiriz, Lugo), que na Idade Media pertencía á antiga xurisdición da fortaleza da Pobra, propiedade do cabaleiro Pedro Fernández de Parrega, señor da Casa de San Salvador. Este personaxe estivo casado coa betanceira dona Violante Núñez Pardo. Este personaxe foi fillo de Fernán Pérez de Parrega, titular da mesma Casa, quen foi ademais fundador da capela de San Xoán Bautista ou das Ánimas, dentro da igrexa de San Francisco de Betanzos[128]. Xa que logo, podemos afirmar que a capela de San Alberte ten, a través dos seus señores xurisdicionais os Párrega, unha clara influencia artística betanceira que reproduciría as tracerías góticas de Santa María do Azougue (foto 81, e 84).

128. Pedro Fernández de Parga está sepultado nunha capela ao lado do Evanxeo, coa súa muller Violante Núñez. A inscrición inserida no muro reza: AQ(UI) JAZ PERO FERNA(N)DES DE PAR(R)EGA FIJO DE FERNA(N) PERES DE PAR(R)EGA : NIETO DE PERO FERNA(N)DES DE PAR(R)EGA BISNI...(ROTURA). Este cabaleiro Pedro Fernández de Parga foi señor da chamada <<Casa de San Salvador>> e da fortaleza de Pobra de Parga (Santo Estevo de Parga, Guitiriz), a cal dista 2500 metros da capela de San Alberte. A referencia sobre a capela de San Xoán Bautista é de: NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, José Raimundo. "Visita a la Iglesia de S. Francisco de Betanzos", artículo consultado en su página web el 28/02/2018. http://www.cronistadebetanzos.com. Según o referido por Vasco da Ponte, Pedro Fernández de Parrega e Violante Núñez foron personaxes que viviron en pleno século XV e foron pais do cabaleiro Fernán Pérez Parragués (II), quen de mozo, fora paxe do capitán don Gómez Pérez das Mariñas, señor das Mariñas dos Condes e dos Frades, entre outros moitos coutos e xurisdicións. A súa filla dona Constanza das Mariñas casou lexitimamente con Lopo Sánchez de Moscoso, I conde de Altamira; máis co tempo, o conde foi repudiado pola súa dona, que remataría amancebada co antigo paxe do seu pai, quen por outra banda axudaralle o Párrega a levantar a súa fortaleza da Pobra, arruinada despois do paso da Santa Irmandade (1467-1469). DA PONTE, Vasco. *Relación de algunas casas y linajes del reino de Galicia*. Casa de Paraga. Editorial Nova, Páx. 67/68. Sobre os Párrega, páx. 40/45



Foto 83. Fiestra de San Alberte de Parga coa estrela hexalfa. Autora: Soledad Fezolla (con agradecemento)

Como conclusión a este capítulo, afírmase que as fiestras de Santa María do Azougue son un exemplo máis de vans decorados con estrelas dentro do gótico Peninsular, que enlaza coa mesma tradición portuguesa, manifestada en Santa María do Olival e as igrexas mendicantes do país veciño, e con outras igrexas erguidas ao longo dos antigos reinos hispánicos en tempos contemporáneos. A pesar da presenza de claras raices templarias no templo do Olival, concluíase no capítulo dedicado a esta igrexa, que non atopábamos indicio ningún de que estas simboloxías tivesen unha relación directa coa Orde Templaria ou de Cristo; xa que esta iconografía e a súa tradición non será reproducida como sería de esperar nos estilos posteriores: o Manuelino e o Renacentista, empregados para edificar a sede definitiva da Orde no Convento de Cristo de Tomar. Tampouco nos casos galegos existen evidencias claras e directas de relación templaria; e pola contra, só se constata un uso decorativo relacionado co propio estilo gótico, sendo dentro deste estilo un elemento recorrente sen carga identitaria ou heráldica ningunha. Porén, admítese que, a través destas estrelas, estase a lanzar unha mensaxe aos fregueses, que recordaba a presenza de Deus a través da luz proxectada sobre eles a través destes óculos estrelados; o que constitúe un dos principios mesmos da arte gótica internacional.

Á vista da cronoloxía, existe a posibilidade de que estas tracerías existentes en Santa María do Azougue fosen executadas polo mesmo taller de avezados mestres pedreiros portugueses que traballarían uns anos antes nos túmulos funerarios da liñaxe Andrade de Pontedeume; sen que esta hipótese viñese a significar que os exemplos do Azougue fosen copiados e importados da citada igrexa do Olival de Tomar, xa que os outros casos galegos de tracerías estreladas falan dunha tradición xa presente na nosa terra.




Foto 84. Fiestra da igrexa do Azougue de Betanzos con hexagrama. Foto do autor 2017

## 24. As fiestras estreladas do torreón dos Andrade en Pontedeume



Foto 85. Fiestra do segundo piso na fachada norte

Na fachada norte do torreón dos Andrade hai dúas fiestras góticas con tracerías, que representan nos óculos dúas estrelas pentalfas caladas. Estas fiestras tiveron a función, como é lóxico, de prover de luz e ventilación os pisos segundo e terceiro das que poderíamos definir coma plantas nobres. Na terceira ademais existe outra fiestra moito máis sinxela que daá á fachada sur, que a diferenza das anteriores só ten unha ornamentación lobular cuadrifoliada no óculo. Esta construción medieval foi a torre da homenaxe da antiga fortaleza gótica do século XIV, construída polo I señor da Vila de Pontedeume: Fernán Pérez de Andrade o Bóo.

Existen pequenas diferenzas entre as dúas fiestras orientadas ao norte, que afectan a súa ornamentación. Entre os aspectos comúns a destacar, un deles sería que estes vans, máis o da cara sur, están formados por un tímpano esculpido nunha soa peza, que forma un arco rebaixado no vértice, e na parte inferior forma un aximez con dúas arcadas con rebaixe soportadas por un fuste, ou parteluz central; que só no caso da fiestra do segundo piso conserva a peza orixinal. Todos os tímpanos contan cun óculo central moldurado nas



Foto 86. Fiestra do terceiro piso na fachada norte. Foto do autor 2017

enxoitas, onde se aloxan as tracerías caladas da estrela pentalfa, formada por bandas entrelazadas na cara vista ao exterior. Só a fiestra do piso segundo conserva unha parte das filigranas orixinais nunha lanceta, cuxa función é dotala dunha ornamentación trifolia que, sen dúbida ningunha, deberon de levar tamén o resto dos vans, de igual xeito que as conserva integramente a fiestra orientada ao sur (foto 85).

A fiestra do piso terceiro da cara norte (foto 86) é a que ten unha decoración orinal máis rica, aínda que é sen dúbida ningunha a que sufriu un maior deterioro ao longo do tempo. Basicamente, a gran diferenza coa súa xemelga orientada na mesma cara da torre estriba en que o arco maior leva unha ornamentación de rocalla (pequenos círculos), paralela ao goterón interior, aloxada nunha moldura cóncava, da que o resto das fiestras carece. Esta rocalla, o estilo do tímpano, o óculo, a enxoita, o goterón, e a propia pentalfa entrelazada relacionan estas fiestras coas que se atopan na igrexa betanceira de Santa María do Azougue (foto 87). Como xa dixemos, as obras deste templo foron custeadas por Fernán Pérez o Bóo († 1397) e rematadas despois do seu pasamento, concretamente no ano 1417, segundo reza a inscrición da fachada principal, en tempos do seu resobriño Nuno Freire o Máo († 1431). Xa que logo, cabe a posibilidade que as fiestras da igrexa e da torre, sexan dunha mesma autoría; ou ben, sendo de diferentes artistas, podería ser que os mestres que traballaron nas fiestras do Azougue tomasen como modelo as da torre de Pontedeume, aínda que esta posibilidade semella a menos probable.



Foto 87. Fiestra de Santa María de Azougue. Foto do autor 2018

Pasaron xa vinte e sete anos desde que Zoltan expuxera: <<*Los Andrade, por sus antepasados los Traba (ver árbol genealogico), estaban relacionados coa Orden do Temple (10); habrían sido los Traba que introdujeron a los freires blancos en Galicia, caballeros famosos por sus conocimientos de las ciencias esotéricas. Si fue real o no esta*

*relación Andrade-Templarios, requeriría una investigación profundizada que hasta la fecha no se ha hecho*[129]>>. Hoxe en día, a partir do coñecemento que temos tanto da liñaxe dos Andrade como a dos condes de Traba, podemos afirmar que a relación de parentesco consanguíneo real entre eles, polo menos nas liñas de varón a varón, foi inexistente por ser o grupo familiar dos Fortúnez antepasados directos dos Andrade, contemporáneos e tan antigos aos propios devanceiros do grupo Petriz/Traba[130]. Ademais semella forzado pensar que os Freire de Andrade de Pontedeume do século XIV, mantivesen dentro da memoria da súa liñaxe a conmemoración dun feito acontecido tan atrás no tempo durante douscentos anos.




Foto 87. Fiestra inglesa gótica con hexalfa. Foto do Denis R. McNamara[131]

Porén, e a xeito de conclusión a este capítulo, a explicación para a colocación das pentalfas nas fiestras do torreón pasaría polos mesmos argumentos xa anteriormente expostos no caso de Santa María do Olival en Portugal, e Santa María do Azougue en Betanzos, no senso de que en ambos casos estas fiestras seguirían as liñas trazadas por unha tradición artística documentada, a través doutras igrexas do gótico mendicante galego, como é o caso de Santo Domingo de Pontevedra ou Santo Domingo de Lugo. Esta tradición atoparía a súa raiz noutros exemplos de tracerías estreladas, empregadas nos rosetóns góticos catedralicios, que pronto serían copiadas a pequena escala nas igrexas, capelas, e edificios civís e militares. Xa que logo, cómpre desvincular a existencia das estrelas pentalfas no torreón dos Andrade de Pontedeume á liñaxe promotora do monumento; unha vez que estas pentalfas foron colocadas seguindo as modas artísticas

129. Zoltan…Páx. 172/173.

130. Ademais de que semella demasiado forzado pensar que os Freire de Andrade do século XIV mantiveran dentro da memoria da súa liñaxe a conmemoración dun feito acontecido douscentos anos atrás. Por outra banda, aínda admitindo esta teoría, a estrela pentalfa, fóra dos exemplos mencionados, non se documenta en ningún outro monumento relacionado coa liñaxe dos Freire de Andrade.

131. Mcnamara, Denis R. *Como leer iglesias. Una guía sobre arquitectura eclesiástica*. Páx. 186.

imperantes noutros puntos dos reinos peninsulares e tamén no resto de Europa, onde o emprego de estrelas nas fiestras é considerado un ornato máis dentro da arte gótica que poderíase chamar internacional, sen que se lle teña dado unha vinculación en concreto a un acontecemento pasado ou a unha pseudo-heráldica relacionada con algunha liñaxe de ámbito local.




Foto 88. Hexalfas nas tracerías de Santo Domingo de Lugo, e hexalfa e rosácea no seu pórtico principal. Fotografías do autor 2019

# O PATRIMONIO CULTURAL MATERIAL INMOBLE DO CONCELLO DE PONTEDEUME E A NOSA OBRIGA DE PRESERVAR O LEGADO RECIBIDO

Juan Coira Pociña



Fig.1: ermida de San Miguel de Breamo, declarada BIC por decreto do 3 de xuño de 1931[1]

## Introdución

O patrimonio cultural dun pobo non soamente é o que fomos, senón o que somos. De feito, é o que nos fai ser como somos, o que nos fai especiais dentro dunha humanidade aínda chea de diversidade pero que a "globalización" que caracteriza o mundo actual tende a estandarizar. De aí a importancia deste patrimonio, se cadra agora máis que nunca, para a forxa tanto da nosa identidade individual como colectiva.

O patrimonio cultural, nas súas diversas manifestacións, constitúe unha conexión entre pasado, presente e futuro; entre os nosos devanceiros, nós e os nosos descendentes. Nós recibímolo como legado colectivo, e é de xustiza que nos preocupemos por deixalo a aqueles que virán nas mellores condicións posibles.

Preservar o patrimonio non implica o seu anquilosamento ou convertelo en "reliquia" do pasado. Como todas as manifestacións dunha cultura, o patrimonio foi evolucionando. Os compoñentes que deixaron de cumprir unha función social ou que pasaron a

1. Fotografía do autor. As fotografías que non levan referencia foron tomadas polo autor.

considerarse pouco útiles para a cultura comunitaria foron desaparecendo, outros continuaron a ter relevancia tal como eran, algúns fóronse adaptando ás novas realidades e, ao mesmo tempo, foron nacendo outros novos. Con todo, cómpre a súa preservación, aínda que sexa realizando diferentes funcións sociais e culturais, pois ningún pobo pode subsistir sen as súas raíces. Doutro xeito, verase condenado a diluírse.

O noso futuro como pobo pasa por respectar e valorar o noso pasado. Modificando todo aquilo que o profundo cambio social e cultural do século XX e comezos do XXI demanda, mais sen renunciar e aproveitar todas as cousas positivas que contén o legado deste o noso pasado. Nisto consiste o progreso: avanzar sen destruír.

As seguintes páxinas están dedicadas ao estado actual do patrimonio cultural material inmoble de Pontedeume. Para iso, baseámonos na información do *Catálogo de Patrimonio Cultural e Bens Culturais* realizado polo Concello, con data de aprobación en febreiro de 2016, e cuxa consulta é pública[2]. O que se pretende é reflexionar sobre o estado dos bens, especialmente dos que están en peores condicións, mais sen a finalidade de realizar unha crítica negativa senón construtiva, pois parto da base de que todos preferimos ter as nosas propiedades no mellor estado posible cando contamos coa posibilidade de que así sexa, e entendendo que na vida pode haber outras prioridades. A finalidade é un maior coñecemento do noso enorme patrimonio, imprescindible para garantir a súa conservación, ao mesmo tempo que chamar a atención sobre o estado dunha parte que corre o risco de esmorecer. Isto suporía unha gran perda cultural e da esencia do noso pobo, algo especialmente doloroso tendo en conta que hai outros lugares nos que este patrimonio está sendo preservado e posto en valor coa implicación de veciños e veciñas, así como das autoridades, coa conseguinte conservación da riqueza patrimonial[3].

A vila de Pontedeume xa perdeu nos últimos séculos unha parte moi importante do seu patrimonio cultural inmoble: a capela de San Roque, a ponte de pedra gótica, a igrexa do convento de Santo Agostiño, o arco de Maldonado, o pazo dos Andrade (agás o Torreón), patrimonio industrial, etnográfico e outros[4]. Quero pensar que esta perda non se tería producido na actualidade, pois a mentalidade con respecto ao patrimonio é diferente. Con todo, merece a pena facer un esforzo para que esta perda patrimonial non continúe.

Sirva polo tanto este pequeno traballo para a reflexión sobre o futuro do noso patrimonio, o que implica tamén unha reflexión sobre o noso propio porvir como pobo, habida

2. O tomo IV do PXOM está constituído polo Catálogo de Bens Culturais. Vid.: http://www.pontedeume.gal/concello/concellerias/urbanismo/CATALOGO%20BENS%20CULTURAIS-DEL%20XACEMENTOS%20ARQ.pdf [consultada en marzo de 2019]. Xunto con isto, tamén é de relevancia a consulta da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.pdf [consultada en marzo de 2019]

3. Deixando á marxe que esta riqueza patrimonial é un estímulo para o turismo e, polo tanto, posible motor económico dunha poboación.

4. Sobre este patrimonio desaparecido, vid. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE, *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, Morfología y Actividad en el Espacio Público (1270-1970)*, Concello de Pontedeume, 2007, pp. 119 e seg. En relación co pazo dos Andrade, ver tamén BELLO ALONSO, M., *Un atentado contra el patrimonio: la desaparición del palacio-fortaleza de los condes de Andrade en Pontedeume*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 18 (2011), pp. 71-145.

conta de que sen respectar e valorar o noso pasado e o seu legado, Pontedeume e os eumeses e eumesas perderemos a nosa esencia e identidade de cara ao futuro.

## 1. O patrimonio cultural de Galicia: clasificación e protección

O patrimonio cultural de Galicia contou desde o ano 1995 cunha lei específica: a Lei 8/1995, do 30 de outubro, de regulación do patrimonio cultural de Galicia[5]. Trátase dunha lei de hai máis de vinte anos pero fundamental no seu momento, dado que supuxo un importante paso no recoñecemento das particularidades do patrimonio cultural galego. Estivo vixente até o ano 2016, de tal xeito que moitos dos catálogos de patrimonio cultural dos concellos aínda se rexen por esta normativa. Tal é o caso do Catálogo de Pontedeume, e de aí a relevancia da súa análise, aínda que sexa con brevidade.

### 1.1 A Lei 8/1995, do 30 de outubro

No título preliminar, esta lei definía o patrimonio cultural de Galicia como o conxunto de "bens mobles, inmobles e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico e técnico. Tamén forman parte deste o patrimonio documental e bibliográfico, os conxuntos urbanos, os lugares etnográficos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico."

Os niveis de protección establecidos por esta lei eran tres: *Bens de Interese Cultural* de Galicia (de aquí en diante, BIC), os de carácter máis excepcional; os bens *catalogados*, que pola súa singularidade podían chegar a caracterizar un territorio; e por último os bens *inventariados*, aqueles que merecen ser conservados. Os que non estaban incluídos nalgunha destas tres categorías non gozaban da protección autonómica.

En canto á súa protección, establecíase para os bens *inventariados* a obriga de evitar a súa desaparición, baixo a responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura, que debía autorizar calquera intervención que lles afectara. Tamén os propietarios e poderes públicos debían garantir esta protección, conservación e enriquecemento. Ade-mais, creábase o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia no que quedaban incluídos este tipo de bens.

No que se refire aos bens *catalogados*, debían estar incluídos no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia, previo trámite de expediente e procedemento legal establecido. A propiedade estaba obrigada á súa conservación e a facilitar o acceso á Adminis-

5. Publicada no D.O.G. o 8 de novembro dese mesmo ano. Vid.: https://rbgalicia.xunta.gal/sites/default/files/documento/lei_8_1995_do_30_de_outubro_do_patrimonio_cultural_de_galicia.pdf [consultada en xaneiro de 2019]. Sobre esta lei e outras do resto de Comunidades Autónomas, vid., QUEROL, Mª Á., MARTÍNEZ DÍAZ, B., La gestión del Patrimonio Arqueológico en España", Alianza Editorial, Madrid, 1996. Desta obra tomamos a información para este traballo en relación coa Lei de 1995.

tración e aos investigadores que o solicitasen. Ademais, a planificación urbanística (potestade dos concellos) debía ter en conta aos bens catalogados inmobles. En canto á súa protección, debía estar regulamentada no propio catálogo.

Os BIC gozaban da maior protección e tutela, e calquera cambio de uso debía ser autorizado pola Consellería. Constaban no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, e como no caso anterior, había un trámite de expediente e procedemento legal para declaralos como tales, o que implicaba de inmediato a suspensión de concesión de licenzas municipais de obras así como a paralización das xa outorgadas. Estes bens eran inseparables da súa contorna e estaba prohibida calquera actuación sobre eles (agás motivo de forza maior e para a súa conservación e mellora, contando co informe favorable da Consellería). Entre as súas formas máis destacadas estaban as categorías de "Monumento", "Conxunto Histórico", "Xardín Histórico", "Sitio ou Territorio Histórico", "Zona Arqueolóxica" ou "Lugar de Interese Etnográfico".

As actuacións sobre este tipo de bens estaban limitadas á súa conservación e mellora, respectando as características esenciais, conservando as súas características volumétricas e espaciais definitorias (a maiores nos inmobles), evitando os intentos de reconstrución, sen adicións na medida do posible e impedindo as acción agresivas sobre os paramentos. Ademais, non se lles podía instalar publicidade. A contorna dos BIC ficaba tamén con protección, de tal xeito que non se podía modificar libremente.

Outro dos aspectos salientables desta lei é que xa se recoñece relevancia ao patrimonio etnográfico, definido como "os lugares e os bens mobles e inmobles así como as actividades e os coñecementos que constitúan formas relevantes ou expresión da cultura e modos de vida tradicionais e propios do pobo galego nos seus aspectos materiais e inmateriais." Gozaban de protección todos aqueles "coñecementos, actividades, prácticas, saberes e calquera outra expresión que proceda de modelos, técnicas, funcións e crenzas propias da vida tradicional galega", incluídos os bens inmobles de carácter industrial. En caso de verse en perigo de desaparición, perda ou deturpación, a Consellería debía levar ao cabo as accións pertinentes para a súa transmisión e posta en valor.

Como última referencia a esta lei, é relevante indicar que tamén se regulaban medidas de fomento deste patrimonio, mediante axudas da Administración pública para a investigación, documentación, conservación, recuperación, restauración e difusión, agás no caso de que tanto as persoas como as entidades non cumpran co deber de conservación establecido por esta lei.

Máis de vinte anos despois, unha nova regulación viña a consolidar e ampliar o marco lexislativo establecido en relación co patrimonio cultural de Galicia, tanto na súa clasificación como na protección, mellorando e adaptando a normativa aos cambios na regulación internacional e na organización administrativa. Froito desta evolución naceu a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

## 2. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia

No seu **título preliminar**, no artigo primeiro, establécese o obxectivo de protexer, conservar, acrecentar, difundir e fomentar o patrimonio cultural, así como o que actualmente se entende como tal:

> *"O patrimonio cultural de Galicia está constituído por bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.*
> *Asi mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se encontren en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados."*

Inmediatamente despois establécese que serán os poderes públicos os encargados de protexer este patrimonio (art. 2, 3), destacando o papel da Administración local, que debe tamén difundir e fomentar o seu valor cultural e adoptar as medidas necesarias para salvagardar os bens en caso de emerxencia e comunicarlle á Xunta calquera ameaza (art.3, 1-2). En canto á cidadanía, ten dereito ao acceso, coñecemento e desfrute, namentres calquera persoa física ou xurídica está obrigada a cumprir os deberes establecidos pola lei para a protección deste patrimonio (art. 5, 1-3). O mesmo se especifica no caso da Igrexa católica, posuidora de gran parte do patrimonio cultural e que non está allea de protexer e conservar (art. 6, 1).

O que se extrae do título preliminar desta lei é que a principal responsabilidade na protección e conservación do noso patrimonio cultural recae nas autoridades públicas, Igrexa e propietarios dos bens. Con todo, no fondo todos os cidadáns somos corresponsables nesta tarefa, tendo a educación un papel fundamental na concienciación da necesidade de protexer e preservar o noso patrimonio.

O **título I** está dedicado á clasificación, declaración e catalogación dos bens. A diferenza da lei de 1995, soamente se recoñecen dúas categorías: os BIC e os "bens catalogados". Os primeiros, de maior singularidade e protección; os segundos, de notable valor aínda que non de interese cultural, recollidos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. Ambos os dous casos poden ser mobles, inmobles ou inmateriais (art. 8)[6].

Os bens inmobles teñen as seguintes categorías: monumento, xardín histórico, sitio histórico, xacemento ou zona arqueolóxica, vías culturais, lugar de valor etnolóxico, con-

6. Pódense consultar o Rexistro de bens de interese vultural e o Catálogo do patrimonio cultural de Galicia na seguinte web: https://www.cultura.gal/es/clasificacion-patrimonio-cultural [consultada en xaneiro de 2020].

xunto histórico, paisaxe cultural ou territorio histórico (art. 10). En canto aos bens mobles, son aqueles susceptibles de ser transportados (art. 9, 2). E os inmateriais son:

> *"... os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural, e en particular: a lingua; as tradicións e expresións orais; a toponimia; as artes do espectáculo; os usos sociais, rituais, cerimonias e actos festivos; os coñecementos e usos relacionados coa natureza; e as técnicas artesanais tradicionais"* (art. 9, 3).

Xunto con estas categorías, establécese tamén cunha contorna de protección e mesmo zona de amortecemento, especialmente no caso de monumentos, zonas arqueolóxicas e vías culturais (arts. 12-13). As dimensións desta zona de protección poden variar en función do tipo de ben (art. 38). Xunto con isto, regulaméntase a creación dun "censo do patrimonio cultural no que se incluirán os bens namentres non sexan declarados de interese cultural ou catalogados (art. 14).

Os capítulos II e III deste título dedícanse ao procedemento para a declaración dos BIC e bens catalogados, así como ás implicacións que esta declaración implica.

O **título II** céntrase no réxime de protección e conservación do patrimonio, sendo probablemente a parte da lei que máis nos interesa neste traballo. No capítulo primeiro, artigo 32, regulaméntase xa o réxime xeral de protección:

> *"As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración".*

A Xunta de Galicia é a encargada de fomentar medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio, en colaboración coa Administración estatal e local (art. 33). Esta protección atinxe de xeito especial os concellos, habida conta que son os encargados de realizar o planeamento urbanístico (art. 35). Neste campo habería que realizar unha puntualización. A lei tende a recoñecer como obxecto de protección os BIC e os catalogados, pero eu **considero que habería que ir máis aló, protexendo e preservando calquera manifestación do noso patrimonio, aínda que non estea rexistrada como BIC, catalogada ou censada**.

En canto aos modos de protección, a lei recoñece tres niveis (art. 41), o que implica diferentes escalas de actuación sobre os bens. Isto é relevante porque estes niveis aparecen especificados no Catálogo de bens culturais do concello de Pontedeume:

**a) Protección integral:** conservación íntegra dos bens e todos os seus compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal. Todos os BIC entran dentro deste nivel.

**b) Protección estrutural:** conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos.

**c) Protección ambiental:** conservación dos aspectos máis visibles dos bens que, malia non presentaren un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de xeito homoxéneo e harmonioso.

Os seguintes títulos xa se centran no réxime específico de protección e acceso dos diferentes bens. O **título III** regulamenta o dos BIC, que deben contar cun plan especial de protección a realizar polo concello no que se atopen, agás en determinados supostos (art. 55, 1-2). Neste plan deben aparecer a significación cultural e as características xerais do contorno de cada ben; un catálogo exhaustivo de todos os bens, sinalados con precisión; fichas individualizadas coa descrición; e outros (art. 56).



Fig. 2: o "Torreón" dos Andrade, BIC dende unha real orde do 13/09/1924

No capítulo IV, aparecen as medidas relacionadas coa protección das paisaxes culturais e dos territorios históricos, parte tamén relevante para Pontedeume porque é un concello recoñecido como "paisaxe cultural", como parte do BIC "comarca eumesa"[7].

Xa por último neste título, regulaméntase a protección dos bens mobles.

O **título IV** focalízase no réxime específico de protección dos bens catalogados. Calquera actuación sobre eles precisa da autorización da Consellería de Cultura, excepto naqueles concellos que conten con instrumentos de planeamento urbanístico adaptado a esta lei; neste caso, están habilitados para autorizar as intervencións sobre estes bens. A única excepción serían as actuacións sobre o Camiño de Santiago (con réxime propio), bens artísticos e arqueolóxicos ou os da Igrexa católica.

7. Pódese consultar o Rexistro de BIC na seguinte web: https://www.cultura.gal/gl/rexistro-bens-interese-cultural.

**Título** propio, o **V**, merece tamén o réxime de protección dos bens inmateriais, con medidas específicas de salvagarda, destacando o papel da Consellería de Cultura. É salientable tamén o recoñecemento da protección dos bens mobles ou inmobles vinculados ao patrimonio cultural inmaterial pois, como veremos máis adiante, a desaparición ou esmorecemento do inmaterial supón en moitos casos a desaparición do patrimonio material asociado.

O **título VI** está dedicado á protección dos Camiños de Santiago, o que interesa especialmente nun concello como Pontedeume polo que pasa o Camiño Inglés, considerado como ben catalogado coa categoría de "territorios históricos" (art. 75, 1). Unha vez delimitada a traza, os concellos estarán obrigados a incorporala aos seus instrumentos de planeamento urbanístico e a establecer medidas para a súa conservación (art. 75, 2).

No **título VII** o protagonismo recae nos bens culturais específicos, unha parte da lei bastante relevante para o noso estudo porque recolle os diversos bens que integran os diferentes tipos que constitúen o patrimonio cultural de Galicia.

O **patrimonio artístico** está integrado polas manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas. As manifestacións escultóricas en madeira e as pictóricas anteriores a 1600 deben incluírse no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, namentres que os escudos elaborados con anterioridade a 1901 teñen a consideracións de BIC (cap. I, art. 83, 1-3). Contamos con exemplos de ambos os dous casos no concello de Pontedeume.

O **patrimonio arquitectónico** está integrado polos bens inmobles e os conxuntos destes, e as obras da arquitectura e enxeñería históricas ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e na súa caracterización cultural (cap. II, art. 87, 1). Entrarían dentro desta categoría a arquitectura defensiva construída ao longo da historia, singularmente os castelos, torres defensivas, murallas, arsenais ou baterías, sendo consideradas BIC aquelas estruturas anteriores a 1849; os edificios relacionados co culto católico e outras confesións, aínda que xa perderan este uso, construídos con anterioridade a 1836, como as igrexas, ermidas ou mesmo casas reitorais; os edificios da arquitectura civil que serviran para uso público comunitario, como casas do concello, teatros, mercados ou fundacións en Galicia de agrupacións de emigrantes ou centros de ensino, construídos antes de 1926; edificios ou conxuntos de uso privado, de carácter rural ou urbano, construídos con anterioridade a 1803; os edificios relevantes da arquitectura ecléctica, modernista, de indianos ou das vangardas, anteriores a 1965, e que aínda conserven, total ou parcialmente, os elementos definitorios dalgún destes estilos; e os inmobles e construcións propios da enxeñería histórica, como pontes, túneles, estacións de ferrocarril, faros, peiraos, e outras, anteriores a 1901 (art. 88). Contamos con numerosos exemplos no concello de Pontedeume. No art. 90 desenvólvese a normativa en relación cos plans de conservación deste patrimonio.

O **patrimonio etnolóxico** está integrado polos lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición,

que se consideren relevantes ou expresión significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia (cap. III, art. 91). Presúmese o valor etnolóxico dos seguintes bens, sempre que conserven a súa integridade formal e construtiva e os aspectos característicos: hórreos, cruceiros ou cruces de mortos; construcións tradicionais de cuberta vexetal; batáns e muíños de río; as fontes e lavadoiros comunais ou públicos de carácter tradicional; as ferrerías, talleres e fornos tradicionais; camiños reais, pontellas e eiras de mallar; colmeares, foxos de lobo ou pesqueiras; recintos de feira, santuarios tradicionais, quioscos da música e carballeiras de uso público relacionadas co tempo de lecer e festividades; e fábricas de salgadura ou carpinterías de ribeira (art. 91, 3). Os hórreos, cruceiros e petos de ánimas anteriores a 1901 son declarados BIC automaticamente, sen necesidade de tramitación do procedemento legal establecido na lei. Os posteriores poden ser BIC ou catalogados se contan con elementos de valor cultural recoñecidos (art. 92, 1-2).

O **patrimonio arqueolóxico** está constituído polos bens de interese histórico, mobles e inmobles, susceptibles de ser estudados con método arqueolóxico, fosen extraídos ou non e tanto se se atopan na superficie ou no subsolo, nas augas interiores ou no mar territorial (cap. IV, art. 93). Presúmese a existencia de valor arqueolóxico nos restos paleolíticos, neolíticos e megalíticos, como mámoas, menhires ou dolmens; calcolíticos e da Idade de Bronce, así como nos restos das culturas castrexa e galaico-romana (art. 94, 3). Novamente, o concello de Pontedeume conta con exemplos destes períodos históricos e das súas sociedades, así como de achados casuais, que tamén contan coa súa regulamentación (art. 99). Outro artigo importante a ter en conta é o 98, que establece a obriga da conservación das estruturas arqueolóxicas e cuxa responsabilidade principal compete á Consellería de Cultura.

O **patrimonio industrial** está configurado polos bens mobles e inmobles e os territorios e paisaxes asociadas que constitúen testemuños significativos da evolución das actividades técnicas, extractivas, tecnolóxicas, da enxeñaría, produtivas e de explotación cunha finalidade de explotación industrial (cap. V, art. 103, 1). Entrarían nesta categoría as instalacións, lugares e paisaxes que constitúan expresión dos avances da técnica e dos sistemas de produción; fábricas e instalación destinadas á transformación de produtos agrícolas, forestais ou da pesca; fábricas da industria navieira; lugares, instalacións e fábricas relacionadas cos transportes ou abastecemento de auga e enerxía; mostras singulares da arquitectura de ferro; conxuntos de vivendas asociados ás actividades industriais; así como os bens mobles relacionados con estas actividades e bens (art. 104, 1-2). Un punto relevante é o art. 105, 3:

> *"No caso de actividades industriais abandonadas e irrecuperables, promoverase a implantación de usos doutra natureza, tanto públicos como privados, que resulten compatibles coa conservacións dos bens do patrimonio industrial e a protección dos elementos que permiten a apreciación da súa*

*significación e valores culturais en xeral, así como a súa valorización e rehabilitación".*

O concello de Pontedeume conta con algún exemplo deste tipo, para o que este último punto sería unha solución moi interesante.

Xa como último tipo (e deixando á marxe o patrimonio científico e técnico cuxa regulamentación corresponde ao cap. VI), o **patrimonio documental e bibliográfico** está constituído polo conxunto de documentos de titularidade pública e aqueles privados que pola súa orixe, antigüidade ou valor sexan de interese para Galicia, así como os fondos e coleccións bibliográficas e hemerográficas de especial valor cultural (cap. VII, art. 109, 1, e 110, 1). Forman polo tanto parte do patrimonio documental os documentos de calquera época xerados, conservados ou reunidos pola Administración Xeral, así como os documentos anteriores a 1965 por entidades de carácter político, sindical ou relixioso, con interese para a historia de Galicia; e os anteriores a 1901 xerados por outras entidades ou persoas físicas (art. 109, 2). No caso do patrimonio bibliográfico, os bens deben ser anteriores a 1901 e singulares (art. 110). Tanto no caso do patrimonio documental como do bibliográfico, os arquivos e bibliotecas tamén poden gozar de protección. Como nos casos anteriores, o concello de Pontedeume conta con exemplos deste patrimonio.

Para rematar coa análise desta lei 5/2016, do 4 de maio, ímonos centrar brevemente no **título IX**[8] dedicado ao fomento do noso patrimonio, tal e como facía no seu día a lei de 1995, pero dunha maneira máis desenvolvida e ampla. Establécese a posibilidade de conceder subvencións para a investigación, documentación, conservación, restauración e difusión de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, tendo preferencia a necesidade de protección do ben ou a súa maior difusión cultural (art. 118, 1-2). As entidades privadas poden ser partícipes a título de "patrocinio", aínda que co consentimento da Xunta (art. 118, 5, e 121).

Xa por último, é importante recordar que calquera persoa, física ou xurídica, así como entidade, poderá denunciar os feitos que poidan constituír unha infracción en materia de protección do patrimonio cultural (art. 138, 1.).

## 2. O Patrimonio Cultural no Concello de Pontedeume

Pontedeume, como a grande maioría de concellos de Galicia, conta cun rico, numeroso e diverso patrimonio cultural, tanto material como inmaterial. Monumentos, tradicións, actividades artesanais, documentos, xacementos arqueolóxicos, etc. dan conta dun patrimonio que nos achega singularidade e nos fai recoñecibles para a xente da contorna. Son moitos os veciños e veciñas de Galicia que recoñecen o Torreón da nosa vila ou o castelo de Nogueirosa, a romaría de Breamo ou as Festas das Peras, o "Paso" da

8. O capítulo VIII está dedicado aos museos.

madrugada do Venres Santo, os maios, o castro e torques de Castrelo, as sardiñas lañadas e gastronomía en xeral, as lendas en relación coa "ponte do demo", a nosa danza de arcos, o "ñeísmo"[9], etc., o que fai de Pontedeume e das súas xentes (os/as "vilanchos/as") un pobo con identidade propia.

Mais a pesar de toda a riqueza patrimonial que conservamos, o caso é que se trata dun patrimonio que foi minguando nas últimas décadas. De por si, isto non tería por que ser algo soamente negativo. Como todas as manifestacións dunha cultura viva, o patrimonio foi evolucionando á par que a sociedade, e a evolución implica continuidades e cambios; aquilo que perde a súa función social tende a desaparecer, é inevitable. O problema acontece cando se perden manifestacións que poden ser aínda válidas para a poboación. Vaiamos por partes.

A parte do noso patrimonio que máis perda sufriu no último século, ou cando menos a súa esencia, foi o patrimonio inmaterial. A sociedade galega evolucionou enormemente ao longo do século XX e nestes primeiros anos do XXI, de tal xeito que dunha sociedade tradicional eminentemente agraria, rural e mariñeira, pasamos a unha sociedade predominantemente urbana cunha mentalidade, cultura e valores moi diferentes. Neste ámbito, o patrimonio viuse profundamente afectado: costumes, tradicións, crenzas, coñecemento da natureza, sabedoría popular, técnicas agrícolas, saberes tradicionais e actividades produtivas artesanais, etc. viron como foi emerxendo unha nova sociedade cunha cultura que demandaba novos coñecementos, mentalidade, tecnoloxía, usos e relacións sociais, modos de vida, etc. Isto en si mesmo non é negativo, tal e como xa dixemos; son circunstancias propias da evolución social. O problema prodúcese cando toda esta vasta cultura que caracterizou a Galicia dos nosos devanceiros se dilúe no proceso de estandarización que provoca a globalización ou, o que aínda é máis grave, directamente desaparece. Isto implica a perda de identidade e a futura desaparición dun pobo, como xa explicamos.

Exemplos de perda da riqueza do noso patrimonio inmaterial non faltan, total ou parcialmente: festividades que xa non se celebran (como a dos taxistas –San Cristovo– dende hai pouco; a de San Roque xa hai máis tempo), costumes e tarefas que favorecían a xuntanza (como lavar a roupa nos lavadoiros ou abastecerse de auga nas fontes), traballos comunais (como por exemplo a malla), oficios (ferreiros, cesteiros, etc.), a moenda nos muíños (como no caso dos ríos e regatos de Esteiro e Cabría), xogos tradicionais que xa case non se ven pola rúa (como a "mariola"), cancións[10], artes de pesca, a carpintería de ribeira (en Esteiro, por exemplo) ou salgadura, e mesmo a lingua galega perdeu falantes habituais, aínda que se estude na escola.

Todos estes exemplos dan conta dunha sociedade do pasado recente, cos seus valores, saberes, técnicas e modo de vida tradicional, na maior parte dos casos agraria e/ou

9. Unha particularidade do noso Galego oral, segundo a cal pronunciamos "ñe/s" en lugar do pronome átono de terceira persoa "lle/s".

10. Aínda que contamos coas obras de Xosé Paz Fernández que poñen en valor este patrimonio.

mariñeira. Unha cultura que aínda ten moito que achegarnos na actualidade, a pesar dos profundos cambios: valores como a solidariedade comunitaria tan característica dos nosos antepasados[11]; o coñecemento da natureza e dos seus produtos para unha vida máis saudable[12]; as técnicas tradicionais que favorecen unha economía e sistema produtivo máis sostible e respectuoso co medio ambiente[13]; xogos infantís colectivos que favorecen as relacións sociais, en oposición aos videoxogos máis individuais[14]; a comprensión dos toques das campás…, e un longo etcétera.

A perda dunha parte do patrimonio inmaterial xa é unha traxedia de por si, mais o problema vese agravado polas súas implicacións. Unha vez que se perde un modo de vida, costumes, crenzas, tradicións, etc., unha vez que evoluciona a sociedade, desaparece o amparo mental que xustifica a construción e/ou uso de determinados bens materiais, o que significa que tamén o patrimonio cultural material, moble e inmoble, se ve afectado. Por poñer un par de exemplos: os hórreos, fantásticos celeiros e almacéns da sociedade tradicional que impedían que se perdese a colleita a pesar do noso clima tan húmido que non favorece a conservación, perderon a súa función principal cando a poboación galega deixou de vivir maioritariamente do campo, así como pola aparición doutros métodos de conservación dos alimentos. Ao mesmo tempo, os muíños tamén deixaron de cumprir o seu fundamental papel dentro da economía tradicional, habida conta de que xa é máis barato acudir ás tendas e supermercados para abastecerse da fariña directamente, sen maior esforzo.

Así atopámonos en pleno século XXI, cunha sociedade galega en profunda transformación e un inxente patrimonio cultural que en ocasións se concibe máis como unha carga ou un problema que como unha riqueza e garante da nosa identidade. Sirvan estas liñas para recordar, novamente, que se Pontedeume e os eumeses e eumesas somos como somos é grazas ao noso pasado, e que por suposto paga a pena preservar o seu legado.

### 2.1 O patrimonio cultural material moble do Concello de Pontedeume

Aínda que a parte principal deste traballo está dedicado ao patrimonio material inmoble, tamén é importante facer unha breve mención ao noso patrimonio moble, igualmente destacado.

11. Que se manifestaba especialmente nos traballos comunais mais tamén noutros ámbitos da vida: nas relacións e ritos sociais (nos velorios, por exemplo), nos xogos, nas festividades, o feito de deixar sempre abertas as portas das casas (algo case impensable hoxe en día), e outros.

12. Hoxe está de moda a comida "ecolóxica", precisamente a que comían os nosos antepasados aínda non hai moito. Tamén acontece coas herbas e plantas con propiedades curativas que xa se coñecían, a auga de certas fontes, etc.

13. Os envases tradicionais de vidro, os cestos de vimbio, o uso de bolsas de tea, etc., que xa se empregaban antigamente e resultan moito menos contaminantes. E tamén técnicas tradicionais do campo, como as pequenas canles de auga dos lameiros, que ademais de servir como regadía impedían que se conxelara a herba no prado. Vid. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2019/01/10/sistema-centenario-contra-hielo/0003_201901H10P55991.htm [consultada en xaneiro de 2019].

14. A comba, a mariola, a goma, os birlos, as bólas, etc. Xogos que xa pouco se ven polas rúas.

O catálogo recolle os seguintes bens mobles: o medio torques de Centroña, o cuadrifaz de Pontedeume e o oso e xabaril da antiga ponte medieval (os tres pertencentes ao tipo "achados soltos").

O primeiro caso trátase dunha peza de ourivaría da cultura castrexa, realizada en ouro, que se define como un adorno do pescozo, a modo de colar, empregados como símbolo do estatus guerreiro ou de importancia dentro do grupo social ou como distintivo dos deuses[15]. Apareceu en 1912 na parroquia de Centroña, no predio de Juan Leira, preto do castro de Castrelo. Actualmente atópase no Museo Provincial de Lugo.

O segundo exemplar do noso patrimonio moble é o chamado "cuadrifaz de Pontedeume"[16]. Trátase dunha escultura de granito de forma máis ou menos cuadrangular, cunha cara esculpida en cada un dos seus catro lados laterais, e que probablemente simboliza o deus Hermes (Mercurio segundo a mitoloxía romana), deus dos camiños e dos viaxeiros. Adscríbese á cultura galaicorromana, e apareceu no predio dos Tenreiro (Nogueirosa) en 1924. Actualmente pódese contemplar no Museo Arqueolóxico Provincial de San Antón, na Coruña.

As seguintes pezas son o oso e o xabaril de granito que estaban situados entre os arcos 2º e 3º (polo lado de Pontedeume) da antiga ponte gótica. O oso e o xabaril foron animais simbólicos de Fernán Pérez o Bo, primeiro señor de Pontedeume e construtor da ponte, especialmente o xabaril. Un deles conta cunha inscrición: "EN NA ERA DE MIL E CCCLXXX ANOS DA NACENZA DE NOSO SENOR IESU XUO POR ABRIL COMENZADA E ACABARONA EM SEIS ANS ESTA PONTE"[17], o que nos confirma que probablemente a ponte foi finalizada no ano 1380. Aínda que tradicionalmente se sitú-





Figs. 3 e 4: oso e xabaril de Fernán Pérez de Andrade, antigamente na ponte

15. Balseiro García, A., *O Torques de Centroña (Pontedeume, A Coruña) na ourivería castrexa*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº monográfico sobre o "Torques de Centroña" de 2014, pp. 39-55. Pódese saber máis sobre o torques neste monográfico da revista Cátedra.

16. de Lorenzo González, S., *Aportaciones al cuadrifaz encontrado en Pontedeume*, "Brigantium", nº 6 (1989-1990), pp. 217-223.

17. Inscrición contida en Castro Álvaraez, C. de, García, A., *Pontedeume, Cabanas y comarca,* Ed. Espino Albar, A Coruña, 2012, p. 32.

an cronoloxicamente no século XIV, hai estudos que indican a posibilidade de que foran soamente reaproveitados nese século pero realizados con anterioridade[18]. Estas dúas pezas do noso patrimonio moble podémolas atopar aquí en Pontedeume, nos xardíns do convento dos Agostiños, como propiedade municipal. O seu estado está catalogado como "regular", e sería unha boa medida situalos ao abeiro das condicións climáticas.

Á marxe destes bens que aparecen expresamente rexistrados no catálogo, o concello de Pontedeume conta con outros bens mobles salientables. Por poñer algúns dos exemplos máis coñecidos: a estatua de San Miguel Arcanxo pesando as almas que podemos ver na igrexa de San Miguel de Breamo, unha escultura do século XIV; a estatua do Santiago sedente que se atopa na igrexa parroquial de Santiago, unha escultura tamén do século XIV e probablemente do mesmo autor ou taller ca a anterior; a acta de fundación do convento de Sto. Agostiño (do ano 1538), conservada no Centro de Interpretación dos Andrade; os gravados de Julio Prieto Nespereira, tamén no Torreón; ou todas aquelas antigas ferramentas ou instrumentos característicos das tarefas tradicionais agrícolas e/ou mariñeiras que se poidan conservar polas casas do termo municipal, cun grande interese etnográfico e antropolóxico.

### 2.2 O patrimonio cultural material inmoble do Concello de Pontedeume

A meirande parte do Catálogo de bens do patrimonio cultural do concello de Pontedeume está dedicado aos bens inmobles. Soamente 3 dos 351 elementos rexistrados están catalogados como achados soltos (xa analizados). O patrimonio restante é inmoble, dividido nas seguintes categorías:

- 3 **árbores senlleiras**, patrimonio tanto cultural como natural. Son a araucaria e o teixo da Casa dos Tenreiro e o metrosidero dos Xardíns de Lombardero.
- 1 **alameda**, os Xardíns de Lombardero, en bo estado e aínda referencia para os máis novos da vila grazas ao seu parque infantil.
- 11 **mámoas**, oito das cales na parroquia de Ombre e tres na de Andrade.
- 3 **asentamentos**: o xacemento romano de Sopazos, a vila romana de Centroña e un asentamento medieval en Gunturiz (Ombre).
- 69 **construcións civís**, sobre todo vivendas particulares mais tamén exemplos arquitectónicos doutras características, como casas reitorais, o pazo de Rajoy, o convento dos agostiños (Casa da Cultura), a Biblioteca (antiga Cátedra de Latinidade), o mercado, as lonxas de Raxoi, o antigo cárcere (actual xulgado), o chalé rosa ou a estación de ferrocarril.
- 6 **castros**: dous na parroquia de Ombre e un en Andrade, Centroña, Nogueirosa e Boebre.
- 2 **camiños históricos**: o Camiño Inglés a Santiago e o que sobe ata o monte Breamo.
- 1 **cemiterio**, o de Pontedeume.

18. Vid. https://www.celtiberia.net/es/biblioteca/?id=1481&pagina=3 [consultada en novembro de 2019]

– 1 **corredoira**, as "escaleiras do Monumento".
– 14 **cruceiros**: tres na parroquia de Nogueirosa, dous na de Ombre, tres en Pontedeume, un en Boebre, tres en Centroña e dous en Andrade.
– 21 **fontes**: seis na parroquia de Nogueirosa, tres en Ombre, seis en Pontedeume, tres en Centroña, dúas na de Vilar e unha en Boebre.
– 3 **fortificacións**, incluíndo murallas e construcións militares: os restos da antiga muralla no adro da igrexa de Santiago, o castelo de Nogueirosa e o Torreón dos Andrade.
– 1 **conxunto histórico**, a zona histórica da vila.
– 156 **hórreos**, repartidos nas sete parroquias: vinte e catro en Vilar, vinte e un en Andrade, once en Pontedeume, vinte e un en Boebre, vinte e seis en Centroña, vinte e nove en Nogueirosa, vinte e dous en Ombre e dous sen precisar, entre dúas parroquias, no lugar de Belo (Boebre).
– 1 **construción industrial**, a ferrería da Fraga en Ombre.
– 7 **lavadoiros**: tres en Ombre, dous en Centroña, un en Nogueirosa e un en Boebre.
– 1 **monolito**, o dedicado ao arcebispo Raxoi na Alameda de Pontedeume.
– 22 **muíños** (aínda que nalgún caso están catalogados varios nun só exemplar): doce en Nogueirosa, nove en Ombre e un en Andrade.
– 1 **muro**, o da rúa Empedrado en Pontedeume.
– 3 **estruturas populares**, portadas monumentais, en Ombre.
– 1 **peirao**, o da vila de Pontedeume.
– 2 **petróglifos**, un en Ombre e outro en Andrade.
– 4 **pontes**, a de pedra e a do ferrocarril en Pontedeume, a ponte da Ventosa e un viaduto sobre o ferrocarril en Centroña.
– 1 **pombal**, en Centroña.
– 10 **construcións relixiosas**, as sete igrexas parroquiais mais a das Virtudes en Pontedeume, a ermida de San Miguel de Breamo en Vilar e a capela do Carme en Nogueirosa.
z. 2 **túneles**, un viaduto e o de Vizús, ambos os dous en Centroña.

Como se pode apreciar, a cantidade de elementos que compoñen o patrimonio material inmoble do concello de Pontedeume é considerable, tanto desde o punto de vista numérico como da súa diversidade. Especialmente destacado é o número de hórreos (espallados dun xeito bastante regular polas parroquias, agás a do núcleo urbano), muíños, fontes, lavadoiros e cruceiros, que fan de Pontedeume (como Galicia en xeral) un lugar moi rico en elementos de carácter etnográfico. Mais tamén destaca a presenza da arquitectura civil e relixiosa, xacementos arqueolóxicos (castros ou mámoas), obras de enxeñaría, os camiños históricos (sobre todo o Camiño Inglés), e elementos especialmente singulares como unha vila romana ou, por suposto, o patrimonio catalogado como BIC: o Torreón dos Andrade, o castelo de Nogueirosa, a ermida de San Miguel de Breamo, os res-

tos da muralla medieval, tres cruceiros, un conxunto de dous hórreos, diversos exemplos de heráldica espallados polas rúas e monumentos da vila e, en conxunto, a Comarca Eumesa, declarada "Conxunto Histórico-Artístico e Paisaxe Pintoresca".

**Pontedeume conta cun enorme e variado patrimonio** que enriquece a nosa cultura, fortalece a nosa identidade e ao mesmo tempo constitúe un grande atractivo desde o punto de vista turístico e, polo tanto, económico. Con todo, constitúe tamén unha **enorme responsabilidade para co noso pasado, presente e futuro**, pois o patrimonio debe ser respectado, protexido, reformado e rehabilitado cando as circunstancias así o demanden. Todo isto **incúmbenos a toda a cidadanía**, tanto aos individuos en si mesmos como aos que forman parte das institucións encargadas de lexislar e preservar. O respecto é unha cuestión que se adquire coa educación; a protección, reforma e rehabilitación é sobre todo papel dos propietarios e especialmente das autoridades públicas, tanto se o inmoble é de propiedade pública como particular, xa que neste caso non deben ser alleas á súa tarefa de supervisión, sanción e rehabilitación en caso de ser preciso.

Tendo presentes estas responsabilidades, pasamos a analizar o estado actual do patrimonio material inmoble eumés a través da información contida no Catálogo de bens do patrimonio cultural aprobado en data 18 de marzo de 2016. Comezaremos por aqueles elementos que están en mal ou regular estado de conservación.

### 2.2.1 Patrimonio inmoble en regular ou mal estado

Un dos obxectivos fundamentais deste traballo é resaltar o estado de conservación dos elementos patrimoniais, especialmente daqueles nos que é necesario facer un maior labor de concienciación e sobre todo dos que esixen un esforzo de reforma ou directamente rehabilitación ante a súa práctica ou total desaparición.

#### 2.2.1.1 *Patrimonio catalogado como BIC*

Un primeiro aspecto que chama a atención é que o propio conxunto histórico, catalogado como BIC, aparece no catálogo cun estado de conservación regular, coas melloras necesarias de "soterramento do cableado aéreo, rehabilitación de inmobles deteriorados, concentración de antenas de recepción de sinais de TV e unificación do mobiliario urbano e da rotulación comercial". Aínda que nos últimos anos se estan a levar a cabo actuacións neste sentido, non está de máis recordar que paga a pena manter o casco histórico da nosa vila na mellor das condicións posible, dado que é a principal imaxe que transmitimos cara ao exterior, cara aos que nos visitan e, por suposto, para os veciños e veciñas de Pontedeume, aos que tamén nos gusta ter a "nosa casa" en boas condicións.

Se continuamos pola liña dos BIC (que son os elementos patrimoniais que gozan dunha maior protección legal), a situación deixa máis luces que sombras. Pero que exista algunha sombra é un feito que, novamente, debe levarnos á reflexión sobre como preservamos o noso patrimonio cultural. Á marxe da catalogación da comarca eumesa, contamos no noso concello con 13 elementos BIC, ademais dos exemplares de heráldica (13 elementos no centro da vila, sen contar os escudos do Torreón e da muralla que xa forman

parte dun conxunto BIC, máis catro na capela do cemiterio, 1 na capela do Carme en Esteiro, 1 na ermida de Breamo e 3 no castelo de Nogueirosa, que como no caso dos da muralla e Torreón xa forman parte dun BIC)[19].

Destes elementos, non todos aparecen catalogados nun estado óptimo de conservación. O castelo de Nogueirosa aparece en dúas fichas diferentes: unha como arquitectura militar e outra como fortificación. Neste segundo caso, ten a catalogación de estar preservado en bo estado de conservación habida conta de que se conserva a practica totalidade da torre da homenaxe, gran parte dos muros e mesmo parte do antigo foxo. Non acontece o mesmo cando a concibimos como "arquitectura militar". Neste caso o seu estado de conservación é "regular", dado que non conservamos os elementos construtivos que cubrían o patio de armas e faltan parte do coroamento, da muralla e do foxo. Esta situación é a agardada para unha estrutura que deixou de estar habitada a finais do século XV e dende entón sufriu as inclemencias do tempo. En todo caso, considero que é unha sorte que se conservara en tan relativo bo estado, e non é doado (mesmo dende o punto de vista legal) unha rehabilitación neste tipo de arquitecturas. O que se pretende é novamente unha reflexión sobre a importancia e necesidade de conservación deste destacado e querido elemento do noso patrimonio, para que non continúe o seu esmorecemento.



Fig. 5: castelo de Nogueirosa, BIC desde 1949 (decreto do 22 de abril)

19. Sobre a heráldica eumesa, vid. De Aracil Rodríguez, C., Burgoa Fernández, J. J., *Inventario heráldico de las comarcas de Eume y Ortegal*, Deputación Provincial de A Coruña, 2011, e VÁZQUEZ REY, A., Heráldica de la villa de Pontedeume, Círculo Filatélico Eume, Pontedeume, 1976.

Outros casos son máis preocupantes ou directamente denunciables. Por unha parte, o petróglifo da Chousa do Conde, na parroquia de Andrade, consérvase en estado regular[20]. Por outra, hai catro hórreos (considéranse BIC todos os hórreos anteriores a 1901), dous en Vistalegre, no camiño a Breamo; e dous en Pontedeume (na rúa Padre Gumersindo Placer) que o catálogo considera en estado regular. Con todo, a realidade é un pouco máis crúa, pois aínda que tres deles continúan no mesmo estado, outro directamente desapareceu, coa conseguinte perda irreparable para o noso patrimonio cultural.

2.2.1.2 *Patrimonio inventariado*

O resto dos elementos do catálogo teñen a categoría de "inventariados". A súa diversidade é destacable, de aí que imos seguir as mesmas categorías empregadas para realizar o antedito documento.

a) Árbores senlleiras

Aínda que as árbores sexan un elemento "natural", constitúen tamén parte do patrimonio cultural dado que moitas delas, incluídas estas, foron plantadas por motivos ornamentais e forman parte de conxuntos botánicos como son os xardíns.

Contamos con dous na antiga horta dos Tenreiro, na estrada que vai para Nogueirosa por un lado e o paseo marítimo polo outro: unha *araucaria* (*araucaria heterophylla*) e un teixo (*taxus baccata*). Se ben no catálogo o seu estado está catalogado como "bo", unha simple ollada dá pé á disensión. No caso da araucaria, a súa copa está xa carente de follas, quizais debido á proximidade da autoestrada AP-9 e á contaminación que emana dos vehículos. O caso do teixo implica unha maior gravidade, dado que apenas amosa na



Fig. 6: teixo dos Tenreiro, no Paseo Marítimo pola parte da ribeira do río Covés

20. Os petróglifos foron ao longo da historia obxecto de actos que prexudicaron o seu estado, pero xamais como na actualidade, que mesmo chegan a ser roubados tal como se pode ler en novas recentes. Vid. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/as-neves/2019/12/20/insolito-robo-as-neves-dos-petroglifos-tonelada/00031576878858329483747.htm [consultada en decembro de 2019].

actualidade síntomas de vida máis aló dunhas pequenas ramas que nacen na parte baixa do tronco. A súa propiedade é privada.

b) Mámoas

A categoría das mámoas (xacementos arqueolóxicos) constitúe un dos aspectos máis desalentadores en relación co estado do noso patrimonio[21]. Dos 11 elementos catalogados ningunha se conservou en bo estado: tres en estado regular (o túmulo de "os lombiños" e a mámoa de "a pena grande", en Ombre, e a mámoa de Seixas 2, en Andrade) que permite o seu recoñecemento; e o resto en mal estado, moi malo ou xa directamente desaparecidas. Este lamentable estado de conservación débese á antigüidade e fundamentalmente a que estes xacementos se conservaron en montes de propiedade privada, de tal xeito que as actividades agrícolas, especialmente as máis recentes cun carácter máis agresivo, acabaron por tapar ou desfacer estas estruturas. Noutros casos é a vexetación a que as cobre e non permite xa a súa localización.



Fig. 7: túmulo dos Carballós/Seixas 1 na parroquia de Andrade, segundo a imaxe do *Catálogo de patrimonio Ccultural e bens culturais*[22]

c) Asentamentos

Nesta categoría están incluídos tres xacementos arqueolóxicos: o xacemento romano de Sopazos, a vila romana de Centroña e un asentamento medieval en Gunturiz (Ombre). O xacemento romano de Sopazos está xa practicamente desaparecido, a pesar de que o catálogo indica que o seu estado sexa "malo", debido ás construcións (estación de ferrocarril e vivendas), traballos agrícolas, unha canteira abandonada e a acción do mar (xa que estaba nun dos cantís). Unicamente os restos cerámicos dan conta na actualidade da súa existencia. Estaba nunha propiedade privada.

A vila romana de Centroña, situada nun dos cantís da cala de Cerrulo ou "Jajuai", constituíu un dos mellores exemplares de vila romana construída xunto ao mar. Foi obxecto de escavación nos anos 50 do século pasado, e os seus restos máis destacados (de mosaicos) están no Museo Arqueolóxico da Coruña. Na actualidade a acción do mar no cantil fixo que soamente se conserven tres muros que forman unha "U" cuadrangular, aínda que a maleza fai o lugar case inaccesible. A propiedade é privada. Dende o meu punto de vista constitúe un dos casos nos que habería que realizar unha intervención urxente para poñer en valor estes restos orixinarios do século IV d. C., e que dan conta da presenza de suxeitos relevantes da sociedade romana no noso litoral dedicados ao comercio e explotación dos recursos naturais.

21. Sobre as mámoas en Pontedeume, vid. GRUPO DE ARQUEOLOXÍA TERRA DE TRASANCOS, *Túmulos prehistóricos no concello de Pontedeume*, "Anuario Brigantino", nº 28 (2005), pp. 11-16.

22. O número de ficha é X_011.



Fig. 8: fotografía dun dos pequenos muros que aínda quedan en pé da vila romana. O cantil xa se percibe ao fondo á esquerda

En canto ao asentamento medieval de Gunturiz, os restos de cerámica medieval atopados nesta elevación que domina o val son testemuños da existencia de dúas estruturas. O xacemento esténdese ao longo duns 150 m. en dirección SE-NW, sendo a propiedade privada e o estado de conservación "regular".

d) Construcións civís

A arquitectura de carácter civil é unha das categorías máis numerosa con até 69 construcións, habida conta de que abrangue unha grande variedade de estruturas: casas tradicionais, pazos, estación de ferrocarril, biblioteca, mercado, etc. Toda esta tipoloxía implica tamén diversidade no tipo de propiedade e estado de conservación, como veremos a continuación.

O grupo máis numeroso é o de edificios e vivendas de propiedade particular. Na súa maioría están habitados e polo tanto consérvanse en bo estado, aínda que hai excepcións e algunha delas preocupante pola súa localización na zona histórica (que, recordemos, está catalogado como conxunto histórico-artístico e parte do BIC "comarca eumesa") ou pola súa particularidade. Centrarémonos precisamente nestes casos.

No lugar de Esteiro temos a casa dos Tenreiro e o pazo dos Azpilcueta, ambos os dous casos de propiedade privada e deshabitados, en estado "regular"; así como casas tradicionais en Esteiro, Cermuzo e Pontedeume no mesmo estado e igual propiedade. Xa na zona histórica contamos en estado regular co edificio modernista da rúa do Picho, dúas casas na rúa Pescadería (unha delas modernista) e unha casa na rúa Empredrado. Xunto con isto, un edificio de propiedade municipal non está tampouco nas condicións idóneas: as lonxas de Raxoi, no peirao, unha estrutura do século XVIII relevante da nosa Historia.

O máis negativo atopámolo no caso das casas reitorais de Ombre e Nogueirosa, de propiedade parroquial e en estado "moi malo", así como en vivendas da zona histórica de propiedade privada como unha no Paseo de Raxoi, dúas na rúa Real e unha na rúa Atafona, o antigo hospitalillo que albisca un futuro mellor como próximo albergue de peregrinos.



Fig. 9: estado actual da Casa Reitoral de Nogueirosa

Como en casos que xa vimos, cómpre realizar un acto de reflexión especialmente por parte dos propietarios de carácter privado, posuidores da maioría destes bens, xa que algúns deles se atopan dentro da zona histórica de Pontedeume, lugar de paso de miles de visitantes e peregrinos. O mesmo acontece cos almacéns de Raxoi, onde está o actual albergue de peregrinos municipal, ou nos casos de propiedade parroquial. Na medida das posibilidades de cadaquén, sería axeitado facer un esforzo por manter en bo estado esta parte do noso patrimonio tan visible de cara ao exterior e aos propios veciños da vila.

e) Castros

O caso dos castros é semellante ao dos asentamentos e mámoas. Son estruturas con moitas centurias de antigüidade, e o tempo non perdoa; é normal que o seu estado de conservación non sexa bo en xeral. Con todo, a responsabilidade de que o estado de cinco dos seis castros catalogados no concello de Pontedeume non sexa bo non foi soamente do tempo. En estado "regular" temos os castros de Castrelo (Centroña), outro en Andrade e un terceiro no Chao de Ombre. Destes tres o máis destacado é o de Centroña polo achado próximo doutro dos bens presentes no catálogo: o torques de Centroña, conservado no Museo Provincial de Lugo. Polo seu estado e proximidade á vila de Pontedeume, sería un lugar moi recomendable para un posible centro de interpretación, aínda que conta coa



Fig. 10: castro de Castrelo na imaxe do Catálogo de patrimonio cultural e bens culturais[24]

mesma problemática que o resto de casos: está dentro dunha propiedade privada[23]. Este feito é o que explica que estas estruturas fosen afectadas por actividades antrópicas como as agrarias, pistas ou separacións de parcelas.

Os dous castros restantes están xa en malas condicións ou moi malas. No lugar dos castros, en Nogueirosa, atopamos un en mal estado; e na Orela, en Ombre, outro en moi mal estado, destruído pola existencia dunha canteira. Ambos os dous casos están novamente nunha propiedade privada.

f) Camiños históricos

Nesta categoría atopamos un dos casos nos que a preservación debe ter prioridade para calquera concello: o Camiño de Santiago. A ruta xacobea, un dos itinerarios máis importantes de Europa, pasa pola vila de Pontedeume dende a ponte de pedra at.e o lugar de Cermuzo, atravesando a zona histórica e ascendendo as faldras do monte Breamo até chegar ao concello de Miño. Con todo, e a pesar da importancia histórica, cultural e actualmente turística e económica que este camiño ten para Pontedeume, o seu estado está catalogado como "regular".

O mesmo estado de conservación presenta o outro dos camiños históricos catalogados, o camiño cara á ermida de Breamo a partir das Pedridas. Sen dúbida unha das rutas máis apreciadas e percorridas polos eumeses, aínda que a pesar disto non se considerou no seu momento nun estado óptimo.

O Camiño de Santiago é de propiedade municipal; o de Breamo, público. Habida conta da súa importancia histórica e cultural así como do aprecio especial que temos pola ruta a Breamo, paga a pena facer un esforzo por manter estes camiños no mellor estado posible, comezando polos propios cidadáns. É tamén de xustiza recoñecer que houbo actuacións neste senso nos últimos anos. Por parte da Xunta, Deputación e Concello na preservación do Camiño Inglés, sobre todo de cara ao próximo Ano Santo Xacobeo de 2021; e por parte do Concello no caso da ruta a Breamo, coa limpeza periódica e sinalización



Fig. 11: as "escaleiras do monumento", no inicio do camiño a Breamo

23. Aínda que o Concello de Pontedeume está realizando trámites para facerse coa propiedade dos terreos.

24. O número da ficha é o X_018.

mediante balizas do percorrido, constituíndoa non so en camiño de romaxe senón tamén ruta de sendeirismo.

g) Fontes e lavadoiros[25]

Aínda que no catálogo fontes e lavadoiros aparecen como dúas categorías diferentes, a súa semellanza fai que neste apartado vaian tratadas conxuntamente. De feito, son varios os exemplos que aparecen denominados como "fonte-lavadoiro".

As fontes e os lavadoiros cumpriron un papel fundamental para a sociedade tradicional galega. E non soamente como puntos de tarefas cotiás para o abastecemento de auga ou lavar a roupa, senón sobre todo dende o punto de vista antropolóxico: foron un dos máis destacados lugares de reunión, sobre todo feminina, no que relatar como ía a vida, contar novas, conversar, xuntanza de mozos e mozas, etc. Como no resto de Galicia e sobre todo no rural, estes espazos son abondosos e aínda cumpren a función de abastecemento de auga, aínda que xa foron perdendo a vertente comunitaria.

Todas as fontes e lavadoiros conservados en Pontedeume son de propiedade municipal, o que significa que o seu estado de conservación depende na actualidade, en última instancia, do Concello. Contamos con 21 fontes e 7 lavadoiros catalogados. Case a metade das fontes (10) están en bo estado e o resto en estado "regular" (11). Estas serían a fonte da estación (Pontedeume), a fonte de Alcuín (Boebre), con camiño e arboredo autóctono tamén catalogados; dúas fontes no Silvar (Nogueirosa), a fonte do Castelo (Nogueirosa), a fonte de Vistalegre (Vilar), a fonte do Castro (Nogueirosa), a fonte do Empedrado (Nogueirosa), a fonte do Barral (Nogueirosa), a fonte do Mancebo (Pontedeume) e a fonte-lavadoiro de Bouza Longa (Ombre).

No caso dos sete lavadoiros, 3 están en bo estado, 2 regular e dous mal. Estes dous en peores condicións son a a fonte-lavadoiro da Veiga (Ombre) e un das fontes-lavadoiros de Cabría Nova (Ombre), para a que no catálogo se recomenda o seu acondicionamento





Figs. 12 e 13: restos dunha das antigas fontes xunto ao lavadoiro, en Cabría a Nova. A cuberta do lavadoiro está derrubada, amosando peores condicións con respecto á fotografía do catálogo[26]

25. Sobre as fontes e lavadoiros de Pontedeume, vid. Allegue Torres, F. X., *Fontes, lavadoiros e predios públicos do Concello de Pontedeume*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 7 (2000), pp. 103-118.

26. A ficha deste ben é E_042.

como espazo de lecer tendo en conta a proximidade con outra fonte-lavadoiro en estado regular, mesmo estado no que se atopa o lavadoiro de Esteiro (Nogueirosa).

Nos últimos anos estanse a facer esforzos por manter este patrimonio municipal en mellores condicións, de tal xeito que na actualidade algún destes elementos probablemente sería catalogado como en "bo estado". Con todo, non está de máis recordar a importancia deste patrimonio e a necesidade de mantelo en boas condicións, habida conta de que aínda son un recurso fundamental para o abastecemento de auga destinada ao consumo ou regadío e, como tal, para a vida.

h) Hórreos[27]

Estamos ante a categoría máis numerosa e sen dúbida unha das máis ameazadas pois, como xa se explicou, a evolución das circunstancias sociais e condicións de vida modificaron a razón de ser destes elementos tan característicos da cultura tradicional galega, de tal xeito que a gran maioría perderon a súa función primixenia e considéranse practicamente un resto do pasado máis que un elemento "vivo" ou útil. Esta perda de función e polo tanto o cambio da súa concepción restoulles o seu soporte cultural e mental, o que sen dúbida queda reflectido no seu estado. Dos 156 exemplares catalogados (cuxo rexistro abrangue en polo menos dous casos dous hórreos, o cal eleva a cifra de hórreos a 158 e non todos aparecen no catálogo), soamente dous están en "bo estado", estando 150 en estado regular, dous en mal estado, e dous sen especificar.

Neste caso o estado "regular" en xeral non se debe tanto ao paso do tempo como á súa perda de función social, pois son poucos -4- os anteriores a 1901 (data especificada na lei de patrimonio para diferenciar os exemplares BIC dos inventariados). Esta perda non soamente influíu decisivamente no seu estado, senón tamén na súa concepción. Os hórreos deixan de verse como algo útil ou, o que é peor, a única utilidade que se lles asocia é a de "fonte de ingresos", o que leva aos seus propietarios a desfacerse deles mediante a súa venda[28].

Con todo, este non é o peor dos destinos para estas estruturas tan características da nosa cultura, senón a súa desaparición. Esta circunstancia aconteceulle a un dos catalogados como BIC, e acabará por sucederlle á maioría se non poñemos solución a curto prazo pois, como diciamos, dous están xa en mal estado (un en Cermuzo –Vilar– e outro en Curío –Boebre–) e a práctica totalidade "regular". Neste caso, a maior responsabilidade recae nos propietarios particulares (soamente un, en Goive de Arriba -Nogueirosa- non é de propiedade privada senón parroquial). Debemos concienciarnos de que o feito de non cumprir a súa función orixinal de celeiro non implica que sexa un elemento inservible, e en todo caso é unha parte fundamental da nosa identidade e cultura galegas; soamente por isto precisa do noso respecto e consideración e, por suposto, da súa preservación.

27. Sobre os hórreos da zona de Pontedeume, vid. GEADA UZAL, A. *Tipoloxía de hórreos na comarca eumesa*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 10 (2003), pp. 7-41.

28. É doado acceder en internet a anuncios de compra-venda de hórreos, que mesmo aparecen nos informativos nacionais (o 11 de xaneiro de 2019 nos informativos da Sexta, por exemplo).

i) Construcións industriais

O patrimonio industrial está constituído por todas aquelas estruturas, mobles e inmobles, construídas para facilitar o proceso de transformación das fontes naturais co obxectivo de explotación industrial e con influencia cultural sobre o territorio e a sociedade. Estas estruturas deben ser anteriores a 1936.

No concello de Pontedeume soamente un elemento está catalogado como tal: a ferrería da Fraga, no parque natural das Fragas do Eume (parroquia de Ombre xa lindando con Monfero). Nesta ferrería fundíase o mineral en lingotes de ferro forxado que era estirado posteriormente nun mazo. Non hai constancia precisa da existencia do mazo ou fragua mais si do forno, de forma circular e paredes de cachotería de gran grosor para preservar mellor o calor. A cuberta era cónica e formada con lousas, aínda que apenas conservamos un par de ringleiras.





Figs. 14 e 15: dúas fotografías da Ferrería da Fraga, segundo o Catálogo de patrimonio cultural e bens culturais[29]

A importancia deste exemplar e da súa rehabilitación é moi elevada, xa que, como se recomenda no propio catálogo, a súa recuperación e habilitación dun pequeno centro de interpretación enriquecería moitísimo a visita ao parque natural coa aprendizaxe relacionada con esta actividade tradicional, que ademais se podería complementar coa historia doutras instalación presentes na propia Fraga (aínda que noutros concellos), como as centrais hidroeléctricas

l) Monolitos

Contamos cun ben inmoble nesta categoría: o monolito dedicado ao arcebispo Raxoi na Alameda, unha columna rectangular sobre cubo granítico erixida en 1925 e catalogado en estado "regular". Con todo, a rehabilitación da Alameda de Raxoi levada a cabo nos últimos anos fai que o monolito se manteña en bo estado.

m) Muíños[30]

O caso dos muíños é especialmente tráxico. Como acontece cos hórreos, a evolución social fixo que perderan a súa función primixenia, pero neste caso as circunstancias son aínda máis graves. Os muíños son estruturas máis complexas que precisan dun mellor mantemento e acondicionamento, pois non soamente constan dunha construción senón tamén de maquinaria e, nalgúns casos, dunha canle pola que vén a auga. Este esforzo era imprescindible na economía tradicional, pero non dende as últimas décadas, de aí que os muíños foran perdendo pouco a pouco a súa relevancia e o seu bo estado de conservación.

29. A ficha deste ben é A_091.

30. Sobre os muíños de Pontedeume, vid. Varela Manso, P., Castro Álvarez, C. de, Sarmiento Calvo, F., *Muíños Hidráulicos do Concello de Pontedeume*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 6 (1999), pp. 4-69.

Dos 22 muíños catalogados no concello de Pontedeume (que en realidade son máis, pois algún dos rexistros abrangue máis dun elemento), soamente dous se conservan en bo estado (un en Esteiro –Nogueirosa– e outro no Esteiro de Ombre). Do resto, 8 están en estado regular: catro en Cabría Vella, dous na Torre, un na Bufarda (estes en Ombre), e un no Ameneiral (Nogueirosa); e 12 en malo ou moi malo (7): dous na Graña, dous en Cabría Vella, un en Goive de Abaixo, no Ameneiral (estes en Nogueirosa), no Esteiro de Ombre, dous en Río Longo, na Orela, na Fraga (estes en Ombre) e no Covés (Andrade). É dicir, máis da metade están case desaparecidos.

De todos estes muíños podemos comentar algúns casos particulares: un da Graña, do que se recomenda a súa rehabilitación integral; o "Muíño do Faiado" que pola súa proximidade con arquitectura tradicional e outro muíño se recomenda a súa rehabilitación como centro de interpretación da cultura popular; os muíños do Esteiro de Ombre, un deles en bo estado e outro en moi malo, onde se podería realizar un fermoso espazo de lecer; os muíños da Orela, que son 4 xuntos aínda que xa case inaccesibles; e os do Covés, dous dos cales eran muíños-vivenda de dous andares. Con todo, calquera deles é susceptible da súa rehabilitación. Unha boa proposta sería algún do río Covés, que é o espazo que conta con máis exemplares dado que é onde a orografía máis o favorece; así foi tamén ao longo da historia, pois xa na Idade Media o mosteiro de Sobrado aproveitaba a forza hidráulica nos muíños que posuía na granxa de Nogueirosa.

Todos os muíños son de propiedade privada, o cal fai recaer nos seus propietarios a responsabilidade da súa conservación e preservación. Quizais sería axeitado a súa cesión ao Concello para que este puidese proceder á rehabilitación dalgún deles onde constituír un centro de interpretación da cultura popular, tal e como sucedeu noutros concellos (o veciño de Cabanas, sen ir máis lonxe).

n) Peiraos

A vila de Pontedeume, irmandada co mar, contou con peirao desde finais do século XVI (anteriormente era a ponte de pedra a que cumpría a función de embarcadoiro). No catálogo denomínanse como "un dos elementos máis senlleiros e notables da vila", mais, a pesar disto, o seu estado de conservación está cualificado como "regular". É certo que son elementos moi expostos á acción do mar e das mareas, e como tal precisan de mantemento continuo.

ñ) Arquitectura relixiosa

A arquitectura relixiosa do concello de Pontedeume amosa, en xeral, un bo estado de conservación, xa que das 10 construcións soamente unha está catalogada en estado "regular": a capela do Carme, en Esteiro (Nogueirosa). Con todo, é un templo que conta con actividade litúrxica e está ben coidado; o seu estado é similar ao doutras igrexas do concello. Quizais, como se indica no catálogo, a falta dunha boa iluminación pública acorde coa categoría do ben (que conta con escudo con protección BIC) ou a presenza de cableado sexa a clave do seu estado cualificado como "regular".



Fig. 16: igrexa do Carme en Esteiro

### 2.2.2 Patrimonio inmoble en bo estado

Xa temos analizado a parte do patrimonio que está en peores condicións. Neste apartado imos centrarnos na parte que aparece no catálogo coa cualificación de en "bo estado", que como veremos é, por sorte, numeroso, especialmente nos casos máis senlleiros do noso concello. Dado que o foco do traballo está situado sobre todo no patrimonio que non está en bo estado, faremos agora unha simple mención dos bens catalogados neste estado.

#### 2.2.2.1 *Patrimonio BIC*

O patrimonio BIC do concello de Pontedeume está, en xeral, en boas condicións. Isto é sen dúbida unha boa nova e un motivo de recoñecemento tanto para as autoridades públicas propietarias ou responsables en última instancia como para os propietarios privados. Con todo, isto non nos debería levar á compracencia: un "bo estado" non sempre implica un estado perfecto, inmellorable ou libre de perigos, e ademais, como xa vimos, hai tamén casos de patrimonio BIC que non están en estado óptimo ou están xa en mal estado. Novamente, é importante o labor de concienciación sobre a relevancia que ten para a cidadanía o noso patrimonio cultural, que é un dos obxectivos deste traballo.

No centro da vila, o Torreón, restos da muralla antiga e cruceiro das Virtudes aparecen no catálogo cun bo estado de conservación. O mesmo acontece coa ermida de San Miguel de Breamo, os cruceiros de Campolongo e Boebre e o petróglifo da Regueira (na parroquia de Ombre)[31]. Os elementos da heráldica eumesa, tanto na vila como nas parro-

31. Recentemente, o Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos vén de atopar novos petróglifos na parroquia de Ombre, os primeiros con formas xeométricas diferentes ás cazoletas. Os resultados das súas investigacións serán publicados proximamente. Vid. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/2020/01/29/hallados-parroquia-ombre-primeros-petroglifos-eumeses-grupo-atlantico-arte-rupestre/0003_202001F29C6994.htm [Consultada en xaneiro de 2020]. Contamos tamén con artigos relativos aos petróglifos da comarca do Eume, como por exemplo Correa Arias, J. F., *Os petroglifos das comarcas do Eume e Betanzos. Estudio comparativo*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 9 (2002), pp. 7-58.



Figura 17: escudo conservado nos derradeiros restos da muralla antiga de Pontedeume, no adro da igrexa de Santiago[32]

quias, tamén se atopan en bo estado, así como o castelo de Nogueirosa concibido como "fortificación".

2.2.2.2 *Patrimonio inventariado*

A maior parte do patrimonio está catalogado como "inventariado", de aí que contemos con máis elementos neste apartado.

a) Árbores senlleiras

Quizais sexa o ben máis destacado desta categoría: o *metrosideros excelsus* dos Xardíns de Lombardero, antiga "horta do conde" que formaba parte do "pazo dos Andrade". Esta "árbore da bruxa", como o coñecemos moitos dos eumeses, constitúe un exemplar case único en Galicia (hai outro máis pequeno na Coruña). Consérvase en bo estado e aínda abraia coas súas raíces aéreas e o seu grande tamaño a todas as persoas que o contemplan. É de propiedade municipal.

b) Alamedas

Coa categoría de "alameda" atopamos os Xardíns de Lombardero, antiga horta do conde que dende 1917 é xardín público. De propiedade municipal, o seu estado de conservación é "bo" e constitúe un dos espazos con máis "vida" da vila de Pontedeume, xa que é parque infantil dende 1969 e conta desde hai pouco tempo con novas estruturas de diversión para os máis pequenos.

c) Construcións civís

Xa comentamos en relación co patrimonio civil que non está en bo estado que moitas destas construcións son vivendas particulares habitadas, de aí que o estado da maioría

32. Escudo que pertenceu a un cabaleiro da orde de Santiago: don Juan Benito Piñeiro de Ulloa, II marqués de Bendaña. Sobre este escudo e outros elementos da heráldica eumesa, vid. VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica de la villa de Pontedeume*, Círculo Filatélico Eume, Pontedeume, 1976. O Decreto 531/1963 estableceu a protección propia dos BIC respecto dos brasóns, emblemas e pedras heráldicas.

destas estruturas sexa bo. Podemos destacar ademais as boas condicións da antiga Cátedra de Latinidade (actual Biblioteca), do mercado municipal (recentemente reformado), do antigo cárcere (actual xulgado e servizos municipais), o Coliseo García Novoa, o antigo Convento de Santo Agostiño (actual Casa da Cultura), a Casa do Concello, o Pazo de Raxoi, o Chalé Rosa (actual gardería municipal), a estación de ferrocarril ou a antiga casa reitoral de Vilar (rehabilitada recentemente pero como vivenda privada; a rehabilitación supuxo a súa profunda alteración). Hai que destacar que a maior parte destes bens son de propiedade privada (incluídos o pazo de Raxoi ou o Coliseo), aínda que tamén algúns son de propiedade municipal (a cátedra de latinidade, o mercado, o antigo cárcere, o convento ou o chalé rosa).

d) Castros

A pesar de tratarse de xacementos con aproximadamente dous milenios de antigüidade –ou máis– e cos desperfectos ocasionados pola actividade humana xa comentados, contamos cun castro catalogado en "bo estado" dentro do concello de Pontedeume: o castro de Insua, na parroquia de Boebre e de propiedade privada. O castro ten forma irregular adaptada á punta da costa no cantil e, aínda que foi afectado por cultivos, conserva parte do parapeto defensivo e dos recintos amurallados. Ademais, xunto ao castro atópase un xacemento romano visible dende o terraplén da praia próxima. Tamén na illa Carboeira apareceron restos romanos. Houbo sondaxes arqueolóxicas no ano 2011 realizadas pola Asociación Cultural Ardóbriga que evidenciaron a ocupación do castro en cinco etapas, desde a Idade de Ferro até o Medievo, atopándose restos dunha necrópole[33].

e) Cemiterios

O cemiterio municipal de Pontedeume, na estrada que vai para Miño pola costa, foi construído a finais do século XIX (inaugurado en 1888) para dotar a vila dun lugar de enterramento separado do núcleo urbano (o anterior estaba nas Virtudes) e con instalacións funerarias axeitadas para o momento. Conta cunha capela que foi trasladada dende a antiga igrexa do convento dos agostiños, da que era unha das súas capelas laterais[34], así como con panteóns destacados de estilo ecléctico e historicista. O crecemento da vila fixo que se fora rodeando de edificacións, co cal na actualidade está integrado dentro do urbanismo da zona oeste de Pontedeume. Mantense en bo estado de conservación e continúa activo, a pesar de que exista un novo cemiterio na estrada que sobe a Breamo.

f) Corredoiras

O concello de Pontedeume conta cun elemento catalogado como "corredoira" e en bo estado: as "escaleiras do monumento"[35]. Están situadas na rúa Fontenova, no punto onde comeza o camiño da romaría cara Breamo saíndo dende o centro histórico da vila.

33. Méndez Fernández, F., Martínez López, Mª C., Infante López, R., Prego Fernández, A., *Sondaxes valorativas no castro da Ínsua*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 19 (2012), pp. 183-201.


34. A igrexa do convento foi derrubada no ano 1867, pero unha denuncia dos por aquel entón posuidores mantivo a capela lateral dos Maldonado en pé ata ser trasladada ao cemiterio.

35. Pódense ver na figura 10 deste traballo.

Consta duns 50 metros de escaleiras en dous tramos rematadas nun tramo de camiño con árbores autóctonas. A súa denominación débese á semellanza coas escaleiras de acceso ao Sagrario no antigo Monumento, unha arquitectura efémera que se realizaba na igrexa parroquial de Santiago o día de Xoves Santo.

g) Cruceiros

Xa vimos que tres dos nosos cruceiros están catalogados como BIC. Os once restantes consérvanse tamén en bo estado: os cruceiros das igrexas de Nogueirosa, Ombre, Centroña e Andrade, así como os das Angustias e rúa das Virtudes (nun fornelo) no centro da vila, xunto co cruceiro de Vizús e cruces do Barral, de Cruz do Cabido (ambas as dúas en Nogueirosa), de Centroña e do Chao de Ombre. É significativo o caso do cruceiro da igrexa de San Cosme de Nogueirosa, que conta cun "pousadoiro" sobre o que se colocaban antigamente os cadaleitos para facer un alto no camiño que levaba o finado da súa casa cara ao camposanto.


Fig. 18: Cc fornelo

Estes bens son de propiedade parroquial, e o seu estado é bo pero non por iso debemos despreocuparnos, xa que as novas nos xornais que nos informan sobre atentados contra este patrimonio son relativamente frecuentes[36]. De feito, un dos cruceiros tivo un incidente cun vehículo e tivo que ser levado a restaurar[37].

h) Fontes e lavadoiros

O catálogo recolle 21 fontes e 7 lavadoiros dentro do concello de Pontedeume. Dentro destes bens, 10 fontes e 3 lavadoiros están catalogados en "bo estado". As fontes son: a fonte de Ombre, a fonte-lavadoiro da Bufarda (Ombre), a fonte da igrexa de Vilar, a fonte da rúa Fontenova e a da rúa de Porto, a fonte de Santo Agostiño, a fonte do Pilón e a do Torreón, e a fonte de Vizús e a de Centroña.

Destas 10 fontes podemos destacar a de Santo Agostiño, que é a máis antiga da vila de Pontedeume e a única que houbo dende a súa fundación en 1270 até o século XVII. O seu mal estado foi o que obrigou ao Concello a construír unha nova fonte dentro do espazo

36. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/amarina/2019/01/07/decenas-cruceiros-cruces-fueron-saqueados-sabe-paradero/0003_201901X7C4994.htm [consultado en xaneiro de 2019].

37. No momento de escribir estas liñas, o cruceiro aínda non se atopaba no seu lugar orixinal.

amurallado. Esta foi a fonte do Pilón, abastecida con mananciais do monte Breamo e que se define como un vaso circular dun metro de altura labrado en granito.

En canto aos lavadoiros, son o de Curío (Boebre) e a fonte-lavadoiro de Centroña e a de Castrelo.

A propiedade de todos estes bens é municipal.

i) Hórreos

A inmensa maioría dos hórreos do concello xa foron tratados, dado que están en estado regular, malo ou moi malo. Con todo, hai algún exemplar en bo estado, dous para ser precisos: un en Ogrobe (Andrade) e outro no Silvar (Nogueirosa). Como o resto case na súa totalidade, son de propiedade privada.

j) Muíños

Como no caso dos hórreos, a categoría dos muíños amosa un panorama pouco positivo. Dos 22 exemplares do catálogo (que como xa explicamos son máis en realidade), soamente dous se atopan en bo estado de conservación: un en Esteiro (Nogueirosa) e outro no Esteiro de Ombre, para o cal o autor do catálogo recomenda a ampliación do seu espazo de recreo para incluír outro muíño próximo en mal estado. Iso si, cómpre realizar tarefas de limpeza e rozamento para recuperar a boa imaxe do sitio. A propiedade dos dous casos é privada, como o resto dos muíños.

k) Muros

Soamente se inclúe un ben dentro desta categoría, e está en bo estado de conservación. Trátase dos muros do Empedrado, por onde pasa o Camiño Inglés, dous grandes lenzos murais duns 170 metros de lonxitude, 5 de altura e 1 de anchura, de cachotería de lousa unida con argamasa. Son de propiedade privada xa que serven para delimitar unha parcela urbanizable da rúa antedita.

l) Estruturas populares

Esta categoría recolle, neste caso, un só tipo de estrutura: as portadas monumentais. Son tres as portadas catalogadas, todas na parroquia de Ombre: unha no Chao de Ombre, outra na Bufarda e a terceira no Outeiro. A primeira consta dun arco de medio punto coroado cun hórreo; o segundo con lintel e portalón de madeira, coroado cun hórreo de madeira; e o terceiro consta dun arco de medio punto, portalón de madeira e todo o conxunto coroado por un hórreo. As tres portadas son de propiedade privada.

m) Pontes

As pontes son un elemento fundamental para a cohesión do territorio, de aí que, canto maior importancia teñan como nós de comunicación, maior sexa a preocupación por mantelas en bo estado. Por iso é relativamente frecuente que estes bens se conserven en boas condicións, e as catro que recolle o catálogo de patrimonio cultural de Pontedeume non son unha excepción: a ponte de pedra, a de ferro, o viaduto de Centroña baixo a vía do tren e a ponte de Ventosa (Centroña) sobre a mesma vía.

A ponte de pedra é probablemente a estrutura que máis influíu na historia da vila de Pontedeume, dado que a póboa foi fundada entre outros motivos para controlar o seu

paso. A primitiva ponte de madeira, de orixe incerta e posiblemente romana, foi substituída no século XIV pola ponte gótica de pedra construída grazas ao mecenado de Fernén Pérez de Andrade o Bo, entre 1374 e 1380. Esta ponte, de máis de 850 metros e 68 arcos apuntados, contaba cunha capela e hospital de peregrinos entre os arcos 20-22 e dúas torres, así como coas estatuas do oso e o xabaril que se atopan na actualidade no espazo do claustro dos agostiños. O paso dos séculos foi deteriorando esta estrutura até que foi substituída por unha nova ponte de pedra construída entre os anos 1863/70 e 1880/84, configurando a actual de 15 arcos de medio punto. Esta é a ponte que aparece no catálogo.

A ponte do ferrocarril foi construída a comezos do século XX en ferro forxado, con tres vans e con 160 metros de lonxitude, e foi inaugurado o 5 de maio de 1913. O paso da ría de Ares foi un dos principais fitos da liña férrea entre Betanzos-Ferrol.

A ponte de Ventosa e o viaduto de Centroña foron obras de enxeñaría tamén relacionadas co ferrocarril, xa que ambas as dúas serven para salvar o paso da vía pola parroquia de Centroña, a primeira por enriba e a segunda por abaixo. Todas estas estruturas son de propiedade pública e elemento chave da conexión territorial, xa sexa a grande ou pequena escala.



Fig. 19: ponte do ferrocarril entre Pontedeume e Cabanas

n) Pombais

Os pombais son estruturas tradicionais imprescindibles en certos tipos de arquitecturas, como os pazos e outras construcións, pois constituían un símbolo de prestixio social. No caso do concello de Pontedeume temos un exemplo rexistrado no catálogo, e está situado na parroquia de Centroña, no lugar das Louseiras. Estas estruturas adoitan ser de forma circular e cuberta cónica. O estado de conservación deste pombal é bo, sendo de propiedade privada.

o) Construcións relixiosas

Esta categoría abrangue 10 construcións, e neste epígrafe centrámonos en 8 xa que exceptuamos a capela do Carme de Esteiro (en estado regular) e a ermida de San Miguel de Breamo (que está catalogada como BIC). O resto dos exemplares son: as igrexas de Santiago e as Virtudes no centro da vila, e as seis restantes igrexas parroquiais do concello: a de San Cosme de Nogueirosa, a de Santa María de Ombre, a de San Pedro de Vilar, a de Santa María de Centroña, a de San Martiño de Andrade e a de Santiago de Boebre. Todas elas son de propiedade parroquial e o seu estado de conservación é bo, así que en xeral o patrimonio relixioso do concello de Pontedeume goza de boa saúde, o que non implica que sexa inmellorable ou que debamos despreocuparnos.

p) Túneles

Do mesmo xeito que as pontes, coas que comparten características (de feito, un túnel constitúe en certa maneira unha especie de ponte), os túneles conectan territorios e

serven para salvar obstáculos orográficos. No caso do concello de Pontedeume, o catálogo recolle dous túneles, ambos os dous na parroquia de Centroña e relacionados coa vía do ferrocarril: un viaduto que permite actualmente a saída dos vehículos dende a igrexa parroquial, en bo estado e cunha lonxitude de 6 metros e un arco de 8 de luz; e o túnel de Vizús, duns 48 metros de longo constituído por un arco de medio punto proxectado e 4 metros de luz. Ambos os dous son de propiedade pública.

## 3. Propostas de actuación no patrimonio eumés

Como se foi analizando, o patrimonio material inmoble de Pontedeume conta con elementos susceptibles de mellora, e paga a pena realizar un esforzo pola rehabilitación, recuperación na medida do posible e posta en valor, especialmente nalgún caso concreto.

Un aspecto no que se está traballando é na mellora do casco histórico e reforma de inmobles de propiedade privada, así como na conservación e rehabilitación dalgúns dos máis relevantes edificios (Torreón, castelo de Nogueirosa, convento dos agostiños, mercado, etc.), sendo preciso insistir e continuar por ese camiño. O mesmo acontece coas fontes, lavadoiros e camiños públicos, que se están a rehabilitar e limpar, ao mesmo tempo que se realizou un esforzo pola súa sinalización e mellor identificación. De feito, a maior parte de fontes e lavadoiros contan dende hai uns anos cunha placa coa súa nomenclatura e, nalgúns casos, unha breve explicación histórica.

A maiores destes e doutros pasos que se están a realizar, achegamos unha serie de propostas de cara a un futuro, que pensamos serían importantes de cara á posta en valor do variado e numeroso patrimonio inmoble co que conta o concello de Pontedeume.

Entre as medidas máis urxentes, unha por riba de todo: o **acondicionamento e posta en valor da vila romana de Centroña**[38]. Cómpre unha actuación rápida para non perder o pouco que se conserva desta construción de época romana catalogada como *villa maritima*, datada no século IV da nosa era e que constitúe unha das estruturas máis orixinais das conservadas na Hispania romana. Na actualidade está situada nos cantís dunha das pequenas calas anexas á praia de Centroña, chamada "Cerrulo" ou "Cala Jajuai". No seu momento destacaba o seu miradoiro sobre a ría, unha estrutura rectangular alongada cun pórtico columnado, decorada con mosaicos (algún fragmentos aínda se conservan no Museo Arqueolóxico de San Antón, na Coruña). Apenas se conservan tres muros dun dos extremos, que eran de 0,55 m de espesor, oscilando a súa altura entre os 1,70 e os 3 m. De ancho tiña 2,50 m, e un dos seus muros medía 5 m. de longo, ignorándose a súa lonxitude total por ser destruído pola acción do mar sobre o cantil. Apenas se conservan tres muros dun dos seus extremos, pois o resto da estrutura foi erosionada pola acción do mar.

38. Sobre esta vila, vid. Luengo Martínez, J. M., *Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Puentedeume, La Coruña*, C.E.G., XVII (1962), pp. 10-19, e Pérez Losada, F., "A romanización do golfo Ártabro e as mariñas coruñesas", en *Ciudad y Torre. Roma y la Ilustración en la Coruña*, A Coruña, 1991.

Ademais de en Centroña, contamos con restos romanos tamén na praia de Sopazos e no Castro da Insua[39], relativamente preto da vila romana e dentro do termo municipal seguindo a liña de costa, o cal nos permite asegurar que a presenza romana no golfo ártabro, e concretamente na ría de Ares, foi destacada, con diversas actividades económicas relacionadas co ámbito marítimo. Habida conta da importancia desta presenza, debería ser posta en valor mediante o acondicionamento do seu principal resto e a instalación, cando menos, dalgún panel explicativo sobre a vida cotiá e actividades produtivas que tiveron lugar nas nosas costas durante a dominación romana.

Estreitamente vinculado coa cultura romana está a cultura castrexa, tamén cun xacemento moi destacado no concello de Pontedeume: o **Castro de Castrelo**, na parroquia de Centroña. Trátase dun castro que conserva en bo estado os seus elementos defensivos (muralla e foxo), cun eixo principal que sobrepasa os cen metros. Nas súas proximidades apareceu o "torques de Centroña", de ouro, e conservado no Museo Provincial de Lugo. A Asociación Ardóbriga leva xa moitos anos loitando a favor da conservación, posta en valor e investigación deste castro e outros elementos do noso patrimonio[40], e nos últimos anos o Concello de Pontedeume está a realizar xestións para adquirir os terreos e conseguir a colaboración da Universidade da Coruña para poñer en valor este xacemento. Desde logo, cómpre continuar por este camiño o máis rápido posible e ampliando as accións a outros bens.

Unha terceira proposta de carácter urxente está en relación co patrimonio industrial: **a Ferrería da Fraga**. Esta construción está situada en pleno parque natural das Fragas do Eume, xusto no límite entre os concellos de Pontedeume e Monfero, xunto á estrada que conduce ao mosteiro de Caaveiro. Nesta ferrería fundíase o mineral en lingotes de ferro forxado, habendo constancia da existencia do forno mais non do mazo ou fragua. O edificio que se conserva en pé é un forno circular, con muros de cachotería e parte da cuberta cónica. Habida conta da súa importante función no pasado, así como do seu contexto privilexiado nas Fragas do Eume (que cada ano visitan milleiros de persoas), é un lugar idóneo para a localización dun pequeno centro de interpretación arredor das técnicas tradicionais de extracción e fundición do mineral e outros elementos etnográficos relacionados, tal como tamén recomenda o autor do Catálogo do patrimonio cultural de Pontedeume.

Outra medida está en relación cunha das estruturas máis propias da cultura tradicional galega: os **hórreos**. Contamos con 158 hórreos catalogados, dos cales soamente dous están en bo estado, uns 150 en estado regular e o resto en mal estado o usen especi-

39. En Sopazos –ou Zopazos- apareceron os restos de sete construcións cadradas, con escaleiras de entrada, lareira e restos de columnas, cerámica e ánforas. No caso do castro da Insua, hai indicios dunha necrópole romana ou tardorromana e outros restos. Sobre isto, vid. CASTILLO, Á. del, "Hallazgos de restos romanos en Pontedeume", B.R.A.G., nº XVIII (1929), pp. 55-56; e MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F., MARTÍNEZ LÓPEZ, Mª C., INFANTE LÓPEZ, R., PREGO FERNÁNDEZ, A., *Sondaxes valorativas no castro da Insua*, "Cátedra. Revista eumesa de estudios", nº 19 (2012), pp. 183-201.

40. Sobre o castro, torques e acción desenvolvidas pola Asociación Ardóbriga en relación co castro existe un monográfico da Revista Cátedra, publicado no ano 2014.

ficar. Esta situación indícanos que non é urxente actuar para a súa conservación, agás no caso dos poucos que están en mal estado, pero si é urxente a concienciación por parte dos propietarios particulares así como por parte das autoridades da necesidade da súa protección e preservación. Polo seu elevado número (é o elemento patrimonial máis numeroso do catálogo), características físicas e construtivas, e pola súa enorme significación para a cultura galega, cómpre traballar decontado pola súa protección ou falaremos nun breve período de tempo dunha perda irreparable para o noso patrimonio. De feito, xa é bastante doado atopar exemplos de soportes de hórreos sen a súa correspondente cámara, o que indica que moitas destas estruturas xa desapareceron.

Outra das propostas está encamiñada a poñer en valor o patrimonio relacionado coa auga, tanto de río como de mar. Contamos con varios casos de **muíños** que, aínda que están practicamente sen uso, poderían conter no seu interior un centro de interpretación sobre a propia tarefa da moenda e de todas as costumes e tradicións que naceron ao seu arredor. O propio autor do Catálogo de patrimonio cultural de Pontedeume propón a interesante posibilidade de adquirir e rehabilitar o "Muíño e casa de Encarnación" e o "Muíño do Faiado", situados moi preto un do outro no lugar de Cabría a Vella, creando un centro de interpretación da arquitectura popular, polas características da propia vivenda e das estruturas anexas: muíños, canle da auga, forno, hórreos, etc. Sen dúbida, sería unha excelente maneira de pór en valor unha parte importante do noso patrimonio etnográfico, tal como fixeron en concellos veciños[41], xa sexa neste conxunto ou noutro muíño do termo municipal.

Xunto coa posta en valor dun conxunto destas características, e dado a grande importancia que tiveron as actividades mariñeiras na historia de Pontedeume, tamén sería interesante a creación dun centro de interpretación sobre o mar, as súas actividades, costumes, tradicións e, en definitiva, toda a cultura mariñeira e mariscadora que aínda conservamos nesta vila. A zona do peirao de Pontedeume, un dos portos xacobeos de Galicia, sería unha localización moi apropiada.

Unha última proposta vai relacionada co patrimonio industrial, mais neste caso non para rehabilitar senón para conservar: a **ceraría de Esteiro**. Esta produción estivo situada nunha das cerarías tradicionais máis grandes de Galicia, e que funcionou até hai ben pouco. De feito, conserva o seu instrumental e maquinaria en bo estado (destacando a gran "roda" da que se colgaban as mechas que, despois das sucesivas inmersións na cera, ían conformando progresivamente as velas, e que podería funcionar hoxe en día perfectamente), así como toda a súa documentación histórica (dende o século XVIII) e mesmo fotográfica. Aínda que non está incluída dentro do catálogo, trátase dun oficio tradicional cunha grande importancia no pasado, dado que a cera é fundamental para moitas das prácticas da relixiosidade popular, como o acendido de candeas, cirios ou os exvotos. Estes

41. Como o de Cabanas co muíño de Batán de San Martiño de Porto. Actualmente tamén os concellos de Neda e Narón está en proceso de rehabilitación do muíño de Xubia, cunha axuda de 400.000€ por parte da Deputación. Vid. https://www.dacoruna.gal/portada/ [nova extraída da consulta do día 03/12/2019]. Vemos que, polo tanto, as administracións tamén se implican cando o proxecto é interesante para a nosa cultura.

costumes son unha boa mostra tanto do culto cotián como do dominical, e, no caso de Pontedeume, podemos destacar o uso da cera nas procesións, de tan fondo arraigo nesta vila. Ademais de todos estes motivos, hai outro de grande relevancia: a boa predisposición do propietario para que se conserven todos os seus elementos e saberes, tanto materiais como inmateriais.

A maiores destas podería haber moitas outras propostas, pero desde o noso punto de vista estas serían as de maior urxencia e relevancia, tendo en conta a importancia histórica, arqueolóxica e etnográfica dos xacementos e estruturas, así como o seu achegamento á posta en valor da cultura tanto do pasado como do presente da vila de Pontedeume.



Fig. 20: fotografía da antiga ceraría de Esteiro[42]

A isto habería que sumar o esforzo pola protección e fomento do patrimonio inmaterial, mencionado previamente e que, aínda que non é o protagonista do traballo, si é fundamental para calquera comunidade que se sinta orgullosa de si mesma e do seu pasado.

## 4. Patrimonio que non está presente no Catálogo de Patrimonio Cultural e Bens Culturais do Concello de Pontedeume

Nas páxinas anteriores fomos analizando aqueles elementos recollidos no catálogo e que, polo tanto, gozan dunha certa protección que se ve ampliada naqueles casos incluídos dentro dos bens considerados BIC ou catalogados pola Xunta de Galicia. Con todo, e como apuntamos tamén con anterioridade, calquera manifestación do noso patrimonio debe ser obxecto de preservación e conservación, habida conta do seu papel, máis ou menos relevante, na configuración da nosa cultura e identidade como pobo.

42. Trátase da "roda" na que se colgan as mechas, cos seus contrapesos. Detrás atópanse os depósitos onde se elabora a cera e se van mergullando as mechas para ir creando capas de cera ao seu arredor, e pouco a pouco as velas. A medida que estas se van facendo, vaise virando a roda para introducir novas mechas na cera.

Contamos con algúns exemplos de patrimonio material inmoble que, sen estar incluídos no catálogo, son un reflexo manifesto da cultura dos nosos antepasados, tanto popular como culta. A finalidade deste apartado non é tanto a de reivindicar a súa presenza neste documento, senón a de concienciar sobre o seu valor cultural e o respecto que merecen estas estruturas e bens que, como se pode comprobar en numerosos casos, están esmorecendo e tenden a ser transformados ou directamente a desaparecer.

Un primeiro exemplo podería ser o dos **palcos tradicionais de música**. Estas estruturas foron moi habituais nas vilas galegas e aínda o seguen sendo, aínda que en moitos casos xa deixaron de cumprir o seu servizo habida conta das novas tipoloxías e necesidades das orquestras das nosas verbenas. Pontedeume conta co seu palco tradicional de música situado na Alameda, coa sorte de que aínda segue a manter a súa función a pesar de que este espazo deixou de ser hai uns anos o lugar das verbenas nas nosas festas (que se viñan celebrando aquí dende o ano 1913). Neste caso, bandas de música, grupos de folclore e outras agrupacións seguen a ter neste palco o seu lugar de actuación, tal como veu sendo habitual nas festas das nosas vilas dende o século XIX.



Fig. 21: o palco tradicional da música na Alameda de Raxoi

Outras estruturas da cultura tradicional que perderon en boa medida a súa razón de ser son os **fornos**. Estreitamente vinculados cos muíños e hórreos pola súa finalidade alimenticia, sufriron as mesmas consecuencias a causa da evolución da sociedade e da nova cultura material. Son cada vez menos as casas que cocen o seu propio pan, empanadas, repostería, etc. dado que sae máis económico (sobre todo en tempo) mercar a fariña no supermercado ou directamente o pan. Debido a isto, son cada vez máis os fornos tradicionais que perden o seu uso e tenden a desaparecer. Algunhas das casas que aparecen no catálogo contan con forno[43], mais considero que ao non posuír unha categoría propia a súa

43. Por exemplo unha na parroquia de Vilar, no lugar de Cermuzo.

protección non é a axeitada pois estas estruturas quedan desvirtuadas dentro da totalidade da casa. Con todo, a súa entidade dentro da cultura tradicional é innegable, e deberían gozar da mesma protección que outros dos elementos arquitectónicos da cultura galega.

Semellante reflexión e concienciación deberían ter outras estruturas tradicionais como os **"alpendres" ou talleres antigos**, especialmente cando aínda conservan as súas trabes de madeira e tellado de lousa. O Cconcello de Pontedeume conta con exemplos deste tipo, constituíndo tamén un exemplo das técnicas arquitectónicas tradicionais que aínda resisten o paso do tempo e a aparición de novos materiais supostamente máis axeitados pola súa relación calidade/prezo.

Obxecto de protección e do noso respecto deben ser tamén determinados bens, a medio camiño entre o patrimonio moble e o inmoble, que abundan na paisaxe urbana, tales como **esculturas, bustos, placas e outros elementos** como papeleiras. Estes elementos, independentemente da súa antigüidade ou calidade artística[44], foron elaborados cunha finalidade determinada, en moitos casos conmemorativa ou como homenaxe, e que sen dúbida tamén están relacionados co pasado da nosa vila e polo tanto coa nosa identidade. Exemplos son a escultura de Afonso X que se realizou no 700 aniversario de Pontedeume (en 1970), e que actualmente está situada no espazo do antigo claustro dos agostiños; o monumento dedicado ao doutor Ulpiano Villanueva nos Xardíns de Lombardero; o monumento a Rosalía de Castro ao comezo do Paseo Marítimo, xunto á ponte; placas en casas de nacemento dalgún personaxe destacado, como no caso da casa natal do poeta Ramiro Fonte na praza das Angustias; as papeleiras con forma de cuncha de vieira do centro histórico, etc.

Debemos facer mención tamén do patrimonio natural. O concello de Pontedeume conta cunha enorme riqueza natural, e non soamente por ser un dos portais de entrada ás Fragas do Eume. Como vimos anteriormente, o municipio conta con 3 exemplos de árbores catalogadas como "árbores senlleiras", así como con outros casos destacados nos Xardíns de Lombardero[45], na horta da Casa dos Tenreiro en Esteiro, xunto ao Paseo Marítimo pola parte do río Covés; a Alameda de Raxoi; zonas de fraga autóctona como a que podemos atopar ao longo dos primeiros tramos do camiño de subida a Breamo, etc. Os espazos



Fig. 22: monumento adicado a Rosalía de Castro en 1985, no Paseo Marítimo de Pontedeume

44. A consideración do que é "artístico" e do que non é pode ser, por outra parte, algo moi relativo.

45. Na actualidade hai nestes xardíns un panel explicativo das principais especies arbóreas e da súa exacta localización.

verdes e árbores fan unha contorna máis agradable e habitable, de aí a importancia da súa conservación e respecto[46].

Para rematar, unha última reflexión vai relacionada coa ausencia de edificación que, aínda así, constitúe un elemento fundamental do noso patrimonio inmoble: **o espazo público**. Especialmente as prazas mais tamén os adros das igrexas, rúas, soportais, determinadas separacións entre algunhas casas[47] ou mesmo os camiños públicos (incluídos os de servidume), son espazos que cumpriron un papel fundamental no noso pasado e que aínda o seguen a ter, e como tal deben ser obxecto de preservación e respecto. En primeiro lugar en canto á súa configuración, sobre todo no caso de prazas, rúas, soportais e adros: o seu aspecto actual é resultado dunha determinada concepción da arquitectura urbana ou da creación dun arquitecto (como o caso da praza do Pan ou rúa da Inmaculada, obra do arquitecto Díaz Fuentes), así como de diferentes etapas construtivas ou acontecementos históricos (como por exemplo a praza Real, que puido ser ampliada tras o incendio de 1607; ou o adro da igrexa de Santiago, que se foi modificando conforme se ampliaba ou reformaba o propio templo). Todos estes son argumentos máis que suficientes para preservar a configuración destes espazos, independentemente da súa "beleza" ou "funcionalidade"; as modificacións profundas dun espazo público, como a que tivemos na praza do Convento hai unhas décadas ou as tan frecuentes transformacións de prazas en cidades como por exemplo en Ferrol (praza de España, praza de Armas, etc.), deben ser realizadas con moito planeamento e consenso habida conta do seu forte impacto na arquitectura e identidade urbanas, o que repercute fondamente na poboación.

E en segundo lugar, estes lugares deben ser respectados como espazos en si mesmos, como propiedade de todos e todas; calquera apropiación particular debe ser evitada na medida do posible, ou en todo caso que sexa dunha maneira mesurada ou cunha finalidade de lecer, desfrute ou aproveitamento público, e sempre contando co control, visto e prace das autoridades. O espazo público debe ser, de maneira inescusable, patrimonio da xente, tanto dos veciños e veciñas como daquelas persoas que nos visitan.

## Conclusión

O **patrimonio cultural dun pobo** é unha parte fundamental da súa esencia, do que nos define como tal e do que nos achega unhas características que nos fan únicos dentro deste mundo cada vez máis globalizado que tende a estandarizar todas as sociedades seguindo uns determinados valores culturais dominantes. É a nosa responsabilidade rebelarnos ante esta tendencia e protexer **o que é noso e nos define, a nosa identidade**. Unha identidade que afunde as súas raíces na historia, que foi forxada polos nosos antepasados,

46. Circunstancia que non sempre se cumpre, e ás veces por motivos inxustificables, como por exemplo cando hai uns anos se cortaron árbores do campo da festa dunha parroquia eumesa porque non pasaba o camión da orquestra.

47. Como a que existe pola cara sur da Biblioteca municipal Ramiro Fonte, de aí que haxa dúas pequenas portas a un e outro lado do edificio.

e que agora precisa ser transmitida aos nosos descendentes para que perviva a nosa maneira de ser, a nosa cultura e, polo tanto, a nosa esencia.

Para iso faise **imprescindible a defensa do patrimonio**, e non soamente daquel que aparece recollido nos catálogos oficiais. Calquera manifestación do noso pasado é merecedora do noso respecto, goce de protección legal ou non, habida conta de que nun futuro máis ou menos distante podería chegar a ser considerado tamén como un elemento característico da nosa identidade. Non pretendo con esta afirmación negar a evolución nin o progreso, que en ocasións precisa da destrución de determinados compoñentes para abrirse camiño. Con todo, a educación e as accións das autoridades deberían ir dirixidas á concienciación e respecto de calquera elemento do patrimonio, e que soamente se produza a súa destrución nos casos nos que sexa inevitable e non por neglixencias ou desidia.

O municipio de Pontedeume conta cunha **enorme e diversa riqueza patrimonial**. Non hai dúbida de que a súa protección e conservación é complexa, e desde o punto de vista económico en ocasións custosa. Con todo, é tremendamente rendible dende o punto de vista dunha comunidade humana que ve reforzada a súa identidade e ve garantida a súa transmisión para as seguintes xeracións. **Debemos sentirnos orgullosos do noso patrimonio, defendelo, apreciálo e conservalo**, dado que é parte do que somos, ou dito noutras palabras: se somos como somos é entre outros motivos porque o noso patrimonio e bagaxe cultural así nos "moldearon". No fondo, **patrimonio e persoas formamos unha mesma entidade**.

# O MOTÍN DE CONSUMOS DE 1889

Sindo Vilariño

## A reforma tributaria de 1845 e o Imposto de Consumos

A reforma tributaria aprobada o 23 de maio de 1845, sendo Alejandro Mon o ministro de Facenda do Goberno Narváez, adoptaba o modelo fiscal liberal vixente na práctica en Europa e adaptábao ás condicións sociais e económicas de España[1]. Establecía un novo sistema impositivo baseado en buscar os ingresos públicos na produción e no consumo, e con catro novos impostos: a contribución de inmobles, cultivo e gandería (a contribución territorial como figura central do sistema), a contribución industrial e de comercio, a contribución de inquilinatos e a contribución estatal sobre os consumos, ou imposto de consumos, que utilizaba o gasto como indicador da capacidade de pagamento e gravaba os bens de primeira necesidade, "*para comer, beber e arder*", como os alimentos, bebidas alcólicas e os combustibles como o carbón ou a leña, pero tamén bens de carácter xeral non necesarios.

Ademais a reforma mantén algúns tributos do Antigo Réxime como a renda de aduanas que tamén recaía e incrementaba o prezo doutros produtos de primeira necesidade, como o cacao, café, o bacallau, a chicoria ou os petróleos, e os tributos sobre o tabaco, o sal, a pólvora e as loterías.

A maioría dos impostos funcionaban polo réxime de "*cupo*" ou "*cota"* estatal e asignábase unha cantidade ou cota a cada concello en función da poboación. A base impositiva do contribuínte estimábase por signos externos como a profesión, extensión e calidade da propiedade, localización do negocio, número de máquinas de vapor nas industrias etc. e polas declaracións censais.

O imposto de consumos cuxa recadación se achaba confiada aos Concellos, ao que á tarifa estatal se lle engadía a recarga local variable sobre os diferentes artigos que podía chegar a un 100% da tarifa estatal, constituíu a base fundamental da tributación local da

1. Vallejo Pousada, Rafael. *Reforma tributaria y fiscalidad sobre la agricultura en la España liberal, 1845-1900.* Páx.26 . Prensas Universitarias de Zaragoza, 2001.

segunda metade do XIX e primeira metade do XX[2]. Dos ingresos ordinarios do Concello, a recadación polo imposto de consumos supoñía aproximadamente o 50% dos mesmos, e polo tanto era un imposto de  dificil substitución.

Este imposto, dende o seu inicio, foi moi impopular porque os campesiños produtores podían pagar dobremente polos seus produtos, pois pagaban a contribución territorial en ríxidos prazos, e ademais esíxeselles o pagamento do imposto de consumos, e non sempre podían trasladar o gravame vía prezos, dos excedentes que levaban ao mercado, ao consumidor final. Ademais as clases máis humildes como consumidores finais vían como se encarecían os produtos de primeira necesidade polo imposto e outras taxas que os gravaban.

> *A renda do  campesiñado viuse afectada, ademais de polo pagamento da contribución territorial, pola imposición sobre o consumo, tanto estatal como estritamente municipal, que nas rexións de minifundismo e poboación diseminada como Galicia, era distribuída en forma de reparticióǹs que teoricamente atendían á capacidade de pagamento das familias campesiñas polo que se xestionaban como impostos directos*[3].

A presión popular obrigou a suspender a recadación do imposto de consumos durante o bienio progresista (1854-56) e durante a "Gloriosa" Revolución ou Sexenio Revolucionario de 1868-74[4]. Os liberais progresistas criticaban este imposto porque era inxusta a repartición da cota para cada concello en función case exclusivamente do número de habitantes, polas restricións á liberdade do comercio e circulación, porque as fórmulas de recadación xeraban diferenzas entre contribuíntes e entre concellos e polos seus efectos económicos directos[5].

A Restauración restituíu plenamente o sistema fiscal de 1845 e nesta etapa crece de forma notable a presión fiscal sobre os agricultores e as propiedades. Así, en canto aos consumos, aumentan os tipos impositivos e os "cupos", e ás especies gravadas engádense os cereais, as fariñas e o sal.

A administración de Facenda podía cobrar o imposto por administración directa ao entrar as mercadorías nalgunhas capitais  provinciais, pero na maioría dos casos negociaba ou impoñía unha cota ou "cupo" que o municipio se comprometía a pagar mediante os  repartimentos veciñais (encabezamentos e concertos gremiais obrigatorios). O Concello podía recorrer á administración directa do imposto ou arrendar a súa xestión mediante poxa.

2. García Lasaosa, José. *El marco jurídico de las Haciendas Locales en España a finales del siglo XIX.*

3. Vallejo Pousada, Rafael. *Op. Cit*. Pax. 105.

4. Comín, Francisco e outros, edit. *Historia Económica de España.Siglos X-XX*. Edit.Crítica.

5. Vallejo Pousada, Rafael. *El impuesto de consumos y la resistencia antifiscal en la España de la segunda mitad del siglo XIX: Un impuesto no exclusivamente urbano*. Universidade de Vigo. Revista de Historia Económica. Ano XIV. Páx.340-353.

As diversas formas de facer efectiva a exacción do imposto introducía unha gran complexidade técnica na súa execución.

Para os efectos da súa xestión os concellos de toda España considerábanse divididos en tres zonas: *casco,* que sería a poboación agrupada; *radio*, espazo entre o casco até a distancia de 1.600 metros, e *extrarradio*, espazo que media entre os límites do radio



até os confíns do termo municipal[6]. En Pontedeume o casco coincide coa Vila e o extrarradio coas 13 parroquias.

> *"No extrarradio cóbrase o imposto por medio da repartición, e no casco ou radio cóbrase por medio de casetas ou fielatos, facendo tributar de novo os artigos producidos no extrarradio ou aldeas do concello ao entrar para o consumo da poboación"*[7].

Ao sistema de repartición acudían a maioría dos concellos rurais, dada a inexistencia de centros de consumo en que gravar as transaccións de mercadorías. Podía darse o caso que un campesiño, por exemplo de Vilamateo, pagase a contribución territorial, a cota que lle correspondía na repartición polo imposto de consumos, e ao levar os seus excedentes para vender á feira de Betanzos, tería que volver a pagar outra vez o imposto ao pasar o fielato.

Os *fielatos ou casetas de consumo*, locais destinados á cobranza de arbitrios e taxas sobre o tráfico de mercadorías, estaban instaladas nas entradas das vilas e cidades e permanecían abertas dende a saída até a posta do sol. Os condutores de especies gravadas non tiñan a obriga de declarar a cantidade nin a clase o pescudalo é o obxecto do recoñecemento que deben practicar os empregados[8].

Existe abundante literatura coas orixinais e imaxinativas formas de tentar burlar a vixilancia dos dependentes ou consumeiros, ou de tentar introducir de contrabando de madrugada os produtos. A resistencia ao pagamento deste imposto que se consideraba moi abusivo será constantemente unha fonte de conflitos.

## Antecedentes o motín de consumos da Coruña 1886

Os motíns de consumos ou os "das subsistencias" durante o século XIX, causados polo encarecemento dos produtos alimenticios básicos, eran unha manifestación das tensións sociais existentes entre as clases populares, campesiños e mariñeiros con precarias condicións de vida, cunha economía de subsistencia e marxinados do goberno local, fronte ás oligarquías locais, minorías adiñeiradas que tiñan o poder local[9]. As rebelións contra o odiado imposto constituíron un capítulo da protesta social.

Os motíns anticonsumos estendéronse por moitas localidades da xeografía española a finais do XIX, tras a restauración do imposto en 1874. Así en 1892, coincidindo

6. Regulamento provisional do imposto de consumos. Art. 109,110 R.D. de 21 xuño de 1889. En Galicia o Concello podería determinar que parte da poboación pode considerarse casco e até que punto alcanza o radio.

7. Vallejo Pousada, Rafael. *Op.cit.*. Páx.355. Universidade deVigo.

8. Regulamento provisional do imposto de consumos. Art. 150-158.

9. Sánchez González, Juán José. *La Ruína de los pobres. Motines populares*.. Pax.30-44. El Hinojal. Revista de Estudios del MUVI.

cunha crise agraria de sobreprodución, contabilízanse máis de cincuenta motíns que foron reprimidos mediante a forza armada. En Galicia entre outros cabe citar os motíns da Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense, Betanzos, Noia, Cervo, Cariño ou o de Pontedeume. Nalgúns deles o protagonismo vai ser das mulleres, como o promovido polas vendedoras do leite e de peixe en 1892 en Pontevedra.



Año V. La Coruña.—Miércoles 8 de Setiembre de 1886 Núm. 1475

# La Voz de Galicia

DIARIO ILUSTRADO, POLÍTICO Y MERCANTIL

*PUNTOS DE SUSCRICION*
CORUÑA.—En las oficinas del periódico, Calle de Santiago, núm. 1, bajo.
LA VOZ DE GALICIA
ES EL PERIÓDICO DE MÁS CIRCULACION EN LA REGION GALÁICA

FUNDADOR Y PROPIETARIO
J. FERNANDEZ LATORRE

*PRECIOS DE SUSCRICION*
CORUÑA.—Al mes una peseta.—Provincias trimestre, cuatro pesetas.—Ultramar y Extranjero, trimestre nueve pesetas.
ANUNCIOS.—En cuarta plana, cinco céntimos de peseta línea, para los suscritores.—En tercera ídem.—Comunicados y reclamos á precios convencionales.

## EL MOTIN DE LOS CONSUMOS

### Advertencia

*La importancia de los sucesos ocurridos en estos dias y la minuciosidad que hemos puesto en el relato que de ellos hicimos, han sido causa, sin duda, de que nos solicitasen, tanto de nuestra capital como telegráficamente desde las principales poblaciones de Galicia, numerosos ejemplares de LA VOZ que no hemos podido servir por haberse agotado la tirada; y á fin de satisfacer la curiosidad de muchísimas personas que desean remitir á sus deudos y amigos la relación exacta de estos sucesos, afortunadamente ya terminados, hemos decidido reinsertar el relato de los acontecimientos, completándolo con las noticias que sobre el mismo asunto hayamos alcanzado hasta las cinco de la madrugada de hoy.*

*A este fin retiramos otros originales que para este número teníamos dispuestos.*

cho impuesto en cantidad relativamente pequeña, dejó sacarle á subasta que ascendió á la fabulosa suma de *un millon seiscientas y cinco mil pesetas.*

Los arrendatarios del impuesto, personas agenas á la población, desde el instante en que se hicieron cargo del servicio subastado desplegaron gran rigurosidad en el aforo de los artículos y aun consintieron, consciente ó inconscientemente, que algunos de sus empleados cometiesen los abusos que más arriba indicamos.

El Ayuntamiento, por otra parte, cometió la insigne torpeza de sacar á subasta el cobro del *ramo solable* aumentando el impuesto de estos artículos en la siguiente proporción:

Las frutas verdes y frescas fueron aumentadas con 84 céntimos cada 100 kilógramos; las frutas secas con 18 céntimos en igual proporción; las hortalizas con un céntimo en kilo.

Fueron además aumentados entre otros los siguientes artículos: Pimiento molido, dulce y picante 15 céntimos en 100 kilos; Azafran y demás especias 75 céntimos; Dulces, confituras,

Unos cuantos números de la Guardia civil se situaron á la entrada de Travesía de la Aduana, con objeto de impedir el paso de la gente por aquella parte. Estos guardias fueron insultados por los grupos y aun apedreados, pues uno de ellos recibió una piedra en el ojo derecho, pasando el herido al hospital.

Decíase que estos guardias habian hecho disparos sobre la multitud; pero esta noticia no hemos podido comprobarla.

En estos momentos se reunieron en el Gobierno civil el señor Presidente de la Audiencia, el fiscal de la misma, el teniente fiscal, el juez de instrucción, comandante de la Guardia civil, vice-presidente de la Comision provincial, varios diputados, periodistas y otras personas cuyos nombres no recordamos.

Presentóse en el gobierno el arrendatario de Consumos con objeto de preguntar qué determinacion tomaban las autoridades en vista de que su casa iba á ser asaltada por los amotinados. Decia el arrendatario que se hacia precisa la defensa por parte de ellos, á lo que contestaron las

y Pardo Reguera fueron curados algunos contusos.

Tal ha sido, segun nuestras noticias, el lamentable resultado del motin del Domingo que tuvo segunda parte en el dia de ayer, de cuya segunda parte vamos á ocuparnos en los párrafos siguientes, dejando algunas consideraciones para el final de este relato.

MAÑANA DEL LUNES.

Desde las primeras horas, y á consecuencia de una conferencia celebrada á la una y media de la madrugada entre el señor gobernador y el capitan general, salieron algunas fuerzas de caballería é infantería, apostándose en las avenidas de la calle Real, Marina y Riego de Agua.

En la primera y segunda de dichas calles, veíanse ya algunos grupos de curiosos que salian de mañana con objeto de enterarse en detalle de los sucesos del dia anterior.

En la plazuela de la Aduana, y calles laterales del Paseo de Mendez Nuñez, fué formándose poco á poco un grupo numerosísimo de chiquillos, mujeres y hombres.

O domingo cinco de setembro de 1886 arrinca na cidade da Coruña unha protesta contra o imposto de consumos, tributo que pagan por entrar na cidade os artigos de primeira necesidade. A natureza inxusta e a arbitrariedade da súa xestión, os abusos dos dependentes de consumos, agudizado na cidade ao aumentar as recargas locais nas tarifas dos produtos gravados polo imposto e conceder en arrendo os consumos á xestión privada, no canto de xestionalo o Concello, o que conducía a encarecer aínda mais os prezos dos produtos, están na orixe do motín.

O detonante das mobilizacións segundo a prensa[10], é a morte dun campesiño no Ventorrillo, como consecuencia dunha malleira dun cabo da Garda Civil borracho *("tomara 14 copas de xenebra").* Ao final do funeral e enterro no cemiterio de Elviña, os asistentes desprázanse cara ao centro da cidade onde queiman a caseta de consumos de María Pita e logo atacan o edificio da Administración Xeral de Consumos na rúa Real, onde queiman os libros de contabilidade e tiran ao mar a caseta dos consumos situada na Mariña.

Os disturbios suceden ao longo do día, con manifestacións e queima da maioría das casetas de consumos, como o fielato do ferrocarril, o de Santa Lucía, o de Santa Margarita ou o da Gaiteira, no arrabalde da cidade, e prolongaranse ao longo da semana. Os manifestantes cébanse cos fielatos, pois é aí onde sofren ás veces abusos humillantes e malos

10. *La Voz de Galicia*. Martes 8 de setembro e días seguintes.

tratos nos rexistros dos dependentes, e onde se resisten ao pagamento dun imposto que consi-deran case un roubo. Abundan na prensa da época xuízos de faltas nos que figuran como principais actores os dependentes de consumos.

O luns seis emítense dous bandos, un do gobernador civil e outro do alcalde, chamando á orde e á calma, e prohibindo as concentracións de xente. Pero como continúan os altercados con disparos dende a casa do arrendatario dos consumos aos manifestantes, o apedreamento da Casa do Concello por parte destes e os enfrontamentos entre os amotinados e as forzas de cabalería mobilizadas, a autoridade civil declina o mando na militar. O tenente xeral do Exército, capitán xeral de Galicia José Sánchez Bregua, asume o mando civil e declara o Estado de Guerra en todo o territorio da provincia, e ordena que se dea lectura á declaración da lei marcial nas rúas e prazas da cidade.

*La Voz de Galicia* do xoves nove de setembro, comenta en portada que "*os contrabandistas de levita"* aproveitando os altercados, e a escuridade da cidade debido á rotura dos farois, e segundo calculos dalgunhas persoas introduciron "libre de impostos" 3.000 caixas de petróleo, alcol e outros produtos de consumo.

O motín sáldase con dous mortos, varios feridos e máis de douscentos detidos, véndose o Concello obrigado a modificar á baixa o imposto e o alcalde forzado a dimitir.

## O Concello e a xestión do Imposto

O concello de Pontedeume ten unha poboación de feito de 8.496 habitantes neste ano, pois está agregado ao mesmo o extinguido concello de Vilarmaior composto de seis parroquias (Vilarmaior, Vilamateo, Torres, Doroña, Grandal e Güimil). O casco ou Vila de Pontedeume ten unha poboación de 2.591 habitantes e as trece parroquias ou núcleo rural 5.905 habitantes[11].

A Corporación Municipal está composta por 16 concelleiros, sendo o alcalde Juan Antonio Sardiña Barceló, e hai tres tenentes alcaldes e un síndico[12]. A Corporación renó-vase cada dous anos a medias (oito concelleiros), e o censo electoral está composto a comezos de ano por 1.028 homes, que son os que figuran como contribuíntes da contribución territorial ou a contribución industrial e de comercio (os maiores contribuíntes do distrito son Joaquín María Maldonado e Gil Taboada, e Pío García Espinosa) ou como empregados públicos en servizo activo ou ben xubilados ou retirados do Exército e Armada.

11. Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación eumesa de 16 de novembro de 1872 dáse conta polo secretario que a Deputación da Coruña aprobou por unanimidade a agregación a Pontedeume do concello de Vilarmaior. Vinte anos máis tarde, no 1892, Vilarmaior, que conta cunha poboación de 2.715 habitantes, segrégase de Pontedeume, volvendo a ser concello independente con dez concelleiros. Pontedeume, cunha poboación de 5.787 habitantes, rebaixará o número de concelleiros a trece.

12. Os restantes concelleiros a comezos do 1.889 son: Gabriel López Rigueira, Antonio Díaz Zamorano, Gumersindo Varela Varela, (tenentes); Rodrigo Pardo González (síndico); Nicolás Barro Barra (suplente do anterior); Juan Vázquez Vila; Nicolás Fernández Rio, Juan Piñeiro Arias, José Infante Pena, Salvador Pérez Lourido, Pascual Varela Blanco, Antonio Ares Val, Pascual Amado Dominguez, Andrés Varela Pardo e José Couce Díaz. Celébranse as sesións ordinarias da Corporación todos os sábados ás once da mañá.

Deses electores-contribuíntes só poderán ser elixibles[13] aqueles que estean comprendidos nos dous primeiros terzos da lista clasificados en función da contía pagada polos citados impostos, polo que só serán elixibles para a renovación que corresponde a este ano 672 persoas que pagan máis de 6,17 pesetas ao ano, e as 331 persoas que pagan menos desa cantidade serán non elixibles.

Do orzamento para o exercicio económico que abrangue do 1 de xullo de 1888 ao 30 de xuño de 1889, aproximadamente a metade dos ingresos ordinarios son orixinados polo imposto de consumos[14].

O Concello carecía de bens patrimoniais que lle puidesen xerar rendas, pois ademais da Casa do Concello situada na praza da Constitución, só posúe a finais de ano, segundo o Inventario de Inmobles, o edificio da Cátedra, o edificio do Xulgado de Primeira Instancia e cárcere do Partido Xudicial, e o edificio da Escola de Nenos na Atafona. Os recursos por recargas noutros impostos estatais son de menor contía, e obtén outros recursos doutros arbitrios sobre os postos públicos, sobre o sal ou sobre os alcohois. De aí a súa gran dependencia do citado imposto.

O secretario do Concello que vai ser unha figura clave no desenvolvemento do conflito é Pedro Montel Rodriguez.

Dende comezos do ano 1889, e seguindo as sesións da Corporación recollidas no Libro de Actas, vanse recollendo unha serie de noticias e tomando decisións relacionadas coa xestión do imposto de consumos .

Así en xaneiro recíbese no Concello unha circular do delegado de Facenda na que lle comunica que a *"cota de consumos*" asignada para o exercicio 1989-90 ascende a 28.000 pesetas, o que supoñía 3,30 pesetas por habitante. Á Corporación, aínda que recoñece que a cota asignada é inferior á de exercicios anteriores, parécelle excesiva e presenta unha reclamación diante do Ministerio de Facenda rogándolle que o rebaixe polo menos ao mínimo que admite a tarifa do imposto de 2,90 ptas por habitante.

> *"... consideran excesiva a cota asignada pola extrema pobreza da inmensa maioría dos seus habitantes e polo espallado da súa poboación... agravado por térselle agregado o extinguido concello de Vilarmaior composto de seis parroquias."*[15]

Esta reclamación será utilizada como xustificación diante dos veciños cando estalen as protestas, aínda que doutra banda, na acta do Pleno da Corporación non se recolle ningún cuestionamento sobre o inxusto deste imposto que recae finalmente sobre os prezos dos pro-

13. Lei municipal de 1877. Art.40,41. Estaba establecido un sufraxio censitario masculino, baseado na renda, instrución ou clase social. Haberá que agardar á Lei electoral de 26 de xuño de 1890, promulgada sendo presidente do Goberno o liberal Sagasta, para que se recoñeza o dereito ao sufraxio universal para homes maiores de 25 anos. As mulleres aínda terán que agardar até a II República para poder votar.

14. Arquivo Municipal de Pontedeume (AMP). Caixa de Presupostos.

15. AMP. Libro de Actas da Corporación de 1.889.

dutos de primeira necesidade. Ademais o Concello non ten ningunha intención de renunciar á recarga municipal sobre as especies sometidas ao imposto, sobre o que si ten plena autonomía para fixar o seu importe, que supón xa o 96% da cota que se paga ao Tesouro, e que como se verá máis adiante a acabarán subindo ao 100%, máximo autorizado por Lei.

No mes de marzo sortéanse os 16 veciños, o mesmo número que membros da Corporación que, co Concello, farán efectiva a repartición do encabezamento xeral ou cota que ha de satisfacerse ao Tesouro no próximo exercicio. Para proceder ao sorteo dos veciños, estes están divididos en tres grupos por imperativo legal, e elíxense cinco do grupo dos maiores contribuíntes do concello, outros cinco entre os medianos e seis entre os menores contribuíntes[16].

Ademais e dado que se termina o trinta de xuño o período de arrendamento da xestión do imposto, un oficio da Administración de Propiedades e Impostos de Coruña ordena que o arrendamento ha de ser xeral para o casco, radio e extrarradio, e que o adebedamento das especies gravadas que se destinen ao consumo do extrarradio farase tamén por medio de concertos e encabezamentos obrigatorios.

O establecemento desta forma de recadación do imposto aos veciños das parroquias, por repartimento dunha cota asignada e a súa repartición en función das propiedades e a produción ou vendas e consumos estimados e outros datos, e non por consumos ou vendas reais, vai causar un gran malestar, pois nunha economía agraria tan pouco mercantilizada e con predominio do autoconsumo, suponlles ter que pagar con diñeiro metálico en datas determinadas, que non van moitas veces compasadas co ciclo agrario. Ademais de pagar xa a contribución territorial por conceptos similares tamén en datas prefixadas, como xa comentamos anteriormente.

Nos meses seguintes téntase por tres veces adxudicar en poxa pública o arrendamento da xestión do imposto, por un tipo de 50.907,72 pesetas (inclúe a cota do Tesouro e as recargas municipais), pero a Administración de Propiedades e Impostos da Coruña anula a poxa e, como o tempo aprema, o Concello toma o acordo de proceder á administración directa do imposto de consumos desde o un de xullo para o exercicio 1889-90.

Adxudícase en maio a José Francesch Carrillo o arrendo a venda libre en poxa pública da xestión por un ano do *imposto especial sobre os alcois e bebidas espirituosas*. Neste imposto sobre o consumo de alcol, renúnciase á recarga municipal, seguindo o exemplo de moitas cidades que o suprimiron polas protestas e boicots dos expendedores, e coa xustificación da Corporación de que os poucos ingresos que daría a súa imposición non compensaban os conflitos que podía ocasionar.

En xuño fíxanse os catro postos de entrada*, fielatos ou casetas*, para as especies de consumo, no Barro, Porto, Augabar e na Ponte, e tres das casetas se lle alugan ao arrendatario cesante Narciso Varela Piñeiro, ademais de establecerse un fielato central nun almacén da rúa Raxoi que se aluga a Felicidade Vázquez Sandomingo.

16. Os concellos asumen por traslado funcións do Estado, como xestionar a prisión do partido xudicial, intervir no pagamento e mantemento do ensino público, na beneficencia e administran, ademais dos seus bens, a facenda do Estado, reparten impostos, fan a súa cobranza, levan as súas estatísticas, etc.



Caseta de fielato na entrada da ponte – 1910 (aprox.)

Noméase a Marcial Estrela Paadín, administrador xeral do imposto, cun soldo de 4 pesetas diarias; interventor a Francisco Vizoso Silva, con soldo de dúas pesetas diarias. Para cada fielato noméanse dous empregados, aos que a Comisión da Corporación nomeada para inspeccionar todo o relacionado co imposto de consumos, pon como requisitos: saber ler e escribir, honradez e ter servido no Exército. A maioría dos escollidos xa viñan exercendo de dependentes, e asígnaselles un soldo de 1,25 pesetas diarias a cada un.

Tómase o acordo de realizar unha tirada impresa de 1.000 exemplares coas tarifas do imposto, de expoñelos en lugares visibles das casetas, e distribuílos entre os cabezas de familia do casco e radio para o seu coñecemento e para que non poidan alegar ignorancia[17].

A finais de xuño tómase o acordo de aumentar a recarga municipal do imposto de consumos que estaba xa no 96%, e que supoñía unha recadación posible de 26.880 pesetas, e pasalo ao 100% para cubrir un déficit que tiña o Concello coa Deputación (do continxente provincial, que é unha cantidade que se lle paga tamén extraída da recarga municipal). Se a cota asignada por Facenda lle parecía excesiva á Corporación, en cambio non teñen reparos en aumentar a recarga para conseguir máis ingresos.

17. AMP. Libro de Actas de 1889. Sesión ordinaria do 15 de xuño.




Caseta de fielato á entrada pola Alameda. Primeiros anos do século XX

## O Motín de Consumos

Os cambios na forma de recadar o imposto de consumos, sobre todo nas parroquias do extrarradio, facéndoa máis gravosa para os campesiños, e o aumento durante os últimos anos dos produtos sometidos ao imposto, ademais da percepción xeral do inxusto e abusivo do mesmo, está na orixe do conflito que se vai desencadear. Sendo ademais estes veciños os que menos se benefician dos pobres e escasos servizos municipais.

Non temos testemuños directos das persoas que participaron nas protestas, nin datos que nos falen de como se xestou, nin se a protesta foi espontánea ou con certa organización. A información está extraída da prensa e das actas das sesións da Corporación por mor dos feitos.

Máis adiante a prensa falará das poucas prevencións do alcalde diante do anuncio *de que poderían producirse os alborotos sucedidos*, pero temos a impresión cos testemuños que posuímos que estes sucesos colleron por sorpresa polo menos aos integrantes da Corporación municipal.

Un telegrama enviado o domingo 7 de xullo de 1889 polo correspondente de *La Voz de Galicia* en Pontedeume, Juan Tejada Velasco[18], e reproducido no diario o martes 9 de xullo, dá conta do comezo do **Motín de consumos** desencadeado polo aumento da

18. *Juan Tejada Velasco*, será o director de *El Eume* (1890), primeiro semanario local editado en Pontedeume.

tarifa local sobre os produtos de primeira necesidade, *"de comer, beber e arder*", e da que responsabilizan á Corporación local e sobre todo ao secretario Pedro Montel Rodriguez *"rei e dono do pobo por desidia dos concelleiros"*, e di o que segue:

> *"Nestes momentos, doce do día, unha impoñente manifestación de paisanos de todas as parroquias lindantes protestan contra o imposto de consumos. Pídese a berros a dimisión do Concello. Os municipais impoñen orde, as rúas están totalmente ateigadas de xente; diante da Casa do Concello hai gran multitude. A praza da Constitución vese totalmente ateigada de xente. As fiestras, balcóns e galerías son insuficientes para conter curiosos.*
> *Os ánimos moi excitados; aínda que a actitude que se observa non ofrece síntomas de gravidade"*[19].

Sobre a unha da tarde e segundo afirmará o alcalde, son máis de cincocentos veciños das 13 parroquias os que se atopan concentrados en manifestación silenciosa diante da Casa do Concello e rúas contiguas.

O alcalde, auxiliado polo secretario e os gardas municipais, manda entrar ao salón do baixo da Casa do Concello a seis veciños de cada parroquia para escoitar as súas queixas. Estes argumentan que non se lles pode esixir o pagamento do imposto de consumos por concerto e repartimento, porque viven no extrarradio, e débese volver ao procedemento anterior. O alcalde e o secretario explícanlles que o expediente, aprobado pola Administación de Propiedades e Impostos da Coruña, cumpre estritamente a Lei e o secretario aproveita para lerlles a lei e o regulamento do imposto.

Parece que previamente o alcalde, polo temor de que a garda municipal sexa superada polos manifestantes, pide auxilio ao cabo da comandancia da Garda Civil, que se persoa con varios efectivos ao seu mando.

Na crónica de *La Voz de Galicia* do mércores dez, o correspondente afirma: *"... nós cremos que nada ocorrería onte se ao Sr. Alcalde non lle dá por mandar a buscar as parellas da Garda Civil do posto, pois non había necesidade, dada a actitude pacífica dos paisanos que se limitaban a protestar en manifestación silenciosa contra os consumos"*.

O caso é que se quentan os ánimos pola presenza da Garda Civil, que é interpretada como unha provocación, e comezan a aumentar os berros dos que están fóra que tentan entrar na Casa do Concello, aos que se unen parte dos que están dentro reunidos e prorrompen en berros, entre outros, de "*morra e fóra o secretario*".

*El Regional* de Lugo afirma que *"os concentrados tiraron pedras contra a Casa do Concello, paus, latas dende as fiestras e un individuo destacou realizando Vivas á República, o que levou a que se adiantase a Garda Civil para deter o autor do berro*

19. *La Voz de Galicia.* Nº 2319. Martes 9 de xullo de 1889.

*subversivo, e ao resistirse ao cabo, este recibiu un golpe dun pau no pescozo que o derrubou."*[20]

O correspondente de *La Voz de Galicia* afirma que a Garda Civil foi provocada polos alborotadores, superándoa de obra e palabra e resultando feridos o cabo xefe Alfredo Mayor Castro e o garda primeiro José López López.

*La Monarquía* de Ferrol, no seu número do día 8 di que a Garda Civil disparou sobre os amotinados cando estes lanzaron unhas cantas pedras.

Sexa como for, o que ocorreu é que a Garda Civil, á que se unen un capitán e un tenente da escala de Reserva residentes na vila, carga e dispara sobre os manifestantes, e diversos veciños resultan feridos e contusionados, entre eles unha nena; pero a máis grave é unha anciá de Monfero que recibe un tiro na fronte. Os feridos son atendidos en primeira instancia na farmacia de Díaz Zamorano, por dous médicos da vila.



Año VIII — La Coruña.—Martes 9 de Julio de 1889. — Núm. 2.349

La Voz de Galicia

DIARIO POLÍTICO Y MERCANTIL

J. FERNANDEZ LATORRE

**LOS SUCESOS DE PUENTEDEUME**

Anteanoche se tuvieron aquí las primeras noticias, aunque vagas é indeterminadas, de lo ocurrido en aquella importante villa.

Como en estos momentos de general excitación en la Coruña y poblaciones de su provincia todo movimiento ó manifestación anormal se achaca á las mismas causas que aquí promueven análogos estados de la opinión, no faltaron quienes corriesen la voz de que en Puentedeume había ocurrido una colisión entre los paisanos y la fuerza armada, al intentar los primeros realizar un acto pacífico de protesta.

La versión no nos pareció ni siquiera verosímil, por razones que no es del caso explicar. Con efecto, algo más local y de gravedad más inmediata y más profundamente sentida era lo que había determinado los tristes acontecimientos á que se referían los alarmantes rumores circulados.

Parece que se han gravado una vez más las especies de consumos, y los habitantes de aquella comarca esencialmente agrícola, agobiados ya por el peso aniquilante de tanto tributo, dejaron estallar su mal comprimida irritación, produciendo los sucesos que motivan estas líneas.

He aquí los detalles que hasta ahora tenemos de los hechos.

Anteayer por la tarde recibimos el siguiente telegrama de nuestro corresponsal:

*«Puentedeume, 7.*

En estos momentos, doce del día, una imponente manifestación de paisanos de todas las parroquias colindantes, protestan contra el impuesto de consumos. Pídese á gritos la dimisión del Ayuntamiento. Los municipales imponen orden, las calles están totalmente cuajadas de gente; delante del Ayuntamiento hay gran muchedumbre. La plaza de la Constitución vése totalmente cuajada de gente. Las ventanas, balcones y galerías, son insuficientes para contener curiosos.

Los ánimos muy excitados; aunque la actitud que se observa no ofrece síntomas de gravedad. Escribo correo.—*El Corresponsal.*»

O Xulgado de Instrución procede xa o mesmo día e sucesivos a tomar declaración aos feridos nas súas casas e a gran número de testemuñas, para a formación do sumario aberto polos feitos.

As autoridades piden por telégrafo ao cápitan xeral Sánchez Bregua apoio das tropas, e a media tarde chegan máis gardas civís de Ferrol e a 2ª Compañía do Primeiro Batallón do Rexemento Infantería de Luzón, mandada por un capitán e tres tenentes, que restablecen a orde e controlan a situación.

As detencións non se fan esperar e o mesmo día e seguintes prodúcense as de numerosos veciños das aldeas e do pobo acusados de cómplices e instigadores do motín.

Baixo o titular *"Os sucesos de Pontedeume"*[21] o correspondente de *La Voz de Galicia* resume o acaecido o domingo e comeza desta maneira: *"Renace a calma e este pobo. O aspecto non pode ser máis tranquilo, o cal fai supoñer que non se repetirán os tumultos de onte. Por todas partes discútese con calor o ocorrido"*.

20. *El Regional*. Lugo. 12 de xullo 1889.

21. *La Voz de Galicia.* Nº 2350. Mércores, 10 de xullo de 1889.

Máis adiante encomia a actuación da Garda Civil *"... para conter a sedición, e o heroísmo do cabo e do garda primeiro, así como das demais parellas que con prudencia e serenidade pelexaron contra centos de homes amotinados e evitaron un día de loito nesta vila"*. Aínda que logo achácalle todos os males ao secretario, ao que pide a súa dimisión, e recoñece que os habitantes desta terras están "*angustiados e irritados polo peso aniquilante de tantos tributos"*.

Nin nas actas municipais, nin na prensa dos días posteriores, haberá ninguha referencia á muller de Monfero que estaba gravemente ferida e que perigaba a súa vida, nin ao estado do resto dos feridos.

As tropas do Rexemento de Infantería retíranse o venres doce, pero chegan dende Ferrol dez gardas civís de cabalería en prevención de que se repitan os altercados, cousa que non ocorrerá, aínda que se reforza moito a vixilancia o día 22 en que se celebra a feira de gandos da localidade, por temor a que se reproduzan os desordes.


O alcalde nos días seguintes convoca a Corporación Municipal para analizar os graves feitos ocorridos e tratar de tomar medidas que freen o descontento popular e dar resposta á presión dos manifestantes. Así nos dez días seguintes reunirase o Pleno da Corporación Municipal cinco veces, convidando a participar polo menos en tres sesións a unha representación "seleccionada" de contribuíntes do extrarradio (dúas veces) e do casco e radio (unha vez) para oír as súas opinións e darlle algunha solución ao conflito.

A Corporación Municipal reúnese ao día seguinte luns oito, en sesión extraordinaria presidida polo alcalde Juan Antonio Sardiña Barceló, para analizar os feitos ocorridos o día anterior, e na acta da sesión xustifícase a convocatoria:

> *" ...convocada como consecuencia da alteración da orde pública neste distrito a que deu lugar a forma sediciosa coa que se presentaron multitude de veciños das 13 parroquias que compoñen a poboación rural deste concello, tomando por pretexto e exixencia que para facer efectivo o imposto de consumos no presente ano económico se adopte un procedemento contrario á Lei."*[22]

A continuación vanse describindo os feitos acaecidos, e xa comentados anteriormente, destacando que os veciños do extrarradio se opoñían á forma de administración do imposto para este ano, e van comentando os incidentes ocorridos nos baixos do Concello e fóra do mesmo. O alcalde reitera que tivo que recorrer a pedir auxilio ao cabo da Garda Civil, pois a Garda Municipal estaba a ser superada polos tumultuarios que á unha da tarde excedían de 500. Ademais destaca que *"a alarma non partiu espontaneamente dos habitantes do extrarradio..., senón que foron instigados por certos elementos contrarios á orde pública e á boa administración local..."*.

22. AMP. Libro de Actas de 1889. Sesión extraordinaria do 8 de xullo 1889.



Caseta de consumos na ponte – 1961

Ao finalizar o Pleno o alcalde le un escrito do secretario no que pon o seu cargo ao dispor da Corporación, quen ofrece separarase do caso para evitar a desorde e por ser cuestionado o seu servizo público polos veciños que berraban *"morra e fóra o secretario"*.

A Corporación, por unaninimidade, rexeita a dimisión e lamenta que fose inxustamente insultado e agredido de palabra, e convoca unha sesión extraordinaria para o 10 de xullo á que se convidarán catro veciños contribuíntes de cada parroquia.

O alcalde manterá e repetirá nos próximos plenos que a obriga da Corporación é cumprir as normas legais e facelas respectar, e que a distribución da carga do imposto está feita segundo obriga o regulamento, e que ademais a repartición por parroquias é moi distinta ao que se propalaba e deu lugar á alarma dos veciños, pois o gravame individual que corresponde aos do extrarradio é o 50% do que lle corresponde aos do casco e radio. En todo caso segue lembrando que o mal está na excesiva cota que se lle sinalou a este distrito e contra o que reclamou a Corporación en febreiro.

No Pleno extraordinario do dez de xullo celebrado ás doce e media da mañá, con gran expectación e presenza de xornalistas, os 39 veciños contribuíntes das parroquias que participan na reunión recoñecen nun primeiro momento que o procedemento está dentro das prescricións legais, e o alcalde comunica a cantidade que aproximadamente lle correspondería a cada parroquia na repartición, e quedan emprazados para un próximo pleno a celebrar o dezasete.

No Pleno ordinario do sábado trece de xullo acórdase enviar un oficio ao Ministerio de Facenda para que resolva a reclamación exposta contra a cota asignada, e "*que en*

*xustiza proceda a calmar as xustas aspiracións do pobo sensato e demostrar aos exaltados que esta Corporación fixo canto tivo ao seu alcance para a reparación do agravio que lle infrinxiu o sinalamento da nova cota de consumos".*

Ao Pleno extraordinario do mércores 17 asisten 42 veciños contribuíntes do extrarradio e presentan unha instancia avalada por máis de cen veciños expoñendo a súa alternativa de como se debe recadar e repartir o imposto, rexeitando o encabezamento e repartición feita, e que que este posicionamento está na orixe do conflito creado.

Toma a palabra Antonio Ameneiro, da parroquia de Andrade, que di falar en nome de nove das trece parroquias e propón o seguinte:

> *"... eliminar o extrarradio, estendendo o casco e radio a todo o distrito co fin de que cada un pague ao introducir as especies gravadas o que a elas corresponda, o mesmo no pobo que no resto do distrito, exceptuando ou rebaixando o imposto de consumos dos artigos de primeiranecesidade, sacando a licitación o arrendamento e repartindo o déficit se o hubese de forma equitativa como se veu facendo até agora".*[23]

O alcalde contéstalles que o que propoñen é contrario á Lei, pero non ofrece ningunha alternativa como puidese ser rebaixar a recarga municipal, pois aí ten compe-tencia e autonomía o Concello para facelo.

Dous días máis tarde celébrase outro pleno extraordinario esta vez coa presenza de 29 contribuíntes da Vila, e lese a proposta da reclamación dos do extrarradio. O contribuínte e médico, Ramón Portal Montenegro, propón que, para evitar enfrontamentos entre veciños e conflitos como o que tivemos que lamentar, non se cobre a introdución de fariña ao pobre e que se rebaixe o sal.

Pero é o contribuínte Remigio Vizoso Punín o que fai unha proposta acorde co que veñen reclamando os veciños das parroquias e expón:

> *"... un dos motivos que fomentaron o conflito dos habitantes do extrarradio é o de considerarse prexudicados pola diferenza na forma de contribuír no imposto... pois lonxe de querer pagar en metálico o seu concerto, quixeran aparecer pagando polas especies que realmente consumen, o mesmo que os do pobo...".*[24]

O alcalde dá por terminadas as sesións extraordinarias que acordou para oír os veciños, como consecuencia do conflito creado, e a Corporación fai súas as propostas que se fixeron nos plenos, e comprométese a facer chegar as reclamacións ao delegado de Facenda solicitando que se suspenda a administración municipal do imposto e se proceda

23. AMP. Libro de Actas de 1889. Sesión extraordinaria do 17 de xullo 1889.

24. AMP. Libro de Actas de 1889. Sesión extraordinaria do 19 de xullo de 1889.

a cubrir o cupo xeral do Tesouro e a recarga municipal por medio de repartimento veciñal tomando en conta o importe dos dereitos existentes a primeiro de xullo, e que os habitantes do extrarradio queden nas mesmas condicións que os demais.

## ÚLTIMAS NOVAS

Segundo informa *La Voz de Galicia* o dous de agosto unha comisión composta por un contribuínte de cada unha das parroquias de Pontedeume deixou en poder do delegado de Facenda da Coruña un escrito similar ao presentado no Pleno, no que expoñen os prexuízos do actual sistema de recadación e recollen a alternativa da súa proposta.



Caseta de consumos na Alameda de Raxoi. Anos 60

Na sesión ordinaria do Pleno do 10 de agosto, o alcalde informa que o secretario Pedro Montel Rodriguez presentou a súa dimisión por prescrición facultativa, dada a súa quebrantada saúde, e acéptaselle, nomeándose xa nesta sesión como secretario interino ao oficial Juan Fonte Rodriguez. O correspondente en Pontedeume de *La Voz de Galicia* recolle en ton sarcástico a dimisión e mófase falando de que os veciños están dispostos a erixirlle unha estatua de pedra polos seus desinteresados traballos a favor do pobo.

Tamén en outubro, Marcial Estrela Padín, administrador do imposto de consumos renunciará ao cargo "por motivos de saúde". Quedamos coa dúbida de saber se as dúas dimisións son danos colaterais derivados do conflito.

Uns días máis tarde a prensa recolle que se concedeu ao cabo da Garda Civil Alfredo Maior Castro e ao garda primeiro José López López, que resultaron feridos no motín, a Cruz ao Mérito Militar con distintivo vermello, pensionada con 2,50 pesetas mensuais e ao garda Enrique Infante Mejuto, a Cruz sinxela do Mérito Militar con distintivo vermello.

Por fin o 25 de setembro, a Dirección Xeral de Contribucións Indirectas, comunica ao Concello que o ministro de Facenda xa resolveu a súa reclamación contra a cota de 28.000 pesetas sinalada inicialmente en virtude da Lei do 7 de xullo de 1888, e resolve o seguinte:

> *"... Que dado que a poboación de feito de Pontedeume é de 8.496 persoas e o maior núcleo de poboación é de 2.591 habitantes, aplicando o tipo máximo da segunda escala da lei, tense servido dispoñer que o Concello de Pontedeume pague unha cota de 29.736 pesetas, e non cabe que se lle outorgue outra nova, pois a asignada é inferior ao que viña pagando".*[25]

O Ministerio non ten en conta os antecedentes do conflito exposto, nin atende as solicitudes de cambio na administración do imposto, proposto polos veciños das parroquias. Corrixe a cota anterior asignada, aumentándoa en 1.736 pesetas, aplicando agora a tarifa máxima de 3,50 pesetas por habitante, e rexeitando aplicar polo menos a tarifa mínima de 2,90 pesetas por habitante que pedía o Concello. O alcalde di que é un erro a asignación efectuada, que se basea en datos erróneos e solicita ao Ministerio que se corrixa, ameazando con recorrer á vía do contencioso-administrativo.

No que resta do ano en curso, non haberá máis referencias ao conflito nas actas do Pleno ou na prensa, nin sobre a recadación do imposto de consumos, nin tampouco ao sumario aberto polo motín no Xulgado de Instrución. En novembro o Concello saca a concurso a praza de secretario.

Quen vai correr mellor sorte é o intransixente e inflexible alcalde Juan Antonio Sardiña, que en marzo de 1892 é nomeado administador de Facenda do Partido Xudicial de Pontedeume.

Haberá que esperar ao 12 de xuño de 1911, e por iniciativa do presidente liberal, o ferrolán José Canalejas, para que as Cortes aproben a Lei de supresión do imposto de consumos.

No preámbulo do proxecto da lei, a Comisión creada para o seu estudo, cualifica o imposto como *"unha espoliación do proletariado e da pequena clase media"* .

Xa nos anos anteriores á promulgación desta lei, os gobernos conservadores ían diminuíndo os produtos sometidos a gravame. O imposto irá desaparecendo e transfor-

25. AMP. Libro de Actas de 1889. Sesión ordinaria de 5 de outubro 1889.

mándose de forma progresiva ao longo dos anos sesenta seguintes, aínda que seguirá sendo a fonte de ingresos fundamental da tributación local até os anos vinte.

Os fielatos para recadar taxas a certas mercadorías, e servir para un certo control sanitario dos alimentos, chegaron até comezos dos sesenta do século pasado.

## Bibliografía e fontes

ARQUIVO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. *Libros de Actas de Sesións 1889*. *Caixa de Orzamentos Municipais.*

VALLEJO POUSADA, Rafael. *Reforma tributaria y fiscalidad sobre la agricultura en la España liberal 1845-1900.* Prensas Universitarias de Zaragoza, 2001.

VALLEJO POUSADA, Rafael. *El impuesto de consumos y la resistencia antifiscal en la España de la segunda mitad del siglo XIX: Un impuesto no exclusivamente urbano*. Universidade de Vigo. Revista de Historia Económica. Ano XIV.

COMÍN, Francisco e outros, edit. *Historia Económica de España. Siglos X-XX*. Edit. Crítica.

GARCÍA LASAOSA, José. *El marco jurídico de las Haciendas Locales en España a finales del siglo XIX.* 1985. Universidade de Málaga.

SÁNCHEZ GONZÁLEZ, Juán José. *La Ruína de los pobres. Motines populares.* El Hinojal . Revista de Estudos do MUVI.

SIMÓN ARCE, Rafael Ángel. *El cupo de consumos y el consumo de mercancías en Alcalá de Henares: 1868-1936*. Universidade Complutense de Madrid. 2005

VALDIVIESO MATEO, Mario. *Arder,comer e beber.* Revista Cultural "Columba". Nº11. Ferrol, 2011.

REGULAMENTO PROVISIONAL DO IMPO.STO DE CONSUMOS. R.D. 21 de xuño 1889. Concello de Madrid. 1894

REVISTA COMERCIAL IBERO-AMERICANA. *La supresión del Impuesto de Consumos*. Año XI. Nº 126. 15 de xuño de 1911. BNE.

ARQUIVO DE PRENSA de Juan Sobrino Ceballos.

HEMEROTECA de *La Voz de Galicia.*

ARQUIVO FOTOGRÁFICO de José Ríos Vázquez.

# EL ESCUDO EN TINTA MÁS ANTIGUO DEL CONCELLO DE PONTEDEME

Carlos de Castro Álvarez

## 1. Introducción

Al seleccionar la documentación para la exposición que se iba a celebrar con motivo de la celebración del 750 aniversario de la fundación de la villa, pensamos que no podía faltar alguna alusión a su escudo, cuyas versiones en piedra habían sido estudiadas por A. Vázquez Rey[1], F. José Correa Arias[2], Juan José Burgoa y Carlos de Aracil[3]. De dichas versiones destaca el escudo empotrado en la pared del vestíbulo de la casa del Concello (fig. 1), según se entra a mano izquierda. Se trata de una pieza muy desgastada, pero realmente excepcional, sin duda uno de los relieves más antiguos de la villa. Aúna tres elementos muy significativos de la misma: el puente, verdadera razón de su ubicación, el torreón, y su paso, con Fernán Pérez Andrade O Bóo, a formar parte del señorío de la casa de Andrade. No podía faltar en el escudo un puente que, como dicen las ordenanzas de 1622, era: "*Una de las mas insignes puentes de canteria de toda Hespaña que tiene sessenta y ocho arcos mui espaçiosos, y en medio della un hospital de mucha consideración y es transito y pasaxe de grandisimo concursso de xentes de a pie y a caballo y recuas que concurren de todo este rreino y de Castilla, Portugal y de otras partes*"[4]. Se entiende también la presencia del oso y del jabalí, emblemas de Fernán Pérez de Andrade[5]; pero más problemas de interpretación presenta el dilucidar si debemos de relacionar la presencia de la torre, tan común en otros escudos de otras villas, con el primer Andrade, seguramente constructor de la denominada casa-palacio, o con las necesidades defensivas de una villa que durante 100 años fue de señorío real.

1. *Heráldica de la villa de Pontedeume*, 1976.

2. *O escudo de Pontedeume*, en El cañón del Eume, p. 35, 1995, y *Fernán Pérez Andrade O Bóo, Mentalidad e realidad social*, p. 175, 2004.

3. *Inventario Heráldico de las comarcas de Eume y Ortegal*, 2011.

4. Véase de Castro Álvarez, C., *Calles, plazas y jardines,* p. 103, 2007.

5. Véase Correa Arias, J. F., *Op. cit.,* y García Lamas, M. A., *La memoria de Fernán Pérez de Andrade O Bóo en las iglesias de Montes do Sor: San Pantaleón de Cabanas, Santa María de Cabanas y San Paulo de Riobarba*, "Cátedra" nº 15, 2008.

El escudo de la casa del Concello sirvió de inspiración al que se encuentra encima de la puerta de la Biblioteca (fig. 2), antigua Cátedra de Latinidad, posiblemente de la primera mitad del siglo XVII.

Pero no queremos hablar de estos escudos en piedra, sino de los escudos en papel. ¿Cuál fue el primer escudo de tinta que utilizó el concello de Pontedeume?



Fig.1. Escudo de la pared del Concello

## 2. Legalización del escudo de Pontedeume

El procedimiento y las normas heráldicas para la adopción, modificación o rehabilitación de escudos y banderas de entidades locales está establecido por la Ley 7/1985, de 2 de abril, que regula las bases del régimen local, por el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las corporaciones locales, aprobado por el R.D. 2568/1986, de 28 de noviembre, y por el Decreto 258/1992, de 10 de septiembre, de la Xunta de Galicia. En 2010 entra en vigor el Reglamento de Símbolos de las entidades locales de Galicia.

No hay ninguna obligación de que una villa o concello tenga escudo[6], pero sí de que el escudo cumpla la legislación vigente. De hecho, en 2014, Marta Villar[7], en un artí-

6. Conocemos bien el caso de la provincia de Palencia, donde solo el 43% de los municipios tienen escudos.

7. *La Oponión,* A Coruña, 22 de octubre de 2014.



Fig. 2. Escudo Cátedra de Latinidad

culo de "La Opinión", nos informa que de los 93 concellos de la provincia de A Coruña solo 34 tenían escudos legalizados.

El reglamento afirma que los símbolos de identificación colectiva contribuyen a la integración de su población y a divulgar los hechos más relevantes de su historia. Su adopción debe ser aprobada en pleno por la corporación municipal, previo estudio de expertos o asesoramiento de una Comisión de Heráldica de Galicia, cuyo funcionamiento comienza en 1992. La función de estos expertos es la de justificar históricamente la adopción del escudo, velando porque no se introduzcan elementos caprichosos o injustificados, impropios de la historia o cultura de la villa en cuestión.

El concello de Pontedeume, siendo alcalde Berlamino Freire Bujía, hizo bien los deberes y su escudo y bandera fueron aprobados por Decreto 420/1996, de 21 de noviembre. Previamente se realizó un informe histórico-heráldico, que incluía una representación gráfica, cuyo redactor y dibujante no tuvieron que romperse mucho la cabeza, pues se tra-

taba de legalizar un escudo que la villa poseía desde tiempo inmemorial. Visto el informe emitido por la Comisión de Heráldica de la Xunta de Galicia, el Decreto dispone:

> *"Artigo primeiro.-Aprobar-lo escudo heráldico do Concello de Pontedeume (A Coruña), que quedará organizado do seguinte xeito: De azur (azul), e sobre ondas de azur e prata (branco), unha ponte de prata sumada, á destra, dun oso de ouro (amarelo), pasante e cortornado, e, á sinistra, dun xabaril pasante, do mesmo, e surmontado no centro dunha torre de prata. Ó timbre, coroa real pechada.*
> *Artigo segundo.-Aproba-la bandeira do Concello de Pontedeume (A Coruña), que quedará organizada do seguinte xeito: sobre pano verde, a banda de amarelo.*
>
> *Santiago de Compostela,*
> *vinteún de novembro de mil novecentos noventa e seis.*
> *Manuel Fraga Iribarne*
> *Presidente*
> *Jesús C. Palmou Lorenzo*
> *Concelleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais".*




Fig. 3 .Diseño impreso en Decreto de 1996

Vemos que en este escudo (fig. 3), al margen de los colores, se introduce la corona real cerrada, tan común en otros muchos escudos, y sin duda justificada, pues no en vano la villa fue fundada por Alfonso X y permaneció durante cien años bajo la Jurisdicción real.

## 3. El sello en tinta más antiguo

En agosto de 1876, D. Francisco González de Vela, director del Archivo Histórico Nacional, deseando crear una colección de sellos en tinta, se dirige por escrito al Director General de Instrucción Pública para que inste al Ministerio de Fomento a que solicite a las corporaciones locales que envíen los sellos en tinta que utilizan.

La corporación de Pontedeume, presidida por el alcalde José Fernández Goyos, contesta lo siguiente[8]:

8. AHN, SIGIL-TINTA, CORUÑA, 5, N. 69.

*"Exmo. Sr:*
*Cumpliendo con el prevenido por VE, tengo el honor de remitirle copia de los sellos que se usaron y actualmente se usan en este distrito, con una reseña histórica de lo que consta a cerca los mismos.*
*Dios guarde a VE m. a.*

*Puntedeume, Octubre de 1877*
*Exmo. Sr.*
*José Fernández Goyos".*

En el reverso, aparece la siguiente reseña:

*"No existen datos sobre el origen de los anteriores sellos, pero habiendo pertencedido este pueblo al Señorío de la casa de Alba, que nombraba justicias y funcionarios señoriales, se presume que las armas correspondan á dicha casa y por último los espresados sellos están en uso desde el año d e1844 a 1846.*

*Puntedeume, Octubre de 1876.*
*El Alcalde.*
*José Fernández Goyos".*



Fig. 4. Sellos en tinta (1844–1846)

El desarrollo de los sellos de tinta en caucho está relacionado con el descubrimiento y perfeccionamiento de este procedimiento entre 1839 y 1846 y la disposición gubernativa de este último orientada a que todos lo municipios pudieran usar sellos propios en sus documentos. Dicho desarrollo coincide, pues, con el constitucionalismo.

Desde el siglo XIII, se habían utilizado sellos de cera, especialmente en los privilegios reales y no es descabellado pensar que Pontedeume hubiese podido tener uno, circunstancia que el alcalde José Fernández desconocía, pues solo acierta a decir que habían utilizado sello de tinta desde 1844. La reseña histórica no puede ser más parca, lo que nos pone de manifiesto el desapego a la casa que había ostentado el señorío de la villa y lo poco que se conocía de su historia en la segunda mitad del siglo XIX, circunstancia que prácticamente se va a mantener hasta las investigaciones de Vaamonde Lores y Couceiro Freijomil; y de ahí la importancia de la *Historia de Pontedeume*, una historia cuya publicación impulsa la Corporación con una donación de 750 pesetas (pleno del 31-12-1943) para las gestiones de su publicación, y la compra de 1000 ejemplares, con un coste de 10.000 pesetas; lo que Couceriro agradece en carta leída en sesión de 8 de marzo de 1944. Ciertamente, parece mucho para la época, pero los réditos desde entonces para la historia y la cultura de Pontedeume han sido enormes.

En el informe se envían dos sellos (fig. 4): uno, el que se estaba utilizando, en el que pone ALCALDÍA DE PONTEDEUME, y otro con la leyenda AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL DE PONTEDEUME. La iconografía, prácticamente la misma en los dos, está inspirada en el escudo de piedra del Concello y de la Biblioteca, aunque hay algunas diferencias, en concreto la curvatura del puente y la presencia de cuatro arcos en lugar de los tres del de piedra. Llama la atención que estos emblemas opten por los arcos semicirculares frente a los apuntados, como sabemos eran los del puente gótico y como, con buen criterio, posee el escudo oficial aprobado. Ello nos lleva a pensar que el escudo de piedra del Concello se hizo en un momento donde el gótico había quedado muy atrás.

## 4. Otros escudos en papel

Sin intentar agotar el tema, reproducimos aquí otros escudos. El primero (fig. 5), el aparecido en la portada de la edición de 1944 de la Historia de Couceiro, con tres arcos apuntados, fruto de los estudios que había realizado nuestro historiador.

El segundo (fig. 6) se hizo con motivo de la celebración del VII Centenario de la fundación de la Villa: un escudo un tanto manierista que incorpora una especie de daga atravesando la torre y lo que parece una cruz floury, con crismón en la intersección de los brazos.

El tercero (fig. 7) aparece en la guía editada en 1981 por la *Sociedad Círculo Filatélico "Eume", Arte e Investigación,* vuelve a los arcos semicirculares, ahora en número de dos, e incorpora la corona real.

El cuarto (fig. 8), aparece impreso en el librito *Descripción de la villa de Puente de Heume, Año de 1798*, editado en 1984 por J. Ramón Soraluce, de tres arcos apuntados.

Y por último, aunque en este caso realizados en otros materiales, el escudo en cerámica (fig. 9) que aparece en la medalla conmemorativa del I Centenario del nacimiento de





Fig. 5. Escudo en la Historia deCouceiro (1944)

Couceiro Freijomil (1888-1988), realizada a partir de un dibujo original de Isaaz Díaz Pardo; y el escudo (fig. 10), de 1976, en granito y pizarra, encargado por el *Círculo Filatélico "Eume"*, con motivo de la VII exposición Filatélica Temática "HERÁLDICA", al escultor santiagués Eduardo Parrado Conde, el cual reproduce el escudo de la fachada de la Cátedra de Latinidad.




Fig. 6. Escudo VII Centenario



Fig. 8. Escudo de la Descripción de Pontedeume





Fig. 7. Escudo Guía de 1981




Anverso.




Reverso.

Medalla conmemorativa del I CENTENARIO DEL NACIMIENTO
DE DON ANTONIO COUCEIRO FREIJOMIL.
Dibujo Original de Isaac Díaz Pardo.

Fig. 9. Escudo de Sargadelos



Fig. 10. Escudo de los Jardines Municipales

# COÑECEMENTO E PASAMENTO DUN GALEGO
## (LIÑAS NOVAS E VELLAS DA ARXENTINA)

Xosé Paz Fernández

Penso que foi moita casualidade para nós saber do profesor Lozano Bravo, catedrático de Estudos Galegos da Universidade de Belgrano (A Arxentina) e relacionarnos con el.


Adolfo Lozano Bravo

Hai anos estando realizando pescudas para un traballo relacionado coa música tangueira, lemos na prensa rexional galega un escrito falando do tango e aos poucos días outro que lle poñía os puntos e comas ao mesmo, aclarando, o último, moito sobe este ritmo-baile.

Na crenza de que quen o asinaba estaba moi ben informado escribímoslle (marzo 97) ao seu enderezo na Arxentina, para que se podía e quería nos informase do que procurabamos: datos sobe o eumés Tito Lusiardo, cantante, que segundo unha revista galega daqueles anos fora compañeiro de Carlos Gardel. E non pasara un mes cando recibimos a súa carta contestándonos (abril 97) co envío dos mesmos. E con eles viñeron moitas máis liñas, das que lemos anacos, que axudarán a reflectir un pouquiño a personalidade deste que foi o noso informante:

> *"...Galicia, a quen descubrin no ano 70 cando visitei e coñecín a casa do meu pai nas lonxanas terras luguesas, tén para mín, porteño e tanguero, a identificación que coido en maxinar que non solo son descendente de galegos, senón aínda máis, temos no noso espírito a fonda identidade daqueles que estivemos nos dous sítios ó mesmo tempo.... Solo así se explica o meu pranto ó chegar ás terras de Castro de Rei (...) e chorar como si eu voltara á terra....*
>
> *Meu pai, que tén 87 anos aínda vive (...) entendín alí NA TERRA, que ese recuncho era meu e dende aquel lonxano intre son un galego que nas terras da Prata, traballa na difusión de Galicia, das súas paisaxes, da súa historia, pero sen esquecer as miñas raices "tangueras".*

*A vida… ese feixe de cousas que temos os galegos moi fondo no corazón fíxome o millor regalo cando coñecín A TERRA no ano 70. Foi a volta e fin dun pasar e comecei o traballo dunha nova vida. Eiquí estou… Ledo, pois polo interés e polas miñas cousas, eu merco "A Voz" en Bos Aires os domingos e sinto a felicidade de ter A TERRA xunto a mín, pois deste xeito aparecín escribindo na defensa do verdadeiro e gañei un feixe de amigos que me escribiron na solidaridade e defensa da nosa música. Estou moi ledo dos meus galegos. ¡E que millor que ser útil a eles!"*

E seguía a escribirnos:

*"Pois ben, xa me coñeces. Son porteño, cantor e bailarín e agora Director de Estudos Galegos da Universidade de Belgrano, a máis importante das privadas (...) e pola miña parte tamén coñezo ben Pontedeume, O Castelo, a ribeira do Eume hasta Caaveiro, a Nogueirosa, Monfero, e teño xantado e ceado no Restaurante Yoli, e se ti ves o "Programa Galeguidade" da TVG eu fun o corresponsal que facía contactos coas xentes que buscaban ós seus. Traballo nun programa de radio, onde falo dos camiños de Galicia, coñezo Os Ancares, O Courel, e son meus amigos e irmáns as xentes do Piornedo e teño tamén entre os meus bos amigos a Xavier Alcalá, Alfredo Conde, Manuel Rivas e Carlos Casares…. Sinto a Galicia coma miña nai anque en terra do meu pai.*
*Xa me coñeces un pouco… (...). Vou a facerche chegar datos que me pides (...).*
*Coido que por hoxe é abondo, estou á túa disposición e cando estea no Pontedeume, imos a toma-los viños e cantar algúns tangos pois aínda me defendo ben sobre todo entre amigos.*
*Unha aperta moi fonda e graciñas pola túa carta. Endexamáis maxinei que o tango e Galicia, darían-me tanto na miña vida.*
*Abur irmán.*

*PD. Para xullo estarei en Santiago."*

Co recibimento das novas puidemos localizar o nome do noso personaxe eumés en distintos repartos de películas, non cantando, senón representando un papel semellan a un humorista ou bufón, pois segundo as súas verbas: *"Tito Lusiardo sí formara parte do grupo de Gardel, pero non como cantante senón como moi bo bailarín, facendo actuacións de ton subido como compadrito bailarín y mujeriego, na "Revista Porteña".*

Tempo despois, outras liñas do profesor Lozano fóronnos enviadas en outubro do 1999, dándonos as grazas no recibimento do traballo que lle acababamos de enviar, onde



Trío de Carlos Gardel con Tito Lusiardo á sua esquerda

se reflectían os datos que nos achegara para o mesmo. Nelas falábanos de que había tempo que o amigo Alcalá non ía por Bos Aires e tamén de que el estivera na apertura da Porta Santa cun grupo de arxentinos e da súa limitación de tempo libre que tivera para desprazarse para aquí. Tamén dicía que na súa parola radiofónica nas ondas tiña matinado e preparado falar do contido do noso traballo *Nas beiras do Eume,* das xentes e de Galicia, para contribuir sempre "algo" á cultura galega, e desexaba e quería aparecer por Ponte-deume. E por iso dicíanos nelas:

> *"Temos que artellar unha xuntanza encol do tango e a música eumesa.*
> *Eu xa quedo máis ledo contestando, agradecendo o envío teu e felicitándote (...).*
> *Graciñas."*

A única vez na que falamos e oímos o ton de voz do profesor Lozano foi dun xeito telefónico chamándonos dende A Arxentina e anunciando a súa idea de vir de novo con estudantes da Universidade, na que el exercía como catedrático de Estudos Galegos, a Santiago de Compostela en viaxe de estudos e logo a Pontedeume para intentar compartir connosco algún tempo e coñecernos persoalmente. Non apareceu por aquí, supoñemos que por algún imprevisto que llo impideu. O que sí sabemos e que xa non volveu a contestar as liñas que lle remitimos (1999).

O tempo fixo que os intercambios se durmisen, pero… unha enfermidade longa parece ser que chegou e… o xornalista Xerardo Rodríguez, exdirector da TVG, foi quen

deu conta na rede Internet, do ocorrido o 21 de maio do 2014 no xornal *Galicia Única*: o seu falecemento.

Así no intre da apertura dese campo informativo aberto para nós dende hai pouco tempo, fixo que lembraramos os fíos que nos levaran a saber del.

Sorprendéronnos as "novas" deste amigo da Arxentina, e como non sabiamos moito da súa persoalidade decidimos enterarnos un pouco máis da súa angueira cultural. E pola escrita nas ondas de Internet, soubemos máis da súa vida e das diversas homenaxes que lle estiveron a facer en distintas datas despois do seu falecemento.

Fillo dunha asturiana casada cun galego oriundo de Palas de Rei, soubemos que nacera aló en outubro no 1938 nunha familia humilde e emprendedora e que se licenciou como economista no 1969 exercendo a docencia dende 1968 atéa 1993. No 1989 foi nomeado director da Cátedra de Cultura Galega en Bos Aires. Tivo unha relación moi importante coa TVE en Galicia, coa Radio Galega, coa emigración, a Xunta, e tén acadado premios por diversas publicacións e distintos concursos fotográficos, ademais de ser a alma mater de programas radiofónicos como "Diario de Viaje*"* en Radio Cultura de Bos Aires e de TV dedicados a Galicia. En resumo: foi un dos máis importantes promotores da cultura galega nas últimas décadas.

Ao seu soterramento o 22 de maio, no Panteón que ten o Centro Galego no Cemiterio da Chacarita, asistiron autoridades vencelladas á emigración e á cultura como o Centro Galego de Avellaneda, Centro Galego da Prata, Asociación Civil de Fillos do Concello de Boiro.

O 16 de xuño do ano seguinte celebrouse o primeiro aniversario do seu falecemento e nesa data tivo lugar unha conferencia sobre a súa personalidade no "medio" cultural, houbo interpretacións tangueiras sentidas e finalizando o acto participaron gaitas da Escola de Danzas do Centro Galego que deron un colorido emocionante ao canto de "A Rianxeira" polo público asistente. E nos seguintes anos estivéronse a celebrar outras homenaxes, sinal de cariño e agradecemento á súa persoa e familia.

Acougue en paz este galego.

# O CASTRO DE CENTROÑA/PERBES
# ACTUALIDADE E FUTURO

Antón Prego Fernández e Ramón Infante López

CARDÓBRIGA
ASOCIACIÓN CULTURAL PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO

## INTRODUCIÓN

O presente artigo é o resultado do desenvolvemento dun memorando entregado no Concello de Pontedeume o día 20 de febreiro de 2020 e no de Miño uns días máis tarde, con motivo das noticias aparecidas en decembro do ano anterior referidas a unha serie de danos ocasionados ao castro de Centroña/Perbes cando se realizaban traballos de tala en verán e outono de 2019.

## 1. DATOS DO XACEMENTO

O coñecido como castro de Centroña, castro de Perbes ou castro de Castrelo está situado no lugar dos Castros entre as parroquias de Centroña (Pontedeume) e Perbes (Miño), coordenadas UTM 565293 -4805764. Localízase nunha corcova na aba do monte de Breamo na súa caída cara ao oeste orientado cara á bocana das rías separando a de Ares da de Betanzos, a unha altitude de 194 m (fig. 1) e ocupa unha superficie de 4,1 Ha (7,8 se incluímos a área de protección), sirva como comparación as 3,8 ha do castro de Elviña, estimacións de 2014. Re-



Fig. 1




Fig. 2


Fig. 3: detalles dos PXOM de Miño e de Pontedeume

sulta ben visible dende moitos lugares do Golfo Ártabro como Ares, Sada, Cabanas, A Capela, Miño ou Bergondo xa que ocupa un lugar central dentro deste accidente xeográfico (fig. 2).

## 2. Nivel de protección

O castro de Centroña figura como ben catalogado pola Dirección Xeral de Patrimonio co código de xacemento GA 15048001, rexistrado no PXOM de Pontedeume na ficha nº X_018, goza do nivel de protección II-1 e II-2, e seu estado de conservación é cualificado nese documento de *regular*. No PXOM de Miño figura na ficha A-1, goza do nivel de protección integral G.II-1 (solo rústico de especial protección de xacemento arqueolóxico) e G.II-3 (área arqueolóxica de cautela complementaria), e seu estado de conservación é cualificado de *moi bo*. Chama a atención a diferente cualificación do estado do xacemento en segundo que documento (fig. 3).

## 3. Descrición

Ten forma irregular e consta dun recinto principal ou croa duns 118 m no seu eixe norte-sur e 80 m no leste-oeste rodeada por todo o seu perímetro por unha muralla-parapeto que chega a ter até 3 m de altura polo interior e 5 m polo exterior. Esta muralla de terra deixa ver en varios lugares afloramentos de paramento de cachote de xisto máis ou menos derrubado.

Acaroado á croa polo oeste ten un antecastro de grandes dimensións, dunha anchura máxima de 70 m e unha altura media de 3 ou 4 m sobre o nivel inferior protexido por murallas e terrapléns, seguido doutros aterrazamentos en cotas descendentes de probable relación co castro. Está partido en dous por unha pista de terra que bordea a croa polo sur.

Pola parte sur unha alta muralla-parapeto arranca perpendicular á do recinto principal interrompida por unha pista de terra e, máis ao sur desta, aprécianse estruturas de diferentes niveis que poderían indicar unha entrada monumental.

Na parte leste, onde as defensas naturais son máis febles, ten un complexo sistema defensivo mixto de foxos e parapetos e ademais outro antecastro que voltea a croa dende o leste até rodeala por toda a parte norte (fig. 4).




Fig. 4

## 4. Contexto histórico e arqueolóxico

O castro de Centroña pertence a unha unidade xeográfica definida polo interfluvio comprendido entre os ríos Eume ao norte e Baxoi ao sur e na que destaca a silueta dominante do monte Breamo que marca a divisoria entre as rías de Ares e de Betanzos. Este territorio vén sendo habitado de forma descontinua dende o Neolítico (a partir do V milenio a.C.), feito demostrado pola existencia de enterramentos tumulares e a aparición de restos de cabanas de estacas de madeira chantadas, de estruturas de combustión e ademais dalgúns restos materiais como cerámicas, machadas pulimentadas e algún outro instrumento lítico descubertos cando se iniciaban as obras da urbanización Costa Miño no val do río Xarío (Lugar das Gándaras, Monte Agudo, San Xoán de Vilanova) ao sur do Breamo. Tamén hai pegadas da Idade do Bronce (1.800-700 a.C.) en forma de petróglifos espallados polos concellos da contorna, o máis recente descuberto na parroquia de Ombre no mesmo Pontedeume onde tamén hai mámoas (fig. 5).



Fig. 5

Á falta dunha actuación arqueolóxica que delimite o momento de ocupación do castro de Centroña, este adoita datarse xenericamente na 2ª Idade do Ferro, en torno ao ano 400 a.C.

O contexto histórico do castro vai asociado á rexión histórica coñecida hoxe como Golfo Ártabro, nome que procede dos ártabros ou arrotrebas, pobo céltico que habitaba en tempos protohistóricos as terras comprendidas, cando menos, no seno formado polas rías de Ferrol, Ares, Betanzos e O Burgo/A Coruña, aínda que moitos autores amplían o seu territorio con límites litorais entre o Anllóns polo sur, fronteira entre os ártabros e os seus veciños os nerios, e a ría de Cedeira polo norte, límite entre ártabros e o pobo dos arróns[1] (fig. 6).





Fig. 6: N.O. peninsular segundo Pomponio Mela (J. Naveiro, 1998)

> *(...) Os Artabros teñen moitas cidades situadas nun golfo ó que os navegantes que o percorren chámanlle Porto dos Artabros.* (Estrabón, III,3,5)[2]

O poboamento e riquezas desta rexión foi tema comentado frecuentemente nas fontes clásicas dende tempos de Estrabón (s. I a.C.), Pomponio Mela (s. I d.C.), Plinio O Vello (s. I d.C.) a Ptolomeo (s. II d.C.):

> *(...) Entre os Artabros, que son os últimos cara o Noroeste, di (Posidonio) que a terra florece de prata, estaño e de ouro branco, xa que está mesturado con prata e que os ríos arrastran esta terra e que as mulleres remóvena con angazos e lávana en cribos tecidos en forma de cestos.* (Estrabón, III,2,9)[3]

As rutas de comunicación que fornecen as rías, e cara ao interior os ríos, e que permanecerán activas até a chegada do ferrocarril a principios do s. XX, favorecerían o comercio e o desenvolvemento das cidades que mencionan os textos clásicos. Proba disto

1. Méndez Fernández, F.: *Os territorios e cidades ártabras*. En VVAA (Prego Fernández, A. Coord.): *O Torques de Centroña cen anos despois*. "Monográfico da Revista Cátedra" nº 3, Pontedeume 2014, p. 121 ss. Cfr. González García, F.J.: *Os ártabros.* Ourense, 2003 e Alonso Troncoso, V.: *El golfo Ártabro: paisaje prehistórico y teatro de historia (c. 900-61 a. C.)* en Alonso V. et alt. eds. *El golfo Ártabro. Fragmentos de historia litoral y patrimonio*. A Coruña, 2014. p. 153 ss.

2. Romero Masiá , A.M. e Pose Mesura, X.M.: *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña 1988. p. 33.

3. *Op cit* p. 28.




Fig. 7

son os numerosos castros catalogados nesta rexión, máis de 170 e uns 30 na zona do Eume/ría de Ares (fig. 7).

Como xa explicamos noutro traballo[4], a porción de territorio ártabro que nos atinxe adáptase á perfección ao modelo de ocupación do territorio dos pobos da Gallaecia céltica na Idade do Ferro proposto por García Quintela, por González Ruibal e por Brañas Abad[5]. Trataríase dunha agrupación política de tipo intermedio entre o poboado (castro ou *castellum* segundo os romanos, *briga* segundo os pobos célticos) e os os *populi* ou *civitates* referidos nas fontes clásicas (*éthne*, según Estrabón) entre os que se atopan os ártabros ou arrotrebas. Estas agrupacións intermedias estarían formadas por un número limitado de castros distribuídos nun territorio (*pagus*) dominado por un santuario (*centrum*), a carón do cal estaría o *oppidum* ou castro capital do territorio. Unha vez demostrada a existencia do santuario pre-cristián no monte Breamo a través do seu tramado simbólico e máis da etimoloxía do orónimo (**brig-amo*≈lugar máis alto ou supremo), a observación da paisaxe arqueolóxica vén a confirmar de maneira manifesta este modelo, xa que en Centroña/Perbes estamos diante dun castro de grandes dimensións acaroado ao santuario do monte de Breamo, dominando ambos un amplo territorio inzado de castros de menor tamaño que serían subsidiarios daquel (o arco visual dende o castro é de 225º en disposición N-S e de varios quilómetros de profundidade, o arco dende o cumio do monte é de 360º, fig. 8). E ademais, por achegar un indicativo máis da soberanía do castro: o medio torque de ouro atopado nas proximidades deste poboado en 1912[6] (fig. 9).




Fig. 8

O que podemos ver na paisaxe arqueolóxica

4. Prego Fernández, A: *O santuario do Breamo. Retrato dunha montaña sagrada.* "Revista Cátedra" n.º 23, Pontedeume 2016, p. 307-10.

5. García Quintela, M.V.: *La organización social y política de los galaico-lusitanos* en González García, F.J. (coord.) et alt. *Los pueblos de la Galicia céltica.* Madrid 2007, p. 337 ss. Brañas Abad, R. *Deuses, heroes e lugares sagrados.* Compostela 2000, p. 169 e 176. González Ruibal, A.: *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.),* tomo II, cap. 4, p. 277 ss.

6. Prego, A. e Infante, R.: *1912: Achado arqueolóxico en Pontedeume!* En VVAA (Prego Fernández, A. Coord.): *O Torques de Centroña cen anos despois*. Monográfico da Revista Cátedra nº 3, Pontedeume 2014, p. 9 ss.



Fig. 9: torque de Centroña (Foto Museo Provincial de Lugo)

vén confirmado nominalmente na documentación alto-medieval. O Parroquial Suevo (*Parrochiale Suevorum*), tamén coñecido como División de Teodomiro (*Divisio Theodomiri*), é un documento redactado na segunda metade do século VI que reflicte a división administrativa eclesiástica do reino suevo de Galicia en tempos do rei Teodomiro. Este

documento contén a relación de 134 parroquias[7] agrupadas en 13 dioceses. Moitos dos nomes de parroquia correspóndense con etnónimos de populi indíxenas mencionados nas fontes clásicas e que son asumidos para organizacións territoriais posteriores, manténdose algúns mesmo na actualidade. Neste relatorio de parroquias menciónase, dentro da sé iriense, a de *Prucios*[8] (fig. 10). Autores modernos[9] confirman esta orixe como xentilicio para o actual *Pruzos*, hoxe denominación do arciprestado que ocupa o mesmo espazo que a parroquia sueva, entre os ríos Eume e Mandeo[10] (fig. 11). En definitiva, temos unha unidade política e territorial de tipo intermedio, a dos prucios, dalgunha maneira integrada ou confederada nunha unidade de rango superior, a *éthne* ou *populus* dos ártabros ou arrotrebas[11].



Fig. 10



Fig. 11: arciprestado de Pruzos. Mapa do arcebispado de Santiago (1825)

7. O concepto de parroquia como unidade territorial e social que hoxe coñecemos non aparecera aínda.

8. Esta denominación aparece con diferentes variantes en segundo que documentos: *Pluzios, Plucios, Plutius, Plutios,* como formas máis antigas do s. VI a X, *Prucius, Prucios* aparece xa no s. VIII e a actual *Pruzos* que aparece xa no s. XIII. Fonte CODOLGA: http://corpus.cirp.es/codolga/

9. Castro Álvarez, C. de.: *Prehistoria, Edades Antigua y Media en la Comarca Eumesa. Bibliografía y estado de la cuestión*. "Revista Cátedra" nº14, Pontedeume 2007, p. 282-7. López Calvo, J.A.: *Territorio Prucius: Pontedeume en la temprana Edad Media.* "Revista III Feirón Medieval dos Andrade". Pontedeume 2012, p. 31-5.

10. *Pruzos* tamén é o nome dun lugar da parroquia de Churío, no concello de Irixoa, que conserva as ruínas dunha pequena capela consagrada a Santo Estevo.

11. Cfr. Méndez Fernández, F. *op cit.*



Reconstrucción hipotética do castro de Centroña

Os mesmos textos clásicos dan conta do interese comercial, de púnicos primeiro e de romanos despois, por estas terras. Interese que queda manifesto nos asentamentos romanos da mesma Centroña e Sopazos en Pontedeume e de Noville e Caloval en Mugardos e ademais noutros restos romanos menos coñecidos como os aparecidos no castro da Insua e os restos de actividade mineira no lugar das Covas ambos en Boebre ou o tesouriño de moedas romanas de Algara en Bermaño, Perbes, e os restos aparecidos en Loios (Miño). A estes podemos engadirlles a cabeza cuadrifaz de Esteiro e a estela de Grandal (Vilarmaior), o que representa un rico patrimonio arqueolóxico antigo reflexo dun inten-sivo poboamento da comarca desde tempos moi remotos até a actualidade.

## 5. A TOPONIMIA

A micro-toponimia do lugar leva séculos conservando memoria do que foi. Así, no castro de Centroña temos nomes como Castrelo, Os Castros, As Casas Vellas, O Castro, A Cabana, A Cabana Derriba e O Casal, Camiño da Cabana e Camiño do Castro que indican, non só a existencia soterrada do xacemento, senón o alcance que este pode chegar a ter en superficie (fig. 12).




Fig. 12: marcos parroquiais e toponimia (www.galicianomeada.xunta.gal)

Na zona definida do deslinde dos concellos de Pontedeume e Miño no castro de Centroña temos unha serie de marcos de pedra de cantería, de formas similares, documentados[12] e cos seguintes nomes: o marco da Cabana, o marco da Pedra ou dos Castros, o marco do Castro ou da Cortiña Grande, o marco das Casas Vellas ou do Peral e o marco do Casal. Todos estes nomes de micro-topónimos están xeo-referenciados e validados na plataforma de Galicia Nomeada[13] da Xunta de Galicia pola Asociación Ardóbriga.

12. *Libro de deslinde e amojonamiento de 1889 del Ayuntamiento de Puentedeume con el de Sta. María de Castro.* Expedientes demarcación e límites 1680-1936, caixa 208, AMP e Libro de actas para a formación do Catastro Parcelario de España, no ano 1924, IXN.

13. https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/visor

## 6. FOLCLORE

O folclore é a expresión popular da singularidade dun xacemento arqueolóxico e reflexo da proxección identitaria acadada no tempo. A Asociación Ardóbriga ten recollidos algúns relatos interesantes relacionados en maior ou menor medida co castro de Centroña:

– Un informante da próxima aldea de Castrelo pon en boca da súa bisavoa a descrición dun antigo e cruento ritual celebrado no castro en tempos remotos. O testemuño fala da suposta existencia dun fito de pedra no centro da croa en torno do cal poñerían deitados os nenos nacidos con eivas, que daquela serían moitos debido aos frecuentes emparellamentos consanguíneos. As nais bailarían nunha especie de transo místico arredor da pedra e sobre dos nenos. Aquel que sobrevivise ao ritual sería tratado en adiante como un ser especial[14].

– A lenda do túnel que uniría a furna do Tumbou, preto da praia de Ber, coa capela de San Miguel de Breamo pasando por debaixo do castro[15].

– A lenda das tres doncelas transparentes, que se desenvolve nunha antiga e desaparecida cidade na desembocadura do Eume, adoita situarse neste castro que Jean Markale identifica coa cidade de Ardóbriga[16] (fig. 13).

– Un dato etnográfico que reflicte a asunción identitaria do castro polos núcleos que se formaron tras o seu abandono habitacional é o "reparto territorial" do mesmo entre as parroquias de Centroña (Pontedeume) e Perbes (Miño)[17]. A divisoria parroquial pasa polo mesmo centro do castro e está balizada por 3 marcos de cantería no mesmo castro e ademais outros 2 nas proximidades, e dous deles teñen carácter especial: o das Casas Vellas ten amilladoiro e está próximo ao lugar onde apareceu o medio torque (fig. 14); o do Casal ten lenda de seu[18]:

> *Dixéronlle os mouros a unha señora que fose todos os días a dar sete voltas o marco e así atoparía un peso cada día, pero non podía dicirllo a ninguén pois se así o facía non vería un peso nunca máis. A señora facía o ritual todos os días e sempre atopaba o peso, até que un día no que lavando no lavadoiro comunal enfadouse cunha veciña e para anoxala lle contou o do peso. Despois disto nunca máis atopou a moeda no marco nin cerca del.*

14. Gonzalo Carpente, lugar dos Castros, Castrelo, Centroña (Pontedeume) agosto 2016.

15. PREGO FERNÁNDEZ, A: *Op. cit.*, p. 292.

16. Lenda recollida por MARKALE, J. *Cuentos y leyendas de los paises celtas.* Noia, 1998 p. 169 ss. É adaptada por Miranda, X. e Reigosa, A. en *A flor da auga.* Vigo, 2006 p. 31 ss., PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. et alt. *Un mar de leyendas*. A Coruña, 2006 p.63 e FONTE SARDIÑA, J. *As lendas do Eume.* "Revista Cátedra" nº19, Pontedeume, 2012 p. 479.

17. Hai máis casos de divisións territoriais a través de castros en Galicia, como exemplo o *oppidum* de San Cibrán de Las (Lansbriga) que está repartido entre os concellos de Punxín e San Amaro (Ourense).

18. Virtudes Fachal, lugar de Ombre (Pontedeume).1997.




Fig. 13: *As doncelas transparentes* (J.M. González Collado, 2006)



Fig. 14: marco das Casas Vellas, con amilladoiro

## 7. Estado actual

O castro de Centroña vén sofrendo historicamente múltiples agresións:

– Actividades extractivas de pedra para a construción de casas e bodegas dos lugares circundantes, acentuando o dano coa formación de, polo menos, 5 pequenas canteiras que se aprecian perfectamente (fig. 15).
– A pista que atravesa o castro rodeando a croa polo sur, que na imaxe do Voo Americano identifícase como un camiño de carro para servizo das fincas (fig. 16), nos anos 80 foi ancheado sen control para dar paso á moderna maquinaria agrícola. As actividades de mantemento e limpeza das beiras realizadas periodicamente polo Concello de Miño teñen ocasionado derrubas no parapeto do recinto principal que deixan ver o paramento de pedra (fig. 17).
– Foi utilizado como pista de moto-cross até hai uns poucos anos.
– Actividades espoliadoras descontroladas. A descuberta do medio torque de ouro en 1912 atraeu a atención de propios e estraños, e durante un tempo se procurou a outra metade pola que se chegou a ofrecer recompensa, pero non sabemos o que puido aparecer nesas procuras. Ademais temos noticias da aparición de diversas pezas de cantería como o muíño de man depositado no Torreón de Pon-



Fig. 15: IXGA. Mapa de fondo sombreado




Fig. 16: IXGA. Foto Voo Americano (1956-57)



Fig. 17: restos de paramento

tedeume polo mestre don Álvaro Vázquez Penedo[19] e ademais outras pezas que, segundo nos informaron, están en casas de distintos veciños da contorna, mesmo formando parte de construcións modernas (fig. 18).

– O abandono do traballo das terras fixo que moitas parcelas foran quedando a monte medrando especies arbóreas de alto porte e extensas raiceiras, tamén hai fincas plantadas a eucalipto de maneira ilegal en datas bastante recentes. Este arborado formou un denso mato no que, con ocasión de cada temporal de vento, caen árbores levantando a terra e removendo o substrato. Ese abandono fixo tamén que os teixugos colonizasen a parte noroeste da muralla da croa con varias profundas teixugueiras aproveitando antigas raposeiras (fig. 19).
– Froito tamén do abandono son as verteduras de cascallo, lixo e material de refugallo de xardinería que se poden ver en varios puntos do castro.
– Os danos máis recentes foron ocasionados por traballos de tala de eucalipto realizados no ano 2019 que afectaron varias das fincas situadas na metade norte do castro, correspondente ao concello de Pontedeume. Houbo remoción de terra en varios lugares do xacemento que afectaron mesmo os afloramentos rochosos, debido á entrada de maquinaria pesada en varios sectores do castro, o que afectou tamén o ancho da pista que o atravesa que resultou aumentado. Foron abertos dous accesos de varios metros de ancho para meter as máquinas no recinto, un a través do parapeto do antecastro leste e outro no socalco do suroeste. A caída e arrastre dun eucalipto de grandes dimensións provocou un suco de uns 10 metros de longo na muralla da croa pola parte norte que fixo aflorar as pedras do paramento da mesma[20] (fig. 20).
– A propiedade das terras que ocupa o castro é privada e está dividida en moitas fincas, algunhas moi pequenas e de propietarios descoñecidos ou emigrados, que deberían pasar a ser de dominio público para que as administracións locais puidesen actuar de xeito directo na súa conservación. Por outro lado, ao pertencer a dous concellos, calquera iniciativa de importancia, como unha planificación integral de estudo e conservación do xacemento, obrigaría a unha acción coordinada entre ambas entidades.

## 8. Catalogacións e interese social

O 23 de setembro de 1971 publicábase no BOE o Decreto 2234 que declaraba conxunto histórico e paraxe pintoresca á Comarca Eumesa, co que se pon a primeira pedra

19. Non atopamos acta nin rexistro documental do depósito, tan só temos unha nota da entrevista do investigador local Juan Sobrino Ceballos ao mestre D. Álvaro Vázquez Penedo no asilo de Pontedeume en decembro do ano 1999: *"Segundo D. Álvaro Penedo, ex-profesor de Centroña, o muíño romano que hai no Torreón dos Andrade atopouno el no castro de Centroña."*

20. Malizia, M.L.: *Arqueoloxía e madeira. Consideracións sobre a relación entre actividade madeireira e control arqueolóxico*. "Revista Cátedra" nº 26, Pontedeume, 2019 p. 61 e ss.



Fig. 18



Fig. 20: Danos por labores de tala en 2019



Fig. 19: unha das teixugueiras

para a posta en valor do noso patrimonio histórico e paisaxístico. A partir de 1972, coa sinatura da Convención do Patrimonio Mundial da UNESCO comeza un lento proceso de modernización lexislativa estatal que se iniciará en 1985 coa Lei 13/85 de patrimonio histórico español, e máis adiante a Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, norma de gran relevancia ao supoñer a base legal e normativa na que se fundou a especificidade propia do patrimonio cultural galego, pero que sería substituída pola actual Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Porén, a lexislación protectora do patrimonio vai moi por diante da acción executiva dos gobernos que non consideran esta cuestión prioritaria e escatiman medios materiais e humanos no desenvolvemento do que é un dos mandados da Constitución[21]. Estas políticas neglixentes en materia de Patrimonio percíbese claramente na demora nos desenvolvemento lexislativos, nas miserentas dotacións materiais e humanas dos departamentos encargados e na falta de transparencia e mesmo escurantismo do catálogo de bens patrimoniais da comunidade galega, que debería ser aberto e accesible a toda a cidadanía e non é así. A Asociación Ardóbriga conseguiu hai anos, por medios que non podemos relatar, copias das fichas do castro de Centroña que custodian en arquivadores decimonónicos na Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia (fig. 21 A-B). Pola súa parte, os concellos de Pontedeume e Miño foron quen de facer (e non sen moitos esforzos) catalogacións actualizadas dos bens patrimoniais locais coas delimitacións dos xacementos arqueolóxicos nos seus respectivos PXOM[22], que xa foron comentados máis enriba.

Até hai uns 15 anos este castro era descoñecido mesmo para xente que vivía moi preto del. Os veciños e propietarios sabían da súa existencia pero poucos foron quen de coñecer o alto valor patrimonial do xacemento. Como outros moitos castros de Galicia, foi empregado como recurso para a obtención de materiais de construción para casas, bodegas, fornos e peches; a día de hoxe pódese ver un muíño naviforme incrustado no muro de peche dunha casa de Sambollo.

A primeira referencia documental que atopamos do Castro de Centroña, até o de agora, é de 1153. Trátase da doazón a Caaveiro dunha herdade en Vizús (Sta. María de Centroña) que aparece no *Tombo do Mosteiro de Caaveiro*[23]: *(...) a termino qui dictur de eclesia Centronia et inde ad ripa maris, et de ipso marco ad Castrello, et inde ad castro de Simbolio,(...)*

Tamén témolo documentado no *Catastro de Ensenada*[24]*,* 1752, nas demarcacións das parroquias de Centroña e Perbes: en Santa María de Centroña, *(...) consiguientemente a la Leira de Cortiña grande de Juan Calbo el viejo de los Castros, y desde este ba*

21. Constitución española de 1978. Art. 149, apartados 1 e 2.

22. PXOM de Miño aprobado en 2002 e PXOM de Pontedeume aprobado en 2016.

23. Ed. de Fernández de Viana y Vieites, J.I., González Balasch, M.T. El *Monasterio de SanJuan de Caaveiro. Tumbos*. A coruña, 1999. Pax. 277. doc nº 206: 1153, junio, 24. Gonzalo Menendez coa súa muller dona Mayor doan a Caaveiro uhna herdade en Vizus, en Santa Maria de Centrona.

24. Catastro de Ensenada: Preguntas Xerais nº 3, Demarcacións das parroquias de Sta. María de Centroña e San Pedro de Perbes.





Fig. 21–A



CROQUIS EXPLICATIVO
A
A'
180 m.
B
B'
180 m. s.n.m.
10 m.
100 m.
* Terraza inferior y act. de planicie cultivada.
. Rodeada por muralla 3 m. alta y 0'5 m. al W (ladera) y 5 m - 3 m. sobre ladera
. Rodeo total: 100 m. N-S x 45 m. E-W. Rodeada de cultivos a este resto obra al Sur.
. Terraza al W 9. quizás para un antecastro (43 m. ancho máx.) alto 3 m. sb. cultivos circundantes
. Nº 3. Pequeño perpendicular a la muralla del Recinto Alto.
etc...

Fig. 21–B

*descendiendo a la corredera de Agro Longo (...)*; en San Pedro de Perbes, *(...) desde esta al agro Longo de aqui al Marco Pardo dos Castros (...).*

O historiador local eumés por excelencia, A. Couceiro Freijomil, escribe xenericamente sobre os castros galegos sen facer mención concreta a ningún dos nove catalogados hoxe entre Pontedeume e Miño (dous deles compartidos entre ambos concellos[25]). Si menciona Castrelo como topónimo significativo de por si e como lugar da parroquia de Centroña no que foi atopado o medio torque en 1912[26]. Idéntica referencia ao topónimo de Castrelo, *cuxo nome testemuña a existencia dun castro ou poboado celta*, fai J.M. Luengo[27] ao recordar o achado do torque nas primeiras liñas de contextualización arqueolóxica do seu artigo sobre a escavación na vila romana de Centroña de 1950.

Entre os papeis de F. Vales Villamarín no Arquivo Municipal de Betanzos hai unha nota enviada por Federico Maciñeira ao historiador betanceiro[28]:

> *Na parroquia de Centroña ao carón do castro de Castrelo e pola súa banda do N, existen dous magníficos gals–gals, case no recinto exterior do castro.*

Maciñeira define o *gals–gals* "*como un montículo todo formado de pedra"* (megalito de Pena Faladoira fronte ao gran meandro do Sor), e o *semi gals–gals "revestido a modo de coiraza por una grosa capa de pedrolos".* O investigador ortegán só atopou un destas características entre os 300 que catalogou na zona de estudo de Ortegal e Eume. Segundo as súas notas, Maciñeira denomina aos *gals–gals* como *"os que teñen coiraza pétrea". "Maciñeira denominaba a mámoa que tiña a cámara no subsolo de tipo gals–gals".*

No seu *Inventario monumental artístico*[29]*,* Angel del Castillo fai a seguinte mención do castro de Centroña:

> *Na parroquia de Santa María de Centroña. Concello de Pontedeume, provincia da Coruña, ás beiras da ría. Na mesma parroquia consérvase un interesante castro, ao que se chama "de Centroña", preto do cal se achou hai anos un interesante torque de ouro, que publicou don Manuel Murguía no núm. 66 do Boletín da R. A. G., en novembro de 1912. Boa vista sobre a fermosa ría de Ares, e Pontedeume. Nota: Nesta comarca é frecuente o achado de obxectos romanos.*

25. Ademais do de Centroña/Perbes está o de Andrade, que na súa maior parte pertence a Miño.

26. Couceiro Freijomil, A.: *Historia de Puentedeume y su comarca.* Compostela, 1944, p. 12.

27. Luengo Martínez, J.M.: *Las excavaciones de la villa romana de Centroña (Puentedeume-La Coruña)*. "Cuadernos de Estudios Gallegos" nº XVII, Comostela, 1962. p. 5.

28. Vales Vía, J.D.: *No regazo da noite estrelecida. Biografía apaixoada de Francisco Vales Villamarín.* Betanzos, 2012. Nomeado mestre da escola de nenos de Boebre, en Pontedeume, o 17 de xuño de 1918, da que tomaría posesión o día 28, por espazo de cinco meses.

29. Del Castillo, A.: *Inventario monumental y artístico.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1987.

Millán Gonzalez-Pardo[30] chama a atención sobre a importancia que na antigüidade puido ter o Castro de Centroña ao que chega a identificar coa cidade de Ardóbriga, citada polo xeógrafo romano Pomponio Mela na súa *Chronographia* en torno ao ano 44 da nosa era como unha das cidades do Gran Porto Ártabro:

> *Pero, cal era, e como a Ardobrica urbs desta paisaxe [da Chronographia]? As circunstancias até agora analizadas levaríannos a pensar, arredor do año 40, nun poboado de exclusivo carácter indíxena, situado, mellor acaso que no cumio do BREAMO, nunha empinada ladeira ou estribo do monte. Entre San Miguel de BREAMO e Santa María de Centroña estendíase o prolongado outeiro dos Castros, en cuxa paraxe das Casas Vellas apareceu no ano 1912 o torque de ouro, mutilado, chamado de Centroña. (...) Podería ser esta a exacta localización que buscamos. O marcado carácter de tradicionalidade artística que revela a factura coidada daquela xoia, sería indicio, nos que a labraron ou se ornaron con ela, de pertencer a un grupo con forte estabilidade social e un apreciable nivel de riqueza, refinamento e destreza técnica.*

Ve Millán Gonzále-Pardo, e cremos que con bastante acerto, nas costas da actual Centroña un centro de grande actividade comercial e exportadora, de intercambio por vía marítima coa provincia Bética, de almacenaxe de produtos recibidos ou trocados e mesmo de incipientes instalacións industriais, que co seu desenvolvemento propiciaría a paulatina formación de asentamentos nas terras baixas da franxa costeira a expensas da desocupación da Ardóbriga etimoloxicamente entendida como *alta fortaleza ao resgardo ou a carón* do monte Breamo. Este proceso culminaría co abandono total do castro como lugar de habitación e, en definitiva, coa perda do topónimo.

O mesmo autor máis adiante dedica un epígrafe ao topónimo do lugar de Castrelo[31] no que, tras lamentar non coñecer de primeira man esa zona, transcribe o que lle contan o seus informadores:

> *Contan os meus informadores de "murallas que había nos Castros e de casas redondas, unha rodeada de foxo, cun muro de pedra" e "dun muíño de man que atoparan esgarabellando" e que nun sitio denominado A Rega -que non é a do topónimo de Santa María de Ombre- "víanse covas e murallas e unha zanxa que ía polo fondado do monte, aveirada de pedras, hoxe todo moi desfeito". Apunta esta descrición aos restos do castro: casas circulares e, acaso, foxos e antemurallas.*

30. Millán Gonzalez-Pardo, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz*. A Coruña, 1987, p. 120 ss.

31. *Op. cit.* p. 139.

En 1997 publícase unha sucinta catalogación do patrimonio arqueolóxico eumés na *Revista Cátedra*[32] na que, ademais de datos sobre a súa localización e as coñecidas referencias ao torque, fai unha detallada descrición do xacemento:

> *Situado no cumio dun monte de pouca altura, consta dun recinto principal amurallado rodeado á súa vez por un antecastro no lado norte e oeste. No seu lado leste posúe un sistema de defensa formado por tres murallas e foxos. Nos lados sur e norte varios lenzos de murallas de escasa lonxitude prolónganse cara aos espazos aterrazados. Rodeando o xacemento áchase un importante sistema de terrazas que poderían relacionarse co propio asentamento castrexo.*


Esta última observación, sobre o probable vínculo dos aterrazamentos circundantes co propio castro a nós parécenos evidente e sería un interesante tema de estudo arqueolóxico.

Nese mesmo ano 1997 Sobrino Ceballos, con desinteresado esforzo catalogador, recompila datos de todos os xacementos da comarca. Recolle a escasa información bibliográfica existente, relacionada case con exclusividade ao tema do torque de Centroña e toma *in situ* unhas valiosísimas notas, inéditas até o de agora, que inclúen unha ficha (segundo un modelo de Romero Masiá, fig. 22), fotografías, varios bosquexos e datos descritivos do castro[33]:

> *Preto da teórica entrada hai restos do que puidera ser unha rampla de acceso ao recinto, que atravesaría o antecastro polo seu lado W.*
> *Hai zonas nas que se poden apreciar muros, con pedra (non labrada), de pequenas dimensións.*
> *O ancho destas defensas oscila entre os 2 e 3 m.*
> *A conservación do xacemento é aceptable, a no ser por unha especie de canteiras que hai no seu interior (croa) e no antecastro do lado W. (...) a prolongación do muro está cortada polo camiño que bordea o castro até saír polo antecastro do W. Pódense ver aínda no corte do terreo pedra posiblemente da muralla.*
> *As defensas dos lados L e S son as máis potentes.*
> *Nunha das canteiras pegada ao muro antes citado, pódense apreciar restos de edificacións, todo moi desfeito.*
> *O ancho oscila de 4 a 6 m.*
> *Aínda se poden observar restos de muro. (fig.23)*

32. González Fernández, A. e Ricard Guillot, S.: A *ordenación do territorio presente a través da afirmación do espacio pasado. O patrimonio arqueolóxico en Pontedeume.* "Revista Cátedra" nº 4. Pontedeume, 1994, p. 210.

33. Arquivo *Juan Sobrino,* carpeta: *Centroña*.




13.- Fichas para as catalogacións

Fig. 22-A

58 ANA ROMERO MASIA

FOLCLORE

BIBLIOGRAFÍA

BRAG: T·VI, n:66 (1-X-1912)
M. Murguia.
Couceiro F.

N

Fig. 22-B



Fig. 23: restos de paramento na croa (xirar á dereita para ver)

*A uns 10-12 m. Do marco e baixo unhas árbores caídas vense os restos dun pequeno muro duns 30 cm de altura, pedra sen labrar (pizarrosa), igual que a das defensas (está mesturada con terra).*
*Non hai restos de cerámica.*
*Creo que do castro se debeu quitar cantidade de pedra, a xulgar pola irregularidade do terreo dentro da croa.*

Tamén recolle datos dos veciños sobre materiais:

*Dinme que hai unha pedra que antigamente tiña letras, agora semella que están borradas, esta pedra debe quedar pola canteira da parte máis pendente do castro, que dá cara a Centroña, por onde pasa a estrada. Unha moa dun muíño e cacharros de barro (18-II-95). Preto en "Casa Vella", un torque (1912). A moa aínda debe estar dentro da croa; dos cacharros non me deron máis información.*

Un artigo do xornal *O Comarcal*[34], de setembro de 2000 asinado por Carlos de Castro, recolle unha breve descrición do xacemento, contextualizandoo con outros achados da parroquia de Centroña:

*É unha protuberancia situada na aba dos restos dun recinto amurallado (sic), rodeado dun antecastro nos lados oeste e norte; neste lado norte e no lado sur adivíñase a presenza de varios lenzos das murallas.*

Ante a inacción das administracións responsables xorde a iniciativa cidadá. Un grupo de persoas interesadas na salvagarda do patrimonio arqueolóxico acordamos en outubro de 2008 constituírmos a Asociación Cultural Ardóbriga para a protección do patrimonio[35] (fig. 24 A-B). Tomamos como nome o da cidade atribuída por Millán González-Pardo ao castro de Centroña e como símbolo o medio torque que preto del foi atopado e que hoxe está no Museo Provincial de Lugo. Inmediatamente iniciamos o que denominamos "Proxecto castro de Centroña/Castrelo" co encargo no 2010 dun estudo preliminar á empresa PAST de servizos arqueolóxicos[36]. Dende aquel momento e até o de agora non deixamos un momento de recompilar información e de divulgar o castro de Centroña por diferentes medios (blog, artigos en diferentes publicacións e unha mono-

34. De Castro Álvarez, C.: *Centroña, riqueza arqueológica.* "Xornal O Comarcal" nº 32, Pontedeume, 15-09-2000.

35. Vid. Ayán Vila, X.M. e López-Romero González de la Aleja, E.: *Unha viaxe a artabria: Valoración arqueolóxica e patrimonial da franxa litoral este do Golfo Ártabro.* en Alonso V. et alt. eds. *El golfo Ártabro. Fragmentos de historia litoral y patrimonio*. A Coruña, 2014. p. 97. Un modelo exitoso: historia local e asociacionismo en Pontedeume.

36. Méndez Fernández, F.: *Proxecto de documentación arqueolóxica e estudo arqueohistórico do Castro de Centroña (concellos de Pontedeume e Miño, A Coruña).* PAST. A Coruña, 2010.

# La asociación Ardóbriga exige la excavación del castro de Centroña

## La entidad advierte de que el tren de alta velocidad podría destruir los yacimientos arqueológicos situados en la parroquia eumesa

**Redacción**

PONTEDEUME

La asociación cultural Ardóbriga para la protección del patrimonio de Pontedeume y Miño advierte de que el trazado previsto por el Ministerio de Fomento para el tren de alta velocidad a su paso por el municipio eumés podría destruir los yacimientos arqueológicos situados en la parroquia de Centroña.

Desde la entidad hacen hincapié en las "características especiales" del castro de Centroña, que está ubicado en el centro del golfo Ártabro y al lado del monte Breamo, en el que los historiadores locales sitúan un santuario de origen precristiano. Destacan también que el estudioso de la toponimia local Millán González-Pardo afirma que en este emplazamiento podría estar situada la ciudad ártabra de Ardóbriga, mencionada por el geógrafo Pomponio Mela en el año 44 y que da nombre a la asociación. Para Ardóbriga, el tren de alta velocidad es un transporte "caro e innecesario". Advierte de que destruir el patrimonio "no es una manera de generar riqueza". Exige, además, que se destinen recursos a preservar el castro de Centroña y a realizar en él una excavación arqueológica, y reclaman la conservación de su entorno como "el tesoro paisajístico" que es. Desde la asociación apuestan por la recuperación del castro para su explotación como un "reclamo de turismo cultural de calidad".




Corredor previsto para la alta velocidad y castro de Çentroña. / LA OPINIÓN

e La Opinión Sábado, 25 de octubre de 2008 | 19

# Ardóbriga emprende su actividad de defensa del patrimonio

**Redacción**

PONTEDEUME

La defensa del patrimonio arqueológico e histórico es el objetivo que se plantea la asociación cultural Ardóbriga, que llevó a cabo ayer en Pontedeume su acto fundacional, en el que también aprobó sus estatutos.

El colectivo llevará a cabo su actividad en la comarca eumesa, donde pretende preservar el casco histórico de Pontedeume y los yacimientos arqueológicos catalogados y sin catalogar, además de efectuar propuestas para la mejora de la toponimia.

La iniciativa para la corrección de nombres de localidades eumesas realizada el pasado verano fue precisamente el germen para la constitución de esta nueva entidad cultural.

Fig. 24-A: *La Opinión*, A Coruña 7-12-2008 e 25-10-2008

Jueves, 22 de octubre del 2015 | La Voz de Galicia

# Ardóbriga reivindica la declaración como BIC del castro eumés de Castrelo

## La asociación cultural pedirá a los Concellos de Pontedeume y Miño que presenten la solicitud ante Patrimonio

B. ANTÓN
PONTEDEUME / LA VOZ

El castro de Castrelo, también conocido como castro de Centroña, es un enclave arqueológico de dimensiones considerables, que cuenta con un importante sistema de terrazas y fosos y que goza, además, de una situación privilegiada en el corazón del Golfo Ártabro. Sin embargo —y a pesar de todos esos méritos—, el recinto amurallado situado en el monte de Breamo, datado por los arqueólogos en la Segunda Edad del Hierro, ha sido pasto del olvido durante años y se encuentra totalmente abandonado. «Por su situación, su tamaño y sus estructuras defensivas, es un castro de suma importancia, que no tiene nada que envidiar al de Viladonga, en la Terra Chá, o al de Elviña, en A Coruña», advierte Antón Prego, presidente de la asociación cultural Ardóbriga y último premio de investigación Concello de Pontedeume.

La agrupación lleva años demandando la puesta en valor de Castrelo y ahora ha decidido dar un nuevo paso con una propuesta para que el enclave sea declarado Ben de Interés Cultural (BIC) por parte de la Xunta de Galicia. Para ello, solicitará el apoyo de los Concellos de Pontedeume y Miño (ya que la superficie del castro está repartida entre ambos municipios), con el objetivo de que presenten una solicitud formal ante la Dirección Xeral de Patrimonio.

### Excavación

«Lo que queremos es que junto con la declaración de BIC se diseñe un plan director para la excavación del yacimiento y su puesta en valor», explica Antón Prego. Pero la recuperación del castro, donde hace ya más de cien años se encontró el famoso torques de Centroña —hoy custodiado en el Museo Provincial de Lugo— no es el único reto que se ha marcado Ardóbriga.

La agrupación también persigue que se declare como conjunto arqueológico los tres yacimientos localizados en el monte Breamo. Es decir, el santuario precristiano que corona su cima, junto a la capilla románica; el propio castro de Castrelo, situado en una especie de plataforma a media altura; y la villa romana de Centroña, ya en la base del monte, a pocos metros del mar. «En Breamo tenemos un conjunto muy valioso, que podría convertirse en un recurso turístico con mucho potencial», apunta el presidente de Ardóbriga.



El castillo de Andrade es uno de los enclaves que el Concello incluirá en el circuito cultural que quiere poner en marcha. XOSÉ CASTRO

UN LIBRO DE HISTORIA SOBRE EL TERRENO

## Una propuesta que «encaja» con el circuito cultural municipal

A falta de mantener un encuentro formal con el presidente de Ardóbriga, con el que sí ya tenido conversaciones informales, el alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández (PSOE) aseguró ayer que ve con «buenos ojos» la propuesta para solicitar la declaración como BIC del castro de Centroña. Y no solo porque el reconocimiento sería un acicate para poner en valor el castro, sino también porque «encaja» a la perfección con el circuito cultural que pretende poner en marcha el nuevo gobierno local en el municipio. «Se trata de un itinerario con el que cual se podría explicar la historia de Galicia a través de los vestigios con los que contamos en Pontedeume», explica el regidor.

Ese recorrido, según apunta Bernardo Fernández, podría comenzar en el castro de Castrelo, como buen ejemplo de un poblado de la época castreña, para continuar por la villa romana de Centroña; el castillo medieval de Andrade, símbolo de la Revuelta Irmandiña; y el palacio y las naves de Raxoi, cuyo origen se remonta al período de la Ilustración.

Fig. 24-B

grafía, charlas e visitas guiadas con estudantes, particulares e outras asociacións, publicacións en redes sociais, entrevistas e notas en prensa, radio e tv...), co fin de dar a coñecer as súas particularidades e o seu **potencial como activo cultural destacado**, implicando as autoridades e outras institucións tratando de que a sociedade de Pontedeume e de Miño asumise o valor de ter nos seus territorios un xacemento de tanta importancia que, ademais, non queda moi lonxe do Camiño Inglés (fig. 25).



Tramo Pontedeume-Miño do **Camiño Inglés**.
O castro de Centroña ○, a carón do Breamo ○

Fig. 25

O interese pola conservación do patrimonio esténdese cada vez máis na sociedade, e así xorden iniciativas catalogadoras como o Grupo Arqueolóxico Terra de Trasancos, que ten amosado interese por este castro en numerosas ocasións, ou a do historiador, investigador e divulgador Xabier Moure que no seu blog

*onosopatrimonio.blogspot.com*[37]

fai unha descrición do castro de Centroña, dentro dunha catalogación de castros da provincia da Coruña na que engade dúas fotos, unha delas da tala de 2019 cunha máquina de considerables dimensións dentro mesmo da croa (fig. 26):



*Labores de limpeza no castro de Centroña (Pontedeume)*
*(Foto: Xabier Moure, 2019)*

Fig. 26

> ***Castro de Centroña ou Castrelo:*** *A 194 metros de altitude, cun amplo dominio visitual sobre a contorna. Consta dun recinto principal de forma ovalada, amurallado e arrodeado en parte por un antecastro. Defendido por murallas e foxos. Hai autores que sitúan eiquí a cidade ártabra de Ardóbriga, citada polo xeógrafo Pomponio Mela na primeira metade do século I d.C. Datado na II Idade do Ferro (cara o ano 400 a.C.). O día 16 de agosto de 2016 presentei uns escritos dirixidos ao Concello e aos grupos municipais para a súa posta en valor xa que se atopa totalmente comido pola maleza. No verán de 2019 comezaron os labores de limpeza do castro.*

A plataforma de participación cidadá *patrimoniogalego.net*, creada en 2011 polo divulgador Manuel Gago é outro exemplo da crecente concienciación social do problema da protección do noso patrimonio. O mesmo investigador Xabier Moure encargouse en

37. http://onosopatrimonio.blogspot.com/2011/07/castros-de-galiza-i.html [revisada el 02/04/2020]

2013 de redactar nesta plataforma dixital a ficha correspondente ao castro de Centroña/Castrelo[38], engadindo na sección Tradición oral algún dato de campo sobre o torque e dúas fotos, unha delas de cando se practicaba o moto-cross na muralla da croa (fig. 27):

> *Érguese no cumio dun monte de pouca altura, consta dun recinto principal protexido por muralla e foxos. En parte está arrodeado por un antecastro. No ano 2008, a asociación cultural Ardóbriga para a protección do patrimonio de Pontedeume e Miño advertiu que o trazado previsto polo Ministerio de Fomento para o tren de alta velocidade ao seu paso polo municipio, podería destruír os xacementos arqueolóxicos situados na parroquia de Centroña.*

Así e todo, os nenos daqueles anos non sempre os podiamos usar e acotío tiñamos que conformarnos con xogar na Alameda, na Calzada –cando aínda a praza era de terra–, no adro das Virtudes, na ribeira nos recreos da Escola do Pescador –o balón, como é lóxico, caía constantemente ao mar, pero nós tiñamos unha depurada técnica para achegalo con pedras á orela e poder así recuperalo, e ás veces contabamos tamén coa axuda xenerosa dos mariñeiros que o recollían cos seus botes–, na praia da Magdalena de Cabanas se a marea estaba baixa... Non podo esquecer aquelas "pachangas" das mañás de verán na


DEPORTES

praia de Cabanas, cos Mendaña, Andrés o Foghe, Manuel Bouza, o Vello Ton –que nos deixou, valla o paradoxo, sendo ben novo–, e o seu irmán Carlos, Suso Freire, Juan Blanco, Currante, Moreira..., seguidas dun bo baño e algunha pelexa na cepa naquel pequeno recuncho que había debaixo da ponte de ferro, que nós considerabamos noso antes de que se perpetrase o "tambricidio"; logo, se cadraba, tocaba ás veces facer o anxo ou a carpa dende o mítico Murallón, na ribeira da vila.

Tamén recordo xogar ao frontón no adro da igrexa parroquial, no que moitas pelotas temos "embarcado" na horta do cura, que daquela era don Pedro, ou a tenis na praza do Convento, que antes era terreira e logo fora remodelada e empedrada co gallo da celebración do sétimo centenario da fundación da vila polo rei Afonso X o Sabio, na que actualmente, malia a súa inclinación, despois doutra reforma, seguen xogando, de cando en vez, os rapaciños. Quen nos ía dicir a min e ao autor deste estudo que algún día veriamos presentados os nosos traballos de investigación na revista *Cátedra* no vello edificio agostiño que nos protexía, fundado polo conde don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas –que quixo ser enterrado na capela maior do templo parroquial eumés– e convertido hoxe na Casa da Cultura de Pontedeume.

Aínda que eu nunca o practiquei, o piragüismo tiña así mesmo un grande arraigo na nosa vila. O Club Náutico Firrete xa leva organizadas cincuenta e dúas edicións da Baixada do Eume, que mesmo é mencionada no *Dicionario da Real Academia Galega*, que a cita como exemplo na definición que fai da palabra piragua. Recordo que nas Festas das Peras da miña infancia e mocidade sempre se celebraba esta proba algún deses días e que viñan competir a Pontedeume –navegando polo río que vén morrer baixo os arcos da ponte de pedra– medallistas olímpicos como Ramos Misioné ou Herminio Menéndez. Hoxe os piragüistas do Firrete percorren, algúns con moitísimo éxito, o mundo representando a nosa vila.

Seguramente porque o mar forma parte indisoluble das nosas vidas, case a totalidade dos eumeses sabemos nadar. Iso é un feito. Así e todo, un ano na década dos oitenta, o noso Eume Deportivo organizara un curso de natación para nenos pequenos no que Manuel Bouza e máis eu colaboramos como remeiros e prestamos o *Río Eume* e o *Cariña de Rosa* para auxiliar aos cativos que participaban nas mañás do mes de agosto na praia de Zopazos, aproveitando as horas da baixamar.

O baloncesto masculino e feminino, este último representado actualmente polo Club de Baloncesto Pontumio, que preside o meu irmán Juan Fonte, tiña tamén unha grande importancia nos meus tempos mozos e aínda segue a tela. Neste deporte cómpre destacar sen dúbida o éxito do eumés David Mouriz, que obtivo a medalla de prata coa selección española no Mundial 2108 de baloncesto en cadeira de rodas e hoxe continúa a colleitar triunfos deportivos no Club Bidaideak Bilbao BSR.

O balonmán era tamén un deporte moi practicado en Pontedeume. Aquel equipo da Sociedade Deportiva Eumesa que eu ía ver os domingos pola maña á Poli, e logo na pista de chapapote do Couceiro, dirixido polo meu querido Carlos Vázquez, sempre foi puntei-

ro e contaba con grandes xogadores como o autor deste traballo, Belarmino, Agustín, Urbano, Toñín, os irmáns Regueiro, José, José María, Chema, Carlos de Castro, o Moco e tantos outros. Tiñan ademais un equipo feminino no que xogaba, e moi ben, por certo, a miña prima María Jesús Sardiña e que dirixía o meu veciño Xosé Andrés López Leira. Na actualidade, o Club Balonmán Pontedeume continúa aquel camiño e fai tamén un gran traballo coa canteira.

Todas as tardes de verán da miña nenez e mocidade acudiamos á pista polideportiva Alcalde Sarmiento para ver, entre as sete e as nove do serán, os partidos do Campionato Local de Fútbol Sala que se disputaba cada ano e que remataba coa gran final nas Festas das Peras. As escaleiras que estaban a carón dos vestiarios eran o lugar máis cobizado para os espectadores –cantas pipas temos comido alí!–. Recordo que os primeiros anos, nos que eu era un neniño, os mellores equipos eran o Cosmos, os Lirios, o Empedrado, os Irmandiños –nos que xoguei despois cando cumprín os quince anos–, o Tornado, os Rancheros, o Esteiro –no que xogaba Xosé Ramón, o meu primeiro adestrador no Eume– e algúns de Ares, Redes ou Mugardos.... Con dezaseis anos xoguei co Kelton, un equipo de amigos que levabamos xuntos dende infantís e que xa gañaramos nas festas algún torneo desa categoría. Así e todo, dende que a competición se levou para o Pavillón da Casqueira a cousa foi perdendo interese para o público que xa non acudía como antes á Poli. Lembro con moita gratitude aqueles árbitros como Paulino, Manuel Bouza, Urbano, Quique, Eladio... que, por amor á arte, nos aturaban cunha paciencia infinita. Aínda que a tradición do torneo de verán se perdeu, o Fútbol Sala Pontedeume mantén moi viva e acesa a chama deste deporte.

Dende que era un neniño ben pequeno o meu pai levábanos a min e mais aos meus irmáns á Gándara para ver xogar ao Eume, o equipo do noso corazón, que loce as cores da bandeira de Galicia –na que se representa o pai Miño, como sinécdoque dos dez mil ríos dos que falaba Cunqueiro, atravesando o territorio de arriba a abaixo e de esquerda a dereita– e no que xogaron o meu pai, os seus tres fillos e os seus netos Marina e Santi, neto este último tamén dun dos mellores xogadores da historia do club, Pahíño, o meu benquerido mestre don Antonio Freijomil, ao que cita Ramiro Fonte cando di en *As pontes no ceo* que "Tucho decidiu concluír a súa vida futbolística no equipo da súa vila natal. Poderíase indicar que aquel futbolista pensador encontrou consolo na vestimenta do Eume Deportivo, unha réplica exacta da do Deportivo da Coruña". Outros grandes xogadores que lembro daqueles tempos eran Manolo Costas –que logo foi o noso adestrador e presidente do club–, Canosa –que era extremo dereito coma min e o xogador que eu máis admiraba–, Roque e Tino o Cura –cos que anos despois coincidín xa en modestos no Miño–, Pitis –que logo foi presidente do club–, Beci –que era o capitán do primeiro equipo cando morreu e foi enterrado coa camisola azul e branca que tanto el quería–, Pedro Amado –aquel xogador da Primeira División, do Rácing de Santander, con anterioridade estivera no equipo afeccionado do Barcelona que era coñecido como C.F. Condal e que coleccionabamos de nenos nos cromos de fútbol, era de Pontedeume e tiña unha zurda que metía

medo; foi tamén un dos meus adestradores no Eume–, Miguel Soro –que logo fichara polo Deportivo da Coruña– e tantos outros.

A miña máxima ilusión de cativiño era xogar naquel campo da Gándara co Eume Deportivo algún día e con once anos vin cumprido por fin o meu soño cando fichei polas categorías inferiores do noso club. Naquel 1975 no que debutei xogamos toda a tempada en Esteiro, pero nas campañas posteriores, até chegar a xuvenís, disputamos a competición nos Moteles, o campo de fútbol terreiro da Escola Fogar Princesa Sofía, onde todos os equipos do Eume, incluído o de modestos, tiñan os adestramentos. Recordo con moita ilusión o meu primeiro gol contra o Perlío, no campo dos Pinares, e o primeiro que marquei na Gándara, unha vaselina contra o Endesa das Pontes. Fixeramos un gran campionato aquel ano; obtivemos o premio ao equipo máis deportivo e quedamos de segundos na clasificación, empatados a puntos cos primeiros, aquel equipo do Roxal, que levaba o nome do noso lendario heroe Roxín, unha historia que eu xa aprendera na casa e que nos falaba dun paxe dos Andrade que se namorara de Tareixa –a filla de don Nuno de Andrade o Mao, terceiro señor de Pontedeume–, e que matara na Ponte do Porco o xabaril que asasinara á súa amada, a cuxo amor houbo de renunciar porque o pai da rapaza decidiu que tiña que casar co nobre don Henrique Osorio. Benito Vicetto publicou tamén en 1857 unha noveliña na que convertía a Roxín Roxal en efémero rei de Galicia como fillo bastardo de don García I, que si reinou de verdade en Galicia entre os anos 1065 e 1072.

No último ano que, como xuvenil, xoguei no Eume gañaramos a liga da Ría e ascenderamos a categoría provincial, cun equipo no que estaban tamén Chuspi Veiga, o meu irmán Juan, Vitucho, Chelín, Vichita, Germán, Colás –que nos deixou en novembro de 2016–, Currante, Lino, Antonio, Chesco, Mario, Paqui, Aguilar, Ramón Noche, César, Canario, Andrés Ares, Ignacio Freire e Francisco –que morrera un ano máis tarde nun accidente de moto e ao que despedimos todos os seus compañeiros, no camposanto da súa parroquia de San Xurxo de Queixeiro, no día máis triste que nos tocou vivir naqueles anos no Eume–. Cinza, que viña dunha experiencia no Racing de Ferrol xuvenil, era o noso adestrador –sempre nos lembraba que o abuso dos xeados e bebidas azucradas ou alcohólicas era prexudicial para a nosa condición de futbolistas; nunca tal nos dixera ninguén naqueles tempos– e Luis Allegue, o Ramallo, o gran delegado –"Roupa ao saco" era a orde que decote nos transmitía para que non deixaramos todo ciscado polo chan–. Non podo deixar de lembrar aquí ao noso máis entusiasta seareiro, Sindo Vázquez, que nos animaba sempre sen descanso e incondicionalmente, e que morreu tamén hai algúns anos.

O meu pai Pepe Fonte, o presidente Tucho Díaz Deus, Xosé Pereira, Xosé Andrés López Leira, José Manuel Carpente Castro o Carrancho, Pedro Villar, Carmiña Beceiro, Andrés Martiño, Ramiro Sarmiento, Luis o Ramallo, Manuel e Pepe Bouza e tantos outros dedicaban unha boa parte do seu tempo e poñían os seus coches ao noso dispor para que puidésemos xogar ao fútbol, que era daquela o que máis nos gustaba, e con eles aprendemos os mellores valores do deporte, como son a solidariedade, o compañeirismo, o respecto aos adestradores, árbitros –un deles, Puentes Leira, chegou a arbitrar en Primeira

División coma hoxe o noso paisano Nacho Iglesias Villanueva–, rivais, espectadores, directivos e compañeiros, a amizade, o amor á nosa camisola e ao escudo que representabamos, o sacrificio para acadar as metas, poñer as nosas virtudes ao servizo do grupo, a honradez, aprender a gañar e a perder...

Sempre lles estarei agradecido ao Eume e a todos os directivos e adestradores que tiven porque estou seguro de que fixeron de min e dos meus compañeiros unhas mellores persoas e porque podo dicir que alí se fraguou a fermosa e inquebrantable relación con moitos dos que aínda hoxe son algúns dos meus máis grandes amigos.

**José Mª Fonte Sardiña**. Deportista e filólogo eumés

## 2. Atletismo

O atletismo na nosa vila non contou con ningún club que aparecese dentro dos arquivos da federación. Esta actividade xurdía de maneira espontánea na actividade deportiva que se practicaba xa na época das escolas de D. Álvaro e anteriores, e que tería unha continuidade no Colexio Luís Vives, nas actividades organizadas pola OJE (Organización Juvenil Española), con posterioridade no Couceiro Freijomil e, en tempos máis recentes, en distintas iniciativas particulares.

### 2.1 Gran fondo Olmo

Para que me conten todo o que sucedeu nas Vivendas Olmo, quedo con Julio Abelleira primeiro e logo con Tucho Varela quen fora durante moitos anos cabeza da asociación veciñal.

Julio Abelleira no 1979 chega a Olmo coincidindo coa entrega das vivendas, que eran unha delegación da Cooperativa de San Valentín (Fene), que contaba con distintas fases de execución: San Valentín, Limodre e Olmo, e nas que residían os traballadores do estaleiro de ASTANO.

En cada unha das zonas había un presidente responsable cuxa función era a de velar polo bo funcionamento  da estrutura das vivendas: remate das obras, posta en funcionamento do tecido veciñal, etc.

Maximino Souto foi o primeiro presidente na Cooperativa de San Valentín e, como non todo habían ser boas noticias, detéctase, por parte dun grupo de traballadores, uns problemas na parte económica que finalmente conseguen solucionar.

Na Urbanización Olmo créanse as comunidades de bloque (naquela época, 1979, era Celestino Sardiña o alcalde de Pontedeume) e vese unha desconexión en canto ao colectivo, custaba que comezasen a marcha e por iso xorde a urxencia de formar unha Unidade Veciñal, na que aparece como dinamizador Julio, coa finalidade de dinamizar a vida da comunidade, reservándose uns locais sociais para o dito uso.

Unha vez encamiñado o rumbo, Julio faise a un lado, aparecendo á fronte da Unidade Veciñal, Antón, que estaría moi pouco tempo e, deseguido, aparece a figura de Tucho Varela que sería un gran dinamizador xeral, conseguindo unha gran activación e que estaría á fronte da directiva durante 24 anos dun total de 28 como directivo.

Como Julio é unha persoa moi achegada ao deporte, practicando ao longo da súa vida moitas disciplinas deportivas como remo, fútbol, tenis (axuda a crear o club de tenis da súa vila natal, Redes), maratóns (faría 18 en total), triatlon... chegoulle o empurrón necesario e, entre el e Tucho, argallan unha primeira Carreira Olmo (1983). Como os corredores non podían saír á estrada crearon un percorrido con categorías inferiores até os depósitos da auga, aos que daban varias voltas. Pero aí non pararía a cousa, teñen a idea de facer unha media maratón (21 km) mais xurdirán problemas na estrada vella e consolidarase o proxecto dun Gran Fondo Olmo (1985) do que foi o seu primeiro gañador o atleta de Sillobre Ramón Loureiro facendo un percorrido de 17 km controlado tecnicamente pola Federación de Atletismo.

O Gran Fondo Olmo duraría até o 2010, sendo varios os factores que contribúen á súa fin: desgana, custos disparados, aplicacións de novas tecnoloxías (alugueiro de chips), subida dos seguros...

Desaparecía así unha das carreiras fixas no calendario de calquera atleta popular.



Dous amigos no Gran Fondo Olmo: Bardancas e Manuel Bouza




## 2.2 Carreira popular Décimas

Aló polo 1995 xorde a idea de facer unha carreira popular até o río Eume baixo o patrocinio de Décimas, tenda deportiva da que era propietario na nosa vila Miguel Ezquerro, tamén afeccionado ao mundo das carreiras populares.

A carreira sairía de Pontedeume (nas súas primeiras edicións a saída estableceuse ao carón da gasolineira de Ricardo Sánchez para pasar despois a quedar establecida no paseo marítimo -antigas Gabarras-) e tería o punto de retorno na entrada do parque das Fragas do Eume, onde está a estación de bombeo da auga para o noso consumo. Dende alí comezaría o camiño de volta que era máis duro que a ida e así completaríase un percorrido duns 15 km, non doados pero si fermosos.

Como case soe ser habitual, por falta de respaldo no proxecto, esta carreira baixa o pano na súa derradeira edición, a sétima, no ano 2001.




Saída no Paseo Marírimo, ao carón do IES

Miguel Ezquerro, dende a súa tenda. tamén axudaba no percorrido polas maratóns a un grupo de afeccionados, algúns naturais de Pontedeume, que adestraban no piñeiral de Cabanas e tamén pola estrada do río até o mosteiro de Caaveiro, subministrándolles roupa deportiva. É unha persoa implicada no eido deportivo.

## 2.3 Milla Eumesport

Carreira patrocinada pola tenda de deportes Eumesport que se celebraba na nosa vila durante as Festas patronais das Peras e que abranguía as categorías base até a idade cadete.




Comezou a súa celebración con saída diante da Casa do Concello, que se mantería durante dúas edicións para logo trasladar o escenario ao paseo marítimo.

A primeira edición tivo lugar no ano 1993 e a derradeira, a décimo quinta, no ano 2007.



Saída na praza Real, diante da Casa do Concello

## 2.4 Milla Luís Vives

Proba atlética que se desenvolvía ao longo da avd. Ricardo Sánchez e que era organizada pola Agrupación Deportiva Luís Vives. A dita entidade ten a súa sé nun colexio que foi o berce da maioría dos deportes practicados na nosa vila como puiden recoller no número 4 da revista EL eco de las Mariñas, con data abril 1956: *"Campo de deportes do*

*Colexio Luis Vives. Dispútase a rolda final dos campionatos provinciais de balonmán do Frente de Juventudes".*

A A.D. Luís Vives foi unha agrupación na que tiñan cabida varias disciplinas do deporte en idade escolar: baloncesto, fútbol-sala e atletismo. Ademais contaba cun local social con billar, tenis de mesa, xogos de salón, sala de lectura, TV, proxector e vídeo, recollía as súas actividades na publicación *Fuguillas*.

Na breve historia da Milla Luís Vives, que comezou no 1990 e rematou dous anos despois, destacan as vitorias de atletas ben destacados naqueles anos como: Faustino Seco (CUA Santiago), J. Iglesias Miranda (CUA Santiago), Varela Calviño (Atl. Coruña), J. de la Fuente (Lucus Caixa), as atletas internacionais Esther Pedrosa e Fátima Paz (Santiveri), ou a atleta  británica Anne Middle.

## 3. Baloncesto

### 3.1 Os comezos

Os comezos do baloncesto na nosa vila teñen lugar nas escolas que tiñamos no noso pobo destacando, a partir da súa fundación, o Luis Vives". Maioritariamente sería unha actividade deportiva, como todas as demais, dirixidas polo Frente de Juventudes.

Os nosos paisanos usaban os poucos "campos deportivos" que había ou, incluso botaban man das prazas das que poderían dispoñer: Real, alameda de Raxoy, traseira do pazo dos Andrade, campo de deportes do Colexio Luis Vives, etc.




Baloncesto na praza Real: 20 abril 1951
Pontedeume 33 – Mugardos 29
De pé: 3º pola esq. Pepe Fonte, 5º Antón Requeira e, con traxe, Pepe Gómez.
Aniñados: 1º pola esq. Paco Allegue, ao que acompañan Carlos López Piñeiro, Nesuco, Andrés López e Moncho Barro



Antón Regueira, Evaristo Nistal, Paco Allegue, Andrés López, Moncho Barro.
Alameda de Raxoy 1949.
Pontedeume-Maristas de Vigo



Un dos primeiros equipos de baloncesto do Colexio Luis Vives

### 3.2 S. D. Eumesa Baloncesto



Equipo de baloncesto S. D. Eumesa. De pé, de esq. a dereita: Botas, Pablo, Santos, Tacho. Aniñados: Frágil, Urbano e Chiño

No seo da S. D. Eumesa, na que a maioría das miradas ían dirixidas ao fútbol, emerxe a figura de José Andrés López Leira (o fillo de Pepe o Xastre) que chega á directiva da S.D. Eumesa da man de Tucho Deus. É o mesmo José Andrés o que promove a formación dun equipo sénior de baloncesto que estaría formado por xente que sempre estivera vinculada ao deporte, neste caso ao baloncesto.

Este equipo, que estaba formado por Tacho e Chiño Isasi, Urbano, Jacobo, Botas, Frágil e Santos, participou nas competicións durante dúas tempadas, 1973-74 e 1974-75 nunha liga provincial de baloncesto formada por seis equipos entre os que destacaban Noia, Ferrol, Betanzos e Coruña.

### 3.3 Basket Nevada

Para revivir aquela experiencia deportiva fun ao encontro de Juan C. Tenreiro Beceiro (Rigo) que me conta todo o que deseguido vos relato, xa que el era compoñente do primeiro equipo: Foi un proxecto deportivo promovido por Ramiro Fonte na tempada 1982-83 cun equipo junior e que á tempada seguinte participaría na Liga provincial Coruña-Ferrol. Naquel equipo xogaban rapaces de Pontedeume: Capea, Pedro Habanero, Evaristo, Xoselo, Salva, Rigo, Calalo, Isidoro, Tino Casás e Buyo.



Rigo en idade xunior co C.B. Basket Nevada

A obriga de ter equipos nas categorías de base para participar no campionato provincial suporía que o club tería que dar un salto en canto á planificación deportiva e á implicación de todos os estamentos involucrados no proxecto. Comézanse a formar equipos que asemade in-

cluiría equipos femininos. Os adestradores dos equipos da base serían os xogadores do equipo junior.

A duración do proxecto do Basket Nevada é curta, só tres anos (1982-85) durante os que se acada un alto nivel de competitividade que coincide coa chegada dun adestrador de orixe catalá, Miguel, que chega a Pontedeume por razóns laborais relacionadas co terreo da florería. Coa chegada de Miguel comeza un ciclo de maior "seriedade" en canto á planificación deportiva (adestramentos, maneira de afrontar os partidos, etc.)

### 3.4 Couceiro Freijomil

O Colexio Couceiro Freixomil foi un dos berces do deporte eumés e, sobre todo se falamos de baloncesto, é onde os rapaces atopaban un marco axeitado para levar a cabo o seu deporte.



Equipo do Couceiro infantil 1989 campión, gañándolle á Compañia María de Ferrol



Equipo do Couceiro Freijomil ano 1984

Participábase nas competicións federadas e escolares cun gran número de nenos e nenas que disfrutaban practicando o seu deporte. Os seus adestradores nos primeiros tempos eran os mestres: David Díaz, David Piñeiro, Juan Sarmiento, Begoña, Arturo... que dedicaban o seu tempo libre aos adestramentos e as fins de semana aos partidos; pero eran os seus alumnos e eles tamén procedían da práctica deportiva maioritariamente.

Os equipos do Colexio Couceiro Freijomil sempre chegaban ao remate das competicións, entre os mellores da provincia, chegando a disputar campionatos galegos, no

eido escolar e federado. Na organización federativa chegou a participar en sectores de nivel nacional.

A carón da actividade que xurdía no Couceiro tamén comezaba a xermolar a actividade de baloncesto no Colexio de Atocha da man da súa mestra Chata Lapique que argallaba escolas deportivas, charlas, ... ; sempre coa finalidade de "enganchar" as rapazas no deporte da canastra e sempre axudada por adestradores ou xogadores da vila.



Equipo baloncesto comezos de "Atocha"

Deseguido recollo o testemuño dunha xogadora do equipo feminino do Couceiro Freijomil que tivo un longo percorrido no eido da competición e que formou ao seu redor, unha auténtica familia:

**Eva Piñeiro, xogadora con principios.** Unha xogadora daquel equipo que fixo que se falase do baloncesto eumés en toda Galicia. Ela lembra así aquela fermosa etapa.

> *"Se mal non recordo foi a finais dos anos 70 e comezos dos 80 cando no Colexio Couceiro Freijomil se comeza a tomar o baloncesto feminino máis en serio deixando de ser una simple reunión de amigas que se xuntaban despois do colexio para botar unhas partidas e pasalo ben. O deporte no noso colexio sempre tivera una especial importancia. Eran moitas as probas e disciplinas nas que participaba: salto de valados, salto de lonxitude, campo a través, etc. Pero foi o baloncesto o que cobraría maior importancia naquela época e comezou a verse como algo máis que un xogo. Ao principio eran os propios mestres do colexio os encargados de adestrar as xogadoras e formar equipos nas distintas categorías segundo a idade que, unha vez federados, participaban xa nas competicións da Federación de Baloncesto".*

Numerosas xogadoras van quedando polo camiño e vai nacendo, pouco a pouco, un baloncesto máis organizado e planificado. Aparece o espírito da competición e o baloncesto feminino do Couceiro Freijomil vai cobrando certa importancia dentro do ambiente baloncestístico galego, arrastrando un bo número de seareiros.

No ano 1985 faise un grupo de xogadoras do que na parcela técnica como adestrador se fai cargo Bernardo Fernández, ao que pronto acompañaría, como preparador físico, Manuel Bouza. O grupo estaba formado por xogadoras que cursaban oitavo de E.X.B. e tamén estaba eu, dous anos máis nova e achegaba altura. Co proxecto, comézase a tomar moi en serio o que se fai e os adestramentos soben de nivel de esixencia: dúas horas de preparación física diarias sempre acompañadas dun traballo técnico-táctico de traballo individual e de equipo.

*"As xogadoras eramos conscientes da importancia que se lle estaba dando ao noso traballo e así formabamos una familia fundamentada na relevancia do esforzo e do grupo. O sacrificio era a nosa máxima. Comezamos un camiño que nos levaría a enfrontarnos cos mellores clubs de Galicia sen sermos menos que eles, logrando éxitos que non eran máis que o recoñecemento do noso traballo.*



Equipo do Couceiro Freijomil 1985. De pé: Eva, Cris, Marta, Mónica, Claudia, Bernardo. Aniñadas: Chefi. Rosa. Mar, Silvia e Patri

Tocaba o cambio ao instituto pero o equipo xa estaba ben forxado e cun espírito competitivo moi alto. Detrás viñan pisando moi forte as xogadoras das categorías inferiores do Couceiro. Foron anos de moito traballo e moita dedicación pero, sobre todo, de moitas satisfaccións xa que tanto esforzo se vía recompensado coas vitorias do equipo.

*"Convertéramonos nunha gran familia na que a complicidade era moi alta entre o grupo de xogadoras e o corpo técnico, algo que a esas alturas era imprescindible para que un equipo daquelas características seguira medrando e evolucionando na liga galega, e así poder xogar en segunda ou en primeira división, podendo acadar un bo patrocinador do que sempre carecemos. Esta foi unha das razóns de que, unha vez rematados os estudos do instituto, as xogadoras tiveramos que tomar cada unha o seu camiño. Non había un plan de estudos nin ninguén que financiase ou axudase a financiar os nosos estudos universitarios mentres poderiamos compaxinar estudos cos adestramentos e partidos".*

Así foi como aquela gran familia, aquel equipo que comezara a levar o baloncesto feminino dende un colexio ben humilde por todo o territorio galego enfrontándose aos mellores clubs, chegaba á seu fin". Aínda así algunhas das nosas xogadoras (Rosa, Mar, Chefi) atravesaron a Ponte para continuar xogando no Clesa Ferrol feminino que dirixía Quiveu.

**Iria Villar: Un soño conseguido.** Unha xogadora eumesa de baloncesto, tamén saída do berce do Couceiro, nacida



Equipo do CLESA Ferrol. Rosa (de pé, cuarta pola esquerda), Mar (aniñada no medio) e Chefi (aniñada terceira pola esquerda)

nunha familia de e para o baloncesto que levou o nome da nosa vila a nivel nacional e internacional.



*"A miña primeira toma de contacto co baloncesto foi no Colexio Couceiro Freixomil con sete ou oito anos. Adestrábamos ás nove e media, xusto antes das clases, que comezaban ás dez e media. Comezabamos sen balón, non sei se porque non os había ou porque así o decidían Juan Sarmiento e Begoña... pero a min o de facer entradas a canastra sen balón para controlar ben os dous pasos enganchoume de cheo. Non vos conto xa cando había balóns.*

*Sempre houbo unha fonda tradición de baloncesto en Pontedeume, sobre todo feminino, xa que ao mesmo tempo no Colexio de Atocha estaba a mestra Chata Lapique espertando o gusto polo baloncesto das súas rapazas. O baloncesto masculino tamén tiña tirón, eu, de feito, entrei no baloncesto seguindo os pasos do meu irmán maior Iván.*

*Non quero deixar a ninguén no tinteiro xa que foi moita xente a dedicada ás escolas de baloncesto na miña época, tanto no Couceiro Freixomil como con posterioridade no Pontumio, pero si teño que destacar a Juan Sarmiento, Nardo González, Armando Otero e, especialmente, a Francisco Carpente (Netzer) que foi o que máis tempo me adestrou e co que acadamos dous subcampionatos galegos en 1992 (podendo participar na fase de sector do Campionato de España en Gasteiz) e no 1993, e o Campionato Galego Xuvenil en 1994 que nos deu paso á fase do Campionato de España en Zamudio, cun equipo no que case a metade das xogadoras eramos cadetes de segundo ano.*

*Dende a miña etapa de infantil fun convocada coa selección de Ferrol xunto a Almudena Feal e Inés. Xa na categoría cadete e xuvenil fun coa selección galega. Aínda que en 1994 perdín a convocatoria debido a que rompera o menisco na fase final galega celebrada en Pontevedra. Tamén me chamaron para a selección española con 14 anos, aínda sen medir os 1,92 metros que acadei co estirón definitivo. Ía a cotío a concentracións onde reunían a rapazas de toda España –eramos unhas trinta–. Alí tiñamos*



Iria Villar, de pé, segunda pola dereita. Adestrador Nardo. Equipo Pontumio

*adestramentos mañá e tarde, e despois facían un informe de cada unha de nós que mandaban por correo ás nosas casas. Nun informe meu lembro que poñía que era moi cordinada e que era conveniente que fose a algún sitio onde se practicase baloncesto para non estragar a miña traxectoria... Non sei onde pensaban que aprendera a xogar, pero estaba claro que non sabían nada de Pontedeume nin da súa tradición baloncestística.*

*En 1995 quedamos só catro xogadoras: Inés Varela, Almudena Feal, Belén Ríos e máis eu, e marchamos con Netzer cara ao equipo da Compañía de María de Ferrol onde acadamos o Subcampionato Galego Xuvenil. Aquela competición celebrárase no Pavillón da Malata en Ferrol.*

*Ao rematar o meu primeiro ano de categoría xuvenil no Compañía de María ferrolán, recibín dúas ofertas de equipos de División de Honra, o Bosco de Vigo (antigo Xerox) e o Lugo. Pese a que Lugo estaba máis preto da casa, decanteime polo proxecto deportivo de Vigo e aló fun con 17 aniños estudar COU e xogar; como foi tónica na miña vida deportiva, seguindo os pasos do meu irmán maior Iván que coa mesma idade fichara polo OAR de Ferrrol e andaba xa percorrendo as canchas de España como profesional. Así que con 17 anos din o chimpo ao baloncesto profesional, rodeada de nomes míticos como Mar Xantal, Nieves Lobón ou Polona Dornik, algunhas das miñas novas compañeiras que me dobraban na idade. Eu era unha rapaciña pero recibín un moi bo trato, como unha máis. Viaxaba a todos os desprazamentos e dábanme minutos que, aínda poucos, eran ben aproveitados. Ana Álvarez era a adestradora no meu primeiro ano como profesional, preocupábase de planificar os adestramentos específicos dúas veces á semana aos que ía ao rematar o instituto, ao mediodía. Logo xantaba, estudaba e adestraba co equipo xuvenil una hora ou hora e media para logo seguir adestrando co equipo "das maiores". Así era o meu día a día. Foi duro estar fóra da casa e compaxinar os estudos con tantas horas de adestramento... pero non me foi mal... aprendín moito, non só a nivel deportivo.*

*En 1996 fun convocada pola selección española xuvenil para xogar o Europeo de Eslovaquia. Foi a miña primeira competición como internacional. Acadamos o cuarto pos-to. Ao ano seguinte participei coa selección no Mundial de Brasil sub-19 (1997). Quedamos oitavas, pero a experiencia en Natal superou incluso á do Europeo do ano anterior. Seguín en Vigo sete anos, porque estaba moi ben e porque o proxecto deportivo era cada vez máis ambicioso. Fixeron as mellores fichaxes para competir cos mellores equipos da liga e acadar chegar ás competicións europeas, así que tiven a grandísima sorte de compartir vestiario coas mellores xogadoras españolas do momento: Elizabeth Cebrián, Laura Grande, Paloma Sánchez e Pilar Valero, todas elas internacionais absolutas, ademais de ser persoas extraordinarias. Sucedía algo co que nunca me atrevín a soñar tan sequera.*

*Gañamos dúas ligas, 98/99 e 99/00 (este ano tamén participamos na Euroliga), e a Copa da Raíña en 2001. Vicente Rodríguez, Cholas, foi o que verdadeiramente apostou por min naquela época. Un adestrador duro e esixente pero que valoraba moito o traballo defensivo, o meu punto forte. Logo aterrou dende o baloncesto masculino Miguel Méndez, actual adestrador do Ekaterimburgo ruso.*

*Unha vez rematada a tempada, sempre era convocada pola selección española. En 1999 gañamos o ouro coa selección absoluta na Universiada de Palma de Mallorca, a final foi contra a todopoderosa Estados Unidos, e en 2001 en Almería fixémonos co bronce nos Juegos del Mediterráneo.*

*A fermosa etapa en Vigo remataba e, na tempada 2004/05, comecei unha nova eta-pa no equipo Puig d'en Valls ibicenco. Foi un ano no que tiven bastante protagonismo. Pero o de vivir nunha illa pesou o suficiente como para cambiar a un equipo da Península. Así que na tempada 2005/06 fichei polo Ciudad de Burgos. Un grande acerto tanto a nivel deportivo como persoal. Ese mesmo ano tamén tiven a sorte de participar no primeiro partido internacional da selección galega contra Xapón. Despois do meu último ano en Burgos, 2006/07, abandonei as canchas por motivos persoais. Volvín na tempada 2008/09 preto da casa, no Universitario de Ferrol na LF2. 2012/13 foi a derradeira tempada da miña carreira deportiva da man de Lino López como adestrador".*

Pero se hai que destacar unha persoa na vida deportiva de Iria Villar, do seu irmán maior Iván e do seu irmán pequeno Lois, esa persoa é a do seu pai Ángel Villar. Persoa sempre pendente da axuda ao baloncesto aínda que os seus fillos non estivesen xogando. Sempre tirando do carro para que as condicións de xogo foran as mellores para os rapaces. El sempre os levou polas canchas disfrutando e aprendendo porque el tamén ensinaba. Non só lle interesaba o aspecto deportivo senón que lle daba maior importancia ás persoas que estaban medrando. Disfrutaba cos seus amigos e os seus fillos das tardes inesquecibles que nos brindaba o OAR Ferrol ao xogar cos máis grandes equipos españois da máxima categoría. Familia de baloncesto, para o baloncesto eumés.



**David Mouriz: Logrando metas con ilusión e vontade, exemplo de superación.**

David é outro xogador eumés de baloncesto que coido tería que destacar e a quen, na súa vida de raparigo, un accidente cambiou todo o seu camiño e obrigouno a unha reformulación que, necesitado de ilusión e forza de vontade, levou adiante de maneira sobresaínte. Un rapaz que cursou os seus estudos no Colexio Luis Vives e que cando chegou "aquel día" non quixo conformarse

co que o destino lle trouxera de invitado e decidiu non parar e levar adiante as súas ilusións e, así, cunha compañeira de aventura (a cadeira de rodas na que se viu postrado) comezou un camiño nada doado.

David cóntame que comezou o seu camiño no baloncesto en cadeira de rodas no Basketmi de Ferrol para continuar en Vigo, no AMFIV. Xa fóra da súa Galicia natal e lonxe de familia e amigos, comeza unha andaina que o levará polo F.C. Barcelona e a Bilbao, ao Bidaideak Bilbao Bs, onde a día de hoxe continúa acadando grandes éxitos como os que deseguido vos fago saber:

Comeza a súa internacionalidade no ano 2005 e, a día de hoxe, conta con máis de 190 internacionalidades. Foi diploma olímpico en Londres 2012, medalla de bronce no europeo de Frankfurt no 2013, cuarto posto no Mundial de Corea 2014, quinto posto no europeo de Worcester 2015, prata nos Xogos Olímpicos de Río 2016, quinto posto no Campionato de Europa celebrado en Tenerife en 2017, quinto posto no Mundial de Hamburgo 2018 e, por autonomías, campión de España 2008 defendendo as cores da Irmandiña.

A nivel de clubs destacar o Subcampionato de Copa no 2019 e o Campionato da Euroliga nese mesmo ano.

Todo un historial para una persoa inconformista e loitadora que soubo sobrepoñerse a un atranco co que o destino  o sorprendeu.

### 3.5 C.B. Pontumio

Pero os tempos avanzaban e convíña dar un salto de calidade, ou iso era o que entenderon os directivos e adestradores do Couceiro e así no 1989 comezan as conversas dende a dirección do colexio con Rigo, que comeza a adestrar os equipos do colexio, dous equipos masculinos durante as tempadas 1989-90 e 90-91. Cando a "Vella Garda" de mestres do Couceiro vai facéndose a un lado, emerxen as figuras de Netzer e Nardo que xunto con Rigo asumen as directrices deportivas.



Primeiro equipo do Couceiro Freijomil adestrado por Rigo

O proxecto deportivo do Pontumio ten, asemade, un factor paralelo moi favorable que é a implicación das familias no mesmo e así non é estraño ver pais e nais axudando na organización de viaxes ou actividades que se programan ao longo da tempada.


Equipo de minibasket do Pontumio 2000

A tutela tanto a nivel directivo como de adestradores aliméntase de xente do deporte eumés sendo Rigo o que acepta a presidencia sen deixar de lado o terreo da aprendizaxe coas máis pequerrechas e no eido deportivo ben arroupado por Netzer, Nardo, Luís Otero, Armando Otero e Bernardo Fernández.

Na actualidade continúa a súa singradura levando a cabo un traballo envexable, dando acollida a novas persoas e novo proxectos pero sempre destacando a formación tanto persoal como deportiva das súas xogadoras.

### 3.6 C.B. Pontedeume (Opticalia Eume)

O Club Baloncesto Pontedeume, créase no 1998 cunha directiva formada por Juan Sarmiento, Chata Lapique e outras persoas. No 2006 faise un cambio daquela directiva coa finalidade de que o proxecto tivese pervivencia, collendo a presidencia Armando Otero xunto con Luís Otero e Iván Villar, todos eles persoas vinculadas dende ben nenos co baloncesto eumés. Como curiosidade, nomear que o aínda presidente Armando Otero, é o adestrador do C.B. Viveiro que compite na mesma categoría, a 1ª División Autonómica, na que se atopa competindo o C.B. Pontedeume.


O club compono un só equipo sénior masculino

Cando se funda o C. B. Pontedeume o seu obxectivo é que poidan xogar a baloncesto en Pontedeume uns xogadores que estiveran en categorías superiores e que naqueles momentos lles apetecía xogar ao seu deporte para disfrutar.

Cos anos vanse producindo algunhas baixas pero tamén incorpo-

racións, o que fai que o club vaia medrando até chegar á actualidade militando na 1ª División.

Non deixa de ser un club cando menos curioso compartindo unha característica xeral no deporte eumés: son os xogadores os que xestionan o club (economía, promoción, desprazamentos...) sen practicamente ningunha axuda, ao non dispor de categorías base que serían as que achegarían os cartos das subvencións.

## 4. Balonmán

As súas orixes na vila coinciden coa inauguración do campo de deportes do Colexio Luís Vives que era popularmente coñecido como A Academia. Corría o mes de xaneiro de 1953 cando se disputa o primeiro partido de sete contra sete no campo de terra, que alí había, entre os conxuntos de Ciencias e Letras do colexio.





Balomán, Equipo de Letras e Equipo de Ciencias

A comezos dos 60 o balonmán eumés acada un alto nivel, chegando a competir a nivel provincial. Deste xeito, o equipo Pontumio-OJE formado meirandemente por xogadores do Luís Vives foi considerado dos mellores equipos da provincia.

Co tempo pasouse a disputar os partidos na pista de cemento Alcalde Sarmiento. Con posterioridade, debido ás obras de ampliación da avd. Ricardo Sánchez que afectaban á pista de cemento, pásase á pista de nova construción anexa ao IES Fraga do Eume onde se dispoñía ta-mén do ximnasio do centro para utilizar os vestiarios.



Partido na pista Alcalde Sarmiento. De pé, de esquerda a dereita: Pepe Bouza (delegado), Juan, Chollo, Frágil, Manuel Bouza, Quielo, Carlos, Manel, Suso, Urbano (adestrador). Aniñados de esq. a dereita: Javier, Toñín, Susi, Ramón, Santi O Moco (Delegado), Carlo R. José Mª

En marzo de 1970, a S. D. EUMESA crea o primeiro equipo federado sénior que competirá na Liga Provincial da Coruña na que entrarán os equipos: OAR Ciudad, Dominicos, Salesianos, Escuela de Magisterio,



Comezos do Balonmán

Escuela de Náutica, Club Univesitario de Santiago e Gelmirez, tamén de Santiago. Naquel equipo selecciónanse rapaces do Tele-Club de la Juventud Eumesa, do equipo da OJE e do Luís Vives que comeza a competir oficialmente. Aparecían persoas que son a historia viva do balonmán eumés: José María, Pepe o Queixo, Santi o Moco, Mon, Toñín, Agustín... (O equipo da S.D. EUMESA no 1970 estaba formado por Víctor Garabana, Pepe o Queixo, José María, Diego, Agustín, Lapique, Manolo Costas, Mon Regueiro, Santi o Moco, Doval, Lorenzo, Salvadores, Toñín e Beceiro. Anos máis tarde incorpóranse Urbano, Javier de Castro, Belarmino, Chema Lorente, Frágil, Miguel, Susi e Manuel Bouza entre outros; que continuarán coa tradición que se ía apoiando en persoas que dedicaban o seu tempo a esa afición nas tarefas de adestradores e directivos: Carlos Vázquez, Tito Ríos, Pepe Agras, José Andrés López Leira, Juan Sarmiento, Uxío o Pedrera, Pepe Bouza ou José Manuel Abeledo.

O primeiro encontro da historia federada do balonmán eumés dispútase na Polideportiva de Riazor, na Coruña, contra o equipo de Náutica, encontro que remataría coa vitoria eumesa. O primeiro gol fora acadado por Agustín López

Como curiosidade, naquela tempada, despois do encontro Universitario-Eumesa con superioridade santiaguesa, 17-9, destacar unha crónica periodística (decembro 1970) asinada por "El Duende" na que escribía: *"Antes de comezar o noso comentario, imos ter que rogar á S.D. Eumesa que pida un delegado federativo ou tome as medidas pertinentes, un marcador ou algo, para evitar que, por segunda vez, o público asistente, cronistas e até os mesmos xogadores se vexan sorprendidos polo resultado que indicaban os xuíces da contenda na respectiva acta. O resultado real era de 15-9".*

Feito destacable para o balonmán eumés foi a convocatoria de Mon Regueiro para xogar coa selección galega contra a URSS, un partido que se disputara en 1978 no pavillón ferrolán da Malata.


La Eumesa jugará hoy en La Coruña

Na S.D. Eumesa tamén se chegou a formar un equipo xuvenil masculino e outro sénior feminino, construídos sempre sobre a idea do deporte que lle daba o por aquela vicepresidente da S. D. Eumesa, José Andrés López Leira, e que herdara do seu pai Pepe o Xastre. O equipo xuvenil baseado en persoas que chegaban na súa maioría do deporte escolar do Luís Vives e de estudantes alí internos.

O equipo sénior feminino estaba construído por rapazas eumesas como era o caso de Ana Huertas, Ana Piñeiro, as irmás Incio Piñeiro (Biri e Laura), Marisol e Susi (dúas irmás asturianas chegadas a Pontedeume por razóns laborais do seu pai), María José Sanjuán ou Chata Lapique. Rapazas que na súa maioría andaban practicando fútbol-sala, ás que se lle foran engadindo xogadoras chegadas de Ferrol e outras saídas do Couceiro Freijomil.


Primeiro equipo de balonmán feminino. 1977. De pé, de esquerda a dereita: Marsisol, Elisa, María, Laura, MªCarmen, Chata. Aniñadas Elena, Ana Huertas, Sandra, Viri e Ana



Equipo Cadete con Chata Lapique. Aliñación do equipo sénior feminino diante do Fene



1981-82. Campións provinciais. Ascenso a 2ª División. De pé, de esq. a dereita: Uxío o Pedrera, Manolo Gómez, Pepe Bouza (delegados); Zalo, Santi o Moco (2º adestrador), Urbano, Toñín, José Andrés (Presidente), Chema. Aniñados de esq. a dereita: Javier, José Mª, Mon, José, Ramón, Chelino, Carlos e Manuel Bouza

Na historia do balonmán eumés houbo algún que outro cambio de rumbo:




Tempada 1987-88. Xogaron a fase de ascenso a 2ª División en Porriño

**1988 Agrupación Deportiva Couceiro Freijomil**, como presidente D. Ignacio Dosil. Xogábanse os partidos na pista de aglomerado do colexio, tendo que dispor doutro pavillón cuberto como pista reserva para a disputa dos partidos da Segunda División masculina no caso de chuvia. Nesta época chega a construción, tan desexada, do pavillón municipal nos terreos anexos ao Couceiro Freijomil. Coa dita construción chegará o traballo das escolas deportivas tan necesarias no desenvolvemento de calquera deporte.

**1992 Balonmano Pontedeume** como presidente Juan Sarmiento Álvarez. Ano no que se asina un convenio colaborador de patrocinio con AUDASA, achegando unha seguridade económica ao proxecto de crecemento do club que antes non se tiña. Nesta época chégase a disputar no pavillón municipal un partido histórico para o noso deporte, CSKA Moscú-Autopistas Pontedeume (nome federativo do C.B.Pontedeume).

O Balonmán Pontedeume, xunto co OAR Coruña, son dous dos clubs máis antigos do balonmán galego. O Balonmán Pontedeume milita, na actualidade, na Segunda División Autonómica ao remate da que acadan o ascenso á primeira categoría, desenrolando un traballo de canteira envexable. *"Trátase de achegar aos rapaces un punto de apoio, unha aprendizaxe de valores positivos e un tanto de autoestima"* (Javier de

Castro). No traballo de canteira, xa no ano 2016, comeza a organizarse, cun gran esforzo, o Vilabalonmán, torneo ao que acoden equipos da nosa comarca e de fóra dela. Un torneo pensado por e para o balonmán de base.



2ª División Nacional. Tempada 1992-93

Nunha situación delicada coa desaparición do club no horizonte, foron os xogadores máis veteranos os que colleron as rendas da directiva, comezando ese camiño Urbano Rodríguez, seguido de Ignacio Permuy (Cili), na actualidade vicepresidente da Federación Galega, e Óscar Allegue presidente do club na actualidade.

A saúde do balonmán eumés pódese considerar como excelente e, así, o noso deporte seguirá a súa singradura polos mares en calma chicha e por mares con algo de mareira pero co obxectivo de seguir vogando co nome de Pontedeume na proa.

Na nosa vila sempre se adoecía de instalacións e de estrutura de club e así o deporte ía xurdindo arredor do traballo de persoas que se rodeaban de boa vontade e ilusión para levar adiante os proxectos.

Na década dos 80, a comarca de Ferrolterra acada un número elevado de licenzas e de clubs, sendo a referencia, polo seu nivel competitivo acadado, o equipo Escuela de Máquinas de la Armada que participaba na 1ª División Nacional, equipo á fronte do que estaba, na parcela técnica, Manolo Miragaya.

Para o balonmán eumés o primeiro ascenso á 2ª División Nacional acádase na tempada 1984-85, xa como Balonmán Pontedeume, categoría que se mantén durante algunhas tempadas; pero as dificultades de todo tipo aparecen, algunhas económicas (eramos os xogadores e a directiva os que tiñamos que argallar eventos para recadar e cubrir o presuposto: torneo de fútbol-sala no verán, bar nas Festas das Peras, festivais...). Unha das eivas que máis descensos provocou, por imperativo regulamentario, era a de non dispor dunha instalación cuberta.

Na tempada 1991- 92 vóltase á 2ª División e supón un punto de inflexión para a aparición dunha verdadeira estrutura de club: *"As metas hai que tratar de alcanzalasaínda que se chamen utopía"* (Javier de Castro).



Dende a tempada 1994-95 até a 96-97, o club contaba con equipos alevín, infantil e cadete (adestradora Chata Lapique) feminino; e cadete, xuvenil e sénior masculino.

Na actualidade o Club Balonmán Pontedeume conta con equipos en todas as categorías masculinas. A historia segue a escribirse.

## 5. FÚTBOL

### 5.1 FÚTBOL FEMININO

O fútbol feminino xorde en Pontedeume como unha actividade deseñada polo Tele-Club de la Juventud Eumesa en 1970, sendo presidente Antonio Leira Sande (Yuma).

Manoli Carrera (no 2019 ten 67 anos) cóntame que ela comezara a xogar con 18 anos naquel primeiro equipo de fútbol feminino en Pontedeume.


Nos comezos Antonio Porta o Bólido cedíalles as camisolas do Perbes, onde era presidente, para xogar. Esta afirmación faima Manola Blanco, que afirma que ela comezara sendo a adestradora.

Algunhas fontes consultadas, xogadoras da época, sinalan que a orixe do equipo feminino fora un partido das rapazas maiores contra as máis novas co obxectivo de axudar o Eume que pasaba por momentos moi preocupantes.

Eran partidos arbitrados por afeccionados das localidades onde se xogaba. En Pontedeume destacaba a dispoñibilidade de Paulino Mendaña ou de Raúl Penedo. Partidos, na súa meirande parte, que se disputaban polas festas patronais. Como adestradores daquelas rapazas aparecen Alberto Blanco e Andrés (o Pelegrín).

Eran rapazas con capacidade para xogar ao fútbol ademais da vontade que tiñan para desenvolver o que querían. Aquel proxecto durou tres anos. Cando remata, algunhas delas como Fina Piñeiro, á quen Tinuco Lapique bautizou como Fina "Rexach" (lembraba o xogador do F.C. Barcelona Carlos Rexach) e así lle quedou, ou a porteira Fina Bosch, atravesaron a ponte para xogar no Ferrándiz de Ferrol no que xa xogaran algúns partidos e a onde ían adestrar un día e dábanlles a merenda; ou Manola Blanco que comezara unha traxectoria destacada fóra da vila. Ao marchar de Pontedeume, Manola ficha no Galicia Gaiteira da Coruña onde comeza una longa peregrinaxe: Veiramar El Seijo, Betanzos, Karbo (equipo este co que alcanzou o nivel da internacionalidade). Co Karbo en 1981, Manola proclamouse campioa de España. En 1980 a Federación Española de Fútbol recoñecera oficialmente o fútbol feminino. Manola tamén quixo coñe-




Fina Piñeiro, *"Fina Rexach"*

cer o terreo das adestradoras e é así como na tempada 1980-81 acada o título de adestradora xuvenil.

O equipo de fútbol feminino eumés comezara, no 1970, disputando os partidos no campo dos Moteles. Na Gándara queríanlles cobrar por xogar. As súas cores comezaran sendo amerelo e negro pero aparece Pepe "Vinos" que as financiará coa equipación, xa dependendo do Eume Deportivo no tempo no que Tucho Deus comezara o camiño como presidente (tempada 1971-72). As cores pasarán a ser rosa e branco, e os seus partidos pasarían a disputarse no campo da Gándara. O seu nome será o de Eume Fontecelta.

Nunha reportaxe feita a Loli Blanco, un ano despois de comezar a xogar, indica cales eran as intencións daquelas rapazas que marcaron todo un fito histórico na xeografía nacional e na local. Preguntábanlle como se desprazaban para xogar os partidos. Ela respostaba: *"Segundo, pode ser no coche de línea, se fai falta en bicicleta ou auto-stop"*. Rapazas cheas de ilusión en tempos non doados para elas.

Deseguido recollo unha serie de reseñas aparecidas na prensa da época onde aparecen reflitidos os partidos do Eume Fontecelta:

*"Convocatoria feita para a selección galega ás xogadoras do Ferrándiz Fina "Rexach"* (como ela recoñece, nalgunha reportaxe, acadara os "cincuenta e cinco goles")*, Fina Bosch e Manoli Carrera". Primeiro Campionato de Fútbol Feminino organizado pola Comisión de Festas de Betanzos no Campo de "O Carregal" entre os equipos Eume Fontecelta e Galicia Gaiteira.*

*O Eume Fontecelta venceu en Betanzos ao Galicia Gaiteira por 2-0 marcando os goles Manoly e Fina co que pasa a disputar a final do torneo. O partido se celebrouse coa presenza de 5.000 espectadores. As eumesas alinearon a Bosch, Maribel, Polda,*



EL EUME - FONTECELTA, SIGUE IMBATIDO

GANO EL TROFEO FIESTAS DE PUENTEDEUME, AL VENCER AL CRENDES POR 2 - 1

FINA —LA "REXACH"— MARCO LOS DOS GOLES LOCALES

Mucho ambiente, extraordinaria expectación, en la tarde del domingo en Puentedeume para presenciar en el campo de fútbol de la Escuela-Hogar «Princesa Sofía» el encuentro femenino de fútbol entre el Eume-Fontecelta y el Crendes F. C. Se disputaba el I Trofeo Fiestas de Puentedeume 1971.

El partido resultó muy interesante y al final arrojó el resultado de 2-1, favorable al conjunto local.

El partido fue arbitrado, sin complicaciones, siguiendo el juego

Estaba al caer la aguja en el minuto 30, final de la primera parte, cuando una mano de Susa, dentro del área, es señalada con el correspondiente castigo. La falta máxima la transforma, fuerte y por alto, Fina, logrando establecer el 2-0.

Ya en la segunda mitad, a los 9 minutos, Celi, volante eumesa, incurre en mano dentro del área. Se señala el correspondiente penalty que Matilde, por raso y rozando la cepa del poste derecho, transforma estableciendo el 2-1 definitivo.

*Macarmen, Mari Loly, Pilar, Fina, Geluca, Rosa, Manoly e Manolita Blanco."*

20 abril 1971. *Ferrol Diario*



Partido do Eume Fontecelta. Capitana do equipo Manola Blanco e o xuíz de liña, á dereita, Mon Regueiro

1971: Primeiro trofeo "Comisión de Festas" de Pontedeume, campo da Escola-Fogar Princesa Sofía (Os Moteles). Arbitra o partido Raúl Penedo. Enfróntanse o Eume Fontecelta e o Crendes co resultado favorable ás eumesas por dous tantos a un. O Eume Fontecelta aliñou a Fina Bosch, como porteira, Fina, Manoli, Merchi, Loli,Celina, Geluca, Viñas. Fina, Loli Fornos e Trigo. Tamén xogou Teresa.



Equipo feminino Eume-Fontecelta. A fotografia está datada no ano 1971, hai case trinta anos. Prodigábanse por aquel entón as formacións femininas na modalidade deportiva do fútbol. Son, como se pode apreciar, trece rapazas, de forte complexion e con moita xuventude e ilusión nas súas veas

*"Elas e o deporte".- "Non hai quen poida coas de Pontedeume. Venceron ás de Franza por 1-0 no campo de "La Red" – Pontedeume*

Reportaxe asinado por Baltar onde se recolle: *"O Fontecelta de Pontedeume, considerado o mellor conxunto de Galicia e quizais de España, quere xogar no campo do club da vila pero cóbranlles a metade da recadación".*

No 2011, coincidindo coa inauguración do céspede de herba artificial da Gándara, podemos dar a benvida, outra vez na nosa vila, ao fútbol feminino coa participación na competición dun equipo formado dentro do Eume Deportivo C.F.



Equipo de fútbol feminino do Eume Deportivo C.F. Segunda década 2000



Inauguración do céspede artificial no campo da Gándara. Recordo daquel primeiro equipo xuvenil masculino do ano 1966

## 5.2 Eume Deportivo

Aínda que arredor de 1925 xa teño noticias dun equipo de fútbol en Pontedeume e que xogaba os seus partido no Areal, eran equipos de fútbol non federados.

Segundo información ben cotexada polas persoas que viviron aqueles tempos, xa no 1948 a actividade do fútbol estaba presente na vila de Pontedeume de maneira regulada e, nese marco, atopamos o equipo da Academia F.C. nunha foto do 14 de maio de 1948 con Antón (porteiro), Moncho, Modesto, Pepe, Nico, Paco, Agras, Estevo, Juan e Gómez, nun partido que se disputara ás sete da tarde.




Academia C.F Campo Adeza

Na procura de máis información no eido do fútbol eumés, atópome con Chacho Agras (Pontedeume 4-xaneiro-1933) que comeza a charla facendo fincapé en que o campo da Gándara se debía, en gran parte, ao pundonor de José Rodríguez Corral. Con anterioridade xogábase no campo da Adeza, contando que, se subía a marea habería que parar o partido. Este escenario cambiaríase ao inaugurar A Gándara.

Chacho tivera que "emigrar" a Limodre porque non había equipo para os rapaces da súa idade. Cara alí levouno Litón, viaxe a Limodre que aproveitaba para facer algunha parada nos bailes de Casa Ardá.

Cóntame Chacho que a situación do Eume era crítica, *"non había un peso"*, e aí comézase a argallar, co fin de conseguir cartos para axudar ao Eume, un infinito número



1925 Campo da Adeza. Equipo de fútbol



Campo da Adeza. 8-9-1943. Festas das Peras. S.D.Eumesa-Canarias (Ferrol). De traxe, Pepe o Xastre, Andrés Leira, Garabana o Paragüeiro, o Moreno. Aniñados Uxío Cuiñas, Pepe do Cruceiro, o Miranda, o Solla (cun pano na cabeza) e o Conoco. Porteiro (home de Maruja do As)



Campo da Adeza. O 2º de pé pola dereita éAntonio Salvadores. O porteiro é o Viñas

de eventos: bailes no Coliseo, baile de disfraces no Entroido (para os que había que pedir permiso ao gobernador, naqueles tempos Domingo Ferreiro Picado). Outro equipo de fútbol que nos apunta Chacho era o Club Rajoy que xogaba moitos partidos de pelota na Alameda de Rajoy, de aí o seu nome.

Atopo, de vacacións na súa vila natal, a Saladino Rodríguez (Pontedeume 13 decembro 1935) quen con 19 anos debuta na Serie A Rexional co Eume onde o seu primeiro adestrador é Silvosa, presidente Juan Sarmiento Patiño e secretario Camacho. Esta etapa duraría 4 anos (1952-56). Despois desta etapa, faise un equipo con xente do pobo para



Campo Adeza anos 40: Juan o Chirina, Pepe o Xastre, Pelacho, Andrés Leira, Sampedro, Mito, Paco Guntín, Ramón González, Suso, Campos, o Miranda, Macaní, Solla (sempre co pano na cabeza) e Eugenio

competir na liga Modestos da Ría onde se xuntaba con o Coduco, e Pepiño o Xolo. Saladino pasa unha tempada no Barallobre, xunto a moitos compañeiros xa que a actividade do Eume sofre un parón por motivos económicos. Nesta época Saladino é chamado á selección ferrolán enfrontándose a xogadores da talla de Amancio Amaro (selección coruñesa). Con esta selección acada o Subcampionato de Seleccións Locais sufrindo a derrota na final coa selección de Vigo.

Dende a selección ferrolana Saladino é chamado polo Rácing de Ferrol que competía na Segunda División con Ramón Galarraga como adestrador. Con posterioridade, sería cedido ao Viveiro co que ascenderá á Terceira División. Aquí en Viveiro é onde Saladino lle pon o punto e final á súa traxectoria futbolística

Xa se atopan noticias do equipo de fútbol, co nome de S.D.EUMESA, con data de marzo de 1951, presidido por Juan Raposo Lamas. O 18 de xullo de 1953 dáselle forma á primeira xunta directiva presidida por Juan Sarmiento Patiño e que quedaba formada como segue:

1º Vicepresidente: Antonio Salvadores Casal
2º Vicepresidente: José Ameneiro Prieto
Secretario: Hermenegildo Camacho Ollero
Contador: Antonio Gómez Rodríguez
Tesoureiro: José Costas Balseiro
Vogais: Germán González, José Rodríguez Corral, Vicente Perle, Jesús Veiga e Xosé Cortizo

Na parte técnica aparecían como secretario técnico José Anca Barros e como máximo responsable Domingo Delgado (Mingos).

Esta directiva é a encargada de establecer, entre outras, as seguintes normas: Establecer o salario do adestrador (500 pts mensuais), establecer as primas para os xogadores (35 pts por partido gañado na casa, 50 pts por gañalo fóra, empate na casa 25 pts, fóra

35 pts, partido perdido fóra 15 pts e na casa 20 pts), asemade urxíase ao secretario técnico que negociase a fichaxe do xogador eumés Carrillo para incorporalo ao equipo de maneira inmediata.

Naqueles comezos, o equipo estaba formado por: Manolo Gómez e Iglesias (porteiros); Verdes, Pedrito, Olañeta, Lugrís (defensas); Chato e Manducho (medios); e Pita, Polito, Polo, Picos, Fausto e Alfonso (dianteiros).

O campo de fútbol da Gándara inaugúrase o 14 de decembro de 1952, feito que resulta moi importante para un equipo pequeno en formación. O primeiro partido disputado foi un partido de liga da Serie A Rexional que enfrontou á S.D. Eumesa co Flavia de Padrón, sendo o resultado de tres goles a cero ao favor do equipo da casa. Á dita inauguración acoden Juan Raposo Lamas (presidente), Juan Sarmiento Patiño (alcalde), D. Manuel Magariños (crego de Nogueirosa) e D. Pedro Díaz Casteleiro (crego de Pontedeume) do que quedaría na lembranza dos asistentes ao acto a frase: "*Que ganen los dos*".



Máis dunha vez o campo da Gándara parecía unha piscina. Entraba sen permiso o río Covés. Á esquerda, os vestiarios

Outras xornadas destacadas daquela primeira tempada serían as que os enfrontaron ao Arenal en Santiago, gañando os eumeses un gol a catro, ou a derrota no campo da Gándara contra o Astano no que os locais perderan por tres goles a catro. A aliñación eumesa naquel partido estivera formada por: Amador, Olañeta, Pedrito, Solla, Emilio, Manolo Gómez (porteiro), Valenciaga, Pepiño, Mendaña, Polo e Carrillo. Completaban o equipo como adestradores Casal e Silvosa; o Sr. Anca como delegado; e o masaxista

Beceiro (o Cedeira). Camisola verde lisa con botóns, pantalón azul cunha franxa vertical branca e medias azuis.

Na sexta xornada, 18-01-1953, o Eumesa presentaba a: Manolo Gómez, Pedri-to, Solla, Emilio, Olañeta, Carrillo, Polo I, Amador, Mendaña, Valenciaga e Pepiño o Xolo.

Unha xornada despois, na sétima, destacar o encontro Fabril-S.D. Eumesa, disputado nos anexos do estadio de Riazor, favorable aos coruñeses por dous goles a cero. O partido remata favorable aos eumeses por aliñación indebida do xogador Suanzes do Fabril, perdendo, ademais do partido, un punto que lle reducían da súa puntuación na táboa. Este xogador estaba sancionado con catro partidos cando estaba xogando nun equipo de Terceira Preferente, desprazouse á Coruña e enrolouse no Fabril.

Os equipos por orde de clasificación eran: Astano, Deportivo A, S.D. Eumesa (os tres equipos con 24 puntos); Brigantium, Esteiro (22 puntos); Arenal (21 puntos); Flavia (16 puntos); Fabril (14 puntos); Sporting Lugo (8) e Noia (4). Estes dous últimos equipos, descenderían de categoría.

Na seguinte tempada, 1953-54, participan os mesmos equipos agás o Deportivo A e ascenderan Rácing Vilalbés, Numancia de Ares e Ordes.

Na Copa Federación que comezaba o dez de maio 1953 e remataba o 12 de xullo (dez partidos), participaban o Brigantium, Eumesa, Fabril, Deportivo A, Astano e Esteiro. Proclamárase campión o Brigantium. O S.D. Eumesa xogara reforzado con Sobrino e Arranz (Rácing de Ferrol); e Quincoces e Juanucho (Arsenal). Naquel emocionante encontro entre o Eumesa e o Brigantium (6-3) disputado no campo da Gándara na xornada seis, os eumeses formaron con: Manolo, Sobrino, Pedro, Arranz, Juanucho, Carrillo, Polo, Quincoces, Aja, Picos e Alfonso. O Eumesa acabaría terceiro e o equipo de Betanzos sería o campión.

As crónicas daqueles tempos facíaas por teléfono José López (Pepe o Xastre), secretario técnico moitos anos. Ademais tamén mandaba crónica dos partidos Antón Tenreiro (Herrerita). As primeiras testemuñas escritas, aló por xaneiro de 1953, aparecían no nº 18 do magazine deportivo Riazor. É en Riazor onde o 23 de febreiro de 1953 aparece a información da aliñación que a Eumesa presentou diante o Noya: Masdías (Gó-mez), Mesones, Solla, Emi-lio, Pedrito, Olañeta, Polo, Olivares, Quintanilla, Picos e Pepiño. O dito encontro rematou co triunfo dos eumeses por nove goles a dous.



Campo da Gándara. Copa Federación Galega. 17-5-1953. S.D.Eumesa 4- Fabril 0, tres goles de Aja e un de Polo. De pé: Manolo, Aja, Sobrino, Pedrito, Quincoces, Alfonso. Aniñados: Polo, Juanucho, Arranz, Olañeta e Carrillo

Despois de once xornadas, o Eumesa aparecía na terceira posición da táboa clasificatoria que estaba encabezada polo Astano seguido do Fabril

Na tempada 1952-53 comezan a soar xogadores eumeses como: Solla, Carrillo, Mendaña, Manolo Gómez, Pedrito ou Pepiño o Xolo aos que se lles engadían outros como: Aja, Amador, Masdías, Mesones, Olañeta, Polo ou Valenciaga.

Así mesmo, na década dos 60, aqueles xogadores como Pedrito e Pepiño pasaron a desenvolver as tarefas de adestradores

Como xa se viña temendo e diante da situación económica que se tornara por veces moi negra, hai unha paréntese que comeza coa desaparición da S.D. Eumesa entre 1956 e 1962.

En 1962 fúndase o Eume Deportivo C.F. que, co esforzo persoal e económico das distintas directivas, acadou logros insospeitados en calquera avaliación de primeiras intencións. O seu primeiro presidente sería Antón Tenreiro, Herrerita.

O Eume Deportivo C.F, xorde nunha reunión informal de amigos que tiñan en común a súa afección polo fútbol. Aquela reunión tería lugar nuns antigos almacéns, hoxe Cafetería Nevada dos que era dono José Ramón Agras e na que estaban presentes Germán González, Pepiño o Xolo e Antón Tenreiro Herrerita que á postre sería o primeiro presidente como xa queda reflitido con anterioridade. Daquela primeira directiva tamén formaban parte Horacio Cortizo, Miguel Tenreiro, Antón o Lascas, Antón Bujía, Nicolás Ferraces, Chicho, Camilo e Alberto Blanco.

Na primeira tempada non se federou o club pero si participou en partidos amigables. Naquel primeiro equipo chegaron a participar xogadores eumeses que estaban noutros equipos, espallados pola bisbarra, cal é o caso de Paco Blanco, e así forzaban a situación para que os seus equipos de orixe lles deran a carta de liberdade para poderen xogar co equipo da vila. Outros casos de xogadores que xogaban fóra eran os de Moncho Varela (Numancia), que ficha no Eume na tempada 1964-65, o Laya", Raúl e Pelitos (Maniños), Belarmino (Galicia de Caranza e Arsenal), Nardo Carrillo (Bertón, chegará a ser capitán do Eume e adestrador do equipo xuvenil) ou Pepe Bouza (Arsenal) que unha vez que recunca no Eume quedaría vinculado ao club e, unha vez retirado da práctica deportiva, entraría no equipo directivo.

O primeiro partido "oficial" do Eume foi na tempada 1963-64 en Ferrol, no campo de San Xoán, na Segunda División de Modestos de Ferrol contra o Ánimas, sendo o resultado favorable aos eumeses por dous tantos a tres.

No segundo partido, xa na Gándara, estréase a "vestimenta oficial": camisola azul e branca con pantalón azul. Naquel partido aliñaron polo Eume: Pichi, José Luis (Campolongo), Pepe Bouza, Nardo Carrillo, Frutos, Pepe o Carretilla, Piti, Fide, Polo, Curro e Pantín (porteiro suplente), sendo o adestrador Pepiño o Xolo.

Pero aquel proxecto que nacera con tanta ilusión non podería parar e así a directiva, tamén coa esixencia da Federación baixo ameaza de retirar o equipo de "maiores", decide formar un equipo xuvenil.



Campo da Gándara. Ollade os xuncos que compoñían o "céspede"

Ao non haber equipo de xuvenís en tempadas anteriores, os rapaces eumeses, quedaban freados e obrigados a marchar a outros equipos: Pedro Amado, Colás Veiga, Andrés Pelegrín ou Carlos Vilio.

Para a formación daquel equipo xuvenil, a directiva e mais Pepiño o Xolo, adestrador do equipo de "maiores", argallan un campionato de primavera para cinco equipos de rapaces cheos de ilusión. Tres equipos eran da vila (un deles co nome de Saeta), un de Campolongo e outro de Esteiro que á postre sería o campión.



Ares 1966. Fundación do equipo xuvenil.
Na foto tres eumeses, dous defendendo as cores do Numancia (Vilio e Andrés Pelegrín) e o capitán do Eume, Agustín López

Do equipo que saíra daquel campionato, noméase adestrador a Alberto Blanco, que tería que deixar fóra a algúns rapaces que aínda non cumpriran a idade mínima de 15 anos.

O equipo comeza a súa andaina na tempada 1966-67, na que sería capitán Agustín López e adestrador Alberto Blanco, que dimitiría durante a disputa da liga, sendo substituído por Nardo Carrillo. Daquel equipo pasarían a xogar xa co primeiro equipo Marta (porteiro), Agustín e Manolo Tenreiro (só xogaba os partidos amistosos debido á incompatibilidade co seu traballo de músico).

Naquela primeira tempada do equipo xuvenil, os equipos participantes foran: Numancia, Limodre (que ocuparían os dous primeiros postos), Calvo Sotelo (As Pontes), Mugardos, Maniños, Eume, Barallobre e Perbes.

O primeiro partido saldárase con empate a uns diante do Calvo Sotelo

Rapaces todos eles que só xogaran na Alameda ou no parque e que agora o farían nun "campo de verdade".

Unha época chea tamén de curiosidades como algunha que me conta o meu bo amigo e mestre Agustín López:



Campo da Gándara cando foi elevado do nivel do río

*"Moitas das curiosidades xurdidas pola falta de medios como a que nos ocorreu en Limodre cando fomos cambiarnos nun garaxe, xa que non había vestiarios, atopámonos que o encargado do material, Antonio Bujía, esquecera todo en Pontedeume, tendo que xogar coa roupa e botas do equipo local... Había días de moito retraso na viaxe e así, de camiño cara ás Pontes, vendo que a hora de comezo do encontro se acercaba e non dabamos chegado, decidimos cambiarnos no autobús para tan pronto chegaramos, saltar ao terreo de xogo".*

Naquel equipo xuvenil non paraban de ferver as ganas de xogar dos rapaces da vila, na súa maioría asiduos do Tele Club, e así na tempada 1967-68 o capitán era Adriano, xunto a Marina, José Ramón, Ignacio Carpente (o Fuxe) entre outros, e Nardo Carrillo o adestrador.

Na tempada 1968-69, Nardo Carrillo seguía ao fronte como adestrador con xogadores como Fuxe, Tino Regueiro, Santi o Moco, Toñín ou Dela". No seguinte curso, 1969-70, con Pepiño o Xolo de adestrador, posto que ocuparía durante dúas tempadas máis, aparecían xogadores como: Manolo Costas, Pitís, Toñín, Dela, Javier Oti, Dori ou Emilio Piñeiro.

Así en tempadas futuras irían aparecendo xogadores que terían longa traxectoria no deporte eumés como Miño, Jacobo, Mon, Juan Beceiro, Ángel, Pereira, Santi, Bañobre, Manolo Oti. Xa en tempos máis recentes, Vicente Mendaña, o seu irmán Juan Carlos, Willy Canosa, Beci, Roqui...


EUME DEPORTIVO C. F.

Se convoca a V. para que el día 9 de Febrero
a las 3 se presente en el puente
con el motivo de jugar en Mariño

Puentedeume, 6 de Febrero de 1967

El Secretario

Sr. D. Agustín Alvarez

Ficha de convocatoria de partidos

A formación daquel primeiro equipo xuvenil, axudaría á construción dun equipo con prestixio na competición de Modestos da Ría, chegando co tempo a confeccionar un equipo con xente só da vila.

O 25 de marzo de 1970 retómase, outra vez, o nome de S.D. Eumesa presidida por Antón Tenreiro Herrerita e con domicilio social no parque Alcalde Sarmiento, que sería unha continuidade do traballo feito no Eume Deportivo e ademais medrando en seccións e categorías. As razóns polas que se retoma o nome, expóñense deseguido.

Os primeiros pasos non foron doados por motivos económicos pero a ansia e a ilusión guiarían un proxecto sólido para o fomento e o desenvolvemento deportivo na nosa Vila.

Naqueles tempos, Tino Regueira e Luis Carrillo, que andaban uliscando na Coruña por distintos despachos na procura dalgunha axuda, dan cunha mala noticia: En breve, o campo de fútbol da Gándara pasaría a mans particulares. Este feito era contrario ao que coñecía a directiva que cría que todo o relacionado con ese tema estaba solucionado. Chegan á conclusión de que había intereses creados que tentaban frear, de maneira moi perigosa, a continuidade e avance do fútbol en Pontedeume.

Despois de ter estudada a situación, comeza o traballo de maneira moi rápida e sen facer moito bulicio. Para solucionar a problemática, acódese á "vía Madrid" onde atopan que a condición para que non houbera problemas en canto á propiedade co campo, era voltar ao nome de S.D. Eumesa.

O club atopábase baixo mínimos como demostran as campañas que levaban a cabo entre as que podemos salientar unha saída que fixeran polos bares da vila para poderen mercar balóns e xogar o vindeiro domingo. Antonio Freijomil (Paíño) escribía: *"Témome que houbo moi poucos avances para este fútbol etiquetado como modesto e, en xeral, para todo o deporte de base e minoritario. Segue tan desasistido como antano e só se sostén por uns heroes anónimos que tiran do carro día a día".*

No 1972 chega o relevo na presidencia, aparecendo a figura de Tucho Díaz Deus e canda el José Andrés López Leira (fillo de Pepe o Xastre), que suporá unha continuidade na forza do proxecto comezado con anterioridade, engadindo máis ampliación da actividade deportiva, con grandes resultados en baloncesto, balonmán e destacando en fútbol o ascenso á Terceira División e o ascenso do equipo xuvenil á Categoría Rexional.

A sección de balonmán medra. Ademais do equipo sénior que aparecera no 1970, créase un equipo xuvenil masculino e outro sénior feminino. O equipo sénior masculino na tempada 1981-82 fora campión provincial e o sénior feminino, subcampión e mellor club provincial.

No fútbol apareceran os equipos cadete (1972-73) e infantil, categorías todas elas que xogan os seus partidos no campo dos Moteles (antiga Escuela Hogar Reina Sofía).

No 1983 prodúcese outro troco na presidencia á que chega Manuel Iglesias Veiga, Manolo o Llegada ao que sucederá tempo máis tarde Manolo Costas que tentará remar contra corrente xa que época de temporais era o que tocaba. A economía non daba para máis e había que argallar de todo para seguir adiante.

Xa a mediados dos anos 90 coa entrada en funcionamento das escolas deportivas e o torneo de fútbol 7 Vila de Pontedeume (categorías prebenxamín, benxamín e alevín con participantes do prestixo de clubs como o Real Madrid ou o Atletic Club de Bilbao, chegando a participar até 21 equipos que xogaban os partidos no campo anexo ao I.E.S Fraga do Eume e no campo da Gándara), aínda con atrancos económicos persistentes, conséguese formar unha base moi sólida para o crecemento do fútbol eumés.

Na tempada 1998-99 o Eume Deportivo é nomeado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia mellor club galego e club máis deportivo polo Comité Galego de Árbitros.

A presidencia da S.D. Eumesa e posterior Eume Deportivo, estivo ao longo da súa historia nas mans de: Juan Raposo, Juan Sarmiento, Antón Tenreiro, Tucho Deus, Manolo Iglesias, Pitis Pérez-Mendaña, Manolo Costas e Juan Carlos Pérez-Mendaña.



A ilusión polo Eume Deportivo queda patente nesta fotografía actual

Na actualidade, á situación económica engádeselle a falta de implicación para coller o temón da nave e que o barco siga sucando as augas dos nosos mares coa bandeira branca e azul da nosa ilusión na proa.

### 5.3 Fútbol Gaélico

O equipo toma o seu nome da famosa Irmandade Fusquenlha que durante o período das revoltas irmandiñas combateu o feudalismo dos Andrade na bisbarra da vila eumesa.




FUSQUENLHA FUTEBOL GAÉLICO




A inquietude dalgúns dos socios e socias do Colectivo Terra por fundar un club de fútbol gaélico na vila leva a que se comecen a organizar xornadas de formación e adestramentos abertos, co fin de captar un mínimo número de persoas para formar o equipo. Tras o éxito inicial, nace no mes de marzo de 2017 o primeiro equipo de fútbol gaélico en Pontedeume, o Fusquenlha Futebol Gaélico.

O club pasa a formar parte da Liga Galla-ecia, nada a mediados do 2013 co obxectivo de promocionar no territorio galego o deporte máis seguido en Eire. Ademais de ser un deporte moi completo, o gaélico ten os valores engadidos de fomentar o deporte de base e non mediático. Tamén representa a irmandade entre un pobo unido, o pobo irlandés. É por todo isto que a Liga Gallaecia pretende representar eses mesmos valores en Galiza, engadíndolle por riba de todo o non segregacionismo, polo que nesta liga poden xogar persoas sen importar o xénero.

A finalidade do Fusquenlha como entidade, alén da práctica deportiva, está en representar os valores baixo os que naceu a liga na que participa, vogando por unha igualdade de xénero real, convidando a todas as persoas que o desexen a formar parte deste deporte mixto que combina a diversión e a emoción coa rivalidade sa, o compañeirismo e o respecto.

Na actualidade existen na liga 8 equipos: Condado F.G. (O Condado), Gróvias F.G. (A Guarda), Afiadoras F.G. (Ourense), Suévia F.G. (Compostela), Torques de Lugoslavia (Lugo), Cascarilha F.G. (A Coruña), Ambilokwoi F.G. (Vigo) e Fusquenlha F.G. (Pontedeume). As xornadas organízanse en concentracións, polo xeral de catro clubs, nas que un equipo fai de anfitrión e dispútanse dous partidos entre os diferentes equipos da liga. Os partidos divídense en dúas partes de 25 minutos e un terceiro tempo de irmandade entre os conxuntos sen límite de duración.

O Fusquenlha adestra e disputa os seus partidos como organizador da xornada, no campo municipal da Gándara. A día de hoxe afronta a súa segunda temporada na liga, logo dunha máis que digna participación na súa campaña de debut na que ademais acadaron un meritorio terceiro posto na Taça Gallaecia. Na presente tempada ocupan o cuarto lugar da clasificación.



A situación do equipo actualmente é un chisco alarmante, pois atópase con dificultades

de participación feminina na entidade, unha problemática extensible a toda a Liga Gallaecia, pero que día a día tratan de solucionar. Malia estas trabas, a liga segue adiante existindo un gran ambiente de competitividade nos partidos e cordialidade e compañeirismo fóra do terreo de xogo.

## 6. Fútbol sala

### 6.1 As orixes

Comeza o meu camiño no estudo deste deporte da man de Fernando Barallobre, tentando marcar unha liña no deporte do fútbol sala que aparece en Pontedeume cando apenas había ningún xermolo, agás única e exclusivamente en Ferrol.

Esta disciplina deportiva comeza na nosa vila da man do Tele Club aló polo ano 1970. O Tele Club era por aqueles tempos unha asociación moi dinamizadora da vida cultural e deportiva da Vila da man de Yuma como presidente nos primeiros tempos; primeiro na súa sede do Torreón, logo na Cátedra para rematar no local do Frente de Juventudes na Alameda de Raxoy (presidente Luis Blanco). Cando o Tele Club se atopa no Torreón é cando xorde a idea de facer uns partidos de fútbol sala que terían unha regulamentación especial, específica, "para xogar en Pontedeume". Nas súas orixes aparecen no-mes como os de Toñín, Pichurri e Manolo Costas entre outros.



Primeiro equipo de fútbol sala do Tele Club de la Juventud Eumesa, anos 70, na pista "Alcalde Sarmiento".
Na foto aparecen de esq. A dereita, de pé: Costas (de paisano), Tito Coreano, Suso, Pichurri. Aniñados: Mesones, Pelitos e Pedro

Permítame o meu querido lector facer unha pequena historia do que supuxo o Tele Club na sociedade eumesa.

Nestes anos tamén hai en Pontedeume outra unión dos rapaces que formaban o JEU (Jóvenes Eumeses Unidos) que tiña a súa sede no Grupo Escolar Agustín Tenreiro pero era o Tele Club o que realmente tiraba da rapazada eumesa.

Con anterioridade á aparición do Tele Club que nos primeiros tempos tiña o nome de Club de la Juventud Eumesa, da man do Frente de Juventudes (Don Álvaro) organizábanse cursiños no Colexio Luis Vives cando abriu (anos 50) impartidos por monitoes da OJE durante a Semana Santa. A superación daqueles cursiños aparellaba que as persoas que o obtiñan poderían impartir clases de Educación Física (Instructores de Gimnasia).

No Frente de Juventudes había un encargado (o avó de Lucho) que sempre estaba uniformado e que esixía carné paro poder xogar ao xadrez, tenis de mesa, actividades de campamento, etc. Ademais estaba a Sección Femenina na que se xuntaban as rapazas da vila.

En 1972 formalízase o nome pasando a quedar Tele Club da Juventud Eumesa para disfrutar de axudas. Coa primeira puideron mercar unha máquina de cine. O Tele Club, como dinamizador cultural, organizaba: semanas culturais, exposicións, conferencias, proxeccións de cine forum, e remataba a semana sempre co clásico magosto; no eido deportivo, fútbol sala (dende xuño a setembro), travesías a nado; e outras actividades como proxeccións de cine de entretemento e de lecer (todos os sábados do ano), concursos de todo tipo, excursións, campionatos de ping-pong, futbolín e xadrez; cursos de iniciación de guitarra; así mesmo participaba en moitos acontecementos musicais da vila (entroidos, festivais benéficos, etc.). Contaba tamén cunha boa biblioteca. Foi aquí onde xurdiu a celebración da misa en galego. Os sábados xuntábanse para cantaren na igrexa das Virtudes e ían tamén polas parroquias coas gaitas Xoán García e *"Pepe o do Cruceiro sempre acompañados de guitarra"* (Luis Blanco, quen fora presidente do Tele Club entre 1971 e 1977).

Non rematarei esta breve reseña histórica sen lembrarme do noso querido Santi que durante xornadas e xornadas, anos e anos, aparecía pola Alameda abaixo, paseniñamente baixando dende o Souto da Vila para abrirnos o noso centro de reunión.

No primeiro campionato de fútbol sala, na tempada 1970-71, ponse como límite de idade o seren maiores de 16 anos pero os máis novos íanse mesturando cos veteranos e os equipos formaríanos seis xogadores de campo mais o porteiro, para o que se adaptaría a área de balonmán. Os partidos xogábanse no parque Alcalde Sarmiento e adaptábanse normas do fútbol, normas particulares, descoñecidas por outros lares (nalgunha parte da pista, no muro, non había fóra de banda) ou tendo que recorrer ao alumeado dos coches para rematar algunha que outra tanda de penaltis. O primeiro afeccionado que dirixiu aqueles partidos foi Paulino Mendaña, disposto a botar unha man sempre que fixese falta.

Unha vez experimentado, séntanse unhas bases sólidas para armar un campionato que discorrería nos meses de xullo e agosto para rematar o 10 de setembro, día grande das Festas das Peras, disputándose dous encontros cada día, de luns a venres. Despois de valorar os primeiros anos, os organizadores percátanse da gran cantidade de xente que está movendo ese campionato e que comezan a florecer equipos por toda a bisbarra para participar no Campionato de Pontedeume. Grandes equipos de Ares, Mugardos, Ferrol, Pontedeume... (Zambo-



Equipo de fútbol sala Cosmos: Javier, Pedro, Juan C., Vicente, Pitis, José Mª e Quique

rella, Casino de Mugardos, Cosmos, os Rancheros, os Lirios...) que deron orixe a clubs de fútbol sala que pasearon por todas as ligas que, nos anos 80 comezaron a pulular pola nosa Comunidade. No ano 1977, o torneo tivo unha nota de cor coa participación dun grupo de traballadores venezolanos que residían na Vila; era o equipo chamado Tiburones de La Guaira.

Os bares estaban volcados no patrocinio do campionato pero comezan a darse conta que durante os partidos os seus locais quedaban baleiros até que a sesión diaria de fútbol sala remataba.

Como curiosidade, Fernando Barallobre lembra que mercaban as camisolas por lotes nos almacéns Simago de Ferrol. Eran moi baratas pero tamén viñan deterioradas, mais aos desperfectos eles poñíanlles solución con algunha pegatina, algún zurcido disimulado, etc.

Fernando faise eco do triunfo do proxecto de fútbol sala vivido tamén por el dende que contaba con 15 anos e proponse un proxecto propio baixo o nome do establecemento da súa tía: CACHARREIRA.

Así xorde na tempada 1985-86 unha escola que daría lugar a equipos de competición á que acoden rapaces menores de 10 anos que non tiñan cabida para xogar ao fútbol campo no Eume.

Os primeiros partidiños disputábanos nos intermedios da competición da maratón de fútbol sala que se disputaba na vila.

O número de nenos que acudían ao Club Cacharreira ía medrando e máis cando pasan de adestrar da pista Alcalde Sarmiento ao pavillón municipal. Cando isto sucede o Concello forma un padroado de deportes que convoca os representantes do Club para que nomearan un monitor de futbol sala e se comprometeran a adestrar a todos os rapaces que acudisen as escolas deportivas municipais. Así o proxecto do Club Cacharreira colle un pulo moi grande pero déronse conta que se estaba a dar un problema de incompatibilidade coa actividade do Eume Deportivo, Mais, como falando se entende a xente, e polo ben dos rapaces máis, chegan a un acordo e o Cacharreira dáse de alta na competición da Federación Galega de Fútbol e así buscaban que puidesen xogar nos dous equipos. A prioridade quedaba sempre para o Eume para non coincidir, sobre todo nos adestramentos, contando coa complicidade de Paco Iglesias que desenvolvía a función de adestrador no Eume.

O proxecto de Fernando Barallobre á fronte do CACHARREIRA duraría doce anos (1985-97) nos que chegou a contar con catro equipos en competición e no que tivo un papel moi importante Juan Veiga o Caco como adestrador.



Un equipo do Cacharreira dirixido por Juan Veiga o Caco

O que fora a catedral do fútbol sala e do balonmán, o parque Alcalde Sarmiento quedaría esquecido no 1990 coa inauguración do pavillón municipal, forzada, en certa maneira polo equipo de balonmán sénior masculino ao que eu pertencía, levando a cabo un peche no salón de plenos do Concello e entrando no pavillón, sen permiso, e realizando os nosos adestramentos. A chegada do pavillón supuxo, en dous anos, a desaparición daquel campionato estival de fútbol sala que tanto supuxera para o fútbol sala galego. Algúns xogadores e xogadoras de fúlbol sala pasarían aos equipos de balonmán ou a xogar en equipos de fútbol sala da bisbarra.

### 6.1 Fútbol sala Pontedeume

O proxecto actual do club Fútbol Sala Pontedeume xorde con forza, con ilusión de facer ben as cousas, comezando cun obxectivo fundamental que é o de "educar no deporte, que os rapaces convivan e aprendan sempre en valores positivos de respecto, deportividade e compartir cos compañeiros do seu club e cos compañeiros doutros clubes cos que teñan que competir".


Equipo feminino do F.S. Pontedeume

O Fútbol Sala Pontedeume xorde no xaneiro de 2014 cunha directiva composta por Adrián Lorenzo Castiñeiras como presidente e ao que acompañaban Fernando Iglesias Dopico como vicepresidente, Cristian Pena López como secretario, Daniel Barbeito Fernández como tesoureiro e Enrique Taboada e Pablo López como vogais. A sede social tena establecida na praza Álvaro Vázquez Penedo, soto; local cedido polo Concello. Na actualidade, o Fútbol Sala Pontedeume conta con nove equipos, un deles na categoría sénior feminina, arrancando dende os máis pequerrechos, construíndo así unha pirámide ben forte. Estes equipos son adestrados por monitores propios do Club (a maioría son xogadores en activo) e pais dos rapaces que participan do deporte do fútbol sala.

## 7. Peñas deportivas

### 7.1 Os Mascatos

A idea de argallar esta peña deportiva xorde aló polo ano 1976 a partir dun partido de fútbol entre solteiros e casados que se disputara no campo vello de Cabanas. No 1978 este grupo de xente formaba a comisión das festas patronais acompañados de Germán Santamaría e Lino Tenreiro.

Sempre se xuntaban no bar Capri. Era alí onde xurdían ideas para levar adiante os seus proxectos e así organizábanse para facer quendas e ir pedindo polos establecementos da vila, facer sardiñadas... Unha vez que remataban os traballos, chegaba a hora de "mollar a palleta" e tomar uns pinchos. Un día Germán Santamaría, que case que nunca chegaba aos pinchos, afirmou: *"Comedes como mascatos"* xa que devoraban todo. A partir daquel día, o nome do grupo pasou a ser Os Mascatos.

Tempo máis tarde do seu paso por Cabanas, aséntanse para xogar as súas partidas no campo dos Moteles até que a construción do IES Fraga do Eume os leva a asentarse no campo de fútbol do Limodre.

Pola Asociación Deportiva Mascatos pasan persoas moi variadas dentro do amplo abano do deporte do balompé. Ade-mais dos partidos de fútbol, realizan reunións gastronómicas dúas veces ao ano, no verán e polo Entroido.





Arriba: "Partido oficial" dos Mascatos no campo dos Moteles.

A dereita: Xuntanza futbolística habitual dos Mascatos

Hoxe en día, Os Mascatos é un grupo humano que preside Juan Jesús López Vidal con moi boas relacións interpersoais.

### 7.2 Peña ciclista Leboreira

A Peña Ciclista Leboreira xorde o 21 de xuño de 2003 a partir da organización da primeira edición da subida ao castelo de Andrade. Xorde como un intento de organizarse, dalgunha maneira, un grupo de rapaces que tiñan como vínculo de unión a súa afección polo deporte das dúas rodas: o ciclismo.

A primeira directiva que se fai cargo da peña estaba composta por Daniel Cendán, Marcos Freire, Venancio Feal, Ángel Cendán e David Deive. Establecen a súa sede social na antiga escola de Nogueirosa.

Dentro do amplo abano de actividades destacar a subida ao castelo, a cronoescalada a Breamo, a circuitada durante a Semana Santa para rapaces menores de 14 anos e actividades formativas. No ámbito interno lévanse a cabo saídas por espazos naturais como poden ser as saídas á serra do Xistral ou aos Ancares. Unha das actividades estrela da Peña é a exposición de bicicletas de época, desenvolvendo en paralelo o Encontro de Bicis Clásicas Leboreira (Ruta do Polbo).

No ano 2014 xorde un aparte baseado en discrepancias que dá lugar á aparición de Irmandiños, club resultante desa escisión que traslada a súa sede social ao concello veciño de Vilarmaior.

### 7.3 Peña deportivista eumesa

Xa en febreiro de 1969 temos coñecemento da existencia da dita peña a través dunha rolda de prensa do, por aquela, presidente do Deportivo da Coruña, Antonio González Fernández, dando a coñecer a fundación da peña en Pontedeume, nunha tempada que fora a do regreso do Dépor á Primeira División. Aquel Deportivo tiña unha plantilla composta por:

Porteiros: Joanet, Mendieta e Giráldez

Defensas: Luis, Belló, Cholo, Madir, Gaona e Isidro

Centrocampistas: Domínguez, Sertucha, Loureda, Manolete, Cervera e Juanito e

Dianteira: Beci, Cortés, Martínez, José Luis, Morilla, Chapela II e López.

O adestrador era José María (Cheché) Martín e o seu segundo Arsenio Iglesias. Aquela tempada o Deportivo rematou no décimo posto, sendo eliminado na copa polo Athletic de Bilbao.

As orixes da agrupación poderiámola atopar nas persoas de Paco Guntín (sogro de Pepe Lolo) e en Pepe o Xastre, collendo despois as rendas Pepe Lolo que sería, tempo máis tarde, axudado por Suso Cuiñas.

Segundo me conta Juan Cuíñas, as reunións facíanas no Bar Cuíñas que el rexentaba, pasando despois o "local social" ao baixo das Ginesas. Tamén me relata que Len-doiro, pesidente do Deportivo entre os anos 1988 e 2014, fora por alí facerlles unha visita.

Juan Sarmiento, pola semana de camiño á Coruña, era, a meirande parte das veces, o que lles traía as entradas para o partido que ían ver na fin de semana. Os desprazamentos a Riazor a peña, facíaos alugando o microbús que na Capela tiña o señor Herminio que tamén el utilizaba para levar os nenos á escola e ás quendas de traballo dos operarios da central da Ventureira.

A Peña Deportivista Eumesa obedece á afección que sempre houbo na nosa vila polas cores brancas e azuis do Deportivo; non sendo así, aínda que estando máis preto, a afección pola cor verde do Rácing de Ferrol (en Pontedeume sempre se falaba de maneira



Aficiones

Era un gran aficionado al fútbol, presumía de ser socio-fundador de la Peña Deportivista de Pontedeume, en los años sesenta, cuando nadie era del Deportivo, siempre que podía iba a verlos.

Tenía una gran colección de llaveros y mecheros que tenía expuesta en las estanterías de la zapatería, también coleccionó monedas, pero en general lo guardaba todo, le gustaba mucho guardar, « hasta los dientes de todos nosotros, los tenía en su mesilla».

No le gustaba demasiado hablar de la jubilación y cuando, Fran su hijo se metía con él « no te queda nada, qué bien vas a vivir», contestaba, ¿qué voy a hacer con tanto tiempo libre?, y mi madre le decía que pasear con ella y luego con Fonte (un gran amigo).

*Los domingos por las mañanas jugaba al fútbol en la playa con sus amigos*

Entrevista a Pepe Lolo no 1999. Na foto, de pé 4º pola esquerda

despectiva da xente que vivían aló da ponte e facendo referencia á xente de Ferrol como "os cacos ferrolanos"). A xente da vila non atravesaba a ponte, senón que acudía a Riazor a disfrutar dos partidos do campionato correspondente á división na que se atopase o Deportivo e, como non, no mes de agosto a presenciar un trofeo tan recoñecido no mundo do fútbol como era o cuadrangular Teresa Herrera a onde os eumeses acudían en masa coas súas merendas.

## 7.4 Peña O Mexilón

Coñecida é a grande afección que existía na nosa vila polo balonmán. Os partidos presentaban unha grande afluencia de seareiros tanto nos partidos que se disputaban na pista Alcalde Sarmiento como máis tarde os que se xogaban nas intalacións do recén rematado IES Fraga do Eume, ou na pista de asfalto do Colexio Couceiro Freijomil e, despois da inauguración, no pavillón municipal.

Dun grupo de eumeses, no verán de 1981 (Jaime, Manel o Grilo, Juan Cabana, Juan o Banana, etc) xurdiu a idea de que tiñan que organizarse para acompañaren o equipo sénior, sobre de todo nas súas andainas polas canchas de toda Galicia cara a onde ían xogar os seus partidos. Durante moitas tempadas arrouparon o equipo tanto en campionatos como nos sectores que tiña que xogar para tentar os ascensos de categoría. Os seus bombos e os seus cantos acoden hoxe ao meu maxín xunto coas figuras dos máis veteranos o sr. Víctor Garabana e a sra. Paca, así como a lembranza para aqueles rapaces que xa non están connosco. Sempre sentiamos o seu empurre. Nunca camiñabamos sós.



## 8. Piragüismo e remo

### 8.1 Os nosos remeiros

Tentando chegar ás orixes do remo na nosa vila atópome, camiño de Esteiro, o bo amigo do meu pai, o Estebo (Estebo Piñeiro), hoxe con 85 anos ao lombo e que comezaba nos bateis aos 24, no 1957. Días despois encontrareime, xa na vila, con Juanciño o Pecocho.

Con Estebo sento mirando ao mar e comeza o seu relatorio, dándome os nomes dos tripulantes que canda el vogaban na embarcación: o Maño (era o voga), Oca, Juanciño o Pecocho e Estebo o Petapouco. Á embarcación que usaban e que fora fornecida polo Sindicato Vertical bautizárana como o Penco, *"Pesaba como o demo, estaba nos 150 quilos que había que mover. Gardabámolo no antigo cárcere…. Quixerámola cambiar e un día atopámonos con Juan Sarmiento Patiño que era o alcalde cando andabamos de chatos polo Bar de Noche e pedímoslle se nos podería axudar e a súa resposta foi: Facelo de papel".*

Aproveitaban que andaban xuntos ao mar e as sesións de traballo co bou xa lles valía de adestramentos para vogar; algunhas veces facían longos moi rápidos entre a lonxa e Chamorro. Nos primeiros tempos vogaban polas festas patronais da nosa bisbarra. Coñecíanse tan ben todos entre eles que se vixiaban para non beber de máis nas festas e que ninguén se pasara do "permitido".

O Estebo cóntame os consellos que lles daban para poder vogar ben: "*Facer callo no traseiro e apoiar os pés ben nas bancadas. Beberen medio vaso de auga cunhas pingas de sal e sempre manter as mans húmidas".*

Juanciño o Pecocho e Estebo coinciden nun episodio. Un ano foran invitados a vogar no Sardinero (Santander) sendo José Rodríguez Corral presidente e aló foron. Quedaran a durmir nunha casa particular. *"Pareciamos mendigos, poucos medios e sen material".* As condicións por aqueles mares do norte eran doutro mundo. Tiñan de todo: embarcacións moito máis lixeiras, con rompeondas a forma de viseira para que non lles entrara a auga e os remeiros de Pontedeume só tiñan o bo de Pepe Fonte que lles vendaba as mans. Mentres as outras embarcacións xa viraban na ciavoga co guión, eles viraban usando a ciada e a vogada segundo o sentido das ciavogas. Os eumeses facían os seus estrobos, o resto do material víñanlles feitos ou prestados moitos.

> *"Naquela primeira regata no "estranxeiro" non aguantamos nin o primeiro longo pois había mar e fomos a pique, entrounos unha lestada e acabouse. Na regata de consolación, co mar calmo, arrasamos".*

Se os útiles de remar lles rompían a algún dos remeiros no transcurso da regata, moitas embarcacións tiñan a táctica de que ese remeiro que quedara en "inferioridade" se botara ao mar para non lastrar a vogada dos demais compañeiros e tería que chegar á beira nadando.

O Concello corría con todos os gastos, de desprazamentos e de camisolas. O delegado do equipo, se sobraba algo do que levaba para gastar na viaxe, repartíao entre os compoñentes da tripulación.

Polos nosos mares, a rivalidade estaba coas embarcacións de Ares. Un ano foran a unha regata polas festas e os de Ares presumían de ter moita calidade. Os eumeses despistáronse na saída e non se enteraron, *"aínda así, démoslles gañado"*. O Estebo, modestia á parte, dime que só eran as embarcacións de San Amaro e As Xubias *"as que daban algo de emoción ás regatas clasificatorias que se desenvolvían na Coruña"*.

Ás veces, os de Redes chamaban aos nosos remeiros para completar a tripulación da súa traiñeira.

Unha vez que eles deixaron de vogar, o batel usouno algunha que outra tripulación pero con moi pouco percorrido: Tito o Coreano, Carlos (irmán do Taboni) quen pasou a ser o encargado do batel *Horacio Cortizo*.

Na historia daquel primeiro batel, quedou sempre na lembranza a viaxe a Madrid, onde disputarían un Campionato de España coincidindo co primeiro de maio. Vogarían na Casa de Campo pero con anterioridade terían que participar no desfile que se celebraba no estadio Santiago Bernabeu baixo a mirada de Francisco Franco pola Festa do Traballo. Naquel desfile, os eumeses participaron nun grupo de remeiros que encabezaba un batel e uniformados con chándal prestado que despois devolveron.

Naquel campionato de Madrid competían en quendas de catro embarcacións cada unha, contra o reloxo. A embarcación eumesa tivera un fallo na ciavoga e aínda así quedaron primeiros na súa quenda con Estebito, irmán de José o Apilladeiro, como patrón.

Antes de rematar a nosa conversa Estebo agárrame o brazo e dime que me vai contar unha curiosidade.

No 1970, dez anos despois de deixar de remar aquela laureada tripulación (sendo alcalde Celestino Sardiña) ten lugar en Pontedeume un Campionato de España sobre 2.000 metros, paralelos á ponte de pedra e, na vila, querían que vogaran. Eles poñían como condición que o alcalde os axudase e que os colocasen para remar, na súa quenda, polo medio do carreiro. Non lograron unha resposta afirmativa e néganse a vogar.

Despois de moitos anos, Ramiro Piñeiro, no 1985 como presidente do Firrete recupera o remo na nosa vila con embarcacións de banco móbil e batel. Para aqueles momentos, bota man de Jesús Manuel Bardancas como primeiro adestrador. Bardancas, que traía na súa mochila todo o aprendido na súa vila natal, Ares, estaría acompañado por Suso (Jesús Audisio), tamén das terras aresás.

Naquela tripulación do batel estaban Emilio, Fran (o fillo de Juan o do "Río Bao"), Peo (fillo de Chantada), Andresito (era o patrón) e Miguel Villar. Na primeira regata que disputaron en Ares foi chegar e embarcar, pois acadaron a primeira posición.

Compoñían a disciplina remo no Firrete tres tripulacións, unha para cada categoría: xuvenil, infantil e cadete.

Como me di o propio Ramiro Piñeiro: *"David comeu a Goliat"* e o piragüismo acabou por eclipsar o remo que só tivera unha andaina de tres anos.

## 8.2 Piragüismo BREAMO-OJE

O Club de Piragüismo Breamo-OJE foi o primeiro club federado en Pontedeume que sacou adiante un grupo de apaixonados do piragüismo entre os que podo citar a Pichurri, o Queixo, Víctor Gómez Garabana e Suso Fornos; con sede social no local do Frente de Juventudes.

As orixes remóntanse ao 1968, ano no que tivo lugar a segunda edición do descenso do Eume. Nesta edición queda abandonada, nos baixos da Casa do Concello, unha piragua K-2 que fendera durante o percorrido.

Uns rapaces da vila pídenlle a piragua ao alcalde Juan Sarmiento Patiño para arranxala no Frente de Juventudes, na Alameda de Raxoy, coñecido durante moitos anos como o Teleclub e aí é onde comeza a andaina do piragüismo eumés. Xorde entón o Breamo–OJE baixo a presidencia de Jesús Fornos Ríos, que se fai rodear de xente con inquedanzas novas como serían os irmáns Julio e Victor Gómez Garabana, Antonio Piñeiro (Pichurri), José Vázquez Rodríguez (o Queixo), Pablo Isasi Gómez e Juan Manuel Lorenzo (Barón)



Grupo de eumeses nomeados neste apartado, nas orixes do piragüismo eumés

O proxecto do Breamo–OJE, que comezara na primavera de 1969, tivo vida durante tres anos. Na quinta edición do descenso do río Eume, no 1971, o club, antes da súa desaparición, toma as rendas da organización.

O nome de Breamo–OJE, segundo datos recollidos da Real Federación Española da especialidade, ten vida até o ano 1972 cando o vínculo do piragüismo coa OJE fende. Ao ano seguinte nace o Náutico Firrete baixo a mesma presidencia a de Suso Fornos Ríos

## 8.3 Piragüismo EL ÁGUILA

Foi un club que xurdiu baixo a tutela de Suso Fornos, desconforme coas liñas marcadas no Náutico Firrete e que se fusionará coa estrutura feita polo Breamo–OJE.

Segundo acta fundacional de catro de maio de 1980, ás doce da mañá , reunidos no doimicilio social na rúa Porto, 5 queda constituída a primeira directiva conformada por: Jesús Fornos, presidente José Luis Mosquera Vázquez, secretario Jesús Andrés López Calvo, tesoureiro; e os vogais Roque Mosquera e Pedro Roca.

O 23 de febreiro de 1982 celébrase unha asemblea xeral nos novos locais do club cedidos polo Concello no motel A Ría que fora Escuela Fogar Princesa Sofía.

O 6 de agosto de 1983 prodúcese a transferencia de capital do club Breamo–OJE ao Club Águila.

O 7 de setembro de 1984 nunha reunión da xunta directiva abórdase a celebración da II Baixada do Eume (Trofeo San Nicolás) e decídese celebrar o 19 de setembro ás seis da tarde cun presuposto de 40.000 pts, sendo puntuable para o Gran Premio Provincial de Descensos y Travesías.

Chégase a un acordo co daquela alcalde Celestino Sardiña para gardar o material de adestramento e competición nas instalacións dos Moteles, xa abandonados.

A creación do Club Águila coincide coa presenza do eumés Ramiro Couce Amado na Presidencia da Federación Coruñesa de Piragüismo na que estivo dende 1985 até o 1990. Ramiro quería construír un tecido tanto formativo como competitivo e así crea unha liga provincial e ponse en marcha o Descenso do Tambre. Ramiro emprendería ou-tro camiño cando marcha cara a San Valentín (Fene) creando a sección de piragüismo no Grupo de Empresa AS-TANO.

Aínda que o poder tanto competitivo como económico non fose tan elevado como o do Firrete, sempre ían a probas que se disputaban tanto pola bisbarra como fóra, chegando a acadar o subcampionato provincial. Sempre se apoiaban, para pedir axudas, argumentando a época laureada do piragüismo e acadar algunha subvención.

Unha proba que destaca nesta época é a Travesía Ferrol-Coruña por etapas en piragua, tendo a chegada no Real Club Náutico da Coruña.

Nun ano, aproximadamente, hai tres



llamada a la aventura

REVISTA "AGUAS VIVAS" Nº 96
Madrid Noviembre-Diciembre 1987

**Piragüismo por la ría**

# EL DESAFIO GALLEGO

## Veinticinco palistas desde Ferrol a La Coruña por mar

La iniciativa surgió a través del Club de Piragüismo **Abrente** de Fene, con la colaboración de la Federación Coruñesa de Piragüismo, y la patrocinación de la Consellería de Cultura e Bienestar Social de la Xunta de Galicia.

Esta experiencia era inédita en Galicia pues no se conoce antecedente alguno de este tipo de pruebas. Esta circunstancia hacía que la Travesía, a pesar de no ser competitiva sino meramente turística, fuese atrayente y desafiadora.

Veinticinco palistas de los clubs Abrente, Astano, Aguilas de Pontedeume y Copacabana de Ferrol, recorrieron los 95 kilómetros de ría con algún palista más del club Las Jubias de La Coruña que se sumaron en la última etapa.

La primera etapa tenía como recorrido los 34 kilómetros que separan Ferrol de Pontedeume. Con un mar que ya empezaba a estar en mal estado y una temperatura suave, **Jesús Fornos,** árbitro de piragüismo, y desde el muelle comercial de Ferrol dio salida a las 19 embarcaciones participantes. El destino se fijó en la Playa de Chanteiro. Los ánimos estaban muy levantados y la moral muy alta, era necesario pues el siguiente tramo sería el peor de toda la travesía.

Después de un pequeño descanso se enfilaron las proas hacia Ares, a los diez minutos de salir, se levantó un fuerte temporal debido al formidable chaparrón que cayó con fuerte aparato eléctrico. Esto hizo movilizar a los servicios de cobertura y asistencia, compuestos por dos lanchas Zodiac y un furgón de seguimiento por carretera. Con esto y la pericia de los piragüistas se llegó a Ares, donde se procedió a la comida y la recuperación de una embarcación K-2 que había zozobrado a la altura de la Punta de las Estacas.

A media tarde se dio la salida hacia Pontedeume donde se llegó una hora más tarde, para instalar el campamento en la Playa de Cabañas.

En la segunda etapa salieron las 13 embarcaciones (9 K-1 y 4 K-2) que finalmente acabarían la travesía. El mar seguía amenazando, y la temperatura había descendido, por si fuera poco, una de las lanchas de cobertura se averió nada más salir las embarcaciones. El fuerte viento y a lluvia provocaron un temporal, que hizo que toda la expedición parara en la Playa de Miño para guarnecerse. Con todo se llegó a Sada en cuya playa se instaló el campamento base. A pesar de que la organización

Al fondo La Coruña, se acababa de superar el momento de más peligro de la travesía.

clubs de piragüismo rexistrados na nosa vila: o Breamo–OJE, o Águila (que se fusionarán) e o Club Náutico Firrete.

Despois dalgún traspés sufrido polo camiño, como a desaparición dos "Moteles", súfrese a desaparición do Club Águilas (1988), aínda que os seus fondos documentais perduran baixo a custodia do Círculo Filatélico Eumés.

### 8.4 Piragüismo NÁUTICO FIRRETE

Permítame o meu benquerido lector, chegado este punto, facer unha breve introdución en canto á relación piragüismo e río Eume.

O descenso do río Eume en piragua remóntase ao 9 se setembro de 1967. Xode da colaboración da Comisión das Festas das Peras e a Federación Coruñesa baixo o patrocinio da Obra Social de Educación e Descanso. Era presidente da Federación Galega Jacinto Regueira Alonso quen lle deu un pulo importante ao descenso.

Naquela primeira edición participaron dezanove embarcacións dos clubs Fluvial de Lugo, Alcalá Galiano de Ourense, Beiramar da Coruña, Naval de Pontevedra, Ancares de Lugo e Cidade Xardín da Coruña. Os vencedores absolutos resultaron ser en K-2 Ángel Villar (Chilares) e Manuel Pérez do Fluvial de Lugo. Na terceira edición xa se poderían ver padeeiros eumeses baixando o Eume.

Daquel principio tan prometedor do ano no que nace o Firrete, 1973, non tardan en xurdir discrepancias que levarán, como xa deixei explícito, a Suso Fornos a crear o Club Aguila.

Para o Firrete é tecnicamente moi importante a chegada de Marcos del Riego, leonés chegado a terras eumesas por motivos laborais, feito que resulta un punto de inflexión no desenvolvemento do club.

Mención especial, merecen as dúas primeiras mulleres que navegan nas embarcacións do club. Elas foron Mª Dolores Fornos e Chata Lapique.

Outros nomes importantes nos primeiros tramos do club foron Javier Gómez e Santiago Couce que formaran parte da embarcación K-4 junior galega que participara nos Campionatos de España.

En 1979 baixo a dirección técnica do Firrete, o Descenso do Eume entra a formar parte do circuíto de descensos de augas bravas.

A finais dos anos 70, faise cargo do club Julio Gómez Garabana, elixido polos deportistas, feito moi importante no devir da entidade. Julio terá un segundo mandato a comezos do 80 substituíndo a Carlos López Lamas.

No 1985 o Firrete entra no rexistro de clubs da Xunta de Galicia, dándolle acollida a Federación Galega na listaxe de clubs galegos. Na acta fundacional aparece como presidente José Miguel Fernández Naveiro e Manuel Fonte Peña como tesoureiro quen, con posterioridade, tería un espazo breve de tempo á fronte da directiva.

En 1986 chega á presidencia Jorge Salgado Cortizas xunto con Jorge Carro Fernández que conseguen o patrocinio de LEYMA para os competidores do club.

O 1987 con Eduardo Veiga na presidencia é un ano onde se comezan a recoller os froitos dun traballo que se veu facendo, con moito esforzo, dende a fundación do club. Coa chegada de Eduardo á presidencia, chega Daniel Brage como director da parcela técnica.

Dende o Firrete considérase un ano clave no devir do Club e das súas actividades, por acadarse o patrocinio de ENDESA para o descenso do río Eume. Hai un troco na parte técnica que agora colle Ramiro Piñeiro, que chega acompañado de piragúistas eumeses como eran Alberto Torres, Antonio e Mónica Filgueiras, José R. Beceiro, Pablo Tenreiro, Sandra Villar e David García que tentarán levar o club a competir a un alto nivel, medrando, asemade, o traballo coa base en canto a calidade e cantidade.

O 1992 é un punto moi importante a ter en conta na historia do club xa que se acada un acordo de patrocinio xeral con Autopistas del Atlántico, quedando o acordo con ENDESA exclusivamente para o patrocinio da Baixada do Eume.

Un club que medraba como era o Firrete necesitaba unha infraestrutura en canto a instalacións ou, senón, todo o traballo levado a cabo pola parte técnica, estaría destinado ao fracaso. No terreo de infraestrutura sucédense promesas e máis promesas de novas instalacións aínda que o tempo pasaba e a desesperación dos responsables do club ía en aumento xa que os angares para o material e o ximnasio continuaban, nunhas ínfimas condicións, nos almacéns de Raxoy.

En 2001, o director da parcela técnica, Ramiro Piñeiro, faise cargo da directiva do club cunhas miras que quedan moi claras nas súas afirmacións: *"As novas miras apostan por unha maior autofinanciación do club e por abrir o piragüismo a todas as persoas da nosa área de influencia"*. Póñense en marcha nesta etapa o equipo de lecer e o programa Firrete-Aventura.



JESÚS VILLAR CARRERA (o Alemán), piragüista da vila (28-03-1975)

O club fixera unha aparición moi breve no 1996 e no 2002 no terreo do kayak-polo. Outra remodelación da parte técnica lévase a cabo no 2003, quedando como responsable da dita área Óscar Calvo Tenreiro, que sería o primeiro técnico profesional do club, acompañado de Enrique Salvadores e Rebeca Vázquez Miño.

No ano 2016, coincidindo coa celebración do cincuenta aniversario da Baixada do Eume, ve a luz un proxecto polo que o piragüismo eumés levaba demasiado tempo agardando e que non era nin máis nin menos que unhas instalacións onde poderen desenvolver, de maneira axeitada, o seu traballo.

Como piragüistas destacados no Firrete podemos nomear a Pablo Tenreiro, o Alemán, David Curbeira e André Oliveira, entre outros.

Mención especial os resultados acadados como poden ser os dous Campionatos de España por clubs na modalidade de pista para júniors e cadetes nos anos 1993 e 1995. Terceiro posto no mesmo campionato no ano 1994 e a consecución da Copa de España no 1994. A súa forma de ser e de vivir, definíaa el mesmo, coido que de maneira perfecta: *"Non noto nin quero que me admiren. Son un máis do pobo".*

Unha boa persoa con todo o que esta afirmación achega. Ignacio Chao escribía do Alemán na revista *Alfoz* correspondente ao número de maio-xuño de 1993: *"Astuto, leal, enérxico, musculoso, apolíneo e navegante".*

Rapaz impulsivo, ás veces falto da reflexión dun deportista, que chegou a onde el chegou. Se vía algunha inxustiza con algún rapaz da vila, aí estaba para "salvalo" ou complicar as cousas máis. Pero el, de rapaz, era así. Deixa os estudos porque non lle gustaba estudar; di que lle gustaría facer algo manual.

Xa comezaba a dar os seus primeiros pasos con nove anos no kayak, embarcación que con trece anos cambia pola canoa que sería a súa preferida. Dicía que a canoa lle parecía máis interesante aínda que moito máis difícil de gardar o equilibrio e dominar a técnica.

*"Cando comecei, só pensaba en poder gañar algún día un campionato provincial".* Isto é o que nos di na actualidade cando fai unha reflexión en alto dos tempos de cando el daba as primeiras padexadas.

Con catorce anos de idade xa se coloca no terceiro escalón do podio nun Campionato de España C2 celebrado en Trasona acompañado de Jacobo González e en C4 acompañados de Francisco Leira e Basilio Pena. Naquel campionato nacional tamén sobresaía súa irmá Sandra que fora ouro en K1 5.000 m en categoría cadete.

O que podía dar aquel rapaz non pasaba desapercibido diante dos ollos dos técnicos da Federación Galega e así lle chega a oportunidade de entrar no Centro de Alto Rendemento de Pontevedra e, xa con dezaseis anos, recólleo a Federación Española para estar de interno na Residencia Blume de Madrid na que permanecerá durante dez anos. Era un dos grandes valores con futuro. *"Son o millor"* dicía referíndose á súa calidade. Alemán comezaba a recoller os froitos do seu traballo e así proclámase campión en 500 m e subcampión nos mil metros nunha proba internacional disputada en Bratislava. A estes éxitos seguirían os acadados en Alemaña e República Checa. No mundial da República Checa acadou o cuarto posto en C2-500 m e o quinto en C1-500 m.

Despois da proba de Bratislava, afirmaba: *"Salín ver o que era iso e fun o primeiro en C1-500 m a pesar de que aquí estaban os mellores".*



Alemán, no máis alto do podio. Á dereita, David Mascato

Atreveríame a dicir que a aparición do Alemán no mundo da piragua eumesa supón un antes e un despois. Un despois onde aparecerán padexeiros como Yeray Picallo ou Miguel Soro que deixaron a bandeira da nosa vila no máis alto do piragüismo nacional e internacional.

## 9. Sendeirismo e montaña

A tradición eumesa do sendeirismo e a contorna das montañas tivo este ano 2019 unha boa nova, o nacemento da ADC Monte Breamo (Asociación Deportiva Cultu-ral). A asociación arranca collendo as sementes do colectivo veciñal A Vila que levaba anos sen actividade, dando un paso adiante.

Como di Néstor Feal Díaz, vicepresidente da antiga asociación A Vila e presidente da asociación nacente: *"interesábanos ter unha asociación deportiva para poder competir en orientación, carreiras de montaña, raids de aventura... levando o nome de Pontedeume"*.

Dende esta recente asociación quérese recuperar as carreiras populares que se celebraban en Pontedeume (Gran Fondo Olmo, Carreira Décimas...) e organizar aquí al-gunha importante así como recuperar as rutas de sendeirismo polo municipio e a bisbarra.

Con anterioridade á formación desta recente asociación, os simpatizantes da natureza citábanse unha vez ao mes para facer saídas pois a xente tiña a necesidade de recuperar aquela actividade, recuperando vellas sendas que levaban tempo esquecidas.

A ADC Monte Breamo está aberta a todas as persoas interesadas neste tipo de práctica incluso a actividade de escalada, bici de montaña, patinaxe ou tirolina.

O obxectivo desta nova asociación é chegar á autoxestión, sendo autónomos na medida do posible.

## 10. Tenis

O tenis na nosa vila, como club, nace en decembro de 2018 tendo como obxectivo prioritario darlle continuidade ás sesións tenísticas que se impartían nas escolas deportivas municipais.

Arrancando desta actividade nas escolas deportivas, tentaríase poder desenvolver o interese dos rapaces polo deporte do tenis establecido e dirixido dentro dun club, xa que até o de agora o deporte do tenis era practicado de maneira individual e informal polos nosos veciños ou enrolándose noutras escuadras como era o caso do C.T. Redes.

Segundo nos di o seu presidente, Jesús Rodríguez González (Susi): *"O obxectivo é fomentar a práctica do tenis no concello facendo fincapé nos rapaces máis novos porque calidade e talento hainos"*.

A directiva que comeza esta andaina está formada por: Jesús Rodríguez González como presidente ao que acompañan Emilio Piñeiro, José Deus, Blanca Fernández e Teresa Villanueva.

## 11. Voleibol

### 11.1 Club voleibol COUCEIRO FREIJOMIL

Foi fundado por Ramiro Riveiros Carpente (co tempo, árbitro internacional de voleibol), na tempada 1984/1985, empezando cun equipo xuvenil formado por varios rapaces do Colexio Couceiro Freijomil, de aí o nome do club, que contou en todo momento cos pais dos rapaces para facer os traslados aos partidos correspondentes.

O primeiro partido do equipo foi en San Sadurniño onde o mestre Manolo Seco levaba xa tempo traballando na canteira do voleibol local. O resultado foi o de menos, aínda que ben avultado. Os rapaces tiñan claro que, xunto ao seu adestrador que era o mesmo Ramiro, tiñan que seguir aprendendo e así na tempada seguinte disputaron as finais do Campionato Galego que se celebrara na vila mariñeira de Sada e onde acadaron a cuarta praza.

Na tempada 1985/1986 formouse o equipo sénior coa axuda de Vicente Sambade que o ano anterior militara no Equipo de Arquitetura da Coruña. Vicente incorporouse como técnico e xogador. Con el chegaron xogadores novos da vila e do equipo xuvenil.

O equipo sénior participou na Liga Provincial xunto a equipos moi superiores técnica e economicamente. O papel desenvolvido foi destacado tendo en conta as intalacións onde se adestraba e xogaba: unha pista de alcatrán do colexio, nada parecido ás pistas que utilizaban o resto dos equipos.

Os equipos da Liga Provincial naquela tempada eran: Zalaeta da Coruña, Queimada da Coruña, Nós da Coruña, Santa María del Mar da Coruña, Vagalume de Ferrol xunto co equipo do Couceiro Freijomil.

Na seguinte tempada, 86/87, conséguese un fito moi importante, acadando o Campionato Provincial e a clasificación para a fase de ascenso á Primeira Autonómica que se disputaría na Vila grazas á colaboración do Concello que presidía Celestino Sardiña, e do Colexio Luis Vives que cedeu a súa pista cuberta. O equipo local perdeu a final nun axustado 3-2 cun equipo de Vigo. Non se acadou o ascenso pero si foi un logro de afección que encheu a instalación deportiva arroupando ao equipo.



Equipo de voleivol na pista do novo Colexio Luis Vives

O final do equipo chega na tempada 87/88. Deixa o club Ramiro Riveiros por asuntos laborais que o levan fóra da Comunidade e o club dilúese pola falta de dirección.

## 12. XADREZ

Se hai un nome vinculado ao xadrez e á vida cultural eumesa, ese é o de Paco Allegue, home culto, cálido e sinxelo. Faleceu en xaneiro do 2018 levando canda a el un bo feixe de ensinanzas e un bo lote da cultura da nosa terra.

Si, era unha auténtica fonte de información ao que poderías acudir e sen problema compartir tres, catro, cinco... horas. Era un amigo que intentaba ensinar e compartir algo do que disfrutaba. Paco comezara a xogar a xadrez  no colexio como actividade extraescolar.

Había moito tempo que un bo grupo de persoas se xuntaban para xogar ao xadrez pero nunca lles pasara pola cabeza formar algo máis. Xuntábanse no Bar Tono pola imposibilidade de dispoñer dun local axeitado para as características deste deporte. Como moitas veces me ten dito Paco, para Tono eles eran clientes pero para nós alí sempre había un taboleiro co que xogar sen molestar a ninguén. Algunhas persoas, despois de pasar un tempo, recordarán as súas partidas pasadas e a eles fóronse xuntando máis persoas. Unha desas persoas asiduas ás xuntas xadrecísticas era Eduardo Criado, que me confesa que sempre ía para disfrutar, nunca se pensaba en gañar a partida e si, en disfrutar dunha partida fermosa e interesante.

Unha das persoas que sempre estivo ao carón de Paco Allegue, é Juan Fraga do que Paco sempre dicía que era un xogador correoso e paciente. Os dous teñen protagonizado algunhas partidas das que parecía que había que deixar para o día seguinte, non daban acabado.

O Club Xadrez Maestro Alonso Leira (1987) fúndase polas inquedanzas dun grupo de amigos afeccionados ao xadrez, encabezados por Paco Allegue e que pertencían a distintas idades e condicións. Na tempada 1988-89 militan na categoría superior, na tempada anterior foran campións na segunda categoría.

Na tempada 1989-90 hai un cambio regulamentario que os obriga a crear un marco legal para a rapazada das categorías base, xurdindo así o Club Maestro Rodrigo que serviría como viveiro para as categorías de maiores.

Os bos resultados tanto nas categorías infantís como cadetes, non tardan en chegar e así comezan a acudir aos Campionatos Galegos.

En octubre de 1991 celebrouse o Open de Xadrez do Casino Aresano no que destacaron os resultados obtidos polos eumeses Paco Allegue en categoría sénior e Salvador Montero na categoría infantil.

As partidas dos distintos campionatos disputábanse nas instalacións do Grupo de Empresa Bazán.

No xuño de 2009 na revista *Alfoz*, F. Torres escribe: *"A primeira vez que vin xogar o xadrez foi unha partida simultánea do campión de Galicia, o ferrolán José Alonso Leira no Café Martiño (1943). Medio século despois e debido á vontade do Sr. Martiño que deixou sen cortinas as amplas ventás do local para que o xogo nos "envenenara", naceron*

*na vila os clubs de xadrez cos nomes de Maestro Leira e Maestro Rodrigo (outro xadrecista de categoría, cuarto nun Campionato de España".*

No ano 2008 o Club Eumés de Xadrez Torreón constitúese como asociación co que Pontedeume contará cun novo club para os afeccionados ao xadrez cunha directiva formada por Luis Blanco como presidente, Nicolás Alcaide como secretario e Anselmo Costas tesoureiro. O club de recente creación conta con 23 socios entre os doce e os setenta e oito anos.



Primeira directica do Club de Xadrez Torreón



O TABOLEIRO

Edtado polo "Club Eumés de Xadrez Torreón" Xuño 2009 nº 1

O Club Eumés de Xadrez Torreón publica "O Taboleiro"

El mate de Legal

¿Cómo se anota unha partida de xadrez?

No verán organizan reunións os domingos ás oito da tarde na Biblioteca Pública Municipal, no inverno xúntanse ás cinco, e os mércores na Casa da Xuventude.

Entre os obxectivos principais destacan a defensa e práctica do xadrez en Pontedeume onde existe unha afección latente ao xadrez que non tivera a oportunidade de manifestarse ao desaparecer os antigos clubs de xadrez que existían na vila e que chegaran a coexistir. Ademais os establecementos onde acostumaban a reunirse para xogar, pecharan as súas portas.

En xuño de 2009 o club publica O Taboleiro, unha publicación que xorde coa intención de fomentar a cultura xadrecística na sociedade eumesa.

Na actualidade, o Club Torreón segue en competición mesturando veteranía e rapaces que veñen empurrando moi forte. O legado que deixou Paco Allegue debe perdurar nos seus obxectivos. Fundado no 2013, o club nace da unión de xogadores veteranos do concello cos rapaces que comezan, algúns saídos da Escola Municipal. Actualmente o C.E.X. Torreón compite na 2ª División Galega.

## 13.- JUDO

No comezo deste apartado dedicado ao judo eumés, permítame o meu querido lector que lle dedique, aínda que breve, un espazo á figura de Julio Gómez Garabana.

Julio, xa de moi novo, comeza na OJE como máximo responsable da parcela deportiva na vila e, nese espírito deportivo que sempre reinou e reina na súa persoa, creou na tempada 1971-72 o primeiro club de judo en Pontedeume, o Club Kawasi; ademais de mostrar moito interese na sección de balonmán e noutras actividades culturais e deportivas, estando presente a súa persoa na aparición do piragüismo (Breamo-OJE ou no Firrete) ou no terreo das carreiras populares coa organización, durante tres anos, da subida a Breamo..

Dado o carácter inconformista e aventureiro de Julio, sempre estivo involucrado nas actividades da vila, recollendo maneiras de adestramentos descoñecidas por estes lares. Quizais sexa a bandeira, xunto con outros rapaces da súa época, do noso deporte.

Dentro do deporte do judo en Pontedeume, e para coñecer un pouco máis, vou na procura de Xulio Varela aínda que no xermolar deste deporte na vila tivera moito que ver unha das lendas do judo galego como é o ferrolán Leopoldo Cánovas que impartía as súas clases no edificio do Frente de Juventudes.

Xulio Varela, comeza a súa actividade docente no judo con dezanove anos, aló polo 1969 no Colexio Maristas da Coruña, substituíndo na actividade extraescolar ao mestre titular, traballando cos pequerrechos e, pasando despois, a dar clases no Judo Club Coruña. Establécese en Pontedeume e comeza a súa andaina, en outubro de 1984 nun local, de reducido espazo, engadido ao Colexio Luis Vives no que instalaba o tapiz de judo e aproveitaba o espazo para impartir clases de ximnasia de mantemento. Despois de cinco anos ocupando este local e debido a que a xente lle pedía algunha preparación específica, máquinas ou algún proceso de recuperación de "malos hábitos de vida", decidiu cambiar e aterrar en Boa Vista, no local que ocupaba o ultramarinos da Tacolonaonde se instala con sala de pesas, ximnasio, masaxes, duchas, etc..



No comezo da súa actividade no judo atópase cun problema, quizais insalvable, que era que os rapaces, cumpridos os dezaseis e dezase-

te anos, tiñan que marchar da vila para continuar o seu proceso formativo e por esa razón moitos quedaban desenganchados da actividade do judo polo que decide centrarse na base, aínda que se presenten casos de rapaces dos anteriormente mencionados que si continúan.

As primeiras "competicións" ás que ían os pupilos de Xulio eran entre ximnasios e, ademais, estaba a competición da Liga de Ferrolterra Infantil na que participaban xunto aos ximnasios os colexios da bisbarra mais os deportistas do Judo Club Coruña. Esta competición tiña lugar nas instalacións municipais e en FIMO (Feira de Mostras) en Ferrol. Algunha vez, teñen ido competir á cidade da Coruña.

A nivel individual, Xulio destaca os deportistas locais Juan Regueiro que chegou a ser subcampión galego sub-19 e Silvana Pazo, quizais a deportista que máis galardóns acadou e así o seu adestrador destaca: dúas veces campioa galega sub-17, a primeira no 1994 e bronce no Campionato de España da mesma categoría, campioa sub-15 do sector norte, cuarta praza acadada no Campionato de España a tempada 1994-95. Julio tamén nos destaca a polivalencia de Miguel Villar.

Xulio cóntame que chegado 1998 danse un cúmulo de situacións que o obrigan a pechar, sobre todo as consecuencias que carrea a reconversión industrial que supón, entre outras cousas, unha baixada drástica das matrículas

A situación do judo eumés hoxe veuse reducida á actividade que realiza a empresa SERVIOCIO na piscina municipal e a actividade extraescolar que se desenvolve no Colexio Couceiro Freijomil.

*"O nivel dos contendientes na proba desenvolvida no polideportívo de Caranza foi excelente"*
*"Cinco clubes participaron nos Xogos Deportivos de Caranza"*
*"A Escola de Judo de Pontedeume venceu con toda claridade na liga de Ferrolterra".*

(Titulares de prensa)

*"Ferrol (Redacción).*
*Julio Varela, cinturón negro primeiro DAN de judo, dirixe o único ximnasio que hai en Pontedeume. Grande especialista en judo infantil, onde ten unha grande experiencia polos éxitos obtidos cos seus alumnos, é un dos máis antigos judokas da comarca ferrolá e Galicia. Comenzou a traballar en artes marciais no Ximnasio JUGA (Judo-Galicia) e posteriormente noutros ximnasios galegos, até que por fin en 1970 decide montar un ximnasio en Pontedeume, denominado «Escola de Judo Pontedeume», sito na rúa Ricardo Sánchez, 49. Dá unha importancia primordial a unha boa preparación física, que é básica para a práctica de cualquera especialidad deportiva".*



Julio Várela, especialista en judo infantil, dirixe o único ximnasio de Pontedeume

A nivel persoal Xulio, no terreo competitivo, lembra cando competía na Liga Española de Primeira División e a ilusión que lle fixera o ir convocado pola Federación Galega.

## 14.- UNHA VISITA POLA HEMEROTECA

A miña curiosidade lévame a querer coñecer como se escribía e que se contaba no terreo deportivo nos xornais e por iso decido, ben acompañado polos meus amigos Agustín López e Santiago Varela ("John"), botar unha ollada na hemeroteca dalgúns xornais como *Ferrol Diario* ou *La Voz de Galicia*.

> *"Excursión á simpática vila de Sada con motivo do Torneo Nuestra Señora. A afección desprázase no vapor "Elisa" con saída ás tres da tarde e regreso ao finalizar o partido. Arenas Sadense C.F. – Eume F.C."* (Presidía Eume Manuel Ferro).
>
> *La Voz de Galicia,* 10 agosto 1928

> *"Once Caballeros 4 – Eume 5*
> *Polo Eume alinearon: Álvaro, Tenreiro, Piñeiro, Guntín, Capela, José Mª, Ramiro, Salorio, Eliseo, Cabana e Gen".*
>
> *La Voz de Galicia,* 27 marzo 1929

> *"Sería probable que se se federase o Eume pasase á Serie B e entón si que podería xogar co Arenas de Ferrol, Betanzos F.C. e outros equipos de*

*segunda ou primeira, cousa que actualmente non se pode por non permitirllo estes equipos".*

*La Voz de Galicia,* 17 abril 1929

*"Amistoso Unión Campestre F.C. (A Coruña) – Eume. O equipo da Unión Campestre, viría acompañado por numerosos afeccionados e unha afinada banda de música".*

*La Voz de Galicia,* 9 maio 1929

Partido Eume-Unión Campestre: *"Terminado o encontro no campo do Arenal, improvisouse unha moi animada festa na Alameda de Rajoy amenizada pola charanga dos excursionistas. Foi digno de presenciar o desfile pola histórica ponte de pedra. Ás once da noite emprenderon a marcha os do "Unión Campestre" satisfeitos polo recibimento que se lles deu".*

*La Voz de Galicia,* 25 mayo 1929

*"Comunícanos a directiva do equipo de fútbol Juventud Eumesa F. C. que acepta o reto para o próximo domingo, disputando no campo do Arenal, un partido contra o Bergondo F. C.".*

*La Voz de Galicia,* 28 marzo 1934

*"Celebrouse no Arenal un interesante partido dun campionato dunha copa entre os equipos do Sporting Eumés e Villar, gañando os primeiros por catro goles a un. Partido arbitrado polo ex-xogador Juan López que o fixo acertadamente. Polo equipo local xogaron: Solla, Constante, Rosado, Regueira, Lalo, Pérez, Varela, Lapique, Fidalgo I, Camilo e Luisín".*

*La Voz de Galicia,* 28 abril 1934

*"No campo do Arenal, celebrarase o próximo domingo un gran partido de fútbol no que conterán os formidables equipos Victoria F.C. (Coruña) e o Juventud Eumesa F.C. desta vila. O equipo local aliñará a: Angelito, Iglesias, Poldo, Ríos, Roque, Daniel, Pepe, López, Jaime, Miranda e Joseíto. Ao remate do partido, os xogadores serán invitados nos salóns do local social do equipo da vila".*

*La Voz de Galicia,* 9 maio 1934

*"Celebrou xunta xeral o Eume F.C. desta vila, para tratar da elección de cargos na súa directiva. A vontade dos socios plásmase no otourgamento de confianza a aos seguintes señores: Manuel Torrente como presidente, Andrés Leira vicepresidente, Ramón Guntín Iglesias secretario, José*

*Piñeiro Fraga vicesecretario, José Piñeiro López tesoureiro, contador Vicente Martínez Vázquez e os vogais Antonio Cuiñas, Daniel Fernández, Juan Cabana, Juan López e Ramón Campos.*
*A nova directiva reta os seguintes equipos da Coruña: Chacho, Centauro, Hércules, CNT, Fabril, Once Gallegos, Wataway, Derby, Galicia Sport, Independencia, Arsenal Santa Lucía, Sporting Lancé, Sin Querer, Los Krassos, Racing Vioño, Deportivo de Oza de los Ríos, Sporting Club de Bergondo, aos da comarca: Fene F.C., Racing de Barallobre, República, Ferrol Sport, Canido e Racing de Caranza e os lugueses Racing de Villalba e Sporting Club de Vivero, no campo que eles designen. A contestación á praza do Conde,25".*

*La Voz de Galicia,* 2 maio 1935

*"Do Eume pasado, non quedan máis que as camisetas e tres xogadores que as visten; do resto, aínda non se sacan virutas"*. Eume 3 – Arenas de Jubia 1

*La Voz de Galicia,* 5 xuño 1936

*"Os remeiros de San Amaro gañaron a regata de bateles de Sada na que participaron as confrarías de pescadorers de Sada, San Amaro, Santa Lucía, Mugardos e Pontedeume (5º posto)".*

*Ferrol Diario*, 19 agosto 1950

*"Nos xardíns de Méndez Núñez disputouse a fase final de balonmán a sete do Campionato Provincial da Fronte de Xuventudes cunha grande animación de público.*
*Coruña 5 – Riveira 2*
*Coruña 5 – Puentedeume 2*
*Puentedeume 10 – Riveira 4*

*La Voz de Galicia,* 30 maio 1954

*"Balonmán Pontedeume campión do Campionato Provincial do Frente de Juventudes, no que participaron Coruña, Noia e Pontedeume despois dunha prórroga".*

*La Voz de Galicia,* 27 abril 1955

*"Campionato Provincial de Educación e Descando de Xadrez disputado no Fogar de Educación e Descanso da Casa Sindical- Fogar do Productor en Pontedeume. O equipo de Pontedeume formado por: Francisco Allegue, Fernando Allegue, Juan Amado e José Carpente, representará A Coruña no Campionato de España".*

*"Balonmán Pontedeume campión provincial no Campionato da Fronte de Xuventudes tras impoñerse a Cee, Riveira e Ferrol: Cee 8 – Riveira 7, Pontedeume 13 – Ferrol 0 e na gran final Cee 3 – Pontedeume 6".*

*La Voz de Galicia,* 5 xuño 1956

*"Dende o xoves xa conta, no noso nacente equipo de fútbol co seu material deportivo que será idéntico ao que utiliza o cabecilla do primeiro grupo de segunda, o Real Club Deportivo da Coruña que conta cunha grande hinchada no noso pobo. O dito material será exposto nun céntrico establecemento de Pontedeume.*

*Parece ser que o nome que levará este novo equipo será o de Club Deportivo Eume. Tamén nos consta que se están facendo xestións co Deportivo coruñés co fin de solicitar do mesmo, axuda material.*

*Este novo equipo, debutará na Liga de Modestos ferroláns na vindeira campaña e agárdase que pronto volva a ocupar o lugar que deixou o anterior equipo futbolístico".*

*La Voz de Galicia,* 8 marzo 1964

*"A competición de Modestos no seu grupo da Ría, estará formada polos seguintes equipos: Barallobre, Numancia, Eume, Galicia de Mugardos, Limodre, Maniños, Perbes e Ártabro".*

*Hoja del lunes,* 16 maio 1967

Unha crónica firmada por Antonio Lourido na que se pode ler o nivel de rivalidade entre clubes da ría, destacando entre o Perbes e o Eume:

Perbes 1 — Eume 1

*"O campo da Ermida en Perbes rexistrou o domingo a maior entrada dende que se practica o fútbol nesta localidade (Perbes). Isto puxo de relevo a grande importancia do encontro entre os dous equipos. Os equipos, ás ordes do señor "Rasillas" que fixo unha excelente arbitraxe, aliñaron así: Polo Perbes: Moro, Veiga, Romero, Vicente, Gabriel, Conrado, "Laya", Collantes, Couce, Carlos e Manís. Polo Eume: Marta, Toñín, Moncho, Adriano, Agustín, Raúl, Neli, Marina, Malvárez, Polito e Carrillo".*

Adestraba ao Perbes Guillermo e ao Eume Pepiño "O Xolo". No apartido de volta na Gándara, o Perbes non foi quen de meterlle man ao equipo local (2-1). Ao remate deste encontro, a afección local fixo sús a cantiga *"O que vale, vale e o que non para o Perbes".*

No Perbes xogaban eumeses como: Alberto, Laya, Carlos, Gabriel ou Pelitos e esta tempada fora campión da liga da Ría.

O equipo do Eume era unha mestura de veteranía e xuventude, algún deles en idade xuvenil, aquel era coñecido como o equipo "ye-ye" (Toñín, Marina, Rosendo, Paz, Agustín, Andrés "Pelegrín"...)

*Hoja del lunes,* tempada 1968-69



Eume Deportivo. Ano 68. Partido contra o PERBES: 2-1. A Gandara. Rosendo, Tonin, Moncho, Pepe, Neli, Agustin, Raul, Marina, Polito,Pelegrin, Juan, Nardo, Carrillo (capitán)

Unha entrevista realizada por López Lapique ao presidente do Eume, Antón Tenreiro no que destaca:

*"El cierre del campo, lógica ambición"* (Referencia ao Campo da Gándara).

*La Voz de Galicia,* 7 setembro 1968

*"A S:D: EUMESA comeza a explanación e preparación do solar sen edificar das escolas fogar, no que, con autorización municipal, o Eume Deportivo disputará os seus encontros da Liga da Ría mentres non se habilite e peche o vello campo da Gándara".*

*La Voz de Galicia,* 1971

*"A S.D. Eumesa diante unha nova etapa. O seu presidente Antonio Díaz Deus, quere que toda a xuventude practique o seu deporte favorito. A situación actual do club que conta con 250 socios, é dunha débeda de 350.000 pts".*

*La Voz de Galicia,* 7 setembro 1972

*"Liga de Modestos, partido Eume 7 – Limodre 1*
*A aliñación presentada polo Eume: José Mª, Ignacio, Toñín, Mon, Pitís, Cano, Costas, Adeva, Tino, Polo e Babi. Entrarán Oti por Adeva e Pereira por Costas".*

*La Voz de Galicia,* 17 abril 1973

Antonio Díaz Deus (Presidente do Eume): *"A S.D.Eumesa aspira a unhas instalacións dignas para l práctica do deporte".*

*La Voz de Galicia,* 7 setembro 1973

*"Partido de "Regional Preferente" Noya 2 – Eume 0. O Eume formara con: Ríos, Reme, Juan C. Agustín, Hipólito, Yoyó, Canosa, Beci, Miguel, Rodri e José Luis. Entou Polito por José Luis".*

*La Voz de Galicia,* 16 febreiro 1982

*"O Eume aliñaba a: Ríos, Yoyó, Juan Carlos, Agustín, Hipólito, Reme, Canosa, Beci, Polo, Miguel e José Luis". "O Eume proclámase campión da Rexional Preferente e descenden de categoría os equipos Campanal, Jove Lago e Corcubión".*

*La Voz de Galicia,* 25 maio 1982

*"Os socios do Eume Deportivo no transcurso dunha asemblea xeral, acordaron aprobar o ascenso do equipo de Rexional Preferente á 3ª División".*

*La Voz de Galicia,* 1 xuño 1982

## Nota do autor

Este traballo é resultado da miña inquedanza deportiva ao longo do tempo. Primeiro como deportista, logo como ensinante e máis tarde como organizador.

É unha honra deixarvos, queridos lectores, o que foi a actividade deportiva na vila de Pontedeume, unha actividade deportiva na que moitos vos veredes reflectidos ou atoparedes nomes dalgún familiar ou dalgún coñecido.

No comezo do camiño a miña idea era a de buscar testemuños directos, colección persoais e documentos que me puideran servir. É polo que aquí aparecen iso, testemuños e documentos que persoas físicas me cederon.

Agradecer a todas as persoas que me axudaron neste percorrido, pero permitídeme que faga referencia ao interese xeral e en particular a unha persoa:

Agustín López, Agustín "Morita", o fillo de Agustín o varredor e da señora Julia, pola súa implicación, polos seus arquivos, polo seu deporte, pola súa vida chea de ensinanzas.

# CÁTEDRA

ESCOLMA DA NOSA HISTORIA

Memoria da Sociedad de Instrucción y Beneficencia ***"Puentedeume y su Partido Judicial"*** ano 1931. Documento cedido por Antonio Leira Noche.

# MEMORIA

de la

Sociedad de Instrucción y Beneficencia

"Puentedeume y su Partido Judicial"

Fundada en la ciudad de la Habana el año 1911
y reorganizada en 1927

República de Cuba
1931



VISTA PANORAMICA DE PUENTEDEUME

**Cuerpo Directivo de la Sociedad de Instrucción y Beneficencia**
**"PUENTEDEUME Y SU PARTIDO JUDICIAL"**

**Año 1931**

| | |
|---|---|
| Presidente ..... | Nicolás González. |
| Vice ..... | Enrique Allegue. |
| Tesorero ..... | José López Lence. |
| Vice ..... | Manual Vázquez. |
| Secretario ..... | Pío Anca Alvarez. |
| Vice ..... | Antonio Barcia. |

**Vocales:**

| | |
|---|---|
| 1º ..... | Pedro Feal. |
| 2º ..... | Agustín Fraga. |
| 3º ..... | Faustino Silvar. |
| 4º ..... | José A. Justo. |
| 5º ..... | José Fernández. |
| 6º ..... | Manuel Piñeiro. |
| 7º ..... | Antonio Viñas. |
| 8º ..... | Ramón Anca. |

**Suplentes:**

| | |
|---|---|
| 1º ..... | Juan Fraga. |
| 2º ..... | Juan Vázquez. |
| 3º ..... | Aurelio Miño. |
| 4º ..... | Juan Pardo. |





La Sociedad de Instrucción y Beneficencia **"Puentedeume y su Partido Judicial"** fué fundada el año 1911 y reorganizada en 1927. Cuenta por tanto, algunos años de existencia, durante los cuales siempre desarrolló una labor tendiente a favorecer a sus asociados, proporcionándoles aquellos servicios que dentro del espíritu benéfico de la Institución eran compatibles con su capacidad económica y social y también aquellos actos sencillos y honestos de esparcimiento y diversión, tan necesarios al hombre que lucha afanosamente dentro de la cuotidiana labor para el sostenimiento de la vida, en los cortos momentos que ese constante bregar le deja libre.

La Sociedad de Instrucción y Beneficencia **"Puentedeume y su Partido Judicial"** se fundó con el propósito de agrupar en su seno bajo la bandera de amor que su título representa, a todos los hijos de esa Comarca, a fin de constituir una mutua protección en el orden económico, social y más que todo en el orden moral, amparando la juventud contra todas aquellas tendencias nocivas y morbosas a cuya influencia está expuesta si no encuentra quien la exhorte, quien la guíe y quien dentro del terreno práctico, le proporcione cuanto necesite para el desarrollo de la vida social, en un ambiente de cultura, acorde con las aspiraciones y satisfacciones de la vida moderna.

No podemos decir en verdad, que nuestra Sociedad haya marchado airosamente desde su inicio, pues como toda obra humana, ha tenido sus contrariedades. Pero precisamente por esta circunstancia, podemos hoy enfáticamente decir que, la experiencia adquirida por aquellos pequeños tropiezos, nos permite en la actualidad vanagloriarnos de constituir un núcleo social, con capacidad suficiente en todos los órdenes, para cumplir cuantas obligaciones sean inherentes a su desenvolvimiento.

Queremos también aprovechar la presente ocasión y hacer un llamamiento a nuestros coterráneos para que vengan a laborar con nosotros por el bien de su pueblo natal, aportando sus valimentos personales en pro de la

obra común, que ha de resultar beneficiosa para todos, por cuanto proporcionará amparo al necesitado y satisfacción y alegría a quien lo da.

Bueno será que mencionemos aquí, aunque en forma sintética, algunos de los servicios que esta Sociedad brinda a sus miembros y corroborar con antecedentes de indubitable veracidad, la formalidad con que la Sociedad **"Puentedeume y su Partido Judicial"** cumple las obligaciones que su Reglamento le impone y en algunos casos como más adelante demostraremos, ha llevado su acción benéfica fuera del campo social, para favorecer a personas que, aun cuando no figuraban en el cuadro de sus asociados, sin embargo, por su hombría de bien, por su estado de pobreza y porque, como nosotros, vieron la luz en aquel rinconcito de la tierra gallega, eran merecedores de la protección que se les otorgó.

Prueba fehaciente de lo que acabamos de exponer es entre otros, el caso de nuestro co-asociado Juan Antonio Rodríguez (q. e. p. d.) a quien, además de haberle socorrido con varias cantidades durante su enfermedad y determinándose a la postre su embarque para la Madre Patria, acordó la Sociedad costearle el pasaje que importaba **cien** pesos. Pero desgraciadamente murió antes de efectuarlo, se tomó nuevo acuerdo en el sentido de enviarle la referida cantidad a su desconsolada viuda.

El socio Sr. Santiago Casteleiro, solicitó se le embarcara para España, por encontrarse enfermo y en estado de pobreza. Conforme con el precepto reglamentario, la Sociedad acordó donarle **cuarenta** pesos e hizo más: gestionó hasta conseguirlo, que la Beneficencia Gallega, lo socorriera con **veintisiete** pesos.

El ex-asociado Sr. Jesús Filgueiras, se dirigió a la Sociedad, demandando auxilio, debido a las malas condiciones económicas que estaba experimentando. En consideración a que el peticionario hubo sido un excelente

miembro de la misma, se acordó favorecerlo con la cantidad de **veinte** pesos.

Queremos también señalar solamente otro caso.

Es el del compatriota Jesús Filgueiras, que perdió una pierna trabajando en el Central "La Francia", ubicado en la provincia de Pinar del Río.

Este coterráneo, que no era miembro de nuestra Sociedad, se dirigió a ella, demandando protección y socorro, y la Sociedad **"Puentedeume y su Partido Judicial"**, inspirada como siempre en el espíritu altruista que originó su fundación y aun sobrepasando el límite que a sus obligaciones le marca su Reglamento, acordó ir en auxilio de aquel afligido y lo verificó, costeándole un miembro artificial que substituyera al que la desgracia le arrancó, pagando por dicho artefacto, la cantidad de **cien** pesos.

En el orden social, es por todos conceptos digna de mención; la fiesta que tuvimos el placer de celebrar el 1º de septiembre del año 1929 en los bellísimos jardines de la Cervecería "La Polar", consistente en un banquete al que asistieron "ciento veinte" asociados y como invitados de honor, el Sr. Juan Roberes Bautista y el Delegado del Gobierno Provincial Sr. Caramés. Terminado este espléndido ágape, se llevó a cabo un emocionante partido de Foot-Ball, en el que se discutió la "Copa Puentedeume".

Los que tuvimos el gusto de asistir a ese acto social, guardamos de él un imperecedero recuerdo, por la satisfacción y el regocijo tan grande que sentimos en nuestros corazones todo el tiempo que dicho festival duró. Su resultado económico fué, beneficiar nuestro tesoro, con la cantidad de $183.15. Ya se han solicitado nuevamente los jardines de "La Polar", para celebrar otra fiesta si fuere posible más espléndida que la anterior, en los comienzos del próximo año.

Ahora consignemos aquí para honor de nuestra Sociedad, uno de los

acuerdos más trascendentales que ha tomado y tenido la suerte de llevar a su plena ejecución.

Nos referimos a la adquisición del panteón que posee en la Necrópolis de esta capital y que fué adquirido por Escritura Pública número 15641 ante los Notarios doctores Anglada y G. Belt, el día 31 de diciembre de 1927, con un costo de **un mil quinientos pesos setenta y cinco centavos.**

Allí descansarán para siempre los venerados restos de los miembros de esta Sociedad que, por voluntad de Dios hayan cumplido sus destinos en esta vida.

Muchos y muy grandiosos planes de engrandecimiento social bullen en la mente de los miembros de la Directiva actual; pero uno de ellos es el que con más fuerza aguijonea sus deseos de verlo realizado.

Nos referimos a la instalación en la Villa de Puentedeume, de una Casa de Socorros y Clínica de Emergencias para el servicio local y de todo el Partido Judicial, que cuente con material necesario para todos los casos de urgencia por accidentes o causas análogas y con personal idóneo para la asistencia.

Estamos seguros, segurísimos, que esta idea magna por todos conceptos, ha de ser una realidad en no lejano día, para satisfacción de sus iniciadores y orgullo de nuestra Sociedad.

Y vamos a terminar señores de la Directiva y demás asociados, pidiéndoos benevolencia para los defectos y omisiones en que hayamos podido incurrir y reiterandoos nuestro sentido agradecimiento por el honor que nos habeis conferido, al cual correspondemos si no con una superior inteligencia, puesto que de ella carecemos, sí con nuestro mayor entusiasmo y mejor deseo.

*LA COMISION.*

Habana, de de 1931.

Señores componentes de la Junta Directiva y Señores Miembros de la Sociedad "Puentedeume y su Partido Judicial".

Dos motivos obligan a esta Comisión a dirigirse a vosotros en este momento. Uno, la aceptación del honroso cargo de Comisionado con que tuvísteis la bondad de investirnos en la Junta General celebrada en 8 de julio del presente año para que confeccionásemos la Memoria de esta culta Sociedad. Otro, nuestro cariño hacia todas las cosas que a la misma atañen, porque ella representa para nosotros, el rincón amado de nuestro suelo patrio, cuyo recuerdo nos traen las añoranzas del ayer.


En cuanto al primero, os damos las más sinceras gracias por la inmerecida confianza que en nosotros depositásteis al considerarnos aptos para realizar esta labor que hoy rendimos y que se nos figura no llenará cumplidamente su cometido. Por el segundo, nuestro eterno reconocimiento, ya que nos habeis proporcionado la manera de exteriorizar nuestros sentimientos amorosos hacia aquella tierra bendita, por cuya grandeza y bienestar suspiramos en todos los instantes de nuestra vida.


Sean estos renglones a la manera de un himno de gratitud al Ser Supremo que nos concedió la dicha de nacer allí y un ruego votivo para que jamás niegue su divina protección a la tierra de nuestros amores.

**Nicolás González,**
Presidente de la Comisión.

**Pío Anca,**
Comisionado.

**José López Lence,**
Comisionado.




PUENTEDEUME
Y SU
PARTIDO JUDICIAL
SOCIEDAD DE
INSTRUCCION Y BENEFICENCIA

**Cuerpo Directivo de la Sociedad de Instrucción y Beneficencia**
**"PUENTEDEUME Y SU PARTIDO JUDICIAL"**
**Durante los años de 1927 y 1928**

| 1927 | | 1928 | |
|---|---|---|---|
| Presidente ..... | Juan Vázquez. | Presidente ..... | Juan Vázquez. |
| Vice ..... | Manuel Ameneiro. | Vice ..... | Manuel Feal. |
| Tesorero ..... | Manuel Feal. | Tesorero ..... | Manuel Ameneiro. |
| Vice ..... | Aurelio Miño. | Vice ..... | Aurelio Miño. |
| Secretario ..... | Juan Fraga. | Secretario ..... | José López Lence. |
| Vice ..... | Ramón Dopico. | Vice ..... | Ramón Dopico. |
| Vocales: | | Vocales: | |
| 1º ..... | Agustín Fraga. | 1º ..... | Agustín Fraga. |
| 2º ..... | Pedro Feal. | 2º ..... | Ramón Anca. |
| 3º ..... | Antonio Varela. | 3º ..... | Juan Bousa. |
| 4º ..... | Francisco Freiga. | 4º ..... | Faustino Silvar. |
| 5º ..... | Manuel Viñas. | 5º ..... | Pedro Feal. |
| 6º ..... | Juan Bedoya. | 6º ..... | Fidel Placer. |
| 7º ..... | Juan Portas. | 7º ..... | Antonio Viñas. |
| 8º ..... | Fidel Placer. | 8º ..... | Jesús Samartin. |
| Suplentes: | | Suplentes: | |
| 1º ..... | Manuel Pampillo. | 1º ..... | Manuel Pampillo. |
| 2º ..... | Luis López. | 2º ..... | Luis López. |
| 3º ..... | Luis Viñas. | 3º ..... | Luis Viñas. |
| 4º ..... | Santiago Sanjosé. | 4º ..... | Santiago Sanjosé. |



## Cuerpo Directivo de la Sociedad de Instrucción y Beneficencia "PUENTEDEUME Y SU PARTIDO JUDICIAL"

### Durante los años de 1929 y 1930

#### 1929

Presidente ..... Juan Fraga.
Vice ..... Ramón Anca.
Tesorero ..... Juan Vázquez.
Vice ..... Aurelio Miño.
Secretario ..... Benigno Filgueiras.
Vice ..... Faustino Silvar.

Vocales:

1º ..... Manuel Ameneiro.
2º ..... Nicolás Pardo.
3º ..... Domingo Cernudas.
4º ..... Manuel Vázquez.
5º ..... Agustín Fraga.
6º ..... Pedro Feal.
7º ..... Pío Anca.
8º ..... Antonio Viñas.

Suplentes:

No hubieron.

#### 1930

Presidente ..... Nicolás González.
Vice ..... Agustín Fraga.
Tesorero ..... Manuel Feal.
Vice ..... Antonio Viñas.
Secretario ..... Gumersindo Feal.
Vice ..... Faustino Silvar.

Vocales:

1º ..... Pedro Feal.
2º ..... Enrique Alleguc.
3º ..... Francisco Fraga.
4º ..... Manuel Vázquez.
5º ..... Luis López.
6º ..... Nicolás Pardo.
7º ..... Aurelio Miño.
8º ..... Jesús Filgueiras.

Suplentes:

1º ..... Juan Vázquez.
2º ..... Antonio Varela.
3º ..... Juan Fraga.
4º ..... Ramón Anca.

## Sociedad de Instrucción y Beneficencia "PUENTEDEUME Y SU PARTIDO JUDICIAL"

### Inhumaciones efectuadas en el Panteón de su propiedad.

1928. Enero 10.—En el Osario: Restos de los asociados señores Benjamín Gen del Río y Emilio Varela.

„ Agosto 2.—En el Osario: Cadáver del párvulo Víctor Juan José Tenreiro.

„ Octubre 8.—En la Bóveda núm. 1: Cadáver del asociado Sr. Manuel Viñas Vázquez.

„ Octubre 9.—En la Bóveda núm. 2: Cadáver del asociado Sr. Manuel Lorenzo Fernández.

„ Diciembre 20.—En la Bóveda núm. 3: Cadáver del asociado Sr. Eugenio Pena del Río.

1929. Mayo 9.—En la Bóveda núm. 3: Cadáver del asociado Sr. Jesús Patiño Vilar.

1930. Junio 27.—En el Osario: Restos del asociado Sr. José A. Rodríguez Boceira.

1931. Agosto 24.—En el Osario: Restos del asociado Sr. Francisco Anca Alvarez.

CÁTEDRA. *Revista eumesa de estudios*
XUÑO 2020. NUM. 27

# ÍNDICE

**Parque natural Fragas do Eume: acordos e desacordos ao redor dun espazo natural protexido**
Hugo Fernández Franco . . . . . .9

**Fotógrafos, viaxeiros e escritores en Caaveiro. Cen anos do mosteiro eumés na colección fotográfica da fundación Amatller de arte hispánico. *Arxiu Mas***
Xosé Manuel Yáñez Rodríguez . . . . . .39

**Rosas, hexalfas e pentalfas na comarca eumesa. Estudo etnográfico, histórico e artístico ao redor do lintel de Ventosa**
Xosé Lois Lamigueiro . . . . . .113

**O patrimonio cultural manterial inmoble do concello de Pontedeume e a nosa obriga de preservar o legado recibido**
Juan Coira Pociña . . . . . .191

**O motín de consumos de 1889**
Sindo Vilariño . . . . . .231

**El escudo en tinta más antíguo del concello de Pontedeume**
Carlos de Castro Álvarez . . . . . .249

**Coñecemento e pasamento dun galego (liñas novas e vellas da Arxentina)**
Xosé Paz Fernández . . . . . .261

**O castro de Centroña/Perbes, actualidade e futuro**
Antón Prego Fernández e Ramón Infante López . . . . . .265

**Juan Mª Ares López, un "topo" de Pontedeume olvidado**
Juan Carlos Vázquez Árias . . . . . .297

**O soño duns veciños. Proxecto de rehabilitación da ermida de San Bartolomeu, Monfero**
María Luisa Malizia . . . . . .311

**La restauración del molino de viento *O Bucelo* en Bemantes – Miño**
José Ramón Soraluce Blond . . . . . .323

**Novas de Pontedeume e a súa comarca publicadas en *LA VOZ DE GALICIA* en 1920**
Xavier Brisset Martín . . . . . .327

PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME 2019:
Polo camiño do deporte eumés
Jesús Manuel Bouza Faraldo .....373

ESCOLMA DA NOSA HISTORIA
Memoria da Sociedad de Instrucci n y Be"Pefi cencia
y su Partido Judicial" 1931.
Documento cedido por Antonio Leira Noche .....439